USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL EN ARTES E HUMANIDADES, CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS DA USC

Cristina
Seoane Novo

Tese de doutoramento

Interaccións entre olería e metalurxia na Cultura Castrexa: sítulas de bronce e as súas analoxías cerámicas

Tomo I: Texto e Anexos I-III

Santiago de Compostela, 2018

PD en Historia, Xeografía e Historia da Arte

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CENTRO INTERNACIONAL DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO E AVANZADOS DA USC (CIEDUS)

TESE DE DOUTORAMENTO

INTERACCIÓNS ENTRE OLERÍA E METALURXIA NA CULTURA CASTREXA: SÍTULAS DE BRONCE E AS SÚAS ANALOXÍAS CERÁMICAS

Cristina Seoane Novo

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL
PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN XEOGRAFÍA, HISTORIA E HISTORIA DA ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA
2018

DECLARACIÓN DA AUTORA DA TESE

Interaccións entre olería e metalurxia na Cultura Castrexa: sítulas de bronce e as súas analoxía cerámicas

Dna. Cristina Seoane Novo

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De selo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Asdo. Cristina Seoane Novo

AUTORIZACIÓN DOS DIRECTORES DA TESE

Interaccións entre olería e metalurxia na Cultura Castrexa: sítulas de bronce e as súas analoxía cerámicas

Dna. Josefa Rey Castiñeira

D. Xosé Lois Armada Pita

INFORMAN:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por Dna. ***Cristina Seoane Novo****, baixo a nosa dirección, e autorizamos a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como directores desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.*

En Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Asdo. Josefa Rey Castiñeira

Asdo. Xosé Lois Armada Pita

Aos meus avós
Aos meus pais
Ás miñas irmás

Índice

Índice **9**

Abstract: **13**

Resumo: **15**

Resumo estendido: **17**

Agradecementos **21**

Capítulo 1 Introdución **27**

1.1. XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO **27**

1.2. OBXECTIVOS, CUESTIÓNS E HIPÓTESES DE PARTIDA **28**

1.3. UNHA PEQUENA CONTEXTUALIZACIÓN **30**

1.4. MARCO DA INVESTIGACIÓN: CUESTIÓNS CRONOLÓXICAS E TERRITORIAIS **36**

1.5.1. O diálogo cerámica-metal na literatura arqueolóxica do Noroeste peninsular 38

1.5.2. Os procesos de imitación na Protohistoria europea 41

Capítulo 2 O diálogo cerámica-metal como fenómeno arqueolóxico e histórico **43**

2.1. BASES PREVIAS **43**

2.2. O ESQUEUOMORFISMO NA LITERATURA ARQUEOLÓXICA **44**

2.2.1. Definicións, causas e explicacións do fenómeno esqueuomórfico 46

2.2.2. Esqueuomorfismo: conceptos clave 62

2.3. SÍNTESE FINAL: CONCLUSIÓNS, DEFINICIÓN, LIÑA DE TRABALLO E ADECUACIÓN Á IDADE DO FERRO DO NOROESTE **77**

2.3.1. Concordancias entre cerámica e metal: propostas 84

Capítulo 3 Procedementos, metodoloxía e criterios de traballo **93**

3.1. RECOMPILACIÓN E PROCESADO DE DATOS **93**

3.2. CRITERIOS DE IDENTIFICACIÓN DE MATERIAIS **110**

3.3. APARTADO GRÁFICO **115**

3.4. CRITERIOS DE ELABORACIÓN DE GRÁFICOS **119**

3.5. CRITERIOS DE ELABORACIÓN DE MAPAS 120
3.6. FASE DE REDACCIÓN 122
Capítulo 4 Sítulas con decoración xeométrica 127
4.1. BASES PREVIAS 127
4.2. EVIDENCIAS DIRECTAS: SÍTULAS DE BRONCE 139
4.2.1. Elementos de suspensión 142
4.2.2. Morfoloxía dos corpos 173
4.3. EVIDENCIAS INDIRECTAS: MOLDES DE ARXILA 184
4.3.1. Elementos de suspensión 188
4.3.2. Morfoloxía dos corpos 202
4.4. AS REPRESENTACIÓNS DAS SÍTULAS 213
4.4.1. Elementos de suspensión 216
4.4.2. Morfoloxía dos corpos 217
4.5. VALORACIÓN E INTERPRETACIÓN DO CONXUNTO 218
Capítulo 5 Vasillas perladas: as sítulas cerámicas 241
5.1. Bases previas 241
5.2. Morfoloxía 249
5.2.1. Perladas de tradición "Rías Baixas": vasillas con bordo reforzado tipo "Vigo", perfil globular, sen colo, con fondo curvo e pé alto 251
5.2.2. Perladas de tradición "Setentrional": vasillas con bordo facetado, colo curto e estrangulado, perfil globular achatado, fondo curvo e pé alto 260
5.2.3. Perladas de tradición "Miño": vasillas con bordo redondeado, colo alto e estrangulado, perfil en s suave, fondo curvo e pé alto 268
5.3. Valoración e interpretación do conxunto 273
Capítulo 6 A cerámica no espello dos metais: as escalas de concordancia 297
6.1. BASES PREVIAS 297
6.2. APLICACIÓN DO MODELO: CONCORDANCIAS ENTRE CERÁMICAS PERLADAS E SÍTULAS DE BRONCE 301

6.2.1. Detalles morfotipolóxicos ou estruturais 301
6.2.2. Estéticas e motivos decorativos compartidos.....304
6.2.3. Xestos técnicos, ferramentas e técnicas compartidos ..307
6.2.4. Concordancias e discordancias: cronoloxía, territorio e xacementos.....309
6.2.5. Ambiente funcional e/ou de uso: os contextos.....313
6.3. CONCLUSIÓNS E ANÁLISE DE CONXUNTO.....316
Capítulo 7 Consideracións finais 321
Bibliografía 325
Anexos 429
Anexos I. Glosario 431
Anexos II. Táboas 495
Anexos III. Láminas.....541
Anexos IV. Fichas 599

Abstract:

Abstract. The main objective of this doctoral thesis is to offer a new perspective on the study of pottery and metallurgy in the Iron Age of the north-western Iberian Peninsula, establishing parallels between those manufactures. For decades, continuous references have been made in the archaeological literature to the possible influence of metal vessels on certain shapes and/or decorations found in the Castro culture pottery catalogue. These assume that hillfort metalwork and pottery are not the result of isolated processes, but form part of a specific sociocultural context in which they evolved together, producing an exchange of information between the two crafts.

In the thesis we study pottery and metal vessels together, attempting to determine in which aspects (formal, technological, functional, etc.) there would have been a dialogue between the crafts. The discourse is based on two specific productions: situlas with geometric decoration, in the case of metalwork, and pearl-decorated vessels for pottery. We drew up an exhaustive inventory of both pearl-decorated pottery and situlas, studying both manifestations within a solid theoretical framework based on the previous studies of skeuomorphism/imitation phenomena recorded in the academic literature. From this, we attempted to determine the technical, morphological, decorative and symbolic-functional coincidences between the find assemblages.

Key words: Iron Age, Northwestern Iberian Peninsula, castro, skeuomorphism, *situlae*, pearly vessel

Resumo:

O obxectivo principal desta tese doutoral é aportar unha nova perspectiva aos estudos de cerámica e metalurxia da Idade do Ferro do noroeste peninsular, establecendo paralelos entrambas producións. Durante décadas, na literatura arqueolóxica téñense feito continuas referencias á posible orixe metálica de determinadas formas e/ou decoracións dentro do catálogo cerámico castrexo. Para elo, asúmese a idea de que a cerámica e o metal dos castros non é resultado de procesos illados senón que forman parte dun contexto sociocultural específico, no que evolucionan conxuntamente, producíndose un intercambio de información entrambas artesanías. Para elo estúdanse vasillas cerámicas e metálicas en conxunto, nun intento de comprobar a que niveis e en que termos se produce o diálogo entre artesanías.

Na tese estúdanse vasillas metálicas e cerámicas en conxunto, tratando de determinar en qué aspectos –técnicos, morfolóxicos, decorativos…– se produce o diálogo entre artesanías. O discurso artéllase en torno a dúas producións específicas: as sítulas con decoración xeométrica no caso dos metais e as vasillas perladas no das cerámicas. Realízase un inventario exhaustivo de ambas manifestacións para despois estudalos en conxunto baseado nun marco teórico sólido, asentado nos estudos previos sobre esqueuomorfismo/fenómenos de imitación que se rexistran na literatura especializada. Sobre esta base, inténtanse determinar as concordancias técnicas, decorativas e morfolóxicas e funcionais-simbólicas entrámbolos dous conjuntos de materiais.

Palabras clave: Idade do Ferro, Noroeste Peninsular, castro, esqueuomorfismo, sítula, vasilla perlada

Resumo estendido:

O obxectivo principal desta tese de doutoramento é aportar unha nova visión aos estudos de cultura material da Idade do Ferro do noroeste peninsular mediante o estudo de producións cerámicas e metálicas en paralelo. Para elo, escóllese unha clase de peza de cada artesanía: as sítulas con decoración xeométrica no caso das vasillas metálicas e as vasillas perladas no das cerámicas. Deste xeito, proponse un marco de estudo que trata de establecer os paralelismos existentes entrámbalas dúas producións. Isto permítenos adoptar unha perspectiva de conxunto que integra, por vez primeira, dúas producións, en principio, moi dispares.

A hipótese de partida baséase nas constantes mencións que se fan na literatura arqueolóxica previa ás posibles orixes metálicas dalgunhas formas, decoracións… cerámicas. É de sobra coñecido que tódalas esferas produtivas avanzan en paralelo e que son produto de procesos de crecemento paralelos en relación coa situación socioeconómica, política, cultural… na que se enmarcan. Así pois, é lóxico pensar que, ao igual que calquera outra artesanía, olería e metalurxia descorren parellas e que se inflúen mutuamente. Asemade, o estudo de dúas producións en conxunto aporta unha visión ampla da cultura material, dos sistemas de produción, das concepcións estéticas e/ou formais… que inflúen no resultado final das pezas. Para elo, é necesario obter unha visión global das manufacturas oleira e metalúrxica na Cultura Castrexa, para proceder á análise dunha determinada clase de materiais tendo en conta tódolos procesos que dan lugar a esas pezas. Os estudos de olería, por exemplo, axúdannos a situar as vasillas perladas dentro da tradición cerámica/área oleira na que se desenvolven. Isto permite observar converxencias e diverxencias a nivel territorial á hora de clasificar o material e de caracterizalo con respecto ás restantes producións. A partir de aquí, obsérvanse as tendencias que amosan cerámicas perladas e sítulas de bronce e/ou moldes para a súa fabricación, o cal nos axuda a situalas no espazo.

Do mesmo xeito, preténdese afinar nas cronoloxías nas que se moven ambos produtos, en base a diferentes fontes de datos. En primeiro lugar, están os contextos arqueolóxicos nos que se atopan estas

pezas, cando é posible, tendo en conta tamén se existen datacións absolutas tanto no lugar concreto de aparición coma no conxunto do xacemento de procedencia. En segundo lugar, acódese á seriación tipolóxica. Algúns dos tipos cerámicos castrexos definidos previamente aportan unhas datas propias e o suficientemente secuenciadas como para empregalas como guías. Na mesma liña, algúns motivos decorativos comúns a toda a cultura material da Idade do Ferro son tamén bos indicadores de cronoloxía, pero tamén poden actuar coma marcadores de territorio oleiro.

A partir de aquí elabórase un catálogo exhaustivo e o máis completo posible tanto de vasillas perladas coma de sítulas con decoración xeométrica, na procura dunha mostra o suficientemente ampla como para que os resultados sexan o máis fiables posible a tódolos niveis. Para elo, acódese tanto á bibliografía publicada, como a memorias de escavación ou catálogos de museos. O primeiro paso é asentarse no xa publicado co gallo de definir as características que debe ter unha peza como para ser susceptibles de ser incluídas dentro dunha das categorías. O segundo paso é traballar directamente coas pezas cando é factible, tanto na procura da conformación e/ou refutación das pezas identificadas mediante debuxos e/ou fotografías publicadas, como de materiais inéditos que lle dean un maior empaque ao conxunto.

Por outra banda, tense en conta que as cerámicas perladas son pezas que se teñen proposto como as homólogas das sítulas metálicas a causa das súas especiais características. Nun intento por confirmar ou refutar este paralelo proposto nos estudos cerámicos previos acódese á literatura arqueolóxica que se ten xerado en torno aos fenómenos de copia, o que na bibliografía especializada se dou en chamar esqueuomorfismo. Abóndase en propostas de toda clase de materias, cronoloxías e/ou lugares diferentes na procura dun marco teórico sólido que axude a realizar a comparativa entrámbalas dúas producións coas maiores garantías de éxito ou, polo menos, co menor número de erros posible.

Unha vez que se obtén unha definición clara do que significa o fenómeno esqueuomórfico e o que implica nos estudos de cultura material, estúdanse primeiro as sítulas de bronce por un lado e as vasillas perladas polo outro. Con isto preténdese retratar o mellor

posible ambos tipos de vasillas ao longo e ancho do territorio comunmente entendido dentro da Cultura Castrexa. Tras este estudo individual, comeza o proceso de comparación entre os diferentes aspectos característicos de ambos materiais na procura de concordancias e discordancias entre eles. Estúdanse estas semellanzas en varios niveis: morfolóxico-formal, estético, decorativo, funcional, territorial… na procura de respostas aos interrogantes que nos formulamos de partida: son as cerámicas perladas realmente imitacións/ copias/esqueuomorfos das sítulas metálicas ou viceversa? En que dirección circula a información entre artesanías? Existen diferenzas a nivel territorial? E a nivel cronolóxico? Como interactúan as esferas produtivas oleira e metalúrxica da Idade do Ferro do noroeste peninsular e como, cando, onde e en que termos se produce un diálogo entre elas?

Está claro, que o noroeste da Península Ibérica non é alleo ás tendencias culturais e/ou materiais que se dan en toda Europa durante a Protohistoria. Un dos fenómenos que se dan nesta etapa nesta área, é o das imitacións, con claros paralelos para o mundo clásico –tanto para Grecia como para Roma–, por exemplo. Os estudos das interferencias das producións metalúrxicas nas manufacturas oleiras teñen unha longa tradición historiográfica en diferentes zonas do Mediterráneo –Próximo Oriente, Creta…–, pero a literatura arqueolóxica ibérica, até o de agora parece allea a estas tendencias, posto que, pese ás constantes referencias ás semellanzas entre cerámica e metal, nunca se abonda nelas nin se chegan a sistematizar.

Por elo, a presente investigación pretende, modestamente, encher ese baleiro, dotar de metodoloxía os estudos comparativos entrámbolos dous produtos e abrir así unha nova liña de traballo que permita obter unha visión ampla da cultura material castrexa. Aspírase a poder aplicar este modelo, adaptado ás necesidade e esixencias dos diferentes materiais, a outro tipo de paralelos propostos para a cerámica: tornería, cestería… que teñen o seu reflexo nas producións oleiras a través das formas, as técnicas, as decoracións…

Este traballo atópase coa primeira traba no momento no que practicamente non se pode tratar con pezas completas a causa do alto grao de fragmentación dos materiais e ao mal estado de conservación

de moitos deles. A ausencia de contextos funerarios para a totalidade da Idade do Ferro do noroeste e, polo tanto, a completa procedencia dos materiais de contextos habitacionais, pode estar detrás desta escaseza de perfiles completos, posto que nun poboado os materiais son removidos constantemente, mentres que nunha sepultura as condicións e garantías de conservación son maiores.

Para levalo a cabo manexáronse importantes cantidais de material a fin de arroupar as cerámicas e/ou sítulas procedentes de cada xacemento, prestándose especial atención aos castros que amosan materiais pertencentes á área oleira Setentrional. Pese a ser esta a área preferente de estudo, tanto sítulas como perladas debuxan o seu propio mapa de distribución. O traballo non só consiste en examinar o material, senón que tamén se fotografían os conxuntos, debúxanse as pezas máis salientables, elabórase unha base de datos co máis representativo de cada peza… Para elo comézase polo material publicado pero tamén se procura material inédito tanto en sítulas como en cerámicas perladas.

Por último, é preciso advertir que o que se aporta é un modelo o máis flexible posible para que se adapte a calquera tipo de material, posto que é importante facer comprender que debe ser o modelo o que se adapte ao material de estudo e non ao revés. Do contrario, os resultados non serán fiables e pode caerse na tentación de observar semellanzas onde non as hai, ou no estudo de aspectos menores que apenas aporten información transcendente no estudo dos fenómenos de imitación en calquera cultura arqueolóxica.

Agradecementos

Esta tese de doutoramento ve a luz grazas a todas aquelas persoas que están día a día ao meu carón. En primeiro lugar, teño que agradecer aos meus directores, Pepa Rey e Lois Armada, todo o que fixeron –e seguen facendo– ao longo destes longos e duros anos. Nunca lles poderei agradecer o suficiente todo o que evolucionei con eles no académico e no persoal. De Pepa debo resaltar o grande apoio que me veu prestando dende hai case unha década: licenciatura, mestrado e doutoramento, até hoxe. Sen ela este traballo non sería posible. Estou hoxe onde estou grazas a ela. Pepa, mil grazas por todo, pero sobre todo por ser sempre a miña gran mestra. Con Lois levo pouco máis de tres anos, pero parecen moitos máis, subéuse a un tren que estaba en marcha –coas complicacións e perigos que iso conleva. Lois, grazas por confiar en min, polos folgos e, sobre todo, polas ensinanzas e o camiño percorrido.

A terceira persoa á que debo darlle as grazas é a Lucía Quindimil quen, pese a que hai uns anos que non está connosco, amiga antes que compañeira, foi quen me inoculou a paixón pola cerámica castrexa sempre cun sorriso na cara. Porque con ela comezou todo, grazas a ela empezaron as andanzas con Pepa. Esteas onde esteas, mil grazas Lu.

Tamén lle teño que dar as grazas a todos aqueles que forman parte do GEPN-AAT-Castrexo, persoas coas que compartín moitas horas de traballo, pero tamén xantares e cafés. A Andrés Teira, quen sempre ten a pregunta axeitada no momento oportuno para facerme repensalo todo. Mención especial a Emilio Abad, sen o cal os mapas, as fichas de materiais e de xacementos non estarían aquí. Gracias pola túa infinita paciencia e por axudarme sempre. E, por suposto, moitas grazas tamén aos demais compañeiros de "zulo": Alba Rodríguez, Estevo Amado, María Martín, Javier Rodríguez, Mikel Díaz, Ana Corredoira e Julia Marín polos folgos que me deron sempre. Grazas sobre todo a Alba e Estevo, por traballar tan duro cos materiais do Achadizo, de non ser así hoxe non estarían nesta tese.

Pero eles son só algúns, pois son moitas as persoas, demasiadas, as que contribuíron dun xeito ou doutro nesta tese. Xente que me aconsellou durante todo o proceso e que me axudou sempre do xeito

máis desinteresado do mundo: arqueólog@s, persoal de museos… Agardo non esquecerme de ninguén, e se o fago, pido desculpas. É case obriga comezar por Brais Currás, nel atopei non só a un colega de profesión, senón tamén a un amigo que ten aturado moitas das miñas elucubracións sobre as sítulas, tivesen sentido ou non. Grazas a Xulio Carballo por compartir comigo todo o seu saber e por traballar man a man comigo. Tamén a Bea Comendador, que me amosou moitos dos misterios da metalurxia pre e protohistórica e sempre me animou. A Nuria Calo, quen me prestou boa parte do seu traballo sen pedir nada a cambio, e polos seus debuxos. A Israel Picón da empresa Citania polo seu apoio. A Aldara Rico polos consellos dados para a reconstrución e limpeza de pezas. A Nuno Oliveira polo seu entusiasmo, polas constantes ganas de aprender e de axudar e polos datos do Povoado de São João de Rei. A Ana Bettencourt polo seu apoio. A Óscar García Vuelta por querer traballar comigo. A Erik Carlsson-Brandt por axudarme sempre coas traducións ao inglés, por aportar datos sobre xacementos e por contar sempre comigo cando ten algunha cerámica castrexa entre mans. A Mar Llinares polo apoio e por terme aturado cando compartía despacho con Pepa e dirixía o departamento. A Ana Romero por todo o que me ensinou do Castro de Borneiro. A Ángel Concheiro por cederme tódalas pezas e información do Castro do Achadizo e pol información do Castro das Barreiras. A Yolanda Porto por toda a axuda dada para acceder aos materiais dos Castros no INCIPIT-CSIC. A José Mª Bello polos datos do Castro de Elviña. A César Parcero polos datos do Castro de Laxos. A Eugenio Rodríquez e Rafael Penedo polos datos dos Castros. A Roberto Aboal pola información sobre Montealegre. A Roberto Bartolomé polos da Agra do Castro. A Enrique Alcorta polos datos cronolóxicos para determinados motivos decorativos e pola información de pezas. A Javier Sánchez-Palencia pola importantísima información de El Castrelín de San Juan de Paluezas. A Ángel Villa e Susana Hevia polo material proporcionado para traballar co Castro del Chao Samartín. E a todas e cada unha das institucións que contribuíron, directa ou indirectamente, a que esta tese sexa unha realidade aportando debuxos, materiais, fotografías…

Tamén un agradecemento especial a todas aquelas persoas que fixeron o traballo nos museos moitísimo máis sinxelo. Teño que ser especialmente agradecida coa xente do Museo da Terra de Melide

(Melide, A Coruña): Cristina Vázquez, Xurxo Broz e Loli, que se preocuparon dende o primeiro momento por que tivese a maior cantidade de material dispoñible dos castros da comarca melidá e por que o traballo fose cómodo, pese as limitacións que teñen. A Gonçalo Cruz do Museo da Cultura Castreja (Briteiros, Gruimarães) polas facilidades dadas para o acceso aos materiais metálicos da Citânia de Briteiros. A Carolina Pérez, do Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), quen fixo posible o acceso a algúns materiais. É tamén inescusable a miña gratitude coa Casa de Velázquez, institución grazas a cuxa financiación puiden gozar dunha estancia dun mes na cidade de Braga, no Museu Dom Diogo de Sousa, e que fixo posible que os materiais da cidade de Braga e da Citânia de Briteiros formen parte desta tese. E, sobre todo, a Amélia Marques –quen debuxou varias pezas que se presentan na tese–, debuxante do Museu Dom Diogo de Sousa (Braga), que me ensinou a debuxar cerámicas e metais. Nela atopei unha mestra e unha amiga. *Muitíssimo obrigada por tudo*. A Clara Lobo, tamén do Museu Dom Diogo de Sousa, que me facilitou "demasiado" o traballo con materiais das escavacións urbanas de Braga e do Castro Máximo. Tampouco me poido esquecer de Ana Martínez, do Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón (A Coruña), que fixo que as longas horas mergullada cos materiais do Castro de Borneiro, nos almacéns ou no museo, pasasen voando, por todo o apoio, pola gran profesionalidade e dedicación e, sobre todo, por converterse nunha boa amiga.

Pero, obviamente, non todo neste traballo é produto de horas en museos e entre libros, tamén o é do esforzo das persoas que te apoian incondicionalmente: @s amig@s. É necesario que lles dea as grazas ás miñas amigas de Teixeiro e que, á vez, lles pida desculpas polas miñas prolongadas ausencias, por ser comprensivas comigo en todo momento e por apoiarme sen condicións: Lucía S. D., Ánxela, Rosalía –e a Julia, que está por chegar–, Rocío, Tania, Romina –e ao seu peque Saúl–, Tati –e o seu rapaz, Thiago– e Lucía G. S. –e a súa pequena Valentina. Grazas polos consellos, pola infinita paciencia co monotema tese e por estar sempre aí. Rapazas "Nós podemos!!". Os anos en Compostela puxéronme a outra persoa no camiño: Iria, unha desas persoas que aparecen na túa vida sen armar rebumbio, e que cando te queres dar conta está ás duras e ás maduras. Os seus folgos e as longas conversas

fixeron que todo o proceso fose máis levadeiro. Tamén Jorge, un bo amigo, grazas ao cal coñecín á súa irmá Lucía e comezou todo.

Pero a quen realmente teño que darlle as grazas é ás persoas máis importantes da miña vida, aquelas polas que todo cobra sentido: a familia. Os primeiros os meus avós maternos, Manolo –que acaba de deixarnos– e Virtudes –sempre cun sorriso nos beizos–, que son todo un exemplo de vida para min. Tamén aos meus avós paternos, Paco –que me ensinou a amar o noso pasado– e Amalia –con infinita paciencia–, que aínda que xa non están, seguen guiando os meus pasos. Aos meus pais, Luis e Chus, son o que son e quen son por eles, polo seu constante apoio, pero sobre todo pola súa comprensión durante todo o proceso, que non foi sinxelo para ninguén. Grazas papá e mamá por non rendervos nunca comigo. Ás miñas irmás, Blanca e Laura. Blanca, a miña xemelga, estivemos sempre xuntas, ela é quen máis me ten "sufrido" durante estas décadas. Laura veu máis tarde, "a nena" chegou facendo ruído pero tamén cunha grande capacidade para axudar aos seus, entre os que teño a sorte de estar. Elas son as persoas que loitan día a día comigo e as que, xunto cos nosos pais, non me deixan renderme nunca. Rapazas, grazas por estar sempre aí.

Tampouco quero deixar atrás ás miñas curmás e aos meus curmáns: Silvia, Alba, Rubén e Cecilia –e Claudia, a última en desembarcar na familia–, Miguel e Fátima, Senel –e as peques Paula e Lola–, Juan e Jacobo –dous pequechos que sempre me sacan un sorriso. Son uns irmáns máis e cos que sempre poido contar. Tampouco poido pasar por alto ás miñas tías: Lucha, Loli e Mercedes, Rita, Soco e Amalia; e ao meu tío Julio. Tamén grazas aos meus tíos "postizos" Pilar e Juan e a o meu curmán "postizo" Jose, que sempre están aí. En fin, grazas á miña gran –e extensa– familia, porque sen el@s non sería eu. Son moi afortunada por tel@s a tod@s sempre ao meu carón dispost@s a escoitar, a dar un bo consello ou a pasalo ben. Grazas, en definitiva, a todos aquel@s que fan mellor o meu día a día e que están aí de xeito incondicional.

A pesar de todo o apoio, ao longo destes cinco longos e duros anos de doutoramento, en ocasións, o desánimo chega, pero hai que seguir e agarrarse ao que sexa para tirar. Neses momentos é cando decín aceptar

coma un "mantra" as verbas dunha boa cantareira que me fan tirar para adiante:

«Mais aínda seguimos aquí,
aturar tempestades de sal,
resistindo a violencia de mans
desas serpes e cans que nos queren calar.
Compañeiras nos soños do Edén,
unha illa no medio do mar,
que iluminan o loito máis negro,
que esquece o desterro e o medo a loitar.»

Tempestades de Sal-Ses

O proceso foi longo, duro, tedioso en ocasións, desesperante noutras, pero, en conxunto, foi moi produtivo. Manexarse con miles de pezas cando apenas sabes de traballo con materiais, dálle medo a calquera. Enfrontarte a un museo, á burocracia que conleva pode asustar tamén, pero tiras. E, ao mesmo tempo que traballas, aprendes a desfrutar o material e a aprezar o tempo que pasas entre "cacharros". As limitacións que supoñen os prazos temporais que impón a lexislación vixente @s doutorand@s son un lastre. O tempo é moi axustado, tanto que case todo o lustro o ocupas no proceso de aprendizaxe e non dá tempo a formarse adecuadamente como investigador@, o que redunda na cualidade do traballo e nas habilidades que adquires con máis tempo e recursos. A de calquera tipo de remuneración fixo que ás veces o hastío fose desesperante, pero encántame o que fago e non podería facelo con ninguén mellor cá con Pepa e Lois.

A pesar de todo, garanto que dei o mil por mil de min mesma neste traballo e que tratei de aprender a marchas forzadas. Por todo o pasado, e por todo o que está por chegar, porque estou facendo exactamente o que quero facer, só por iso pagan a pena os sinsabores, as horas de traballo e os sentimentos encontrados cos que tod@ investigador@ se atopa polo camiño. Pese aos obstáculos, propios ou alleos, tratei de ser exhaustiva e de realizar o meu traballo nas mellores condicións. É certo que dei o mellor de min, pero poderes non teño e pese a deixarme a pel:

«Non son fada, nin princesa
nin dou se non quero dar.
Aquí estou e aquí cheguei,
e aquí me quero quedar.»

Non son fada-Ses

Capítulo 1 Introdución

«[…] non hai na nosa industria cerámica nin primores de fabricación incompativeles co descoñecemento da roda, nin grande originalidade nos decorados, nin xiquera esmero na escolla e preparación dos barros. Son as nosas olarías protohistóricas rudas e sinxelas. […]»

(López Cuevillas 1968)

1.1. XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO

Este traballo xorde dunha intensiva revisión bibliográfica durante a realización do Traballo de Fin de Mestrado (Seoane 2013) sobre a tecnoloxía deste material, na que se atopan abondosas mencións ás semellanzas entre pezas metálicas e cerámicas, pero sen chegar a afondar no tema. Trátase dunha cuestión que esperta moito interese da comunidade científica xa dende moi cedo (Castillo 1929), pero do que nunca se fai un estudo sistemático, monográfico e intensivo. A importancia que se lle ten outorgado a este tema, así coma as abundantes referencias ao mesmo (Rodríguez Puentes 1986; Rey 1991, 1996, 2005b, 2014; Calo Ramos 1999b; Concheiro 2008; Rodríguez Corral 2008a, 2008b), e a falta dese estudo exhaustivo, lévannos a desenvolver esta liña de investigación.

O punto de partida deste traballo é unha referencia de J. Rey (1991) ás semellanzas entre vasillas metálicas e cerámicas ao sintetizar as características principais das cerámicas castrexas da Fase Media:

> *«[…] En lineas generales da la impresión de que la ceramica busca sus modelos en lo metalico. Determinadas formas, los brillos, los tonos oscuros o cobrizos y, por supuesto, el estampillado y la decoración plástica son una clara imitación de vasijas metalicas y de la orfebrería. La finura y perfección de los trazos de los estampillados hace pensar que los sellos de estampación que han empleado gozaban de la misma calidad y perfección que los troqueles de los orfebres.»* (Rey 1991: 420).

Para estudar este fenómeno, existen bastantes trabas, entre as que destaca a carencia de estudos sobre materiais cerámicos e, máis concretamente, a escaseza de traballos sobre esqueuomorfismo e/ou fenómenos de imitación para territorios análogos, nas mesmas ou

noutras cronoloxías. Isto fai que a tarefa sexa ardua e que, ao mesmo tempo, supoña todo un reto. Estamos a falar dun campo, até o de agora, inexplorado para calquera clase de material para a Idade do Ferro do Noroeste. Isto obríganos a dotar de metodoloxía a investigación e sentar as bases para o estudo dos materiais dotándoo dun marco teórico o máis sólido posible. Para establecer os criterios de traballo axudámonos da bibliografía existente para o Mundo Clásico (Vickers e Gill 1990; Vickers 1995), outras áreas da Península Ibérica (Blanco 2001), ou para o Período Minoico cretense (McCoullough 2014), entre outros. Tómanse prestadas algunhas das suxestións aportadas na literatura arqueolóxica e créanse outras novas partindo sempre da base de que calquera modelo que se asuma debe adaptarse ás esixencias dos materiais que nos ocupan.

1.2. OBXECTIVOS, CUESTIÓNS E HIPÓTESES DE PARTIDA

O punto cardinal da nosa investigación é o establecemento dos criterios para o estudo do diálogo cerámica-metal e dunha metodoloxía de traballo que axude a determinar o grao de semellanza que se observa entre vasillas cerámicas e metálicas, a que niveis se extrapolan ditas semellanzas e a que niveis se produce o suposto diálogo entre oleiros e metalúrxicos dentro do marco da Cultura Castrexa. Comezarase pola súa aplicación a casos moi concretos e despois inténtase extrapolar a outros materiais e/ou xacementos para comprobar como se comporta o modelo e se é operativo. Pártese do suposto de que os ámbitos produtivos oleiro e metalúrxico descorren parellos e que se relacionan entre si a diferentes niveis, posto que, moi probablemente, comparten moito máis cá espazo e tempo. Centrando así a mirada nas concordancias entrambas artesanías, procedendo á elaboración dun catálogo exhaustivo dos materiais escollidos para realizar a presente investigación: sítulas metálicas e cerámicas perladas.

Para levar a cabo esta empresa, cómpre definir **"**patróns" observables en produtos de bronce e barro que permitan establecer o grao de correlación que amosan dende diferentes puntos de vista (Seoane 2016). Cando se aborda este tema xorde unha disxuntiva importante: cerámica e metal semellan estar tecnoloxicamente moi afastados. Pero, nada máis lonxe da realidade, posto que estamos tratando con elementos que se elaboran con materias primas cunha alta

plasticidade en diferentes momentos da cadea técnica e que son facilmente manipulables. Se ben é certo todo o anterior, non é menos certo que, con relativa frecuencia, formas ou técnicas traspasan "esferas" e chegan a fabricarse en arxila elementos que antes tan só se elaboraban en bronce ou viceversa. Tratar de albiscar este último punto é tamén un dos obxectivos fundamentais deste traballo.

Nun primeiro momento, a decoración de vasillas cerámicas e metálicas pode semellar o trazo máis salientable, mais non se debe caer no erro de fixarse só nestas características, pois non sería realista, daría lugar a equívocos e a unha lectura errónea dos materiais. Porén, centrarse nos aspectos morfotécnicos, por exemplo, pode arroxa resultados moi interesantes. Arroupar contextualmente as pezas, tanto dentro do espazo micro dos poboados dos que procede o material coma do espazo macro que se entende coma a zona de expansión da Cultura Castrexa, reviste notable importancia. Os contextos xerais da olería e metalurxia castrexas tamén se converte nunha ferramenta importante á hora de establecer os parámetros de estudo. Ademais, inferir os contextos de uso e/ou funcionais máis probables é a liña de investigación que pecha o círculo e que pode aportar datos importantes.

Para elo, o primeiro que debe facerse é escoller o material co que se pretende levar a cabo o estudo seguindo, sobre todo, as liñas marcadas pola literatura arqueolóxica precedente na procura do material axeitado para este fin. Así pois, no caso das vasillas de bronce, escóllense as sítulas con decoración xeométrica porque se trata dunhas pezas moi particulares e características do espolio metálico castrexo eque teñen espertado moito interese na investigación arqueolóxica (Alonso 2017; Armada 2005; Carballo 1983; Currás 2014; López Cuevillas 1968; Martins 1988;), así como polo interese e a necesidade dunha nova revisión do seu inventario (Carballo 1983; Armada 2005) e, con elo, das súas características máis salientables. No que atinxe ás cerámicas, escólmanse as vasillas perladas, por ser, xunto coas as vasillas tipo "Borneiro B", as pezas que maiores referencias bibliográficas acumulan a prol do seu parecido co metalurxia e, en concreto, pola súa vinculación coas sítulas (Rey 2014; Rodríguez Corral 2008a, 2008b). Pezas estas últimas, pese a ser interesantes e a aportar datos realmente relevantes, non puideron ser tratados neste traballo por cuestións de tempo.

1.3. UNHA PEQUENA CONTEXTUALIZACIÓN

Son moitos os traballos e publicacións que teñen a Cultura Castrexa coma tema central dende a centuria do 1800. A cantidade de bibliografía producida para a Idade do Ferro do noroeste peninsular é inxente. As perspectivas dende as que se observa son múltiples e diversas. Son moitos os autores que tratan de sistematizar, secuenciar e matizar o estudo desta cultura arqueolóxica (Arias 1984, 1985b; Caamaño 2007a, 2007b; Calo Lourido 1993; Costas, Hidalgo 1981; Eiroa 1988; Fariña *et al.* 1983; González Ruibal 2006-2007; López Cuevillas 1954, 1968; Maya 1983; Peña, Vázquez Varela 1996; Rodríguez Corral 2009; Savory 1966; Silva 1986; Villa 2013a). Esta longa tradición científica non obsta para que sexan moitos os debates historiográficos que se teñen espertado: comezando polo propio termo empregado para denominala e rematando pola súa periodización e distribución xeográfica.

Neste contexto, a Idade do Ferro do Noroeste peninsular, ou Cultura Castrexa, vense estudando, tradicionalmente, coma un todo indisociable (González Ruibal 2008: 13), polo que moitos dos traballos realizados dende o s. XIX tentan sintetizar as características da que cren como a máis diferenzadoras desta etapa no Noroeste peninsular. Os estudos comezan na centuria decimonónica da man dos nacentes movementos provincialista, rexionalista, sempre vinculados ó que M. Murguía e os seus contemporáneos, como J. Villaamil y Castro, chaman «civilización céltica» (Acuña 1991a: 279-285; Arias 1984: 15-16; Caamaño 2007a: 9-13; Calo Lourido 1993: 11-16, 60-65; Marín 2005: 39-62; Pereira 2007; Vázquez Varela, García Quintela 1998: 11-17; Lemos 2008: 125-127; Peña 1997: 145-146; Presas 2008: 35-41), e que é adoptado como propio polo posterior movemento nacionalista no s. XX. Para estes persoeiros, o mundo castrexo é totalmente definitorio desta área xeográfica e marca claramente as diferenzas que estes autores pretenden resaltar entre Galiza e calquera outra área da Península Ibérica. Incluso a idoneidade do emprego dos termos "castrexo" e "castro" son amplamente debatidos pola historiografía a partir da segunda metade do s. XX (Acuña 1991b: 288-289; Calo Lourido 1993: 11-16; Carballo 1996: 312; 1998a: 114-115; Juega 1996: 43-44) e primeira década do s. XXI (Caamaño 2007a: 9-13; Carballo 2002: 17-21; González Álvarez 2011: 214-216; Marín 2012: 165-167). O debate

ábrese como consecuencia do emprego do termo Cultura Castrexa para referirse unicamente ao noroeste cando os asentamentos de tipo "castro" –entendido como poboado fortificado– son comúns a toda a Idade do Ferro en practicamente toda a Europa Atlántica en xeral –*hillforts* irlandeses, británicos e bretóns– e na Península Ibérica en particular.

Outro tema amplamente debatido é o da **cronoloxía** e periodización da Idade do Ferro do noroeste (Acuña 1991b: 291-293; Arias 2002: 127-134; Caamaño 2007a: 15-26; Calo Lourido 1993: 46-59; Carballo 1998a: 119-124, 2002: 21-30; Fernández-Posse 1998: 198-210, 2002: 80-89; Lemos 2008: 127-133; Lemos *et al.* 2011: 188-189; Peña 1996: 82-90, 1997: 147-161; Peña, Vázquez Varela 1996: 255-260; Presas 2008: 63-68; Sánchez Pardo 2010: 129-130). Aínda así, existe certo consenso en dividila en **tres fases** fundamentais: Fase Inicial –s. IX-V a.n.e.–, Fase Media –s. IV-II a.n.e.– e Fase Final –s. II a.n.e.-I d.n.e. (Carballo 1998a: 119-124; Fariña *et al.* 1983: 116-126; Silva, Gomes 1992: 39-54; González Ruibal 2006-2007: 63-68; Peña 1996: 82-90, 1997: 147-161). Non obstante, algúns autores prefiren secuenciala en catro fases (Almeida 1984: 36-40; Maluquer 1975, 2000: 223). Pese a estas excepcións, a meirande parte dos investigadores concordan en empregar ese evolución en tres fases. A Fase Inicial ten os seus alicerces no Bronce Final e o seu ocaso dase xa en contacto co mundo romano. As cronoloxías intentan afinarse dende múltiples puntos de vista. Todas as secuenciacións son produto quer da seriación material –ben das importacións, ben das producións locais…– (Rey 1996: 161-173, 1999: 175-176) quer mediante o emprego do carbono 14 (Carballo, Fábregas 1991; Eiroa 1973; Fariña 1991; Jordá *et al.* 2009, 2015; Meijide 1990b; Picón 2008; Rubinos *et al.* 1999); dun compendio de múltiples evidencias (Caamaño 2007a: 56-80; Carballo 1998a: 119-124, 2002: ; Carballo *et al.* 1998: 167-168; González Ruibal 2006-2007: 63-68; Peña 1996: 82-90, 1997: 147-161; Villa Valdés 2002a, 2002b), pero todas teñen en común esa periodización en tres etapas.

Por outra banda, os seus **límites territoriais** tamén son debatidos, e o seu mapa é constantemente redebuxado. Non obstante, existe certo acordo entre tódolos autores en asignarlle uns límites que abranguen, en ocasións con matices, a antiga provincia romana da *Gallaecia* (Acuña 1991b: 289-291; Caamaño 2007a: 28-35; Calo Lourido 1993:

65-72; Carballo 1996: 309-310; 1998a: 119; González Ruibal 2006-2007: 60-63; Vigo 2008: 16-17). En límites administrativos actuais, esténdese por toda Galicia, occidente e centro de Asturias, León e Zamora co río Esla como límite máis oriental e, por último, todo o Norte de Portugal, sendo o río Douro o límite máis meridional (Carballo 1998a: 114).

No que se refire á **cultura material** dos castros da Idade do Ferro do noroeste, son moitos e moi variados os traballos realizados, e que abranguen case toda a esfera produtiva castrexa. Dentro destes, destacan os que fan referencia á **ourivería** sobre tódolos demais, tanto dende unha perspectiva máis xeral (Balseiro 1994, 1996; Cardozo 1957a, 1959c; Fernández-Posse, Sánchez-Palencia 2002; García Vuelta 2003, 2007; Ladra 2009; Ladra *et al.* 2014; López Cuevillas 1932b, 1951a; Pérez Outeiriño 1989; 1997; Prieto Molina 1996; Reboredo Canosa 1998; Silva 2005), pasando por estudos de caso sobre un determinado tipo de pezas –diademas-cinto, arracadas, torques…– (Bóveda 1999; Castro Pérez 1990, 1995; Ladra *et al.* 2014; Parcero *et al.* 2009; Pérez Outeiriño 1982; Reboredo Canosa 2000) ou os tecnolóxicos (Armada *et al.* 2011-2012; Armada, García Vuelta 2011, 2015, 2018; Armbruster, Perea 2000; García Vuelta 2007; Parcero *et al.* 2009; Perea 1995, 2003).

Pola súa parte, a **metalurxia** é amplamente retratada dende múltiples perspectivas, comezando pola arqueométrica (Armada *et al.* 2008; Guitián, Vázquez Varela 1975), pasando polos estudos de conxunto (Bettencourt 2001; Fernández-Posse *et al.* 1993; Peña 1998b; Rey 2005a; Villa 2008c; Villaamil 1907), os que se dedican a un xacemento concreto (Peña 1988a; Romero 1992) ou a unha produción específica –fíbulas, armas…– (Cortegoso 2000; Cortegoso, Viñas 1994-1995, 1996-1997; Fanjul Mosteirín 2014; Fariña 1979, 1997; Fariña, Arias 1980; Fernández Carballo 2003; Lage 2003-2004, 2004; López Cuevillas 1950b; López García 2009; Orero 1988-1989). En xeral, dela dise que se basea nunha produción utilitaria destinada á fabricación de ferramentas para abastecer á comunidade local, pero que tamén elabora obxectos de adorno, armas… ademais de apeiros de labranza e outros útiles (Peña 1998b). Atópanse evidencias en moitos xacementos tanto da produción de bronce e ferro (Fernández-Posse *et al.* 1993; Romero 1992; Villa 2008c) como de metais preciosos como

ouro (García Vuelta, Armada 2011; Pérez Outeiriño 1992) ou prata (Villa 2004a).

No que á **olería** respecta, as investigacións son relativamente abundantes e tense abordado dende diferentes puntos de vista, comezando polos aspectos máis xerais (Almeida 1974a; Cobas, Prieto Martínez 1998b; Fernández Fernández 2008; Fleming 2014; Hidalgo 1980; López Cuevillas 1953; Lorenzo 1956; Marín 2012; Martins 1987; Monteagudo 1945; Rey 1979, 1980, 1982, 1983, 1986-1987, 1990-1991, 1991, 1997, 2005b, 2011, 2014; Vilaça 2007) ou os decorativos (Childe 1950; Rey 1998; Rodríguez Puentes 1986), pasando polos funcionais (Amado *et. Al* 2015; Rodríguez Nóvoa 2014a) ou os tecnolóxicos (Little 1985, 1990; Rey, Soto 2002; Seoane 2013). Nun principio estúdase en relación cos restantes materiais nun xacemento concreto –como nos da Citânia de Briteiros no s. XIX (Silva 1997: 22-23). Para que se estuden individualmente os materiais cerámicos hai que agardar ata os anos 40 do s. XX (Monteagudo 1945). Abundan sobre todo os estudos sobre unha área ou xacemento concreta dende bastante cedo (Almeida 1974; Albuquerque 1970; López Cuevillas 1953, 1958; Molinos 1973; Rey 1979, 1990-1991; Vázquez Varela, Guitián 1979). Pero cando realmente prolifera o seu estudo e nos anos 80 e 90 e a primeira década do s. XXI, sobre todo da man de J. Rey (1980, 1982, 1983, 1986-1987, 1990-1991, 1991, 1996, 1997, 1998, 2005b, 2011, 2014; ou 2002 xunto con Soto), tamén J. M. Hidalgo (1980, 1984-1985, 1994-1995 xunto con Viñas), E. Rodríguez Puentes (1986, 1987), A. Seara (1990-1991), A. C. F. da Silva (1986), M. Martins (1987), M. A. D. da Silva (1997) ou N. Calo (199a, 1999b, 1999c) tamén fan aportacións interesantes ao seu estudo. Os estudos tecnolóxicos son escasos, pero hai algún exemplo coma o de G. M. Little (1985, 1990), dende unha perspectiva arqueométrica, ou os de I. Cobas (Cobas, Prieto 1998) con respecto á reconstrución da cadea técnica de elaboración das vasillas.

A **plástica** –escultura e decoración arquitectónica– tamén é estudada con detalle (Acuña 1990; Calo Lourido 1993-1994, 1994; Carballo 1996a; Carballo, Soto 1998; Soto 1998; Villa 2006), tanto dende o punto de vista estético-formal, como máis simbólico (Armada, García Vuelta 2014; Rodríguez Corral 2012). Na mesma liña, a **arquitectura** (Carballo 1996c; Peña 1998a; Romero 1976; Villa 2008a)

e o **urbanismo** (Acuña 1994, 1996a, 1996b; Arias 1997a; Fernández-Posse 2000a; Padín 1999; Peña 1999) tamén teñen sido traballadas tanto a nivel xeral como de elementos específicos como as defensas (Fernández-Posse, Fernández Manzano 2000; López Marcos *et al.* 2011; Villa 2001c; Villa, Menéndez 2009) ou recintos con carácter máis simbólico (García Quintela 2013; Suárez 2015; Torres *et al.* 2015).

No que ás **actividades de subsistencia** se refire, a comunidade castrexa é definida como agro-pastoril fundamentalmente (Carballo 1998a; Rodríguez Corral 2009; Silva, Gomes 1992; Vázquez Varela 1980, 1991). A agricultura e a gandería son examinadas tanto dende un punto de vista analítico das ferramentas e/ou a paleocarpoloxía (Teira 2003, 2010, 2012; Aira *et al.* 1990), como dende a arqueoloxía da paisaxe (Fanjul, Fernández Riestra 2009; López Sáez *et al.* 2009; Parcero 1998) pasando polos estudos vexetais combinados con datación radiocarbónica (Jordá *et al.* 2015), a etnoarqueolóxica (Vázquez Varela 1993-1994) ou a máis xeral (Carballo 1998b; Santos 1984). A caza é outro dos sectores que se teñen analizado, sobre todo dende a zooarqueoloxía (Fernández Rodríguez 2001, 2006; Rodríguez López, Fernández Rodríguez 1996); tamén se ten analizado a silvicultura máis recentemente (Martín 2013; Marín, Carrión 2012). A industria téxtil tamén ten sido analizada a partir dois seus vestixios materiais como as fusaiolas (Naveiro, López Gómez 1987; Rodríguez Calviño 1999; Rodríguez Nóvoa 2014b, 2017a) ou dende a experimental (Rodríguez Calviño 2005). A pesca e o marisqueo tamén teñen sido estudados con frecuencia, sobre todo a partir de análises malacolóxicas e ictiolóxicas (González Gómez, Bejega 2011; Vázquez Varela, Rodríguez López 1999-2000). Por último, tamén son relevantes os estudos sobre comercio, intercambios e produtos de importación (Concheiro, Vilaseco 2011; González Ruibal *et al.* 2007; Hidalgo 1984b; Naveiro 1991a, 1991b; Suárez, Fariña 1990).

Por último, é preciso dar algunhas pinceladas ao **contexto sociocultural**, posto que este inflúe na cultura material, polo que ambos son indisociables. As crenzas e a organización sociopolítica das persoas da Idade do Ferro no noroeste son pouco coñecidas, pese aos intentos[1]

[1] Moi recentemente, Aitor Freán (2018), defendeu a súa tese de doutoramento *Persistencia y evolución de la religiosidad y las mentalidades del noroeste peninsular desde la Edad del*

(Freán 2016; García Fernández-Albalat 1996a, 1996b; Rodríguez Martínez 2015).

Con respecto á **relixión** e as **crenzas**, o debate historiográfico está moi condicionado pola cuestión do celtismo arriba mencionada, con aportacións opinións dispares que oscilan entre traballos que empregan o comparativismo indoeuropeo-céltico (Brañas 2000; García Quintela 1993, 2005, 2009; García Fernández-Albalat 1996a, 1996b) e os que optan por unha visión máis autoctonista (Llinares 2016). Esta diferenza de carácter metodolóxico ten dado lugar a visións bastante antitéticas, facendo que moitos describan, simplificando bastante, a sociedade castrexa como animista no relixioso e/ou ritual, con base na natureza (Esparza 2012: 20; Silva, Gomes 1992: 90), onde case calquera espazo se podía considerar sagrado (Rodríguez Corral 2009: 165-200) e manteñen unha estreita relación coas augas (González Ruibal 2006-2007: 121-129). A paisaxe tamén se considera como parte do corpo social (González Ruibal 2006-2007: 103-134; Parcero 1993). É unha sociedade na que cobran especial importancia as reunións sociais en rituais e/ou banquetes (Armada 2005: 43-60), lugar no que, en teoría, encaixan os materiais que se tratan a continuación. Pero estas son descricións bastante xenéricas, polo que resulta interesante remitirse á recente aportación de M. Llinares (2016) que elabora un estado da cuestión cunha visión crítica e proveitosa. Por último, é importante apuntar que, probablemente, unha das achegas máis substanciais nos últimos anos con respecto á compoñente ritual da Idade do Ferro se derive dos traballos publicados con respecto aos bronces sacrificiais, caldeiros de remaches, ganchos de carne… moi en relación cos ritos de comensalidade, e que se veñen desenrolados nos últimos anos (Armada 2002, 2003, 2008; Armada, García Vuelta 2003, 2005, 2014; Armada *et al.* 2011-2012; Armada, Vilaça 2016).

O **sistema de organización sociopolítica** tamén foi amplamente debatido (García Quintela 2012; Pereira 1982; Rodríguez Colmenero 1997). Habitualmente dise que se estruran en etnias e organizacións xentilicias diferenciadas ao longo de todo o territorio (Rodríguez Colmenero 1997; Silva, Gomes 1992: 85) ou en tribus (Pena 2014).

Hierro a la Tardoantigüedad, na que trata de mergullarse no tema. Tiven coñecemento da súa lectura unha vez redactado este texto, polo que non pode ser considerada.

Outros autores buscan a estruturación social por medio da paisaxe (Alonso 2015; Currás 2014; Delgado, Grande 2009) ou o poboamento (González Álvarez 2009). Pero tamén se teñen feito aportacións moi interesantes a este respecto en clave de xénero (González Santana 2011, 2012). Pese ás diferenzas moitos autores coindicen en destacar a unidade doméstica como centro da organización social (Silva, Gomes 1992: 81-97).

1.4. MARCO DA INVESTIGACIÓN: CUESTIÓNS CRONOLÓXICAS E TERRITORIAIS

Abranguer toda a xeografía e cronoloxía castrexas resulta imposible nun traballo desta envergadura (Carballo 1998a), polo que é necesario cinguirse a unha franxa cronolóxica e xeográfica que facilite o traballo. Isto fai que se empreguen diferentes criterios para realizar a escolma de materiais cerámicos e metálicos que constitúen o obxecto desta tese.

No caso dos primeiros, valémonos das áreas oleiras debuxadas por J. Rey (1991, 1995, 2011) na súa tese de doutoramento. Deste xeito, a área que soporta a maior parte do peso é a setentrional, reducindo aínda máis os casos de estudo centrándose en diferentes castros situados na comarca coruñesa de Terra de Melide –sendo o Castro da Graña (Toques, A Coruña) o que máis relevancia adquire– e o Castro das Corredoiras (Boimorto, A Coruña) como exemplos do interior, e un único xacemento costeiro: o Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña). Escóllese a área Setentrional porque é unha das menos explotadas polas investigacións precedentes, polo que case tódolos materiais obtidos en diferentes campañas e xacementos permanecen inéditos dende hai décadas. Do mesmo xeito, e co gallo de poder realizar comparativas a nivel territorial, escólmanse pequenos exemplos doutras zonas para o seu estudo directo. Nas Rías Baixas tómase como referencia o espolio arqueolóxico ao completo do Castro do Achadizo (Boiro, A Coruña) –consecuencia da facilidade de acceso que se ten ao mesmo por atoparse en fase de estudo no GEPN-AAT. Da cunca do Miño só se realizan exploracións esporádicas nos materiais do

Castro de Santa Trega[2] (A Guarda, Pontevedra). E, por último, revísase unha pequena escolma das cerámicas do Castro Máximo na cidade de Braga (Braga)[3], co que queda cuberta a área bracarense. Queda totalmente deserta neste estudo a área Oriental como consecuencia das dificultades temporais e xeográficas que supón o desprazamento a Asturias ou Castela e outras áreas de Portugal.

Residualmente, téñense en conta materiais de diferentes xacementos cuxo estudo non estaba previsto, pero que van aparecendo no transcurso dos traballos e as súas especiais características fan que se teñan en consideración. Trátase de cerámicas do Castro de Meirás (Sada, A Coruña) e o Xacemento de Mouromorto (Teo, A Coruña) no caso da área setentrional; a medio camiño entre esta e a das Rías Baixas, obsérvanse algúns materiais do Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña); nas Rías Baixas propiamente ditas contamos con Castro Castriño (Vigo, Pontevedra), ou o Castro de San Cibrán (Pontevedra); e na cunca do Miño unha mínima mostra da Cidade de San Cibrao de Lás. Ao corpus cerámico restante accédese a través das publicacións ou memorias de escavación dos diferentes xacementos.

No caso dos metais, a compartimentación non resulta tan doada, posto que as sítulas debuxan o seu propio mapa de distribución e porque o número de pezas é relativamente reducido en volume con respecto ao das cerámicas. Polo tanto, coas sítulas debe seguirse a delimitación que os propios materiais van dando, intentando discernir ata que altura chegan os moldes relacionados, fundamentalmente, coa súa produción á cera perdida e ata cal os produtos manufacturados.

Cronoloxicamente, adóptase a periodización tripartita máis aceptada poloa comunidade científica (Carballo 1998a). así pois, esta tese encádrase dentro dun abano bastante amplo que abrangue, *grosso modo*, as Fases Media e Final da Cultura Castrexa (Carballo 1998a; Arias 2002). Isto comprende, aproximadamente, os séculos IV/III

[2] Teño que darlle as grazas á miña compañeira Alba, que foi quen realmente estudou os materiais e tivo a ben ofrecerme as súas fotografías e deixarme botarlle un ollo aos materiais cando estaba a traballar con eles.

[3] Grazas á contribución económica da Casa de Velázquez. https://www.casadevelazquez.org/fileadmin/fichiers/accueil/Candidatures/bourses-ehehi/Bourses_EHEHI_2016.pdf

a.n.e.-I d.n.e. No caso das cerámicas, a meirande parte dos fragmentos susceptibles de seren enfrontados aos metais pertencen ao Ferro II prerromano e romano, no caso das sítulas camiñamos polas mesmas datas. Pese a que se intenta establecer unha franxa temporal de partida, conforme se abonda nos contextos dos materiais ímonos dando conta de que as datas ofrecidas para as sítulas (Carballo 1983; Armada 2005) se poden afinar bastante. O mesmo acontece coas cerámicas perladas ou as vasillas de "tradición Borneiro". Estas últimas son probablemente as que están mellor contextualizadas, posto que se arroupan co estudo integral das cerámicas procedentes do xacemento que lles dá nome. Emprégase esta nomenclatura seguindo a liña marcada por J. Rey (1991) posto que xa está ben asentada na bibliografía arqueolóxica actual e porque realmente é o Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) o que maior número de exemplares aporta e o que está mellor traballado dende hai décadas (Calo Ramos 1999a; Molinos 1973; Rey 1991).

1.5. OS PROCESOS DE IMITACIÓN: ESTADO DA CUESTIÓN

1.5.1. O diálogo cerámica-metal na literatura arqueolóxica do Noroeste peninsular

Mergullándose na bibliografía existente para a Cultura Castrexa compróbase que as referencias ao parecidos estéticos entre pezas cerámicas e metálicas de diferente natureza son moi abundantes dende bastante cedo. Así, a primeira mención coa que nos topamos data de 1929 e témola nun traballo que Á. del Castillo (1929: 255-256) lle dedicou ao Castro de San Xusto de Repostería (Palas de Rei, Lugo) no *Boletín da Real Academia Galega*, no que compara a decoración de elementos de bronce e barro procedentes deste xacemento. A pesar da observación tan temperá destas semellanzas, as referencias bibliográficas ao tema son escasas durante varias décadas. Só é a partires dos anos 80 do século XX cando comezamos a atopar alusións continuas a ás semellanzas entre cerámicas e metais, produto da proliferación dos estudos de materiais castrexos. Neste momento aparecen múltiples investigacións que seguen liñas de estudo moi dispares e que, en principio, pretenden uns resultados bastante diferentes, pero que resultan de utilidade (Calo Ramos 1999b; Rey 1998; Rodríguez Puentes 1986). Moitas das opinións baséanse nos

motivos ornamentais comúns que amosan ambos produtos, así como a distribución dos mesmos no corpo dos cacharros.

En 1986 Eugenio Rodríguez na súa tese de licenciatura, dedicada a estudar as cerámicas castrexas decoradas mediante estampado, define a súa forma 14 como de "vasillas de inspiración metálica", fundamentalmente para cerámicas procedentes da Cidade de San Cibrao de Las (San Amaro-Punxín, Ourense) como consecuencia das semellanzas ornamentais que mostran con elementos metálicos. Outro tipo de coincidencias a nivel estético que se veñen defendendo gardan relación cos tons das pastas e os acabados superficiais das mesmas (Calo Ramos 1999, Rey 1996), que fai que adquiran un certo brillo. Isto quere dicir que mediante o pulido da cara externa fan que, visualmente, se acheguen, con moito, á aparencia dos metais.

A autora que máis alusións fai a estas semellanzas entre vasillas cerámicas e metálicas é J. Rey (1991, 1996, 1997, 1998, 2005a, 2005b, 2011, 2014). Esta investigadora realiza un traballo no que un dos apartados leva por título *O metálico está de moda* (Rey 1998), o cal semella bastante acertado con respecto ás tendencias estilísticas das cerámicas da II Idade do Ferro do noroeste, rexión que amosa unha cultura material cun marcado carácter propio. Dende o seu traballo de sistematización cerámica (Rey 1991, 1996, 1997, 2005a, 2005b), asimila formalmente vasillas de bronce e barro, tendo en conta a morfoloxía completa das pezas, cando existe esa posibilidade, ou valéndose dalgún elemento formal illado. Esta liña, é a que lle vea a establecer paralelos entre cerámicas perladas e sítulas de bronce (Rey 2005a, 2005b, 2014).

Outra aportación interesante é a de Ángel Concheiro (2008), quen, na memoria de escavación do Castro do Achadizo (Boiro, A Coruña), fala do parecido entre a olería deste xacemento con caldeiros de remaches e sítulas, así como vincula as asas coas fíbulas de pé alto. Pese a isto, o castro que, sen dúbida, máis se menciona con respecto ás semellanzas das súas cerámicas co metalurxia é o Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Rey 1996, 1997, 1998, 2005b; Calo Ramos 1999a, 1999c; Rodríguez Corral 2008a, 2008b), en concreto para as vasillas tipo "Borneiro B". Por esta e outras razóns, decídese realizar un estudo completo e intensivo dos materiais deste

sitio na procura das características sinaladas na bibliografía así como intentar ver cousas novas a partir de materiais inéditos e/ou o cambio de mirada precisa para levar a cabo o traballo de comparación.

Outro punto importante é a carencia de estudos sistemáticos para as cerámicas de moitas das áreas coma o Norte de Portugal –só estudos xeneralistas (Silva 1986) ou sobre xacementos concretos (Albuquerque 1970; Oliveira 2017; Ribeiro, Sampaio 2008; Silva 1997; Silva 2015) apenas hai estudos monográficos sobre cerámica (Almeida 1974; Almeida *et al.* 2011; Fleming 2014; Little 1985, 1990; Martins 1987; Vilaça 2014) ou a zona occidental de Asturias, León e Zamora –as referencias para esta zona redúcense a traballos moi concretos (Marín 2012) e case todos de carácter xeneralista (Esparza 2012; Villa 2008b) ou determinados xacementos (Berrocal *et al.* 2002; Fanjul *et al.* 2004-2005; Galván *et al.* 1993; Marín 2007; Marín, Jordá 2007; Maya, Cuesta 2001). As referencias ás semellanzas entre cerámica e metal nesta clase de traballos redúcense á comparativa entre os botóns cónicos e os remaches (Villa 2008b: 759) ou á confrontación dalgunha morfoloxía moi determinada (Berrocal *et al.* 2002: 165).

En Galicia, polo momento non contamos máis que cun único traballo que abonda nas cerámicas indíxenas da Idade do Ferro do Noroeste (Rey 1990-1991, 1991), e que se reduce a unha área xeográfica moi concreta: a costa atlántica galaica. Na bibliografía son relativamente abundantes os traballos a prol da olería dun xacemento concreto (Molinos 1973; Calo Ramos 1999a, 1999b, 1999c; Dorrego, Rubiero 1998, 2001; Dorribo 1995a; González Ruibal, Carballo 2001; Hidalgo 1984-1985; Seara 1990-1991; Vázquez Matos 2010), unha zona determinada (Rey, Rodríguez Calviño 2001) ou de toda unha área oleira (Rey 1990-1991; Rey 2014), pezas decoradas mediante unha técnica específica (Hidalgo 1980; Rodríguez Puentes 1986, 1987) ou un resumo das características básicas da cerámica castrexa (Rey 1986-1987, 1996, 1997, 1998, 2005b). Por esta razón, as lagoas de datos en determinadas áreas seguramente se deban a esta falta de estudos, o que redunda nunha dificultade máis para levar a cabo esta investigación. E moitos dos trabalos non reflicten o material do que están a afalar, ou as representacións gráficas que posúen non son o suficientemente clarificadoras como para recoñecer técnicas decorativas, morfoloxías…

1.5.2. Os procesos de imitación na Protohistoria europea

Son relativamente abundantes os traballos que obtiveron resultados satisfactorios na comparación entre vasillas cerámicas e metálicas, sobre todo para o mundo clásico (Vickers, Gill 1990, 1994; Vickers 1995); aínda que tamén temos estudos que abordan o tema para outras zonas da Península Ibérica (Blanco 2001; Hernández 2005) e para múltiples áreas europeas, Próximo Oriente, Europa Central e do Leste, Escandinavia ou as Illas Británicas. Practicamente todas estas publicacións baséanse na aplicación dos conceptos esqueuomorfo ou esqueuomorfismo, termos que desenrolan no próximo capítulo na procura dunha mecánica comparativa avaliable.

O que parece claro é que os procesos de imitación son un fenómeno paneuropeo que se estende por diferentes realidades culturais, cronolóxicas, territoriais, técnicas… suxírense diferentes xeitos de estudar o fenómeno, que aspectos se deben mirar nas cerámicas para abondar na procura do suposto prototipo orixinal a partir do cal se crea o esqueuomorfo e cal é a súa natureza –cestas, madeira, metal, lítica… Asemade, búscase unha explicación convincente que xustifique o xurdimento, presenza e función dos esqueuomorfos nunha cronoloxía dada nun lugar concreto e cunhas características socio-culturais específicas.

Estes fenómenos chaman a atención de arqueólogos e/ou anticuarios dende o s. XIX (Frieman 2010a) pero o seu estudo adquire maior entidade nas décadas centrais do s. XX (Childe 1956; Trachsler 1965). Con todo, o verdadeiro auxe dos estudos dos fenómenos de imitación –ou esqueuomorfismo– prodúcese a partir dos anos 80 do s. XX, cos traballos que diferentes investigadores, entre os que destaca, con moito, M. Vickers (Gill, Vickers 1989, 1990, 1995; Vickers 1983, 1985, 1986, 1989, 1992, 1994, 1995, 1996a, 1996b, 1997, 1998, 2000, 2002a, 2002b, 2011; Vickers *et al.* 1986; Vickers, Gill 1994), nun intento por establecer unha conexión directa entre as cerámicas gregas, fundamentalmente as de figuras negras e as de figuras vermellas, e as vasillas elaboradas en metais preciosos –ouro, prata e as súas aliaxes– ou máis modestos –cobre e as súas aliaxes, coma o bronce.

Este é un fenómeno que merece ser tratado con detemento na procura dunha mellor comprensión dos fenómenos de imitación a nivel macro para despois trasladalos ao nivel micro que supón reducilos a unha etapa, un material e unhas cronoloxías concretas.

Capítulo 2 O diálogo cerámica-metal como fenómeno arqueolóxico e histórico

«La arcilla lleva en sí la tentación de la creación. Desde siempre y por doquier el hombre ha modelado la arcilla. La cerámica está estrechamente vinculada a la historia del ser humano. Viene a ser fiel reflejo de su creatividad y de su concepción religiosa, y espejo de sus obsesiones. […]»

(Cottier-Angeli 1974)

2.1. **BASES PREVIAS**

Para establecer os criterios e a metodoloxía de traballo (Seoane 2016) podemos axudarnos da bibliografía existente para o Mundo Clásico (Vickers 1995; Vickers, Gill 1990), por exemplo, ou outras áreas da Península Ibérica (Blanco 2001), Europa Central e do Leste (Gheorghiu 1998), Próximo Oriente (Wengrow 2001)… para a semellanza entre vasillas cerámicas, metálicas ou cestería; pero tamén hai exemplos que nos remiten ás semellanzas entre materiais moi diferentes coma o sílex (Frieman 2010) ou as cunchas (Conneller 2013) e que abranguen diferentes cronoloxías que van dende o Paleolítico ata case a actualidade en sociedades etnográficas. Estes estudos son un bo punto de partida, pero non se pode perder de vista que calquera proposta extraída debe ser adaptada ás esixencias dos materiais que nos ocupan.

O fenómeno das imitacións entre materiais lévase observando dende o século XIX (Frieman 2012a: 1), momento no que collen pulo os traballos arqueolóxicos, e que fan precisa a creación dunha linguaxe apropiada para a descrición dos obxectos, elementos arquitectónicos… Neste contexto, H. Colley March –en 1889– acuña o termo **esqueuomorfo** para referirse ás imitacións das formas materiais que fan referencia a outros feitos en materias primas moi diferentes (Blitz 2015: 666; Frieman 2010: 34; McCoullough 2014: 19-20).

Sobre esta base, é preciso centrar a mirada nos traballos que abondan nas comparacións entre materiais, e máis concretamente na bibliografía referente ao **esqueuomorfismo** como un elemento condutor para desenrolar unha metodoloxía de traballo axeitada para

leva a cabo a comparación entre vasillas cerámicas e metálicas castrexas coas mellores garantías. Comézase por un intensivo baleirado bibliográfico na procura dunha definición do esqueuomorfismo axeitada aos obxectivos que se marcan de partida –nomeadamente o grao de semellanza entre elementos metálicos e cerámicos. A partir de aquí extráense unha serie de consideracións que axuden a trazar unha liña o máis recta posible para acadar dito propósito, marcando os elementos susceptibles de comparación entrambas artesanías e establecendo un protocolo de compararanza que permita contestar ás cuestións formuladas previamente.

2.2. O ESQUEUOMORFISMO NA LITERATURA ARQUEOLÓXICA

A palabra **esqueuomorfo** é un neoloxismo creado con claro propósito de referirse a un amplo espectro de materiais que se asemella a outros de moi diversa natureza. H. Colley March –en 1889– acuña o termo esqueuomorfo (Blitz 2015: 666; Frieman 2010b: 34; McCoullough 2014: 19-20), unha palabra composta a partir das raíces gregas σκεῦος –*skeuos* = estrutura– e μορφή –*morphé* = forma– (Angenot 2017: 411; Löbbing 2015: 105), e xustifícao dicindo que:

> *«[…] As formas de adorno demostrables debido á estrutura requiren un nome. Se as tomadas de animais se chaman zoomorfos, e as das plantas filomorfos, convén chamar a aqueles derivados da estrutura esqueuomorfos […]»*[4] (O'Hara 2012: 282).

A partir de aquí, as mencións ao termo son unha constante, chegando case a converterse nun fenómeno arqueolóxico por dereitos propios a causa do forte impacto que ten na literatura especializada. O termo é rapidamente adoptado polos estudos de materiais, pero hai que agardar ata os anos 50 do s. XX para que V. G. Childe (1956: 13-14), observando o potencial dos esqueuomorfos para traballar cos obxectos arqueolóxicos, acoute e defina, *quasi* definitivamente, o termo. Para el un esqueuomorfo é a fabricación de vasillas nun material destinado a evocar a aparencia de vasillas feitas regularmente noutro, co gallo de

[4] Tradución propia de: *«[…] The forms of ornament demonstrably due to structure require a name. If those taken from animals are called zoomorphs, and those from plants phyllomorphs, it will be convenient to call ihose derived from structure skeuomorphs […]»* (O'Hara 2012: 282).

obter datos acerca de actividades produtivas e medios artísticos dos que non se conta cunha evidencia directa no rexistro arqueolóxico (Conneller 2013: 120; McCullough 2014: 2; Vickers, Gill 1994: 106-107).

Non pola pronta aceptación o termo está exento de debate, moi ao contrario, é amplamente debatido na historiografía arqueolóxica e son moitos os intentos de definilo de forma precisa, tratando de acoutar o campo de estudo e adaptándoo aos materiais cos que se pretende levar a cabo o proceso de comparación nas diferentes investigacións (Angenot 2017; Aulsebrook 2018; Blitz 2015; Frieman 2012a: 9-16; Gošić 2015; McCoullough 2014: 17-100; O'Hara 2012; Vickers, Gill 1994: 106-123). En xeral, existe pouco consenso con respecto ás razóns que levan ás comunidades do pasado a comezar os procesos de imitación, pero tamén a causa do escaso recoñecemento deste fenómeno no rexistro arqueolóxico (McCoullough 2014). Son varias as investigacións que trataron de sintetizar todo o pensamento arqueolóxico e/ou antropolóxico publicado dende as orixes con respecto ao fenómeno esqueuomórfico na procura dun marco teórico sólido co que arroupar os estudos que teñen os fenómenos de imitación como obxectivo principal. Destacan dous traballos: o de C. Frieman (2010b: 33-38, 2012a: 9-16) e o de T. J. McCoullough (2014: 17-100), autoras que realizan un amplo percorrido pola literatura arqueolóxica intentando sintetizar tódalas correntes de pensamento que se aglutinan en torno ao esqueuomorfismo; aplícano a cronoloxías e materiais moi dispares, buscando con elo desenrolar unha metodoloxía de traballo que axude á súa aplicación práctica cos estudos de caso propostos por ambas[5]. Posto que estes traballos resultan extraordinariamente amplos e explicativos, remitímonos a eles para obter unha información máis extensa (Frieman 2010b: 33-38, 2012a: 9-16; McCoullough 2014: 17-100). Pola mesma razón, só valoramos estes dous estudos e as investigacións xurdidas con posterioridade á saída das teses destas dúas

[5] C. Frieman (2010; 2012a; 2012b; 2013) emprega materiais que abranguen dende o IV ao II milenio a.n.e. empregando tres estudos de caso baseados na confrontación de pezas líticas de distinta natureza e cronoloxías que aparecen en momentos de cambio tecnolóxico e como o fenómeno esqueuomórfico pode axudar a comprendelos. T. J. MacCoullough (2014) busca as pegadas deixadas polos prototipos metálicos nos que se supón que se inspiran as cerámicas do Período Minoico Medio nos pazos cretense de Knossos e Phaistos, na procura da definición dos orixinais metálicos que, en ocasións, non se atopan no rexistro arqueolóxico.

investigadoras (Angenot 2017; Aulsebrook 2018; Blitz 2015; Cisneros *et al.* 2014, 2017a, 2017b; Conneller 2013; Gheorghiu 2012; Gošić 2015; Kastholm 2015; Löbbing 2015; Walsh 2014). Faise algunha excepción con algúns traballos que elas xa analizan pero que se consideran a causa do interese que revisten os seus contidos (Knappett 2002; Reeves 2003; Wengrow 2001). Pero tamén se teñen en conta algúns traballos que, pese a estar publicados cando estas autoras realizaron o seu traballo, ambas investigadoras non teñen en conta (Gheorghiu 1998; Gill, Vickers 1989, 1995; Manzo 2003; O'Hara 2012; Sanavia 2013; Vickers 1994, 1995, 1996a, 1996b, 1997, 1998, 2000, 2002, 2011). Partindo destes dous traballos, recompílanse varias propostas de definición e de posibles motivacións que teñen as culturas pre e protohistóricas para iniciar os procesos de imitación –algunhas son recompiladas no texto por estrita orde cronolóxica de aparición dos traballos–, na procura dunha definición adecuada tanto ás características do material empregado no noso estudo como á valoración das semellanzas entre metal e cerámica na Cultura Castrexa.

2.2.1. Definicións, causas e explicacións do fenómeno esqueuomórfico

En primeiro lugar, destaca o mencionado traballo de C. Frieman (2010a; 2012a), que considera que a definición de esqueuomorfismo apenas variou dende as súas orixes, posto que se ten tratado coma un fenómeno único para describir as relacións entre o que os investigadores pensan que son artefactos[6] tecnoloxicamente primitivos ou avanzados tendo sempre en conta o valor social ou económico crecente dos últimos. Partindo de aquí, aporta unha nova definición, engadíndolles ás semellanzas estilística e morfolóxica, empregadas tradicionalmente nas explicacións do fenómeno, os procesos de produción, uso e deposición dos materiais (Frieman 2012a: 129). O seu traballo enmárcase dentro da corrente que busca explicacións para os fenómenos de evolución tecnolóxica e a aceptación de novas técnicas e materiais, tendo en conta isto, para ela o esqueuomorfismo pódese ver

[6] Un artefacto, segundo a D. L. Clarke (1984), é calquera obxecto modificado intencionalmente polo ser humano (Clarke 1984: 134-143, 440; Renfrew, Bahn 2011: 51).

dende diferentes ángulos e perspectivas, que van mudando co paso do tempo, e considera o esqueuomorfismo coma:

> «*[…] unha* [das] *[…] ferramentas interpretativas creadas e utilizadas polos arqueólogos que buscan explicar a natureza e os procesos de cambio material. O concepto foi acuñado para axudar na interpretación de artefactos arqueolóxicos cuxa forma parecía ser a de obxectos máis comunmente feitos noutro material […]. É unha palabra utilizada para clasificar e describir, para interpretar e explicar […]»*[7] (Frieman 2012a: 1).

Esta autora (Frieman 2010a; 2012a) sintetiza nun cadro sinóptico o pensamento arqueolóxico sobre do equeuomorfismo no que fai referencia a tódalas motivacións suxeridas nos diferentes traballos para o xurdimento deste fenómeno (Fig. 1). Seguindo a Lemonnier (1986), esta mesma autora, establece as relacións causais que levan á aparición do esqueuomorfismo nas sociedades pretéritas, e chega á conclusión de que xorden da combinación de catro factores fundamentais (Fig. 2): o contexto social, o contexto tecnolóxico, as relacións entre materiais en sentido amplo e, no centro de todo, as causas antropoxénicas (Frieman 2010: 36-38; 2012a: 19).

[7] Tradución propia de: *«Skeuomorphism is one of […] interpretative tools created for, and used by, archaeologists seeking to explain the nature and processes of material change. The concept was coined to aid in the interpretation of archaeological artefacts whose form seemed to be that of obxects more commonly made in a different material […]. It is a word used to classify and describe, to interpret and explain […]»* (Frieman 2012a: 1).

Reasons for Skeuomorphism	Characteristics	Sources
Technological Evolution	Imitates primitive materials Made in more advanced material Skeuomorphic aspects are vestigial and functionless No meaningful content Product of unconscious, mechanical processes	Colley March 1889; Richardson 1995; Taylor 2006, 2007
Cultural Conservatism	Functionless Decorative effect Imitates traditional materials Often made in new material Imitation of production processes not relevant to new material	Child 1956; Shaw 1977; Wengrew 2001
Economic Value	Imitations are generally of high value objects/materials Occurs in low value materials Specialised production Producer and Consumer separated Consumer determines form Deposited by people seeking an association with a wealthier or higher status group Found at peripheries of wealthier social groups	Vickers 1986, 1989, 1999; Rawson 1986, 1989; Watson 1986; Gill 1986; Vickers & Gill 1994; de Freitas 1997; Sherratt & Taylor 1997
Technological Innovation	Prototypes are traditional materials Often made in new/newly valued materials Can appear to subvert predominant social values Often related explicitly to personal or group identity Origin of materials/forms and geographical distance emphasised Form determined by producer Consumer potentially ignorant of production processes	Sherratt 1997; Taylor 1999; Wengrew 2001; Nakou 1999; Knappett 2002; Harrison 2003
Material Metaphors	Style links to larger conceptual world Imitation not just of form/style but of gestures of production Visible differences between skeuomorph and prototype Tension between imitation and falseness Mimetic power/ability to "presence"	Tilley 1999; Ortman 2000; D'Alleva 2001; Knappett 2002; Hurcombe 2008
Toys or Jokes	Irony evident in materials, form or function of tools Miniature replica "jeux d'esprit"	Lynch 2001; Harrison 2003; Hurcombe 2008

Fig. 1 Táboa elaborada por C. Frieman (2010b: 37, Táboa 1; 2012a: 15, Táboa 2.1) que recompila as razóns esgrimidas na literatura arqueolóxica para explicar o fenómeno esqueuomórfico.



Fig. 2 Diagrama de C. Frieman (2010: 37, Fig. 1) que ilustra as relacións que levan á aparición dos esqueuomorfos.

Para ela:

> *«[…] Estas categorías de esqueuomorfo […] desenvolvéronse en resposta a unha variedade de posibles estímulos culturais tales como a distinción social e o valor económico, o conservadorismo cultural ou os cambios tecnolóxicos debido á dispoñibilidade de materiais, a lonxevidade ou a durabilidade. […] unha variedade de cambios sociais podería estar na raíz do esqueuomorfismo. Estes inclúen a necesidade de abordar os conceptos de permanencia e transitoriedade materialmente ou o desexo de 'presenza' dun obxecto […]»*[8] (Frieman 2012a: 14).

Neste mesmo sentido, J. H. Blitz (2015: 668-671) recompila outras tendencias, entre as que destacan as ofrecidas dende a antropoloxía e a psicoloxía, pero tamén dende diferentes perspectivas arqueolóxicas coma a corrente condutual ou a evolutiva. Os arqueólogos condutuais baséanse no estudo das características do rendemento mecánico da vasilla, pois teñen en conta que as vasillas están pensadas para cumprir tarefas específicas e que os trazos esqueuomórficos das cerámicas derívanse de prototipos ancestrais tanto dende o punto de vista utilitario como formal, posto que a forma do esqueuomorfo cerámico e o tratamento superficial son predeterminados polo prototipo non cerámico (Blitz 2015: 670-671). Este autor tamén aclara que:

> *«O esqueuomorfismo […] debe reconsiderarse porque estes obxectos revelan a intersección entre os atributos utilitarios e representacionais que informa unha comprensión do cambio tecnolóxico. […] Os trazos esqueuomórficos derívanse de prototipos ancestrais. […] O esqueuomorfismo é de interese para a arqueoloxía do comportamento principalmente como un atributo de desempeño social que acompaña e complementa a eficiencia do rendemento mecánico.*
> *O esqueuomorfismo, como un exemplo de cambio na forma a través do tempo, é compatible cos obxectivos e métodos da arqueoloxía evolutiva, especialmente nas vantaxes que ofrece*

[8] Tradución propia de: *«[…] These categories of skeuomorph […] developed in response to a variety of possible cultural stimuli such as social distinction and economic value, cultural conservatism, or technological changes due to material availability, longevity or durability. […] a variety of social changes might be at the root of skeuomorphism. These include the need to address concepts of permanence and transience materially or the desire to 'presence' an object […].»* (Frieman 2012: 14).

> *para documentar historias de liñaxe de artefactos. […]»*[9] (Blitz 2015: 670).

Na mesma liña, D. O'Hara (2012), nun intento por coñecer as aplicacións prácticas e a utilidade do esqueuomorfismo e o recoñecemento do valor do material, considera que este se refire:

> *«[…] á creación de artefactos nunha forma que é axeitada para outro medio e […] á migración dunha forma propia da construción dun artefacto nun material a unha réplica do mesmo artefacto construído noutro material usualmente menos valioso. […] o proceso de producir réplicas noutro material implica o uso dunha técnica non apropiada para ese material […]»*[10] (O'Hara 2012: 281).

Pola súa banda, nun estudo monográfico sobor das reminiscencias das vasillas metálicas nas cerámicas do Período Minoico Medio, T. J. McCoullough (2014), procurando a reconstrución duns prototipos de metal que están infrarrepresentados, cando non completamente ausentes, no rexistro arqueolóxico, fala dos esqueuomorfos como "copias emulativas" (McCoullough 2014: 40-41, 91-94) e conclúe que os estes son:

> *«[…] substitutos de reemprazo feitos de diferentes materiais e/ou por diferentes fabricantes que emulan significativamente outro obxecto valorado coa mesma función co propósito de evocar as propiedades do orixinal mediante o uso de marcadores*

[9] Tradución propia de: *«Skeuomorphism […] should be reconsidered because these objects reveal the intersection between utilitarian and representational attributes that informs an understanding of technological change. […] Skeuomorphic traits are derived from ancestral prototypes. […] Skeuomorphism is of interest to behavioral archaeology primarily as a social performance attribute that accompanies and complements mechanical performance efficiency. Skeuomorphism, as an example of change in form through time, is compatible with the goals and methods of evolutionary archaeology, especially in the advantages it offers for documenting artifact lineage histories […]»* (Blitz 2015: 670).

[10] Tradución propia de: *«[…] refers to a fashioning of artefacts in a form which is appropriate to another medium, and so to the migration of a form proper to the construction of an artefact in one material, to a replica of the same artefact constructed in another, usually less valuable material. […] the process of producing replicas in another material also involves a use of a technique inappropriate to that material […]»* (O'Hara 2012: 281).

> *específicos inherentes ao prototipo. […]»*[11] (McCoullough 2014: 40-41).

Asemade, esta autora (McCoullough 2014) considera que os esqueuomorfos son:

> *«[…] obxectos que se refiren a, e actúan en nome de, outros obxectos para grupos de individuos sen acceso aos prototipos orixinais. Como signos que […] incorporan algunhas das características físicas dos modelos orixinais, os esqueuomorfos derivan o seu significado do tipo de relación asociativa entre eles e os obxectos particulares que emulan […]»*[12] (McCoullough 2014: 91-94).

Pero, para ela, esta afirmación ten un problema, posto que cre que os esqueuomorfos, como substitutos materiais que son, asumen o rol de substituír artigos de luxo para as elites, pero tamén existen esqueuomorfos feitos de materiais máis caros ou equivalentes aos dos prototipos, o que demostra que algunhas imitacións son intrinsecamente máis valiosas cá os orixinais, polo que non se axeitan á interpretación dos esqueuomorfos como substitutos económicos e tampouco explican a súa presenza en sociedades escasamente estratificadas (McCoullough 2014: 23-24).

Pola súa parte, J. H. Blitz (2015), dende unha perspectiva máis antropolóxica e tecnolóxica, e mesturando diferentes correntes de pensamento, concibe os esqueuomorfos como:

> *«[…] un fenómeno transcultural do cambio tecnolóxico na cultura material. O esqueuomorfo pode duplicar o prototipo en parte ou na súa totalidade, pode ou non servir a funcións utilitarias, pero sempre fai referencia ao prototipo a través da imitación. Os esqueuomorfos son signos icónicos que significan*

[11] Tradución propia de: *«[…] substitutive proxies made from different materials and/or by different manufacturers that meaningfully emulate another valued obxect of the same function for the purpose of evoking the properties of the orixinal through the use of specific markers inherent to the prototype. […]»* (McCoullough 2014: 40-41).

[12] Tradución propia de: *«[…] obxects that refer to, as well as act on behalf of, other obxects for groups of individuals without access to the orixinal prototypes. As signs […] embody some of the physical characteristics of the orixinal models, skeuomorphs derive their meaning from the type of associative relationship between themselves and the particular obxects they emulate […]»* (McCoullough 2014: 91-94).

> *o prototipo por semellanza. […]. Os esqueuomorfos permiten clasificar obxectos similares nunha escala relativa de valía a través do contraste en diferentes materiais físicos […]»*[13] (Blitz 2015: 674-675).

Nesta mesma liña, M. Gošić (2015), na procura dos alicerces da aceptación da metalurxia durante o Calcolítico en Oriente Próximo, define os esqueuomorfos coma:

> *«[…] artefactos, ou elementos de artefactos, feitos en certo material de xeito que imita a outro material […]. A explicación […] é un desexo de imitar un material máis prestixioso […] nun máis común […]. A idea de que o artefacto feito nun material máis prestixioso podería ser un esqueuomorfo, que é unha copia, a miúdo pásase por alto […]»*[14] (Gošić 2015: 724-725).

Estes son só algúns exemplos de como se definen os esqueuomorfos na literatura arqueolóxica, na que, case sempre, se supedita o concepto final do mesmo á natureza da investigación e os resultados obtidos na mesma. Pero tódalas definicións concordan en que o trazo principal é a imitación/copia dunha peza –o prototipo–, orixinalmente concibida para a súa elaboración nun material determinado, nun material de moi diferente natureza –a imitación. No que non coinciden é nas características das materias primas en canto ao seu valor. Deixando a un lado os materiais nos que se basean os diferentes traballos –sílex, arxila, bronce, vidro…–, a meirande parte dos autores sinalan que o material no que se realiza a copia é de menor valor cá o do prototipo (Angenot 2017; Aulsebrook 2018; Blitz 2015; Cisneros *et al*. 2014, 2017b; Frieman 2010a, 2010b, 2012a, 2012b; McCoullough 2014; Gheorghiu 1998, 2012; Gill, Vickers 1989, 1990,

[13] Tradución propia de: *«[…] a cross-cultural phenomenon of technological change in material culture. The skeuomorph may duplicate the prototype model in part or in its entirety, may or may not serve utilitarian functions, but always references the prototype through imitation. Skeuomorphs are iconic signs that signify the prototype by similarity. Because skeuomorphs imitate prototypes, archaeologists can identify and trace historical relatedness in forms through time by seriation. […] skeuomorphism enables adoption of innovative artifacts in several ways […] Skeuomorphs allow similar obxects to be ranked on a relative scale of worthiness through the contrast in different physical materials […]»* (Blitz 2015: 674-675).

[14] Tradución propia de: *«[…] artifacts, or elements of artifacts, made in certain material in a way that imitates another material […] The explanation […] is a desire to mimic a more prestigious material, […]. The idea that the artifact made in a more prestigious material could be a skeuomorph, which is a copy, is often overlooked […]»* (Gošić 2015: 724-725).

1995; Kastholm 2015; Knappett 2002; Löbbing 2015; Manzo 2003; O'Hara 2012; Sanavia 2013; Vickers 1989, 1994, 1998, 2000, 2011; Vickers *et al.* 1986; Vickers, Gill 1994; Walsh 2014; Wengrow 2001). Só un reducido número de traballos recoñecen que existen copias nas que as materias primas teñen un maior valor intrínseco cá o prototipo (Conneller 2013; Gheorghiu 2012; Gošić 2015).

Os traballos de C. Frieman (2012a) e T.J. McCoullough (2014) intentan agrupar os diferentes estudos segundo a xustificación que aportan para o xurdimento do esqueuomorfismo. A partir dos seus traballos sabemos que na literatura arqueolóxica téñense esgrimido múltiples causas para explicar o nacemento e difusión dos esqueuomorfos, entender o papel que xogan dentro do corpus materiais e o valor que teñen nunha sociedade dada.

Seguindo a C. Frieman (2012a) e McCoullough (2014), en orixe, os esqueuomorfos tratáronse con pouca profundidade e aos que se lles outorgan escasos matices sociais, empregándose só para traballar sobre o cambio tecnolóxico, dentro dunha liña de investigación que fala dun conservadorismo cultural como causa principal para o seu xurdimento (Childe, 1956; March 1889; Myres, 1930 en Frieman 2012a: 1). O esqueuomorfismo como elemento de conservadorismo cultural é unha constante na bibliografía arqueolóxica xa que axuda aos autores a explicar a difusión das innovacións en procesos de cambio tecnolóxico (Wengrow 2001: 179-181). Nesta liña, Wengrow (2001) sinala que a semellanza entre a aparencia da cerámica e a cestería neolíticas débese a que a olería é, nese momento, unha nova tecnoloxía, polo que unha estética xa coñecida axuda á aceptación do novo material, xa que unha vasilla que ten todas as características dun canastro é entendible en tódalas dimensións do produto: funcional, de uso… Polo tanto, o conservadorismo cultural e estilístico ten unha "misión" funcional na adopción da innovación, posto que actúa como nexo entre as tecnoloxías tradicionais e as novas, evitando que as innovacións alteren as convencións establecidas ata ese momento, axudando á súa difusión e aceptación (Wengrow 2001: 179-181). É dicir, que se trata dun medio para comprender a transición a novas tecnoloxías ou, noutras palabras, un xeito de facilitar a interacción entre os usuarios e a innovación (Blitz 2015; Boardman 1987; Frieman 2010b, 2012a, 2012b; Gošić 2015; Hurcombe 2008; Kastholm 2015; Löbbing 2015; Manzo 2003;

McCoullough 2014; Miller 1997; O'Hara 2012; Reeves 2003; Sanavia 2013; Wengrow 2001). Neste punto, J. H. Blitz (2015: 671-672), nun intento por demostrar o xurdimento de pezas cerámicas con aspecto de cesta, fala da difusión dos esqueuomorfos polo que dá en chamar "semellanza e contaxio", o que significa que:

> *«[…] A ubicuidade dos esqueuomorfos na produción suxire […] que se considera que a fidelidade á forma e á textura do modelo prototipo é necesaria para unha produción exitosa. O principio de contaxio relacionado baséase na lóxica de que, unha vez en contacto, os materiais continúan exercendo influencia mutuamente a distancia debido a unha esencia compartida e vinculante. […]»*[15] (Blitz 2015: 671-672).

Igualmente, Blitz (2015: 671) fala do xurdimento do esqueuomorfismo como consecuencia da xustaposición entre dúas tecnoloxías estreitamente relacionadas (Houston 2014: 59-60 en Blitz 2015: 671) ou dispares, e entre varios grupos sociais dicotómicos (McCoullough 2014: 50-51). Zimmerman (1998 en McCoullough 2014: 39) fala da influencia na variabilidade de copias da intención e os obxectivos dos artesáns que as crean, mellorando a produción dos seus competidores a nivel artístico. Moitos sitúan a orixe da produción dos esquemáticos en etapas que marcan os límites da transición entre dous mundos sociais e/ou tecnolóxicos dispares (McCoullough 2014: 50-51). T. J. McCoullough (2014: 50-51) clasifica os traballos distinguindo varios puntos de interferencia entre:

a) **Transicións tecnolóxicas:** en momentos de introdución de tecnoloxías e materiais diferentes aos que predominan nun momento dado.

b) **Grupos socioeconómicos:** aqueles que teñen acceso a certos obxectos e aqueles que non o teñen. Polo que as

[15] Tradución propia de: *«[…] The ubiquity of skeuomorphs in precommodity production suggests […] that considered fidelity to the shape and texture of the prototype model necessary to successful production. […] The related contagion principle is based on the logic that, once in contact, materials continue to exert influence on each other at a distance due to a shared and binding essence […]»* (Blitz 2015: 671-672).

copias xorden por unha suposta necesidade de ter bens considerados valorados dentro dunha comunidade.

c) **Bens/ideas estranxeiros e pobos locais:** aceptación de pezas foráneas no repertorio material local.

d) **Lugares onde se relacionan vivos e mortos:** nas sepulturas con enxovais suntuarios.

e) **Deuses e mortais en espazos sagrados**: nos santuarios como ofrendas de valor.

f) **Compradores e vendedores:** nos mercados, nos portos… onde se adquiren produtos exóticos e/ou de luxo.

Outra liña de investigación considera o esqueuomorfismo coma un factor clave na creación e mantemento da identidade dunha agrupación social en resposta a momentos de cambio –económico, social, técnico…– (Harrison 2003; Knappett 2002; Nakou 1999; Sherratt 1997; Taylor 1999 en Frieman 2012a: 1-2) e a crecente demanda de produtos de alto valor social entre diferentes capas da poboación. Por esta razón, dise que os esqueuomorfos créanse intencionalmente como a produción de substitutos máis económicos de bens de luxo máis caros, fomentando con elo a rivalidade entre as copias e os seus prototipos nun contexto de competencia polos cambios de status social (Angenot 2017; Aulsebrook 2018; Cisneros *et al.* 2017b; Conneller 2013; Correia 2016; Gheorghiu 1998, 2012; Gill, Vickers 1989, 1994; Manzo 2003; McCoullough 2014; Nakou 1995; Sanavia 2013; Vickers 1985, 1994, 1995, 1997, 1998, 2000, 2011; Vickers *et al.* 1986; Walsh 2014).

Tamén existen posicións que defenden que as imitacións xorden como resposta a un aumento na demanda do orixinal que non pode ser cuberta cos recursos e materias primas dispoñibles localmente (Sherratt, Taylor 1997 en Frieman 2012a: 10-11).

Para O. T. Kastholm (2015) o esqueuomorfismo pode ser un medio para establecer conexións entre lugares distantes –el emprégao para falar das relacións marítimas entre as Illas Británicas e Escandinavia a

través das semellanzas entre as embarcacións atopadas a unha e outra beira do Mar do Norte– (Kastholm 2015: 1365-1370).

C. Frieman (2012a) considera que o estudo do esqueuomorfismo é importante na análise das tecnoloxías e dos materiais innovadores, posto que este implica confrontación entre diferentes materiais, xa que son produto da unión das grandes esferas sociais e tecnolóxicas nas que se xeran, polo que non deben estudarse illadamente (Frieman 2012a: 119). Para esta investigadora, o estudo do contexto social da especialización artesanal a nivel xeral e a comunicación dos novos coñecementos e da nova tecnoloxía é fundamental, posto que a fabricación e o uso dos obxectos está completamente imbricada en tecnocomplexos máis amplos, o que fai que non se poida entender a introdución de novas ideas e materiais sen observalos no seu conxunto (Frieman 2012a: 119-122). Tamén é interesante advertir **en que dirección viaxa a información dunha esfera material a outra**, pero existe un problema cando se desenrola este campo: case sempre reflicten os sistemas de valores actuais non os pasados, pois, polo xeral, os arqueólogos usan o esqueuomorfismo para falar de máis dun material ordenándoos xerarquicamente, pero esa orde segue a do material que a día de hoxe se considera máis valioso ou máis avanzado tecnoloxicamente (Frieman 2012a: 8).

Na mesma liña, T. J. McCoullough (2014: 63, 523, Lám. 3), empregando os argumentos e figuras aportadas por Miller (1982: 90, figura 1), establece diferentes fases na difusión das innovacións en paralelo á devolución dun símbolo de status exclusivo das elites que evoluciona cara as clases máis baixas e que as elites recuperan mediante a adopción dun novo elemento material (Fig. 3). Nun esquema represéntase a un membro da elite como o primeiro en adoptar unha vasilla, a el secúndano os seguintes membros na escala social progresivamente, debuxando a dirección na que se difunde un elemento de prestixio nunha sociedade. Esta expansión supón a perda dun símbolo de status mediante un proceso de emulación e imitación por parte da poboación restante, o que fai que as elites se vexan na "obriga" de procurar un elemento novo que indique e reflicta o seu status, dando lugar a novos procesos de copia (McCoullough 2014: 63, 523, Lám. 3). Do mesmo xeito, o coñecemento da intención que está detrás da

creación dos esqueuomorfos axuda á comprensión do seu significado, das súas funcións e dos seus propósitos (McCoullough 2014: 19-20).



Fig. 3 Esquema que representa a evolución da devolución de status mediante usos e costumes das elites (Miller 1982: 90, figura 1; Miller 1997; McCoullough 2014: 523, Lám. 3).

Cada grupo de copias representa un determinado momento no tempo nun momento de cambio na produción das emulacións e do prototipo. As copias propáganse por repetida imitación tanto do orixinal como das imitacións, dentro do que T. J. McCoullough (2014) dou en chamar **ciclo de emulación e imitación** (McCoullough 2014: 71-91). Esta autora define este ciclo de emulación e imitación coma un marco necesario para identificar e diferenciar os distintos produtos finais

fabricados durante o proceso imitación en diferentes cronoloxías (Fig. 4), tamén para confrontar os produtos obtidos con outros obxectos semellantes visualmente pero que que non son produto de proceso emulativo algún (McCoullough 2014: 71-91).



Fig. 4 Esquematización do ciclo de imitación desenrolado por T. J. McCoullough (2014: 518, Fig. 3).

Neste esquema (Fig. 4), T. J. McCoullough (2014) resume o ciclo de emulación e imitación nunha serie de etapas (McCoullough 2014: 71-91). En primeiro lugar, existe unha serie de condicionantes que fan que determinadas obxectos sexan tan desexables como para ser imitados. En segundo lugar, a ten que haber unha masa de obxectos tan ampla ou restrinxida que cree a necesidade de posuír un deles. En terceiro lugar, os obxectos de luxo deben estar ao alcance dunha minoría social para preservar a exclusividade. Por último, os obxectos deben ser adoptados por un grupo cunha grande influencia social para que as innovacións se difundan nos niveis sociais máis baixos, polo que as copias veñen a encher a necesidade (psicolóxica, social…) creada polo desexo de posuír determinado elemento.

A partir de aquí xorde a primeira fase do proceso de emulación, a de experimentación e/ou aprendizaxe sobre o prototipo, momento de contacto directo co orixinal, o que fai que o orixinal se poida reproducir

mediante unha copia directa na mesma materia prima que o orixinal –falsificación– ou mediante unha copia en diferentes materiais –réplicas, comezando con elo o proceso de emulación. No outro extremo está o que esta autora denomina como paralelos funcionais, que fan referencia a obxectos que comparten función e que miran uns para outros, pero sen evidencias dun proceso de emulación –vasillas cerámicas e metálicas elaboradas por diferentes artesáns que comparten un mesmo contexto socioeconómico, cultural… e que se influencian entre si. Neste caso a semellanza ven dada pola funcionalidade do obxecto, pola súa practicidade. Así, se un oleiro pretende evocar as calidades dunha vasilla de bronce, probablemente, engadirá o que chama marcadores metálicos, que son os que fan recoñecible a copia. Establece os niveis de semellanza mediante o estudo do medio no que se fabrica, o artesán, a intención coa que se fai e os niveis aos que son comparables –formal, funcional, técnico…– (Fig. 5).

Isto lévaa a propoñer **catro categorías de copia**: falsificación, réplica, adaptación e derivación, distinguibles en canto ao grao de semellanza entre o orixinal ou prototipo e a copia, así como pola intención que ten o artesán á hora de elaborar a peza (McCoullough 2014: 58-59, 519, Fig. 4). Ademais, advirte que non tódalas copias amosan o mesmo grao de fidelidade entre orixinal e copia, posto que algúns obxectos poden vincularse estreitamente a el, namentres que outros poden ter un parecido moito máis superficial. Durante o proceso de replicación pódense introducir **erros** ou **mutacións** que poden amosarse de moitas formas: erros simples durante a fabricación, alteracións conscientes ou inconscientes por parte do artesán… Co tempo, pódese esperar que aumente o número de erros, o que depende da frecuencia de reduplicación e a cantidade de erros dentro dun conxunto aumenta con cada rolda de copiado. Os esqueuomorfos máis precisos representan as etapas máis temperás da imitación dentro do ciclo, namentres que a menos precisa é a máis recente (McCoullough 2014: 35-37).

	NON-EMULATION		EMULATION			
			IMITATION			
	FUNCTIONAL PARALLEL	DUPLICATE	COUNTERFEIT	REPLICA	ADAPTATION	DERIVATION
MEDIUM	Different	Same	Same or same "likeness"	Different	Different	Different
MAKER	Different	Same	Different	Different	Different	Different
INTENT	No deception	No deception	Deception	No deception	No deception	No deception
SIMILARITY	Formal similarity determined by function. No emulative markers	Identical or nearly identical	Identical or very similar "look," but different manufacturing techniques	Very similar with allowances for the difference in medium	Formal similarity, but new details added. Hybrid appearance.	Similarity recognizable through specific markers only

Fig. 5 Cadro sinóptico no que T. J. McCoullough reflicte os elementos de semellanza e diferenza entre imitacións (McCoullough 2014: 58-59, 519, Fig. 4).

Por outra banda, J. H. Blitz (2015: 667-668) considera o tratamento superficial do esqueuomorfo –textura, decoración…– como un elemento clave no proceso comparativo á hora de identificar a técnica de elaboración ou a fonte dos materiais para determinar a natureza dos prototipos da forma imitada. Pon como exemplo os traballos desenrolados sobre cerámicas do leste de Norteamérica mediante a recollida de moldes das texturas superficiais para investigar os materiais –téxtiles, cestos…– que os oleiros usan para facer as impresións na superficie das olas. Con este proceso identifícanse patróns derivados de contedores elaborados con materias orgánicos e que fan referencia a prototipos non cerámicos. Outras superficies poden ser esquemáticos de cabazas ou as súas sementes, recipientes de madeira, de coiro… Este autor fala da importancia da combinación do estudo do tratamento superficial coa forma das vasillas que levan tamén ao prototipo –bolsas téxtiles, cabazas…– (Blitz 2015: 667-668).

Outros autores, principalmente M. Vickers (Gill, Vickers 1989, 1990, 1995; Vickers 1983, 1985, 1986, 1989, 1992, 1994, 1995, 1996a, 1996b, 1997, 1998, 2000, 2002a, 2002b, 2011; Vickers *et al.* 1986; Vickers, Gill 1994), consideran a cor coma un elemento fundamental no estudo da posible orixe metálica das formas e decoracións cerámicas.

M. Vickers e D. W. Gill (1989, 1990, 1994, 1995) estudan as cores presentes en cerámicas gregas tanto de figuras negras como de figuras vermellas na procura das orixes dos modelos. Estes autores, sobre todo na súa coñecida obra *Artful crafts* (Vickers, Gill 1994), albiscan a posible orixe destas cerámicas en vasillas de prata decoradas con figuras de ouro para as cerámicas de figuras vermellas, vasillas de bronce decoradas con figuras de prata para as vasillas de figuras negras, e vasillas de marfil nas cerámicas con superficies máis brancas. Asemade cren ver nos detalles de cor púrpura que amosan algunhas cerámicas en puntos moi concretos das vasillas como reminiscencias do bronce ou o cobre. Pola súa parte, M. Vickers segue abondando nas posibilidades dos estudios da cor para a identificación da inspiración de vasillas de vidro e/ou cerámica cos seus prototipos en vasillas de marfil (Vickers 1995) ou pedras semipreciosas (Vickers 1998) coma o cristal de rocha (Vickers 1996, 1998).

Por outro lado, T. J. McCoullough (2014) propón que os esqueuomorfos poden empregarse para medir tanto o valor coma a intención da copia e entresacar a partir del o valor do prototipo orixinal, non só económico, senón o que ten para a persoa que fai ou encarga esa imitación. Para esta estudosa calquera clase de esqueuomorfo pode ocorrer en calquera momento, posto que estes obxectos non se limitan a áreas xeográficas ou períodos cronolóxicos específicos. Asemade, afirma que o proceso de emulación pode considerarse coma o responsable dalgunhas características e comportamentos idiosincráticos dos esqueuomorfos (McCoullough 2014: 70-71). Xa que os esqueuomorfos son creados para emular, imitar ou evocar outros obxectos, como copias, poden axudar a dilucidar que actores sociais fan uso deles –probablemente aqueles que non teñen acceso aos orixinais– e cales son os obxectos suxeitos a imitación –seguramente obxectos valor intrínseco e/ou social para a comunidade emuladora– (McCoullough 2014: 70-71).

Por último, é preciso advertir que as diferentes interpretacións que se teñen feito destes obxectos soen percibir os esqueuomorfos como obxectos de escasa relevancia social, polo que non se poden considerar as imitacións como obxectos significativos en estratexias económicas ou na adopción de novas tecnoloxías nunha sociedade dada (McCoullough 2014). Do mesmo xeito, a ampla gama de funcións que

se lle teñen atribuído aos esqueuomorfos fai pensar que os esqueuomorfos non expresan nin incorporan un significado único, senón un conxunto deles (Frieman 2010a: 34). Por elo, T. J. McCoullough (2014) cre que un dos obstáculos de traballar con esqueuomorfos é clasificar as diferentes interpretacións que se teñen dado deles, establecer unha definición máis universal que explique mellor o carácter, o valor, o propósito, os roles… destes obxectos en contextos moi variados no intento de avaliar o grao de precisión das imitacións con respecto ao orixinal para poder reconstruír uns prototipos perdidos ou infrarrepresentados nun rexistro arqueolóxico que é, por natureza, incompleto (McCoullough 2014: 17-19).

2.2.2. Esqueuomorfismo: conceptos clave

2.2.2.1. Prototipo e copia/imitación

Os primeiros conceptos nos que se debe abondar é no de prototipo e no de copia/imitación e tódolos seu derivados. Así, un **prototipo** é o obxecto que se emprega como **"modelo"** á hora de facer unha copia, é dicir, calquera obxecto considerado digno de se copiado. Así pois, a **copia/imitación** é o obxecto que reproduce o prototipo orixinal. A relación directa entre prototipo e imitación pode ser unicamente morfolóxica, o que non explica a súa función nin as causas que fan desexar a copia dunha peza concreta nunha rexión dada. Para relacionalos entre eles hai que ter en conta que, habitualmente, trátase de tecnoloxías moi dispares que requiren unha comunicación exitosa tanto do coñecemento tecnolóxico como das ideas, tamén dos valores sociais ou da experiencia para que o proceso de copia se leve a cabo correctamente. Habitualmente, a relación entre orixinal e copia enténdense coma o produto do conservadorismo cultural, dado que combinan materias primas e técnicas tradicionais con novas materias primas e técnicas de produción, polo que reviste vital importancia non só o estudo das semellanzas entrambos, senón tamén das diferenzas entre os obxectos relacionados para diferenciar entre ámbolos dous (Frieman 2012a: 125-130).

No que ás imitacións se refire, Knappett (2002: 111-115) diferenza entre **dous tipos de imitacións esqueuomórficas**: as enganosas e as honestas. Así pois, para el os **esqueuomorfos honestos** amosan o

material real co que foi elaborado, é dicir, que existe unha relación directa e estreita entre a fonte de inspiración ou en relación co molde no que se produce, que deixa pegadas na arxila que non son borradas –caso dos cestos, por exemplo–, o que implica unha conexión tecnolóxica directa entre o molde e o barro. Porén, os **esqueuomorfos enganosos** intentan borrar da copia as orixes da mesma –caso dos botóns plásticos que imitan remaches, por exemplo.

T. J. McCoullough (2014: 36) diferenza entre **catro tipos de copia** e/ou **imitación**: case exactas ou conservacionistas, híbridas e derivadas ou adaptadas (Fig. 4) (McCoullough 2014: 87-91):

a) **Copias conservacionistas:** representan tódolos detalles estruturais, decorativos… do prototipo orixinal e son pouco propensas a cambiar co tempo e cos procesos de reduplicación, pois son máis fieis ao deseño orixinal do prototipo ao longo do tempo.

b) **Copias híbridas** resultan da imitación repetida, na que moitas veces o orixinal non se coñece directamente, polo que remata sendo o esqueuomorfo o que se copia, o que fai que se terxiverse o deseño orixinal, do que derivan copias que só amosan, con variacións, algunhas das características do modelo primixenio. Esta autora identifica as copias híbridas coas pezas con influencias foráneas que na literatura arqueolóxica se etiquetan coma helenizantes, orientalizantes, arcaizantes… termos que reflicten as características estranxeiras que entraron na cultura local e que se incorporan nas copias.

c) **Derivacións** representan as últimas etapas de reprodución e son as copias menos exactas.

d) **Adaptacións:** poden ser de dúas clases, segundo a proximidade formal que teñan con respecto ao modelo orixinal. Representan a aceptación e difusión dos prototipos foráneos dentro dunha comunidade como unha etapa máis do ciclo de emulación e imitación (Fig. 4):

d.1) Adaptacións próximas: son as copias máis precisas con respecto ao prototipo, é dicir, réplicas con pequenas variacións con respecto ao orixinal, coma un caldeiro de remaches copiado en arxila con tódolos detalles estruturais, representados con escasas modificacións, incluídos os remaches que na copia carecen de funcionalidade. Enténdese que son os mellores esquemáticos para reconstruír a aparencia de prototipos que non se conservan. Por orde cronolóxica é posible que sexan os máis temperáns. Seméllanse aos seus prototipos pero teñen características que cambian o modelo orixinal para adaptarse á estética da cultura que introduce as modificacións.

d.2) Adaptacións distantes: son copias menos precisas ás que se lle engaden algúns atributos novos e/ou alleos ao prototipo (motivos e/ou esquemas decorativos, detalles estruturais…) procedentes de tradicións locais (Frieman 2012a: 118), o que trae coma resultado un obxecto moi diferente –tal é o caso das vasillas castrexas que incorporan asas de crátera de columnas á súa composición orixinal, no que constitúe a adaptación dun prototipo mediterráneo ás tradicións locais, por exemplo. As variacións formais introducidas nas copias adaptadas pasan a formar parte do repertorio artístico local, dando como resultado un estilo híbrido que é novo e diferente da tradición anterior (Sanabria 2013: 185), e que, á vez, implica unha evolución das formas locais a causa da entrada de elementos foráneos que acaban sendo adoptados polo repertorio formal local.

Outro tipo de imitacións que diferencian varios autores (Angenot 2017; McCoullough 2014; Reeves 2003) son as **falsificacións**. Estas son pezas que se fan coa intención de enganar ao consumidor (Angenot 2017: 411-412) mediante o emprego dun material e unhas técnicas de fabricación no proceso de copia moi semellantes ás do prototipo. Son

imitacións moi próximas ao prototipo (Reeves 2003: 253-254) e son fabricados por artesáns diferentes. Son copias enganosas, xa que pretenden usurpar o status/valor do orixinal e son usados por propietarios de diferente status e entran en competencia directa cos orixinais (McCoullough 2014: 45-46, 51-64, 86-92). No extremo contrario están as **réplicas**, que son copias que sen fabrican en materiais moi diferentes ao orixinal, habitualmente máis baratos e/ou sinxelos de conseguir, as técnicas de elaboración son completamente opostas, comparten o aspecto externo e os atributos dos prototipos, teñan estes funcionalidade ou non na copia final –caso dos botóns de arxila que representan remaches– (McCoullough 2014: 84-86).

Na mesma liña, L. C. Reeves (2003: 253-254) clasifica os esqueuomorfos en tres grupos tendo en conta o grao de semellanza que gardan cos prototipos: copias case indistinguibles dos prototipos, comparables ás falsificacións porque teñen intención enganar ao observador; imitacións, máis distantes cos prototipos creadas como substitutos de pezas de alto valor que emulan os modos das elites; e alusións vagas ao metal, representan unha mellora do valor por referencia ao recipiente orixinal (Reeves 2003: 253-254).

Por outra banda, T. J. McCoullough (2014) diferencia entre esqueuomorfos preservacionais ou conservacionais e esqueuomorfos aspiracionais. Os primeiros pretenden reflectir aspectos do pasado ou evocan algunha calidade asociada coas tecnoloxías e métodos tradicionais e algúns están elaborados en materiais de maior valor intrínseco cá os dos prototipos. Os esqueuomorfos preservacionais funcionan como símbolos das elite, posto que non tódalas persoas teñen acceso a eles. Os **esqueuomorfos aspiracionais** incorporan elemento iguais aos orixinais e son a materialización de obxectos desexables, non teñen porque ser intrinsecamente valiosos e animan á concorrencia de individuos menor status no mesmo sistema de status da elite, que mantén o control sobre os bens de luxo e tenden a ser reproducións menos custosas cun aspecto moi semellante ao orixinal (McCoullough 2014: 53-56). Na mesma liña, están os **esqueuomorfos de inspiración**, son os máis comúns e non son máis ca imitacións de bens e obxectos cun alto status imbuídos de prestixio a través asociación cos usuarios destes materiais e/ou por connotacións intrínsecas.

Pola súa banda, N. Zimmerman (2008 en McCoullough 2014: 32-33) identifica **dous tipos de copias**: imitación e emulación. A **imitación** é un intento de copiar un orixinal pero con modificacións que fan que cambie o significado primixenio e é a clase de copia que amosa os detalles máis precisos de calquera tipo de esqueuomorfo con respecto do orixinal. A **emulación** transforma máis profundamente o orixinal, non son copias fieis, amosan só algúns trazos do prototipo que axuden a recoñecelo e prodúcense en ambientes competencia entre grupos de artesáns mediante a difusión de ideas, é dicir, son o resultado dun intercambio mutuo entre artesáns que traballan en diferentes medios (Zimmerman 2008 en McCoullough 2014: 32-33).

2.2.2.2. Signo, icona, índice, símbolo e axencia

C. Knappett (2002) nun traballo no que mestura unha terminoloxía puramente arqueolóxica e/ou antropolóxica, na procura de facer máis entendible o fenómeno esqueuomórfico, introduce os termos signo, icona, índice e símbolo, que toma emprestados da relativamente recente adopción do termo esqueuomorfo no mundo tecnolóxico (Knappett 2005: 85-100). Emprega os termos tendo en conta o tipo de relación que se establece entre o orixinal e a súa copia, que pode ser causal ou casual –a copia non a elabora o artesán de xeito consciente, senón que se deriva do proceso de fabricación– e/ou intencional –copia consciente e directa dunha peza, polo que mantén unha estreita relación co prototipo– (Knappett 2005: 85-100). Da antropoloxía toma o concepto de **axencia**, pois pensa que os obxectos poden influír nas persoas e, polo tanto, na estrutura social. É dicir, os produtos de luxo fíltranse por osmose cara individuos cun status social máis baixo de xeito independente, individuos que deben estar satisfeitos cunha copia non xenuína de bens de maior valor (Knappett 2002: 97-101, 114-115; McCoullough 2014: 23-31, 40, 60-61). Define estes termos como:

a) **Icona:** trátase dunha imitación do modelo prototipo mediante a duplicación dalgún aspecto visual do mesmo (Blitz 2015: 665-666) e teñen a mesma aparencia física cá o orixinal (McCoullough 2014: 40-41). Serven para universalizar a comprensión e o uso do obxecto mediante a copia da forma ou da textura, para que funcione como nexo de unión entre os vasos cerámicos e os non cerámicos que

están en contacto coa arxila durante a súa produción (Blitz 2015: 665-666; Wengrow 2001: 182). A icona baséase nunha semellanza percibida (visual ou auditiva) entre obxectos (Knappett 2002: 102).

b) Signo: son esqueuomorfos que amosan características do prototipo, compartindo o mesmo aspecto cá el. Os signos baséanse en indicios de imitación que son simbólicos ou non prácticos no esqueuomorfo –un botón cónico en arxila respecto dun remache de bronce, por exemplo. Estes atributos carecen de utilidade pero son similares visualmente aos orixinais (Knappett 2005: 101).

c) Índice: transmite o significado do prototipo pero pode ser meramente causal o que implica a existencia de diferentes categorías dentro desta clase de esqueuomorfo que convive espacial e temporalmente co orixinal (Knappett 2005: 102). Un índice é causado polo obxecto ao que se refire, o que fai preciso que exista unha continuidade espacial e temporal (Knappett 2002: 102).

d) Símbolo: non son máis cá unha convención formal que remite a unha determinada situación social, política, económica, cultual… (Knappett 2005: 103).

2.2.2.3. Compatibilidade, transmisibilidade, innovación, desexo e dilución

Outro termo importante, relacionado coa aceptación de novos materiais, novas técnicas e/ou importacións, é o de **compatibilidade**. Esta verba fai referencia ao grao en que unha innovación pode ser paralela ou mellorar un trazo presente previamente na sociedade receptora. Isto implica que, canto maior sexa o grao de compatibilidade, menor é o esforzo necesario para a integración dunha innovación, posto que substitúe ou complementa ao material empregado con anterioridade á súa chegada (McCoullough 2014: 79-80). Outro concepto importante é o de **transmisibilidade**, termo que se refire á facilidade coa que un obxecto ou unha idea se transmiten e/ou comunican dunha cultura a

outra. Os obxectos, como representación material dunha idea, enténdense máis facilmente (McCoullough 2014: 79-80).

O concepto de **innovación** (Frieman 2010a, 2012a; McCoullough 2014) tamén é importante, posto que moitas das copias son identificadas en períodos de cambio tecnolóxico e/ou material (Frieman 2010a: 1-2) como xeito de comprender mellor novos materiais e/ou técnicas novidosas. Tamén é preciso recalcar que os propios esqueuomorfos son, en si mesmos, innovacións, creacións intencionais que estimulan o cambio nun momento e nun lugar determinados e axudan á comprensión doutras tecnoloxías e materiais (McCoullough 2014: 65-66).

No desenrolo da produción dos esqueuomorfos é importante a existencia de **desexo**, é dicir, para que un obxecto sexa imitado é preciso que ese obxecto sexa desexado, posto que o desexo debe preceder ás demais accións para que se inicie o restante proceso de imitación e/ou emulación (McCoullough 2014: 39-40).

O proceso de **dilución** enténdese coma un conxunto de características, alleas ou familiares –motivos decorativos, formas…–, introducidas polos prototipos que se dilúen a causa da súa alteración, mestura e/ou apareamento coas tradicións preexistentes (McCoullough 2014: 89-90).

2.2.2.4. Metáfora

Algúns autores introducen o termo **metáfora** no seu intento de comprender o esqueuomorfismo (Blitz 2015: 665-666), entendéndoa coma unha compoñente de razoamento que conecta os prototipos orixinais e a copia esqueuomórfica como metáforas sólidas (Blitz 2015). J. H Blitz (2015) entende que:

> *«[…] Esta calidade metafórica dos esqueuomorfos […] foi instrumental no cambio tecnolóxico que facilita a aceptación de innovacións novas e alleas. […] Os esqueuomorfos son*

> *metáforas "sólidas" que representan conceptos en forma física a través da forma, a textura e a cor […]»*[16] (Blitz 2015: 665-666).

Para C. Frieman (2010a: 27-31) entender as metáforas nun contexto arqueolóxico require comprender as técnicas de produción, pois ten en conta que toda imitación é inherente a estas técnicas de produción –análogas ou diferentes. Os esqueuomorfos funcionan como **metáforas materiais**, é dicir, son a representación física a través da "cita" da forma e/ou estilo do orixinal, incorporando información propia e mantendo unha relación de reciprocidade coa proporcionada polo prototipo (Frieman 2010a: 27-31) e suxiren que os esqueuomorfos actúan como obxectos mimeticamente poderosos (Knappett 2002: 110-112). Para facer comprender estas metáforas materiais empréganse formas ou materiais comúns a moitas persoas para presentar formas complexas e mensaxes determinados mediante elementos entendibles no seo dun grupo específico. As semellanzas e diferenzas na forma suxiren que aspectos do orixinal se poden ver no esqueuomorfo, as pegadas do proceso produtivo e as eleccións tomadas nel permiten ver os seus procesos de creación. As metáforas materiais forman parte dunha dialéctica cultural que recrea os valores sociais establecidos, mantén a coherencia social e as estruturas de crenzas, que non son visibles arqueoloxicamente, e serven como instrumentos para crear un coñecementos culturais específicos e novas conexións entre os diferentes elementos (Frieman 2010a: 27-31).

Na mesma liña, os esqueuomorfos poden entenderse como **metáforas visuais**, posto que interpretan os mesmos roles cá os seus prototipos, asumen o papel de substitutos dos orixinais e actúan como os seus representantes pola súa dobre natureza de **obxecto simbólico**, capaz de actuar sobre outros obxectos; e **obxecto material**, que amosa atributos que remiten á estrutura formal do prototipo, introducindo elementos estruturais que prexudican o funcionamento práctico da imitación como consecuencia da elaboración dos esqueuomorfos en materiais moi diferentes dos orixinais, chegando incluso a perder o seu carácter funcional (McCoullough 2014: 49-50).

[16] Tradución propia de: *«[…] This metaphorical quality of skeuomorphism […] facilitates the adoption of new and unfamiliar innovations […] Skeuomorphs are "solid" metaphors that represent concepts in physical form via shape, texture, and color […]»* (Blitz 2015: 665-666).

2.2.2.5. Mimese

Mimese é un termo tomado da literatura clásica que se emprega para aludir ao poder que o obxecto copiado comparte, ou toma, do obxecto que representa e semella que a aparencia do obxecto mimético non é necesariamente esencial, senón que o fundamental é o tacto ou a suxestión do que é importante para establecer o poder da copia (Knappett 2002: 110-112). O poder de mimetismo intrínseco ao esqueuomorfo móvese entre o que é verdadeiro e o que é falso, os distintos significados para persoas diferentes como consecuencia do material empregado na súa fabricación, as técnicas de produción ou a decoración.

Asemade, a mimese remite a **dous significados diferentes**: o do esqueuomorfo e o do prototipo (Frieman 2010a: 31-33), o que implica que a imitación ten a capacidade de influír na percepción da realidade, o que na cultura material se reflicte nos artefactos, que inflúen na resposta das persoas cara eles xa que os atributos físicos dos obxectos codifican sinais que buscan as repostas emocionais dos individuos (Blitz 2015: 668-669).

2.2.2.6. Obxectos de fronteira

É un concepto empregando ha literatura arqueolóxica para tratar de comprender a introdución e aceptación de tecnoloxías e materiais novidosos ou bens estranxeiros (Wengrow 2001; Hurcombe 2008; Frieman 2010a, 2010b, 2012a, 2012b; Gošić 2015). Estes **obxectos de fronteira** actúan como áncoras e/ou pontes de acceso a obxectos significativos (Frieman 2010a: 33-35). O esqueuomorfismo estúdase fundamentalmente en traballos que abondan en momentos de transición tecnolóxica como a introdución da cerámica no Neolítico, imitando cestos (Wengrow 2001; Hurcombe 2008), o paso de ferramentas de pedra a ferramentas de metal (Gošić 2015) ou viceversa (Frieman 2010a, 2010b, 2012a, 2010b).

Ao mesmo tempo, fabricar, adoptar ou rexeitar novos obxectos, tecnoloxías, prácticas e/ou ideas leva aparellado o desenvolvemento de diferentes significados, comunicando mensaxes tecnolóxicas e sociais para aumentar a comprensión social durante o proceso de adopción das

innovacións. As imitacións empréganse como vehículos que comunican información socialmente importante en fases de cambio tecnolóxico e social, nas que interpretan un papel importante e necesario na adopción de novos obxectos, tecnoloxías e/ou materiais nunha sociedade dada (Frieman 2012a: 33-35). Os obxectos de fronteira son relevantes no proceso de emulación e imitación a través da expansión das copias a través do espazo e do tempo, non só reproducindo o obxecto físico senón que tamén se imitan ideas e axudan a comunicalas. Os obxectos de fronteira empréganse como medio para comprender e mediar entre antigas e novas tecnoloxías, facendo que a nova resulte familiar para o usuario e facilitando con elo o seu uso (McCoullough 2014: 35-37).

Os obxectos de fronteira son esqueuomorfos que inclúen elementos que carecen de función práctica, polo que estes atributos enténdense como un símbolo. O propósito destes artefactos é demostrar que os artesáns adquiren a habilidade de transformar o mundo material e reproducir tódalas redes sociais relevantes de símbolos nun novo medio, o que fai posible que algúns obxectos novos sexan poderosos polo seu parecido cos preexistentes. Ao producir a copia os artesáns inclúen o repertorio anterior de obxectos no novo, producindo unha forma familiar mediante unha nova técnica e nunha nova materia prima, sendo o novo obxecto o mesmo artefacto feito nun material diferente. A variedade de formas esqueuomórficas demostra que o seu papel era presentar a novas técnicas a través destes artefactos enraizados na tradición cultural na que se producen e axudan a socializar as innovacións (Gošić 2015: 729-731). Así pois, vólvense esenciais para abordar a socialización de obxectos e tecnoloxías novos, posto que ocupan mundos sociais que se cruzan, cuxo o significado pode variar e outórgaselles a capacidade de traducir o diálogo entre dous mundos. Isto é o que M. Gošić (2015) chama **socialización da tecnoloxía**, proceso que engloba as fases de integración desa nova tecnoloxía nunha sociedade, posto que é preciso que transcorra un tempo antes de que unha innovación se xeneralice, pero estes procesos sociais seguen sendo difíciles de recoñecer arqueoloxicamente (Gošić 2015: 729-731).

Así pois, os obxectos de fronteira abranguen elementos que forman pontes, tanxibles ou non, entre grupos de persoas con obxectivos, coñecementos e valores diferentes. Cada material é produto de prácticas, tecnoloxías e crenzas locais e influencias foráneas, o que

permite a entrada de ideas e prácticas estranxeiras nos sistemas de valores locais. Empréganse na adopción de novas tecnoloxías como consecuencia do escaso coñecemento das propiedades mecánicas do novo material, polo que a achega dos obxectos a materiais máis comúns é imprescindible durante o proceso de aprendizaxe (Frieman 2012a: 13-14). Para C. Frieman (2012a: 9-10):

> *«[…] Tratar o esqueuomorfismo como produto da evolución tecnolóxica esíxenos como arqueólogos facer dous supostos perigosos: primeiro, que os valores que atribuímos á cultura material –os que consideramos máis ou menos avanzados– foron compartidos por persoas no pasado antigo; e, en segundo lugar, que tamén compartiron a nosa visión descendente da tecnoloxía na que novas ferramentas de funcións superiores estaban no horizonte listas para ser incorporadas á sociedade e utilizadas con preferencia aos conxuntos de ferramentas tradicionais.»*[17] (Frieman 2010a: 22).

Para T. J. McCoullough (2014) a consideración dos esqueuomorfos como obxectos de fronteira poden axudar a unha mellor comprensión do uso dun obxecto, máis cá ao da innovación. Moitos esqueuomorfos conviven cos prototipos, asumindo probablemente novos usos e significados sociais enraizados na relación entre prototipo e imitación, polo que esta autora prefire ver os obxectos de fronteira cun carácter máis utilitario cá innovador (McCoullough 2014: 26-27). Esta teoría é apoiada por outros traballos (Blitz 2015) que consideran que o esqueuomorfismo é clave nos procesos de cambio tecnolóxico –é dicir, actúa como áncora– posto que **as** copias refírense a obxectos cun valor recoñecido mediante a transferencia de atributos identificables do prototipo á nova copia. Isto permite asignar un obxecto novo a unha categoría cultural preexistente e axuda a comprendelo usando a analoxía, o que deriva na inclinación favorable dun individuo cara a un obxecto novo introducindo trazos familiares que evocan unha memoria colectiva ou social importante (Blitz 2015: 672-674). Polo tanto, os esqueuomorfos poden actuar como obxectos de fronteira como a

[17] Tradución propia de: *«[…] Treating skeuomorphism as a product of technological evolution requires us as archaeologists to make two dangerous assumptions: first, that the values we attach to material culture—the things we see as more or less advanced—were shared by people in the ancient past; and, second, that they also shared our top-down view of technology in which new, higher functioning tools were on the horizon ready to be incorporated into society and used in preference to traditional toolkits. […]»* (Frieman 2010a: 22)

materialización dun concepto de identidade compartido a través dun referente común (Frieman 2012a: 9-10).

2.2.2.7. Maxia simpática

A **maxia simpática** refírese a que a imitación dun obxecto implica unha certa "transferencia" de poder do orixinal á copia, dándolle o poder de competir co orixinal. É dicir, dáselle á copia a capacidade de actuar sobre o orixinal, posto que un obxecto só precisa compartir propiedades visuais semellantes co prototipo para que funcione no seu lugar. E outórgalles aos esqueuomorfos o papel de "ferramentas competitivas" que afectan ao diálogo entre diferentes grupos sociais.

Asemade, pode considerarse que os esqueuomorfos creáronse coa intención de subverter o control das elites. Os prototipos forman parte da identidade e status destas elites, polo que a produción de imitacións destinadas a ser usadas por persoas de menor status subverte o control das elite reducindo a exclusividade e o status dos orixinais substituíndoos polas súas copias nunha sorte de "democratización" dos obxectos de valor (Knappett 2002: 111).

2.2.2.8. Función, propósito, uso e utilidade

O concepto de **función** é un dos máis relevantes no proceso de traballo con esqueuomorfos e debe entenderse como produto dun único tecnocomplexo[18], dentro do conxunto da panoplia material na que se fabrican, nunca illadamente, posto que as diferentes esferas produtivas conviven no espazo e no tempo e inflúense mutuamente. Non obstante, hai que deixar claro que as teorías expostas na literatura arqueolóxica con respecto á función destes obxectos, dependen bastante da rexión e do período de tempo no que se encadren os esqueuomorfos (McCoullough 2014: 40-41). Habitualmente, a función das copias presentes no rexistro arqueolóxico é atribuída por paralelismo cos seus presuntos prototipos (Reeves 2003: 18-19). Outros investigadores (Blitz 2015) din que a copia esqueuomorfa pode ou non ter unha función utilitaria, pois a función do prototipo ou dalgún dos seus

[18] Seguindo unha vez máis a Clarke (1984), enténdese un tecnocomplexo coma unha entidade que abrangue dende os ámbitos materiais e/ou artefactuais ao contexto cronocultural e sociopolítico no seo dunha poboación determinada (Clarke 1984: 293-324, 445)

atributos pode cambiar, chegando a perder funcionalidade coa copia sucesiva (Blitz 2015: 665).. Nesta liña, para Knappett (2005) os esqueuomorfos toman prestada a función do prototipo e actúan coma substituto do mesmo (Knappett 2005: 89), polo que, en principio, compren a mesma función cá os orixinais e nacen para cumprir os mesmos propósitos cá eles (McCoullough 2014: 46).

A idea base é que os esqueuomorfos son creados de xeito intencional para o seu uso nun contexto de competitividade entre grupos sociais. É dicir: o **propósito** dos esqueuomorfos é reforzar e/ou menoscabar a xerarquía social existente ou como competencia entre artesáns (Knappett 2005: 147-148; Reeves 2003). Porén, que os esqueuomorfos participen en esquemas competitivos non quere dicir que todos eles estean destinados a fins competitivos (McCoullough 2014: 28). Os esqueuomorfos teñen roles e funcións parellas ás dos prototipos, pero non posúen o mesmo valor nin son usados polos mesmos grupos sociais, pero si pasan a representar aos orixinais e actúan no seu nome en diferentes contextos (McCoullough 2014: 17).

O termo función ten en conta a configuración do obxecto e a intención de uso coa que se crea, polo que a función pode cambiar cos contextos e cos obxectivos dos usuarios e está condicionada pola súa estrutura, materia prima e posibilidades de emprego. Dentro do seu contexto funcional interpretan roles similares aos dos modelos orixinais e úsanse de xeito similar con fins análogos. As imitacións créanse cunha función preconcibida, pero o seu uso depende da intención do individuo que se relaciona con el. Isto leva a que, en ocasións, se adapten os obxectos foráneos aos usos e costumes locais en resposta á súa introdución. Que o uso que se lle dá a un artefacto non sexa o mesmo para o que foi concibido –función– depende da utilidade percibida da sociedade con respecto a el, polo que a utilidade percibida polo usuario e a función prevista para o obxecto ou idea na cultura na que se orixinan non coinciden necesariamente (McCoullough 2014: 26; Rodríguez Nóvoa 2014a).

2.2.2.9. Valor

O último concepto clave é o de **valor**. O valor dos esqueuomorfos é un tema controvertido na bibliografía arqueolóxica, foi abordado de

diferentes xeitos e dende distintas perspectivas. Pode referirse tanto ao **valor real do prototipo**, coma ao **valor da copia** ou ao **valor social e/ou cultural** de ámbolos dous elementos. Por elo, C. Frieman (2012a) ve preciso advertir de que moi a miúdo o valor das copias apóiase en sistemas contemporáneos de valoración de materiais e nunha visión incompleta e unidireccional ou limitada dos procesos de interacción tecnolóxica ou cunha mostra material reducida. Non obstante, na procura dunha explicación convincente para xustificar a presenza do esqueuomorfismo no rexistro arqueolóxico, algúns autores tenden a darlles aos materiais menos valiosos un maior valor económico do que realmente posúen (Frieman 2012a: 10-11). Isto pode ser consecuencia da definición "clásica" que ve os esqueuomorfos como copias de materiais de prestixio elaboradas en materiais máis económicos e de máis sinxela obtención (Angenot 2017; Aulsebrook 2018; Blitz 2015; Cisneros *et al.* 2014, 2017b; Frieman 2010b, 2012a; McCoullough 2014; Gheorghiu 1998, 2012; Kastholm 2015; Knappett 2002; Löbbing 2015; Manzo 2003; O'Hara 2012; Sanavia 2013; Vickers, Gill 1994; Walsh 2014; Wengrow 2001).

Esta idea, defendida principalmente por M. Vickers (Gill, Vickers 1989, 1990, 1995; Vickers 1983, 1985, 1986, 1989, 1992, 1994, 1995, 1996a, 1996b, 1997, 1998, 2000, 2002a, 2002b, 2011; Vickers *et al.* 1986; Vickers, Gill 1994), baséase na **xerarquía de materiais** aportada polas fontes clásicas (Vickers, Gill 1994: 1-32). M. Vickers e D. W. Gill (Vickers, Gill 1994: 1-32), nun intento por identificar a influencia das vasillas metálicas na cerámica ática argumentan que algunhas características morfolóxico-formais –fundamentalmente a cor e algúns elementos formais illados– das vasillas semellan recipientes de chapa metálica. Trátase de obter copias máis baratas de obxectos caros e de alto status destinadas a satisfacer a demanda de diferentes sectores sociais (Angenot 2017; Aulsebrook 2018; Blitz 2015; Cisneros *et al.* 2014, 2017b; McCoullough 2014; Gill, Vickers 1994, 1995; Kastholm 2015; Knappett 2002; Löbbing 2015; Manzo 2003; O'Hara 2012; Sanavia 2013; Vickers 2002a, 2002b; Vickers *et al.* 1986; Walsh 2014; Wengrow 2001).

Así pois, nun extremo do esquema de produción de esqueuomorfos, está esta teoría que se basea na incorporación e adaptación de elementos vinculados a tecnoloxías máis avanzadas ou valiosas en materiais máis

baratos cá os orixinais nun intento por aumentar o valor intrínseco do obxecto (Frieman 2010a: 22-24), o que se ten definido como **valor agregado** como consecuencia do seu funcionamento como meros substitutos de obxectos valiosos (McCoullough 2014: 22-26). No outro extremo, atópanse os escasos exemplos que reflicten a existencia de imitacións realizadas en materias primas cun **maior valor** intrínseco cá o do prototipo orixinal –copias de cunchas en marfil (Conneller 2013) ou en ouro (Gheorghiu 2012) ou ferramentas líticas en bronce (Gošić 2015), por exemplo.

Por outro lado, os obxectos deben representar o **valor intrínseco** que posúen, xa que a sociedade que emula é a que decide que obxectos ou características merecen ser reproducidas, dando lugar a distintas variantes de esqueuomorfos en diferentes lugares e contextos. Estes esqueuomorfos poden proporcionar información sobre os sistemas de valores e son o reflexo de decisións específicas no cultural na Pre- e Protohistoria (Blitz 2015: 665-666). Os esqueuomorfos, como representantes das elites, teñen a capacidade de consolidar o poder dentro dun grupo, posto que a imitacións son o vehículo de subida dos individuos de menor status –que dan lugar aos esqueuomorfos aspiracionais. Os artefactos que se emulan son os que a sociedade percibe coma de alto valor –que dan lugar aos esqueuomorfos de inspiración. Polo tanto, o valor das imitacións derívase do **prestixio percibido** pola sociedade de orixe e polo prestixio do grupo social que adopta o prototipo, actuando como canle de transmisión das innovacións entre os diferentes membros da sociedade. Así pois, canto maior é o prestixio do grupo que produce e/ou adopta a innovación, as posibilidades de que o grupo receptor a acepte aumentan (McCoullough 2014: 28-30).

Por outra banda, C. Conneller (2013), nun intento por identificar esqueuomorfos no Paleolítico Superior, fala das cunchas coma o material orixinal desexado para fabricar doas e son comúns nas imitacións esqueuomórficas deste momento xunto cos dentes de animais. As pezas dentais, obtidas da caza, necesitan uns cambios mínimos para empregalos como doas, namentres que os tallados requiren un maior esforzo. Imbuír de valor intrínseco ás pezas, en ocasións, require transportar materias primas a longas distancias –caso dos dentes de mamut como material común para fabricar

esqueuomorfos–, o que incrementa os custos de produción. Por elo, a imitación resultante é de maior valor cá o orixinal copiado (Conneller 2013: 125-127, 131-132; Gheorghiu 2012: 288-291).

O valor pode non ser só económico senón que os esqueuomorfos tamén pode posuír valores sociais. Os esqueuomorfos crean un novo valor de desempeño social por asociación cos orixinais, coma mecanismo de creación dunha determinada escala de valores en momentos de cambio tecnolóxico como medio de transmisión das diferenciacións sociais (Blitz 2015; Conneller 2013; Frieman 2010a, 2012a; Gošić 2015). Para C. Knappett (2002) o esqueuomorfismo é un intento de posuír un obxecto valioso e de difícil acceso nunha materia accesible que lle dá un aspecto familiar e de fácil obtención (Knappett 2002: 111). O esqueuomorfismo implica a consumición dun material de valor escaso que reproduce formas propias de artefactos cun alto valor material (Frieman 2012: 116-117).

Este proceso é o que T. Taylor (1999 en Frieman 2010a, 2012a e en MacCoullough 2014) chama **envaluación**. A envaluación é un proceso cultural gradual que permite a aceptación de novos materiais e tecnoloxías nun medio comprensible para os usuarios, introducíndoo dentro do marco estilístico e funcional de materiais xa coñecidos –por exemplo, unha ola cerámica que posúe un aspecto de cesta. Polo tanto, a envaluación expresa o proceso polo cal se imbúe un material novo cun valor cultural específico (Frieman 2010a: 26, 39, 252-253; McCoullough 2014: 65-66, 469). C. Knappett (2002) emprega de novo o termo cando se remite ao valor de obxectos que amosan un valor social importante, fundamentalmente durante períodos de transición tecnolóxica (Conneller 2013; Frieman 2010a, 2010b, 2012a, 2012b; Hurcombe 2008; McCoullough 2014; Wengrow 2001). Mediante este proceso os esqueuomorfos compiten, subverten ou terxiversan o prestixio dos prototipos (McCoullough 2014: 65-66).

2.3. Síntese final: conclusións, definición, liña de traballo e adecuación á Idade do Ferro do Noroeste

Tras a recompilación das tendencias historiográficas e a definición de conceptos clave que se teñen publicado en torno ao esqueuomorfismo para diferentes lugares e períodos, é preciso

recapitular e resumir todo o exposto nun intento por adaptar as propostas obtidas da bibliografía ao estudo de caso proposto para as vasillas cerámicas e metálicas do noroeste peninsular (Seoane 2016). En concreto escóllense as dúas clases de material arriba mencionadas como estudo de caso, posto que os tres exemplos interrelaciónanse entre si na procura da confirmación ou refutación das cuestións formuladas de partida con respecto ao nivel de concordancia que amosan as **sítulas de bronce con decoración xeométrica** a través da súa **comparación coas olas** cerámicas que se teñen proposto coma a as súas substitutas cerámicas (Rey 1996, 1998, 2005a, 2005b, 2011, 2014; Seoane 2017): **as vasillas perladas**.

En primeiro lugar, chama a atención o amplo número de publicacións consagradas á comparación de recipientes metálicos e os seus posibles correlatos cerámicos (Aulsebrook 2018; Gheorghiu 1998, 2012; Manzo 2003; McCoullough 2014; Gill, Vickers 1989, 1995; Sanavia 2013; Trachlser 1965; Vickers 1985, 1986, 1989, 1994, 1995, 1996, 2001, 2011; Vickers *et al.* 1986; Vickers, Gill 1994; Wengrow 2001). Tamén existen traballos que fan referencia ás semellanzas entre vasillas de arxila e metal empregando como guía só o material cerámico (Blanco 2001), ou só o metálico (Correira 2016; Reeves 2003), pero nunca combinados.

Os traballos son abundantes para diferentes cronoloxías e lugares pero non todos seguen a mesma liña de traballo, nin se formulan as mesmas cuestións de partida, nin todos resaltan as mesmas características das cerámicas como medio para recoñecer a "metalidade" na olería antiga. Varios autores, pero sobre todo M. Vickers e D. W. Gill (1994), empregan como base da súa investigación o **estudo das cores das cerámicas** na procura dos recipientes metálicos que serven de prototipo, fundamentalmente no mundo grego. Pese ao innegable interese desta liña de traballo, non é unha tarefa sinxela, tal e como se recoñece noutros traballos (McCoullough 2014) e, polo momento, os estudos de cor son practicamente imposibles para os materiais castrexos, a causa do alto grao de fragmentación das cerámicas manexadas nesta tese. O ideal para realizar este tipo de traballo é contar con vasillas o máis completas posibles e cun escaso ou nulo nivel de alteración superficial, condicións que no mundo castrexo apenas se dan. É escaso o número de pezas que conservan o perfil

completo, e os procesos postdeposicionais inflúen nas superficies das cerámicas, o que fai que sexa practicamente imposible de facer. Moitos dos traballos restantes coinciden en sinalar os elementos dunha peza metálica que se reproducen en arxila deben ser explorados con calma e sempre por partes. Os aspectos que trata cada autor son diversos. Destas propostas recóllense só as que se cre poden trasladarse ao noroeste e que resultan axeitadas á metodoloxía establecida para os materiais castrexos (Seoane 2016) e ás súas características particulares.

Concordo con T. J. McCoullough (2014: 17-100) en que o concepto de esqueuomorfismo debe ampliarse para non enfocarse unicamente en pezas completas, senón que debe darse unha definición que amplíe as súas acepcións que inclúan unha previsión da posible aparición de elementos formais concretos, que poden aparecer illados en pezas cerámicas cuxa aparencia non é completamente metálica pero que poden ter elementos estruturais comúns con recipientes de metal. Isto axuda a establecer diferentes graos de semellanza entre copias e prototipos a distintos niveis (Seoane 2016). Asemade, é importante aprender a identificar os esqueuomorfos no rexistro arqueolóxico castrexo e comprobar se é posible levar a cabo a reconstrución do aspecto xeral das sítulas de bronce coa axuda das súas homólogas cerámicas. E, ao mesmo tempo:

> *«[…] primeiro é preciso determinar a importancia destes obxectos, así como comprender a relación entre os esqueuomorfos e os seus prototipos metálicos. […]»*[19] (McCoullough 2014: 17).

Do mesmo xeito, é posible que se poida trasladar ás vasillas do noroeste peninsular a afirmación de que:

> *«[…] ao buscar "trazos metálicos" nas formas de cerámica, unha debería ser capaz de "reconstruír" a aparencia dos tipos de recipientes metálicos que unha vez existiron e, a partir dos datos extraídos destas formas "metálicas", ser capaces de comprender o papel que estes recipientes de metal (e os seus*

[19] Tradución propia de: *«[…] it was first necessary to determine the significance of these objects as well as understand the relationship between skeuomorphs and their metallic prototypes. […]»* (McCoullough 2014: 17).

> *esqueuomorfos) xogaron na sociedade […]»*[20] (McCoullough 2014: 4).

Na mesma liña, T. J. McCoullough (2014) comenta que algúns elementos propios das vasillas de metal necesarios na súa montaxe –caso dos remaches nos puntos de unión dos diferentes elementos e que son importantes a nivel estrutural– ou propiedades como a maleabilidade do metal que, ao batelo, permite moldealo en múltiples e complexas formas, e a colocación de elementos formais complexos –coma as asas de cinta. As propiedades físicas e mecánicas dos metais permiten que conserven a forma sen deformarse. Estes detalles é posible identificalos en vasillas cerámicas –nas que compren unha misión basicamente decorativa. Son elementos que carecen por completo de funcionalidade práctica –botóns de arxila que imitan remaches nas olas convértense en meros elementos decorativos sen importancia a nivel estrutural– e algúns elementos formais –coma as asas de cinta– de difícil ensamblaxe e que na arxila son febles, chegando a dificultar o emprego do recipiente (McCoullough 2014: 101-104). Para esta autora, as vasillas de cerámica imitan os elementos metálicos a tres niveis: total de características inherentes ao prototipo, incluídas forma, decoración…; algún detalle estrutural, que nas vasillas metálicas teñen unha función práctica e/ou a nivel estrutural pero que nas cerámica carecen completamente dela, converténdose en meros elementos decorativos; ou algún trazo que remite á metalurxia, só a forma, só os motivos, só as técnicas decorativas… e que o máis complicado de imitar son as superficies metálicas, o seu brillo, característica que só se pode reproducir mediante o emprego de engobes, vidriados e brunidos, sos ou combinando varias técnicas (McCoullough 2014: 101-104).

Asemade, segundo J. H. Blitz (2015), é preciso estudar tanto os atributos das formas coma os dos tratamentos superficiais nos esqueuomorfos cerámicos, posto que estes deben remitirnos aos prototipos non cerámicos mediante a comparación e que o esqueuomorfo pode ser unicamente a copia dese tratamento superficial (Blitz 2015: 667). Pero este tipo de traballos dentro do corpus cerámico

[20] Tradución propia de: *«[…] by looking for "metallic traits" on pottery forms, one should be able to "re-construct" the appearance of the types of metal vessels that once existed, and, from the data mined from these "metallic" forms, be able to better understand the role these metal vessels (and their skeuomorphs) played in […] society»* (McCoullough 2014: 4).

castrexo é algo tan esvaradío de interpretar arqueoloxicamente coma os engobes na fabricación das cerámicas.

Tamén se pode intentar traballar con imitacións de vasillas metálicas e cerámicas dende un punto de vista técnico, mediante o rastrexo das pegadas deixadas polos procesos de fabricación durante a montaxe de vasillas cerámicas e metálicas, polas ferramentas, os tratamentos superficiais… na procura dunha analoxía precisa entrámbalas dúas examinando o lugar no que se atopa cada elemento no corpo de cada un dos materiais –coma os cordóns de reforzo nos colos, por exemplo– (McCoullough 2014: 101-104). A precisión e a complexidade e/ou facilidade do proceso de comparación depende moito do estado no que se atopa a evidencia. Nesta liña, o traballo de W. Traschler (1965), ten unha vantaxe con respecto á presente investigación: a convivencia de prototipos metálicos e copias cerámicas en lugares próximos, nas mesmas cronoloxías e dentro das mesmas tradicións culturais. Isto permítelle realizar comparanzas directas entre ambas clases de obxectos para comprobar a precisión coa que se imita o orixinal: só copian a forma, a peza completa, algún detalle… Porén, no noroeste as evidencias son demasiado fragmentarias, polo que a posta en paralelo de cerámicas e metais é moito máis complexa (Seoane 2016).

No que a estas técnicas se refire, é importante facerse cargo de que as sítulas con decoración xeométrica que, moi probablemente, se realizan á cera perdida en moldes de arxila. J. Davey (2009) apoia a teoría da introdución da cera perdida para o Calcolítico do Próximo Oriente –V milenio a.C.– cos inicios da metalurxia do cobre e explica que non necesariamente se emprega para a produción de elementos complexos unicamente e avoga por unha intensa relación entre oleiros e metalúrxicos nunha sociedade vinculada á cerámica (Davey 2009: 147, 152-153).

Na mesma liña, M. Gošić (2015), na súa investigación sobre a introdución da metalurxia no Levante Oriental durante o Calcolítico, rexistra a cera perdida dentro do corpus técnico empregado na metalistería deste momento para fabricar obxectos complexos e moi decorados e outros máis simples, técnica que considera coma "altamente sofisticada e precisa" (Gošić 2015: 725). Pola súa parte, J.

Jiménez (2004) fala da cera perdida para a fabricación de pezas de estilo orientalizante do Bronce Final coma o carro de bronce de Baiões (Jiménez 2004: 4, 13).

A. Fraile (2007), no seu traballo de clasificación de moldes metalúrxicos, indica a proliferación da cera perdida durante o Bronce Final na Península Ibérica (Fraile 2007: 20). A técnica vaise mellorando co paso do tempo e cada vez se emprega máis a miúdo para un maior número de pezas. O emprego da cera perdida na metalurxia castrexa está testemuñada por moldes, moitos dos cales pertencen a armas[21] – puñais de antenas, por exemplo– fíbulas, alfinetes… (Fernández-Posse *et al.* 1993; Romero 1992; Orero 1988; Villa 2004a). Esta técnica de produción metálica parece estar estreitamente relacionada coa produción dalgunhas clases de cerámica presentes no mundo castrexo (Rey 2014; Seoane 2017), este é un dos extremos que se pretende comprobar na presente investigación.

Todo isto redunda no que C. Frieman (2010a, 2012a) afirma para o estudo do esqueuomorfismo, posto que cre que a súa á análise debe tratarse coma unha relación directa e imitativa entre dous materiais de diferente natureza na que é preciso analizar en termos estilísticos, de produción e de uso tanto para as evidencias máis completas coma as máis fragmentarias e tratar de determinar que é o que se está a imitar realmente, resaltando as semellanzas e as diferenzas entre os prototipos e as súas supostas copias esqueuomórficas. Para elo, defende a necesidade de estudar as características dos orixinais e das imitacións dentro do seu contexto social, material e técnico en sentido amplo, a Idade do Ferro do noroeste peninsular no noso caso, nun intento por definir os valores e/ou coñecementos sociais e/ou tecnolóxicos nos que xorde un determinado proceso de imitación (Frieman 2012a: 14-16).

[21] No catálogo de materiais do Museo Arqueolóxico e Histórico de San Antón, do que Ana Martínez -a quen lle estou moi agradecida- me proporcionou unha copia, atópanse múltiples moldes de arxila procedentes de xacementos coma o Castro de Elviña (Elviña, A Coruña), Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña) ou o Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña), entre outros. Noutros museos galegos, portugueses, castelás e/ou asturianos tamén se conservan exemplos de lugares coma Coto do Mosteiro (Carballiño, Ourense), Castro do Chao Samartín (Grandas de Salime, Asturias), La Corona de Corporales (Truchas, León) ou El Castrelín de San Juan de Paluezas (Carracedelo, León).

Tras este breve resumo chega o momento de ofrecer unha definición propia de que é un esqueuomorfo, con base na literatura arqueolóxica anterior e tendo moi en conta as características do material co que se traballa. Para min un esqueuomorfo é unha imitación/ emulación/copia dun artefacto moi característico e/ou específico dunha artesanía concreta que é adoptado/adaptado por unha segunda artesanía allea, que o acomoda ao seu medio mediante a copia dos atributos distintivos dese artefacto, das técnicas de produción, decoración e/ou remate superficial e/ou da súa forma. Non necesariamente se reproduce toda a grama de atributos do artefacto que actúa como prototipo na copia final. Pode ser unha copia "literal" do orixinal, un copia "adaptada" ao medio e técnicas do material no que se elabora a copia ou unicamente "parcial", é dicir, que reflicte só algúns elementos formais e/ou motivos/técnicas/esquemas decorativos do prototipo no modelo esqueuomórfico resultante. As copias asumen tanto o rol social coma o simbólico na sociedade. E, ao igual que propón C. Frieman (2010a, 2012a), entendo que o esqueuomorfismo debe integrarse dentro do contexto amplo no que se produce (Mohen 1992: 11; Renfrew, Bahn 2008: 238-241) –ámbito social, técnico, económico, político, material, cultural…– para chegar a entender correctamente tódalas características inherentes ao proceso de replicación, situalas correctamente tanto no espazo coma no tempo, intentar observar as tendencias que debuxan tanto xeográfica coma temporalmente e poder contrastar as direccións que marcan prototipo e copia, tratando de albiscar as superposicións e/ou coincidencias, pero tamén as diferenzas que debuxan entrámbolos dous en conxunto, ou por separado. Pero sen perder nunca de vista que o rexistro arqueolóxico é, por natureza, incompleto e que, polo tanto, está suxeito á subxectividade e á interpretación d@s arqueólog@s (Clarke 1984: 11-16).

Partindo desta definición proponse unha liña de traballo adaptada tanto aos materiais cos que se traballa coma á fase cronolóxico-cultural na que se encadran. Para levar a cabo a análise hai que ter en conta moitos dos aspectos xa empregados con anterioridade por outr@s autor@s e que son factibles (McCoullough 2014; Reeves 2003; Trachsler 1965) e rexeitar outros que son menos operativos (Vickers, Gill 1994) a causa da imposibilidade que representa o seu tratamento como consecuencia das condicións de conservación e a gran fragmentación que amosa a cultura material castrexa, tanto a cerámica

coma a metálica. Pero tamén intenta ofrecerse algún aspecto novidoso como é a comparación de técnicas de fabricación análogas e/ou compartidas ou, por exemplo, a posible vinculación entre a cera perdida e as vasillas perladas (Rey 2014; Seoane 2017).

2.3.1. Concordancias entre cerámica e metal: propostas

Tendo en conta todo, que a hipótese de partida desta investigación é que, con relativa frecuencia, determinadas formas e/ou técnicas traspasan "esferas" e pasan a fabricarse en arxila artefactos que antes tan só se elaboran en bronce –ou viceversa?–. Na bibliografía insinúase que recipientes coma caldeiros de remaches e/ou sítulas forman parte dun repertorio formal propio dos metais e que son adoptados pola cerámica. Paso que soe explicarse por motivos prácticos e/ou economía. Dase por sentado que se pasa dun material máis custoso e máis difícil de obter como é o metal –o bronce implica a procura de cobre e estaño– a un de uso cotiá e moito máis sinxelo de conseguir, a arxila. Semella que a elaboración destas pezas cerámicas require unha gran destreza por parte do oleiro. Pero, como se observa en liñas precedentes, o emprego de arxila en lugar de bronce non se debe tan só ao intento de "democratizar" elementos de alto valor intrínseco, senón que tamén se trata de difundir a súa importancia social e cultural, razón que aparante estar detrás do fenómeno esqueuomórfico na Cultura Castrexa.

Da exploración bibliográfica da idade do Ferro do noroeste extráense esencialmente propostas de concordancias estéticas, formais e decorativas. As **liñas de estudo básicas** detectadas na literatura arqueolóxica sobre a protohistoria do Noroeste son:

a. Símiles decorativos: é un dos puntos nos que máis se insiste á hora de abordar a comparativa olería-metalurxia (Calo Ramos 1999: 384; Rey 1998: 235-236). Ten que ver cos motivos comúns que amosan vasillas metálicas e cerámicas, así como coa distribución dos mesmos no corpo das pezas.

b. Estéticas ornamentais: tons das pastas e brillos metálicos con superficies brunidas (Calo Ramos 1999: 384; Rey 1996: 168). Neste punto no que se insiste é no remate

superficial da peza mediante brunido, que pule a parede exterior da ola, suavizándoa e deixando que os desengordurantes –micáceos en moitos casos– teñan presenza, o que lle dá un aspecto que visualmente se achega, con moito, á aparencia dos metais.

c. **Asimilacións formais/símiles entre morfotipos:** algúns autores comparan morfoloxicamente vasillas metálicas e cerámicas (Rey 1997: 107-108), ben tendo en conta a forma completa das pezas, ou ben tan só algún elemento formal das mesmas. Neste caso é importante aclarar que falamos de morfotipo cando as semellanzas inclúen tódalas connotacións dun estilo artesanal, que leva aparellado un xeito común de entender a vasilla en tódolos momentos da cadea técnica, así como durante toda a súa vida útil. Desta premisa parte a proposta de comparación entre cerámicas perladas e sítulas (Rey 2014: 294-295), por exemplo.

Nun primeiro intento por definir as escalas de análise, e en base aos datos proporcionados pola bibliografía, procédese ao seu traslado a un caso práctico: os materiais cerámicos recuperados nas escavacións arqueolóxicas de 1984 e 1991-1994 levadas a cabo no Castro do Achadizo (Boiro, A Coruña)[22]. É importante resaltar que Á. Concheiro na memoria de escavación publicada apunta semellanzas entre as cerámicas deste castro con diferentes tipos de vasillas e elementos metálicos (Concheiro 2008: 32-33). Partindo de aquí, identificánronse varias escalas de concordancia sobre estas cerámicas co gallo de trasladalas ao traballo final co corpus material no que se basea esta disertación e comprobar así a validez do modelo interpretativo no estudo dun posible esqueuomorfismo dentro do catálogo material e/ou formal castrexo. As categorías definíronse partindo dunha comparativa morfolóxico-formal que ten en conta tanto a forma completa das pezas

[22] Gracias a Tito Concheiro pola cesión de tódolos materiais, dos datos contextuais e de moitos debuxos das campañas de 1991-1994 para poder realizar un estudo de conxunto do Castro do Achadizo nas condicións máis vantaxosas posibles. E a Víctor Barbeito pola cesión dos materiais da campaña de 1984 depositadas no Centro Arqueolóxico do Barbanza. Tamén lle teño que agradecer a Nuria Calo os debuxos que realiza das pezas. Asemade, estoulle inmensamente agradecida aos meus compañeir@s Alba Rodríguez e Estevo Amado, sen cuxo traballo o estudo destes materiais non tería sido posible, porque sempre traballamos en equipa, o que sempre fai máis levadeira a tarefa.

–cando de pode distinguir– coma elementos formais illados con respecto a recipientes metálicos tales coma caldeiros de remaches, sítulas con decoración xeométrica ou vasillas de filiación mediterránea, así coma con outros elementos metálicos castrexos. Identifícanse as seguintes **concordancias**:

a. Detalles morfotipolóxicos ou estruturais: no caso dos caldeiros de remaches, podemos comparar catro atributos (Fig. 6): botóns cónicos con remaches, bordos reforzados en recipientes metálicos e cerámicos, elementos de suspensión iguais ou análogos.

Fig. 6 Fragmentos cerámicos do Castro do Achadizo (Boiro, A Coruña) confrontados con diferentes vasillas metálicas: a) Cerámica con botóns cónicos aplicados a molde (Foto: C. Seoane) e caldeiro de remaches de Cabárceno (Penagos, Santander) (Depósito: Museo Regional de Prehistoria y Arqueología de Cantabria) (Foto: http://www.arija.org; b) Bordo reforzado tipo "Vigo" (Foto: C. Seoane) e bordo con armela e argola de Sanchoreja (Ávila) (Depósito: Museo de Ávila) (Foto: Armada 2011: 163); c) Asa de toco cilíndrico (Foto: C. Seoane), Caldeiro de Lois (Los Crémenes, León) (Depósito: Sociedad de Minas de Mercurio) (Debuxo: Coffyn 1985: Lám. LXI); d) Asa de cinta (Foto: C. Seoane) e enganche para asa do caldeiro do Castro del Chao Samartín (Depósito: Museo de Chao Samartín) (Foto: Villa e Cabo 2003: 146).

b. Estéticas compartidas: bordos reforzados tipo Vigo e algúns *dinoi* gregos de bronce (Fig. 7), pese a que semella que existe unha importante discrepancia cronolóxica entre os primeiros, datados en torno ao cambio de Era –s. II a.n.e.-I d.n.e– (Rey Castiñeira 1991: 391-392), e os segundos, cunha cronoloxía que xira entorno aos s. VI-IV a.n.e. (Williams 2014: 422).

Fig. 7. Bordo reforzado tipo "Vigo" procedente do Castro do Achadizo ((Foto: C. Seoane) e dinoi procedente da tumba atribuída a Aspasia (Foto: British Museum) (Depósito: British Museum).

c. Superficies de acabado: determinados acabados coma o brunido confírenlle ás pezas tons e brillos metálicos. Trátase de aspectos que poden chegar a dar froitos nun futuro, pero son moi difíciles de valorar metodoloxicamente ao contar unicamente con fragmentos e non con vasillas completas.

d. Motivos decorativos compartidos: motivos decorativos asimilables aos presentes en diferentes produtos metálicos, tanto en bronce como en ouro (Fig. 8). Ademais na súa execución presentan unha perfección máis propia dos metais que das cerámicas.

Fig. 8 Fragmentos cerámicos do Castro do Achadizo confrontados con diferentes elementos metálicos: a) Cerámica con espigados (Foto: C. Seoane) e detalle dun dos anacos de sítula do Castro de Borneiro (Foto: L. Armada); b) Dous fragmentos de cerámicas estampilladas con diferentes motivos (Foto: C. Seoane) e detalle da decoración do brazal de Lebuçao (Portugal) (Depósito: Museu da Sociedade Martins Sarmento) (Silva 2005: 51); c) Ola decorada mediante "SSS" simples (Foto: C. Seoane) e detalle da diadema de Cangas de Onís (Asturias) (Foto: García Vuelta 2007: 185) (Depósito: Museo Arqueológico Nacional).

e. Xestos técnicos, ferramentas e técnicas compartidos: "asimilación" de técnicas iguais ou análogas no proceso de fabricación de olas e pezas metálicas.

e. 1. Troquelado/estampado/cera perdida: este tipo de decoración, en ocasións, semella que se fai co mesmo utensilio en ámbolos dous medios –cun

troquel, por exemplo. As cerámicas que "compren" os requisitos son as estampadas, pero non todas, só aquelas que implican unha finura e un detalle na súa execución máis propios da metalurxia que da olería(Fig. 9).

Fig. 9 Fragmentos cerámicos do Castro do Achadizo confrontados con diferentes elementos metálicos: a) Cerámicas con motivos de enrelazados (Foto: C. Seoane) e detalles da decoración das sítulas do Castro do Coto de Altamira e do Castro de Borneiro (Fotos: L. Armada); b) Cerámica con círculos concéntricos (Foto: C. Seoane) e decoración do peite de bronce do Castro de Formigueiros (Samos, Lugo) (Depósito: Museo Provincial de Lugo) (Foto: A. Teira).

e. 2. Craveteado: o motivo decorativo, botóns cónicos e remaches neste caso. Os botóns cónicos con rebarbas son os que máis se asemellan aos remaches (Fig. 10). Só os aplicados a molde deixan estas marcas, o que lles confire ese aspecto de remache. Ademais semella que a colocación dos botóns plásticos implica o emprego dun xesto semellante ao de cravar os remaches nos caldeiros para unir as chapas de bronce.

Fig. 10 Cerámica do Castro do Achadizo con botóns cónicos a molde (Foto: C. Seoane) e detalle dos remaches do caldeiro de Frijão (Braga, Portugal) (Depósito: Museu Regional de Arqueologia Dom Diogo de Sousa) (Foto: Silva 2013: 18).

e. 3. Motivo máis estrutura decorativa: a distribución da decoración no corpo da peza pode seguir patróns análogos en obxectos cerámicos e metálicos. Tal é o caso da colocación de cordóns lisos ou impresos a intervalos regulares formando sogueados ou puntas de diamante e/ou acanalados que semella que simulan a delimitación das chapas de bronce tal e como se observa nun caldeiro e que, xunto cos botóns, fai que visualmente se cree o efecto de láminas unidas por remaches. Podemos diferenciar dúas "variantes":

e. 3.1. Craveteado máis laminado (Fig. 11).

Fig. 11 Cerámica do Castro do Achadizo a) Galbo dunha ola tipo "Vigo" decorada con fiadas de "puntas de diamante" (Foto: C. Seoane) e detalle do caldeiro do Castro de Lameán de Arriba (Ribadumia, Pontevedra) (Depósito: Museo de Pontevedra) (Foto: http://www.culturagalega.org); b) Cerámica con botóns cónicos e acanalados

horizontais e oblicuos (Foto: C. Seoane) e fragmentos de caldeiro do depósito de Hío (Donón, Pontevedra) (Depósito: Museo de Pontevedra) (Foto: Meijide 1991: 264).

e. 3.2. Motivo, máis xesto, máis estrutura decorativa (Fig. 12).



Fig. 12 Anaco de galbo do Castro deo Achadizo con botóns cónicos unidos mediante liñas de punteado impresas a peite (Foto: C. Seoane) e fragmento de caldeiro do Castro da Peneda do Viso (Redondela, Pontevedra) (Depósito: Museo de Pontevedra) (Foto: L. Armada).

Nesta primeira incursión comparativa percibimos as posibilidades de comparación coas que se conta nunha escolma cerámica restrinxida a un único xacemento son múltiples pero, que acontece cando trasladamos o modelo a un corpus máis amplo de materiais? Funcionan as escalas de concordancia aplicándoas a un estudo de caso concreto? Cal é o grao de intencionalidade da copia? Son útiles as escalas establecidas para estudar o esqueuomorfismo? Axudan a establecer a dirección da imitación? É dicir, como di S. Aulsebrook (2018), que foi antes? O ovo ou a galiña? Quen copia a quen: a cerámica ao metal ou viceversa ou simplemente xorden a partir dunha raiz común? De ser certo que se produce o proceso de replicación, con que intención realizan os artesáns castrexos estas imitacións? Son as cerámicas perladas esqueuomorfos das sítulas? Actúan as primeiras coma substitutas das segundas no plano social e/ou funcional? E, de ser así, son concibidas coa mesma intención utilitaria e/ou funcional?

Para contestar a estas e a outras cuestións que xorden polo camiño, ademais das de partida, nesta segunda etapa selecciónanse como estudo de caso as sítulas de bronce con decoración xeométrica, os moldes que

testemuñan a súa fabricación á cera perdida e as súas posibles representacións iconográficas no caso dos metais, xunto coas vasillas perladas coma o seu contrapunto cerámico. A partir de aquí elabórase un catálogo amplo dos dous tipos de materiais antes de proceder ao proceso de comparación na procura de respostas que refuten ou confirmen a hipótese esqueuomórfica para estes artefactos tan característicos da Idade do Ferro do noroeste peninsular. Os procedementos mediante os cales se elabora dito catálogo expóñense a continuación.

Capítulo 3 Procedementos, metodoloxía e criterios de traballo

«La cerámica tiende a suscitar fuertes emociones entre los arqueólogos: la aman o la odian. […] la cerámica aparece como el más común de los materiales arqueológicos, cuyas funciones principales son entorpecer la tarea auténtica de excavar, abarrotar los almacenes y comportarse como un «agujero negro» arqueológico de los recursos […] hay quienes ven la cerámica como una tarea inevitable, […] Otros […] creen que el fragmento más humilde contiene la información más sorprendente […]»

(Orton *et al*. 1997)

3.1. RECOMPILACIÓN E PROCESADO DE DATOS

En primeiro lugar, lévase a cabo un baleirado bibliográfico intensivo da literatura arqueolóxica sobre a olería e a metalurxia castrexas na procura dunha base teórica sólida na que sentar os alicerces do estudo. Neste momento préstase especial atención ao apartado gráfico dos diferentes traballos na procura de materiais adecuados para desenrolar a investigación, poñendo o foco sobre todo na localización de sítulas metálicas ou os seus moldes e tamén nas cerámicas perladas fundamentalmente, así coma as posibles mencións ás semellanzas entre pezas cerámicas e metálicas nos textos.

En segundo lugar, realizáronse bases de datos individuais en Microsoft Access para cada unha das tipoloxías de vasillas de bronce e cerámicas. Reflíctese, principalmente, o nome do xacemento ao que pertencen, a parte anatómica á que se adscriben as evidencias, a morfoloxía ou tipoloxía das pezas nos casos nos que é posible, os motivos e a estrutura decorativa, así coma a cronoloxía do xacemento no que foron localizadas e a correspondente referencia bibliográfica para cada un dos fragmentos.

Evidentemente, o que se manexa, sobre todo, son fragmentos, raramente pezas completas. Non obstante, ao longo do traballo o que é máis importante é o número de individuos por tipo, é dicir o número máximo –Nmx a partir de agora– ou mínimo –Nmn a partir de agora– de vasillas, por considerala moito máis representativa esta vía que falar de anacos. Para calcular este número de pezas hai dúas vías, posto que, cando os anacos pegan entre si é evidente que forman parte dunha

mesma ola, pero noutras ocasións faise por asociación duns fragmentos a outros dentro dun mesmo xacemento guiándose polas súas semellanzas estéticas, formais, aspecto, cor da pasta, motivos decorativos, estrutura decorativa… cando é posible. Para chegar a isto os materiais estúdanse por dúas vías:

1. **Directa:** trátase da documentación do material de primeira man. Para seleccionar os xacementos que se ían estudar de xeito máis ou menos intensivo, séguense diversos criterios para establecer que materiais son idóneos para traballalos directamente:

    1.a. Dispoñibilidade e facilidade de acceso aos materiais: caso do Castro do Achadizo (Boiro, A Coruña), que se atopa en fase de estudo no GEPN-AAT-Castrexo.

    1.b. Integración dentro dos límites territoriais da área oleira setentrional: área de traballo escollida polo escaso número de publicacións e estudos que existen para ela. Materiais de xacementos que permanecen practicamente inéditos dende hai décadas e que non por elo son menos interesantes. Tal é o caso das cerámicas do Castro da Graña (Toques, A Coruña) ou Os Castros (Toques, A Coruña).

    1.c. Directrices tomadas da bibliografía: axuda a tomar decisións con respecto aos materiais cos que paga a pena traballar directamente. Caso do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña), un dos que máis peso leva dentro deste traballo. Selecciónase por ser un dos máis mencionados na literatura arqueolóxica á hora de falar das relacións existentes entre vasillas cerámicas e metálicas (Rey 1991, 1996, 1997, 1998, 2005b; Calo Ramos 1999a, 1999b; Rodríguez Corral 2008a, 2008b), e por ser un dos castros máis paradigmáticos da tradición cerámica setentrional. Tamén é o caso de

determinadas pezas cerámicas da Cidade de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense).

1.d. Por oportunidade: aproveitando estudos de materiais doutr@s compañeir@s do GEPN-AAT-Castrexo. Tal é o caso das pezas do Castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra) que estudaba A. A. Rodríguez Nóvoa de cara á súa tese de doutoramento. Ou pequenas incursións nas cerámicas dalgúns xacementos ao acudir aos diferentes museos na procura doutros materiais. Tal é o caso do Castro Máximo (Braga, Braga), Castro de Meirás (Sada, A Coruña), Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña), Castro das Laias (Cenlle, Ourense) ou Coto do Mosteiro (O Carballiño, Ourense).

2. **Indirecta:** traballo cos materiais mediante un baleirado bibliográfico intensivo e comunicacións orais ou electrónicas con museos e arqueólogos. Decídese traballar con estas cerámicas só a partir de textos, debuxos e/ou fotografías por diferentes causas, que, fundamentalmente, pasan pola necesidade de adaptarse ás posibilidades loxísticas e aos límites territoriais da Área Setentrional seleccionada como principal zona de estudo. Asemade, abranguer todo o material publicado é imposible, e trasladarse a Asturias, Zamora, León e Portugal require un tempo que os actuais programas de doutoramento non contemplan, e de recursos, pois a ausencia de bolsas e a imposibilidade de compatibilizar unha vida laboral paralela que remunere dalgún xeito este esforzo académico, físico e económico faino moito máis complexo aínda.

A partir de aquí, establécense diversos **niveis de intensidade** cos que se leva a cabo cada un dos estudos, dando como resultado **catro categorías de análise**, e que se puideron levar a cabo combinadas dentro dun mesmo xacemento (Táboa 20):

1. **Intensivo:** xacementos nos que se estudou directamente o espolio cerámico ao completo, o que lle dá un maior empaque e unha visión máis ampla do conxunto. Esta escala é sobre todo aplicable no caso dos conxuntos cerámicos.

2. **Parcial:** castros dos que, por diversas circunstancias, só se puido traballar parcialmente cos materiais directamente por diferentes causas.

3. **Esporádico:** aqueles materiais que puideron traballarse directamente aproveitando a dispoñibilidade das pezas nos museos e os traballos con materiais doutr@s compañeir@s e que supón unha pequena mostra da cerámica destes xacementos.

4. **Bibliográfico/documental:** trátase de pezas que só poden ser observadas mediante publicacións e/ou a través de fotografías e/ou debuxos proporcionados por museos e colegas de profesión, memorias de escavación…

Do mesmo xeito, desenrólase unha base de datos propia para poder traballar con axilidade sobre o terreo e despois inserir os datos na plataforma IDEPatri[23] para xerar a cartografía (Abad *et al.* 2011), as fichas dos xacementos e do material. Na primeira base de datos téñense en conta as especiais características dos materiais de bronce e barro, hai campos que varían entre as primeiras e as segundas, pero as semellanzas son máis cá as diferenzas, tanto para facilitar o traballo á hora de recoller os datos coma a para a súa posterior análise. Os campos que aparecen invariablemente son: xacemento, número de fragmentos, número de individuos, número de vasilla[24], ausencia-presenza de contexto arqueolóxico, coordenadas xeográficas do xacemento, elemento formal co que se asocia(n) o(s) fragmento(s), morfoloxía da(s) peza(s) cando é factible, tipo de peza, motivos e patróns decorativos, cronoloxía do castro ao que pertencen, clase de enclave no que se

[23] Moitas grazas a Emilio Abad pola infinita paciencia que tivo comigo sempre e, sobre todo, por teren desenrolado unha plataforma que nos fai a vida moito máis sinxela aos arqueólogos, sen ela moitos dos mapas que hoxe se presentan non terían visto a luz.
[24]Número mediante o cal se vinculan os fragmentos que non pegan entre si, pero que si se poden asociar e que forman un único individuo.

sitúan[25] e, por último, a bibliografía no caso de ser pezas publicadas con anterioridade. Así, nos museos ou no momento do baleirado bibliográfico tómanse os datos en bruto e despois críbanse á hora de traballar con eles do xeito máis operativo e rápido posible, respondendo ao apartado en que se pretenden incluír e destinados a aportar as respostas ás preguntas formuladas previamente e para o seu estudo en conxunto.

Asemade, faise necesario recalcar que no caso do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña), Castro da Graña (Toques, A Coruña), Os Castros (Toques, A Coruña), Castro do Achadizo (Boiro, A Coruña) e o Castro Máximo (Braga, Braga) desenrolouse unha base de datos independente no que se rexistran tódalas pezas estudadas, tanto as que teñen valor diagnóstico como as que non. A cada bolsa de anacos asígnaselle un número correlativo que o diferenza das restantes dentro dun mesmo xacemento[26]. Recóntase todo fragmento para arroupar o contexto material que acompaña ás cerámicas que amosan vinculacións con recipientes metálicos e tamén para poder saber que porcentaxe de pezas son susceptibles de estudarse "en clave metálica" e cales non o son, anotando as siglas das pezas que se van traballar dende esa perspectiva, non a de cada anaco, posto que é un traballo inútil e infrutuoso cando se trata de material que "non cumple" os "requisitos esixidos". Para todo elo, séguense en todo momento os protocolos establecidos previamente no seo do GEPN-AAT-Castrexo (Rey *et al.* 2009, 2011).

[25] A saber: rural -é dicir, castros de reducidas dimensións-, protourbano -é dicir, *citanias* e/ou castros de grandes dimensións- e urbano -cidades de fundación romana.

[26] Este número emprégase só para xerarquizar o traballo e poder facer un reconto dos fragmentos e/ou individuos totais cos que se traballa en determinado castro. Este número resulta especialmente importante para establecer a porcentaxe de cerámicas que, dentro da totalidade de pezas e/ou dentro dos fragmentos/individuos con valor diagnóstico, son "susceptibles" de ser traballas en "clave metálica" e cales non. Isto pode axudar a establecer "patróns" observables sobre un mapa tendo en conta a área oleira á que pertence cada castro, cartografía que permite observar que tendencias distributivas seguen os materiais cerámicos cuxas características fan posible que sexan enfrontados co metalurxia. Estas tendencias poden chegar a ser importantes, posto que é posible que reflictan en que área as olas miran máis cara os recipientes -ou outros elementos- metálicos e cales non o fan tanto, o que pode vir a ser un trazo distintivo máis entre unhas áreas oleiras que se van debuxando a medida que avanza a Idade do Ferro, que se perfilan claramente na II Idade do Ferro, pero que se van difuminando cada vez máis a medida que se impón o mundo romano cultural e materialmente (Rey 1991, 2011).

Dependendo da intensidade de traballo que se pretende imprimir a cada un dos xacementos escollidos, deséñanse protocolos de actuación diferentes. Non é o mesmo estudar unha peza illadamente cá facelo con parte ou con todo o espolio material que os acompaña. Tendo en conta o maior ou menor grao de intensidade e que as categorías de análise descritas, adaptadas ao que cada material require, ás circunstancias nas que se desenrola o traballo e á cantidade de material que se debe procesar e ao tempo dispoñible para realizalo.

No caso do estudo directo e intensivo das pezas diferenciamos entre xacementos traballados ao completo, é dicir, partindo do material "en bruto" cos datos recompilados en campo, dos xa procesados e que só requiren unha clasificación sistemática.

En primeiro lugar, destaca o estudo dos materiais do Castro do Achadizo (Boiro, A Coruña). O obxectivo principal do traballo coas pezas do Castro do Achadizo no seo do GEPN-AAT-Castrexo é o estudo integral das cerámicas recuperadas nas campañas de 1984 e 1991-1994, tipificalas, realizar análises arqueométricas[27] e de contidos[28]. Mesturadas coas cerámicas hai materiais de moi diferente natureza –restos antracolóxicos, metalúrxicos, faunísticos ou vítreos– e que foron tidos en conta como guía cronolóxica e que arroupan o contexto das cerámicas, pero non se estudan máis aló. Os materiais da intervención de 1984, atópanse en depósito no Centro Arqueolóxico do Barbanza (CAB)[29], e son incluídos coa finalidade de levar a cabo un estudo de conxunto, posto que estas pezas xa están tipificadas e clasificadas (Rey 1991), polo que funcionan como guía para facer unha previsión dos tipos cerámicos que é posible que se identifiquen a medida que se clasifican as pezas que nos chegan direcamente de mans do director das intervencións de 1991-1994, Á. Concheiro[30]. Antes de comezar a traballar establécese un criterio de selección polo cal faise

[27] Alba Rodríguez é quen se encarga de seleccionar e tomar as mostras que se envía a analizar, analíticas cuxos resultados están pendentes de interpretación e publicación.
[28] Este proceso enmárcase no seo da tese de doutoramento que está a realizar Estevo Amado con respecto á alimentación na Idade do Ferro, e cuxos resultados verán a luz nun futuro moi próximo.
[29] Gracias a Víctor Barbeito por facilitarnos o acceso a elas e poder trasladalas dende Boiro ata a Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela.
[30] A quen reitero o meu agradecemento pola cesión de tódolos datos contextuais, debuxos de materiais…

unha escolma dos fragmentos con valor diagnóstico para unha clasificación crono-tipolóxica mediante a análise dos diferentes elementos formais máis característicos das vasillas –bordos, colos, asas, galbos decorados e fondos.

O primeiro paso consiste en retirar as pezas da súa embalaxe orixinal. As cerámicas atopadas na sondaxe de 1984 son enviadas na embalaxe na que o GEPN entrega o material con anterioridade e adaptadas ao sistema de organización do CAB. Como estas pezas xa están lavadas, sigladas e clasificadas, son asignadas directamente a un tipo ou grupo formal sen pasar por ningunha fase previa. Por contra, moitos dos materiais das campañas 1991-1994 chegan en caixas de madeira ou cartón, distribuídos en bolsas cos datos de rexistro na cara interna da bolsa e, por regra xeral, cada unha contén un anaco de papel onde constan tamén eses datos. Unha vez desembaladas as pezas organízase o material nas bandexas de módulos Organitec, co fondo previamente cuberto cunha escuma antiesvarante para evitar que as pezas sufran danos e desprazamentos a medida que se vai traballando con elas, colocándoas sempre en posición anatómica seguindo esta orde: bordo-asa-colo-galbo-fondo.

Co material estendido lévase a cabo un primeiro intento de pegado e, de atopar coincidencias, estes fragmentos diferéncianse dos demais colocándoos en bandexas de poliespan ou plástico dentro da mesma bandexa (Fig. 13). Asemade, introdúcese unha tarxeta cos datos de rexistro dos materiais para manter o contexto orixinal das cerámicas, asígnaselles un número de bolsa a cada conxunto de pezas seguindo unha orde correlativa, sepáranse os materiais cerámicos dos non cerámicos para un tratamento individualizado, mídense os fragmentos seguindo uns intervalos determinados[31] e recóntanse tendo en conta este índice.

[31] Este procedemento axuda a establecer os graos de fragmentación que amosan as vasillas, establecendo como valores guía: menores de 3 cm, entre 3 e 7 cm e maiores de 7 cm.

Fig. 13 Exemplos de bandexas dun módulo organitec con materiais do Castro do Achadizo estendidos e caixas cos descartes na primeira fase de traballo (Fotos: GEPN-AAT-Castrexo).

Deseguido, procédese á selección das pezas susceptibles de seren estudadas dende un punto de vista tipolóxico, formal e/ou decorativo. As cerámicas non seleccionadas –galbos lisos e informes, de baixo valor diagnóstico– son introducidas nunha dobre bolsa de plástico co número da bolsa á que pertencen escrito con rotulador indeleble. Estes materiais descartados son embalados en caixas de cartón (Fig. 13). Unha vez feita a selección, lávanse as pezas, agás aquelas preseleccionadas para a mostraxe de contidos e as poucas que xa veñen procesadas, para posteriormente proceder ao seu siglado e clasificación. Outorgaselle un rango de sigla a cada unha das bolsas numeradas para poder individualizar as pezas sen prexuízo de que se perdan os datos contextuais de cada un dos fragmentos, e poder así mesturalos para analizalos en conxunto. Unha vez lavadas e sigladas, as cerámicas son clasificadas nos módulos Organitec, mesturádoas coas xa catalogadas, seguindo unha orde "xerárquica" á hora de predominar as unhas sobre as outras, a saber: o bordo sempre manda na clasificación e a el subordínanse tódalas demais partes anatómicas, o que axuda a definir

tipos. Do mesmo xeito, as decoracións prevalecen unhas sobre outras no caso de coincidir dúas ou máis técnicas decorativas nun mesmo anaco, o que tamén é importante para establecer tipoloxías, predominando as decoracións plásticas ou aplicadas sobre tódalas demais.

Nesta fase introdúcese unha segunda tentativa de pegado, tendo en conta tódalas pezas xa sigladas neste estudo e polos directores das distintas campañas. Despois procédese á diagnose tipolóxica das pezas, posto que as especiais características dalgúns fragmentos indican que se poden asignar aos tipos que xa se identifican nos materiais de 1984 (Rey 1991). As pezas non tipificables son agrupadas segundo o elemento formal do que se estea a falar tendo en conta determinados trazos peculiares dos mesmos: no caso dos bordos clasifícanse pola morfoloxía do labio en redondeados ou rectos, ou polo tipo de transición bordo-colo, destacando o grupo dos facetados. Así como a distribución dos galbos decorados en bandexas separadas tendo en conta a técnica decorativa que presentan, os colos que non se poden asociar con ningún bordo, e as asas e fondos por separado.

Unha vez clasificado o material deste xeito, procédese á escolma de fragmentos susceptibles de seren analizados en función das súas analoxías con vasillas metálicas. As formas completas están practicamente ausentes, polo que só se pode contar con pequenos fragmentos adornados con botóns cónicos aplicados (Fig. 14), estampados… e non se rexistra ningún dos tipos de pezas preferentes para esta investigación, como son as sítulas e as cerámicas perladas, polo que ten un rol secundario –e á vez importante como proveedor do modelo de análise– dentro deste traballo.

Fig. 14 Cerámica do Castro do Achadizo (Boiro, A Coruña) (Depósito: Centro Arqueolóxico do Barbanza) (Foto: C. Seoane).

En segundo lugar, está o estudo do espolio arqueolóxico ao completo do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) nos almacéns do Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón[32]. Nun principio trátase de traballar con pezas xa publicadas e clasificadas (Molinos 1973; Rey 1991; Calo Ramos 1999a) e facer unha exploración unicamente do material que interesa: vasillas con dobro rebordo tipo "Borneiro A e B", cerámicas decoradas con botóns cónicos, perladas… pero o estado no que se atopan non permite facer esa pequena incursión, posto que os materiais aparecen case todos mesturados, escasamente individualizados, non mantendo así o estado no se entregan tras os estudos previos[33] (Rey 1991; Calo Ramos 1999a). Esta situación, xunto ao ingreso de materiais de campañas posteriores ás análises de material, fai que se reformule a intención inicial, tendo en conta a importancia e o peso que se lle quere dar a estas pezas no conxunto da investigación. Chégase á conclusión de que paga a pena traballar con todo o material como consecuencia das constantes

[32] Este traballo non podería ter lugar sen a constante axuda de Ana Martínez Arenaz, técnica do museo e que coa súa dispoñibilidade, profesionalidade e apoio facilita enormemente un traballo arduo, longo e lento que se desenrola, con intervalos, ao longo de dous anos aproximadamente.
[33] Agás aquelas pezas que se atopan expostas en vitrina e algunha outra excepción.

referencias bibliográficas ás semellanzas das vasillas deste xacemento co metalurxia (Rey 1991, 1996, 1997, 1998, 2005b; Calo Ramos 1999a, 1999b; Rodríguez Corral 2008a, 2008b).

A partir de aquí, e tendo en conta que se traballa xa con material previamente procesado, procédese directamente ao reconto, clasificación e escolma das pezas susceptibles de ser analizadas dende a perspectiva establecida. Para elo comézase a traballar co material que se atopa na exposición permanente do museo, que está perfectamente individualizada e cuxo proceso de traballo é máis rápido e dinámico. Continúase por aquel material que conserva a organización dos traballos anteriores, e remátase coas inxentes cantidades de cerámica que descansan nos almacéns sen ningún tipo de orde previo (Fig. 15). Para facilitar a ardua tarefa, vaise traballando caixa por caixa, envorcando tódalas pezas nunha bandexa, para proceder á súa contabilización e análise empregando o mesmo sistema discriminante que no Castro do Achadizo, agrupando os fragmentos con valor diagnóstico tendo en conta o elemento formal co que coinciden e descartando aqueles que son informes ou completamente lisos, independentemente do tamaño que teñan.

Fig. 15 Exemplos das embalaxes das cerámicas do Castro de Borneiro previo ao traballo con elas (Fotos: C. Seoane).

A cada bolsa asígnaselle un número correlativo para identificalas unicamente na base de datos, os descartes son reembalados en bolsas de peche zip ou de asas, dependendo da cantidade de material da que se trate, mantendo sempre a información que aporta a bolsa orixinal, sobre todo se se trata de pezas sen siglar. O número de bolsa escríbese no exterior e colócase dentro de cada bandexa un folio que dá constancia do material que almacena cada contedor ou caixa, así coma o número de pezas que ten cada bolsa, tanto o total como o de fragmentos con valor diagnóstico e que son individualizadas con respecto aos informes (Fig. 16). Tódalas cifras e detalles son introducidos na base de datos segundo se vai traballando. Todo o material é reembalado, os informes en bolsas grandes e devolvéndoos ao seu contedor orixinal e o material con valor diagnóstico gárdase en caixas de cartón etiquetadas por tres das súas caras, reflectindo o nome do xacemento, a intervención –neste caso "Estudo de materiais 2016"–, o número da caixa e a clase de pezas que nela se gardan. Introdúcense dentro destas caixas en bolsas de peche zip reenchidas de escuma para protexer as cerámicas na medida do posible. Cada bolsa leva dúas etiquetas nas que se deixa constancia do número de fragmentos que contén, o número de bolsa que se lle asigna, o tipo ou o grupo formal ao que se adscriben os mesmos e os datos do contexto no caso de ser precisos. O ideal é cumprimentar o apartado consignado ás siglas nestas etiquetas, pero a falta de tempo e a gran cantidade de anacos faino completamente imposible e inoperante, polo que este apartado da etiqueta queda en branco.

Fig. 16 Proceso de traballo cos materias do Castro de Borneiro nos almacéns do Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón (Fotos: C. Seoane).

En terceiro lugar, está o traballo coas cerámicas dos Castros (Toques, A Coruña) co obxectivo principal de estudar de xeito integral os materiais das campañas de 1988-1990, na procura de pezas que amosen semellanzas coa metalurxia, e coma parte integrante da área oleira Setentrional á que pertence, empregando como guía os materiais doutros xacementos tipificados por J. Rey (1991), así como as cerámicas deste xacemento xa publicadas (Rodríguez Puentes, Penedo 1991). Este traballo consta de dúas fases, a primeira nos almacéns do INCIPIT-CSIC[34] onde están depositados, estes son traballados do mesmo xeito cá os do Castro de Borneiro, envorcando o material en bandexas de plástico para a contabilización e rexistro gráfico dos materiais. Neste caso só se substitúen as bolsas que están en malas condicións, pero o que sempre se substitúe son as caixas, por atoparse todas en mal estado, e reorganízase o material mantendo sempre o contexto de cada un. Unha segunda fase lévase a cabo na Facultade de Xeografía e Historia cos materiais que están depositados no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia, pero que son devoltos ao INCIPIT-

[34] Gracias a Yolanda Porto, que facilitou o acceso a estes e a axilizar un traballo para o que se contaba con pouco tempo.

CSIC unha vez procesados para manter a unidade do conxunto. Séguese o mesmo procedemento cá no Castro do Achadizo (Fig. 17): envorcado dos materiais en bandexas dos módulos organitec recubertas con escumas e previamente etiquetadas, seguindo a orde anatómica e contabilizando o número de anacos por bolsa. Levando a base de datos á par cá o traballo para rexistrar tódolos detalles precisos.

Fig. 17 Proceso de traballo cos materiais dos Castros na Facultade de Xeografía e Historia da USC (Foto: C. Seoane).

Unha vez recompilados tódolos datos reconstrúense as pezas para o seu posterior estudo dende os puntos de vista morfolóxico, formal e decorativo. A partir de aquí selecciónase o material susceptible de ser confrontado con recipientes de metal seguindo as directrices marcadas polas súas características morfolóxico-formais (Seoane 2016). Rexístranse graficamente –fotografía e/ou debuxo– e a última fase do traballo é a embalaxe e etiquetaxe de tódolos materiais seguindo o sistema xa empregado co Castro de Borneiro e que está preestablecido e normativizado no GEPN-AAT Castrexo. Coa excepción determinados materiais aos que, como consecuencia do alto grao de reconstrución que amosan ou pola súa especial fraxilidade, se lles elabora unha embalaxe individual máis ríxida e adaptada ao contorno das mesmas (Fig. 18). No caso da cerámica perlada máis completa, a

causa das súas dimensións e especiais condicións de fraxilidade, é colocada nunha caixa de plástico duro posto que necesita un soporte máis ríxido que a protexa, na medida do posible, dos golpes e da humidade.

Fig. 18 Embalaxe final dalgunhas pezas dos Castros (Toques, A Coruña) (Fotos: C. Seoane).

En cuarto lugar, colle falar do proceso de traballo cos materiais do Castro Máximo (Braga, Braga) e os moldes de sítula de *Bracara Augusta* (Braga, Braga) no Museu Regional de Arqueologia Dom Diogo de Sousa[35]. Neste caso o traballo é moito máis rápido e áxil, posto que as pezas cerámicas decoradas do Castro Máximo xa se atopan diferenciadas do resto e tan só hai que facer unha escolma entre elas (Fig. 19). En moitos casos os fragmentos xa están asociados ou pegados, o que facilita o proceso de reconto de fragmentos e individuos e axiliza tamén o proceso de asociación de anacos. Ademais, os medios cos que conta o museo fan que o rexistro gráfico se reduza ao mínimo, posto que M. Santos[36], o fotógrafo que forma parte do persoal do

[35] Traballo que foi posible realizar grazas ao soporte económico da bolsa outorgada pola Casa de Velázquez para tal fin no ano 2016. Ademais, teño que agradecerlle a Clara Lobo a súa predisposición a axudar sempre e pola preparación do material para facilitar o traballo na medida do posible e pola súa gran profesionalidade.

[36] A quen lle dou as grazas pola profesionalidade e achega das fotografías.

Museu, encárgase de todo o proceso de fotografado das cerámicas e moldes, agás no caso dos detalles que se pretendan rexistrar con maior detalle. No caso dos debuxos, moitos deles xa están feitos, polo que é o propio *Museu* quen os proporciona, outros elabóraos expresamente A. Marques[37], debuxante profesional que é parte do persoal, o que contribúe a que os que se teñen que realizar son *quasi* anecdóticos. Unha vez máis, manéxase a base de datos para introducir os recontos e características dos materiais a medida que se traballa.

Fig. 19 Proceso de traballo cos materiais do Castro Máximo (Braga, Braga) no Museu Regional de Arqueologia Dom Diogo de Sousa (Fotos: C. Seoane).

Outros traballos levados a cabo menos polo miúdo son os que se realizan no Museo da Terra de Melide[38] con materiais de diferentes xacementos da contorna. Son materiais fundamentalmente procedentes de labores agrícolas, rozas, desmontes, aperturas de camiños… e que, en xeral, non aportan demasiada información, agás os materiais do Castro do Codesal (Melide, A Coruña) e o Castro da Graña (Toques, A

[37] A Amélia Marques estoulle especial e inmensamente agradecida, posto que sen os seus consellos e ensinanzas os debuxos realizados por min e que se presentan neste traballo non terían sido unha realidade.

[38] Moitas grazas a Cristina Vázquez, Xurxo Broz e Loli, cuxa disposición a colaborar e facilitar a labor foi sempre exemplar.

Coruña). No caso do Castro do Codesal, é recontado e traballado todo o material exposto nas vitrinas e o gardado no almacén. Séguese o mesmo procedemento de baleirado de bolsas, asignación de número… pero neste caso non foi nada reembalado polas limitacións de almacenamento do museo. Son fotografadas tódalas pezas escolmadas, con maior ou menor nivel de detalle segundo o interese da peza en cuestión. Debúxase o material que é considerado de importante e colócanse tódolos trazos e números na base de datos a medida que avanza o traballo. No caso do Castro da Graña, só pode explorarse un reducido pero interesante grupo de pezas. Unha vez máis, trabállase e recóntase todo o exposto nas vitrinas, o problema chega cos materiais almacenados. Existe un gran número de caixas con materiais sen procesar, tal cal saen da terra. Estudalo implica lavar, siglar, pegar, inventariar… un traballo demasiado arduo para o tempo e o espazo de traballo co que se conta. Por elo, decídese sondar unicamente o material xa procesado e de fácil acceso para o persoal dun museo modesto, o que supón unha porcentaxe mínima das campañas 1987-1993. O procedemento de traballo é o mesmo cá no caso anterior.

No outro extremo están os traballos directos con materiais que se fan por oportunidade ou moi esporadicamente aproveitando as visitas aos museos na procura de material e que son facilmente localizables para os mesmos. Tamén se teñen aproveitado os estudos de materiais doutr@s compañeir@s para facerse unha idea do material xeral e accedendo a pezas moi concretas, tal é o caso das cerámicas do Castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra) coas que está a traballar A. A. Rodríguez para a súa tese de doutoramento[39]. Normalmente nestes casos trátase de materiais xa publicados ou que procuran nas bases de datos dos museos e que poden estar mal clasificados, o cal pasa máis frecuentemente do que é desexable. Facendo a oportuna solicitude ao museo depositario do material en concreto, mediante o número de sigla e/ou inventario si se coñecen, e senón mediante o envío de fotografías e/ou debuxos para facerlle saber ao persoal cal é a peza coa que se quere traballar. Decídese facer unha pequena incursión en determinados materiais como consecuencia do interese que revisten para o devir da investigación. Este tipo de estudo tamén pode derivarse da solicitude

[39] Gracias a Alba por deixarme ver o material e por ter en conta as pezas que me poden interesar e deixarme revisalas e tamén polas fotografías.

para o traballo cun material determinado e o propio museo informa de que contan con outras pezas semellantes que poden ser de interese e facilitan o acceso ás mesmas. Tal é o caso das cerámicas perladas ou sítulas procedentes da Cidade de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense), Coto do Mosteiro (O Carballiño, Ourense), Castro das Laias (Cenlle, Ourense), Castro de Santa María (Petín, Ourense), Castro de Santomé (Ourense, Ourense), Castro de San Cibrán (Cerdedo, Pontevedra), O Castro de Lameán de Arriba (Ribadumia, Pontevedra), Castro do Coto de Altamira (As Neves, Pontevedra), Castro da Lanzada (Sanxenxo, Pontevedra), Castro da Forca (A Guarda, Pontevedra), Castro de Fozara (Ponteareas, Pontevedra), Castro de Troña (Pontéareas, Pontevedra), Castro de Vigo (Vigo, Pontevedra), Castro de Elviña (A Coruña, A Coruña), Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña) ou Castro de Meirás (Sada, A Coruña).

Nos casos nos que é imposible desprazarse ata o museo depositario do material solicítanse e recíbense fotografías e/ou debuxos que axudan a complementar os datos aportados pola bibliografía e incluso achegan pezas inéditas. En moitas ocasións, pregúntase pola posibilidade de facer unha solicitude de busca xeral nas coleccións museolóxicas seguindo directrices xenéricas por palabras do tipo de material –cerámica ou bronce– que se está a procurar, en busca desas pezas inéditas e incluso erroneamente tipificadas. Isto faise mediante a descrición de motivos decorativos concretos, chapas de bronce decoradas como termo xenérico, envío de fotografías de pezas para explicar visualmente que é o que se pretende atopar e que axudan aos responsables a acoutar a busca… Algunhas destas buscas nas bases de datos dos museos dan resultado, sobre todo no caso de pezas mal catalogadas por múltiples razóns, pero sobre todo pola **falta de unidade de criterios** entre @s propi@s profesionais da arqueoloxía e museoloxía á hora de rexistralas.

3.2. CRITERIOS DE IDENTIFICACIÓN DE MATERIAIS

Ao tratarse dun tema de investigación tan acoutado e específico, deben establecerse unha serie de **características relevantes** coas que debe contar un material para poder ser asignado a un grupo determinado. Isto faise no proceso de baleirado bibliográfico, partindo

sempre dos criterios aportados nas publicacións e que se complementan cos propios segundo se vai abondando no tema.

Para establecer os criterios de traballo, seguindo a D. L. Clarke (1984) tense en conta que:

> *«Todo artefacto, sin excepción, refleja un comportamiento necesario para su fabricación y otro para su uso. […] Se reproduce, pues, la jerarquía de atributos –inesenciales, esenciales, clave– dependiendo, en parte, del marco de referencia del estudio […]»* (Clarke 1984: 135-136)

No caso das sítulas e moldes de arxila para a súa fabricación, pártese dos trazos establecidos por X. Carballo (1983) como definitorios desta clase de pezas: morfoloxía, decoración… estes trazos son definitorios, o que non quere dicir que sexan excluíntes, senón que representan á maioría do material, pero non á totalidade (Clarke 1984: 134-146). Así, considérase susceptible de ser englobado neste tipo de material todo aquel anaco de bronce (chapa, armela…) que presente entrelazos con semiesfera central, motivo ao que se subordinan tódolos restantes. Tómase este deseño como referencia, posto que durante o proceso de traballo obsérvase que aparece en toda a plástica castrexa vinculada co Ferro II prerromano e romano, que sempre é motivo central (Villa 2016) e que pese a esta difusión na arte resulta paradoxal que nos materiais de bronce non se dean máis cá nas sítulas, non sendo así na ourivería ou cerámica, nas que se observan en múltiples tipoloxías (Seoane 2016). Estes entrelazos non soen darse illados, polo que a subordinación de motivos coma os sogueados, os espigados ou as fiadas de perlas tamén se converten en "trazos guía" na identificación das sítulas.

No caso dos moldes de arxila para a fabricación de sítulas, estes deben seguir as mesmas directrices marcadas para os anacos de bronce, pero engadindo unha variable moi importante para a súa identificación: a pasta. Durante os primeiros traballos directos con este tipo de materiais, comezando sempre polos xa publicados (Carballo 1983; Martins 1988a; Armada 2005; Currás 2014; Alonso 2015), vense unha serie de características nas pastas cuxa análise se constatou reviste grande importancia á hora de diferenciar un simple anaco de cerámica

decorada –coas que están mesturadas e confundidas en bastantes máis ocasións das desexables– deste tipo de pezas. Obsérvase que se trata de arxilas ben procesadas, ben decantadas e, polo xeral, de grao moi fino, pastas moi depuradas, con abundantes inclusións de materiais non plásticos, fundamentalmente seixos, de tamaño medio ou fino, que resultan extremadamente suaves ao tacto, e que incluso se desfán. Outro elemento que axuda a diferenciar as matrices de barro é a cor, posto que é habitual que convivan diferentes cores, ao igual que en calquera cerámica contemporánea a eles pero que, neste caso, definen o contacto directo co metal. Polo xeral, pese a que non sempre se dá, son pezas alaranxadas, amarelentas ou avermelladas ao exterior, pero a face que queda en contacto coa colada de bronce adquire unhas tonalidades escuras que van do gris cincento, pasando por tonalidades intermedias e rematando polas superficies completamente negras –pese a que hai casos nos que non se dá esta diferenciación, esta é a tónica xeral. A confluencia destas características físicas, xunto coa presenza dos mesmos motivos decorativos e/ou morfoloxías definidas para os bronces, soe traer como resultado a identificación destas pezas.

As **morfoloxías** tamén resultan transcendentes á hora de asignar un material ao grupo das sítulas, posto que tanto os enganches para asa como as chapas decoradas manteñen unha construción morfolóxico–formal moi definida, que pasa polos enganches en orella e as travesas horizontais e perpendiculares a elas no caso dos primeiros e polas chapas de bronce relativamente finas no das segundas. Pero a medida que se avanza no traballo vese que estes límites poden ser demasiado ríxidos e que só ofrecen datos dos elementos de suspensión e do terzo superior das vasillas, posto que nunca van máis aló do ombreiro e non semella que isto se deba á alta fragmentación das pezas, senón a outros factores. Así, mediante o estudo dos contextos materiais aportados nas publicacións e/ou memorias de escavación obsérvase case coma unha constante a presenza de placas remachadas ou asas de caldeiro a carón dos bronces decorados, ou a escasos metros dos mesmos. Isto fai sospeitar que gardan unha relación que vai máis aló da mera coincidencia a nivel estratigráfico ou espacial, o que leva a consideralas dentro deste grupo como parte integrante destas vasillas metálicas cando é factible, posto que en ocasións non se pode aseverar, polo que se descartan.

No que ás **cerámicas perladas** se refire, partimos das características tantas veces apuntadas dende a bibliografía (Rey 1990-1991, 1991, 1995, 1996, 1997, 1998, 2005b, 2014; Rodríguez Puentes 1986; Dorrego, Rubiero 1998) e que pasan pola confluencia dunha serie de elementos que irradian dende un punto común: a presenza de botóns cónicos ou semiesféricos realizados mediante impresión. En moitas ocasións, non sen razón, téñense vinculado cerámicas con botóns cónicos aplicados a esta tipoloxía de pezas (Rey 1990-1991, 1991, 1998; Dorrego, Rubiero 1998; Seoane 2017), pero a necesidade de acoutar o tema de traballo, a intención de definir tipos cerámicos na medida do posible e de restrinxir o material sobre o cal traballar, fai que establezan uns límites para a agrupación das vasillas cerámicas dentro desta familia de pezas. Así, establécese como condición indispensable que as fiadas de botóns concatenados que presenten sexan sempre realizadas mediante impresión, ao marxe dos motivos e/ou técnicas decorativas que as acompañen.

Nunha segunda fase de traballo, é importante o estudo morfolóxico das cerámicas perladas nun intento por vincular esta decoración cun tipo cerámico concreto, establecido con anterioridade (Rey 1979, 1991; Rodríguez Puentes 1986) ou non. Polo que con respecto ás formas non se coloca ningún tipo de restrición de inicio, pero durante o procesado e interpretación dos datos faise fincapé no estudo das seccións para establecer os límites nos que se moven. Ademais de intentar definir que motivos e técnicas acompañan en maior medida ao perlado, é interesante traballar con respecto á súa distribución no corpo das olas.

Unha segunda intencionalidade con respecto ás cerámicas perladas, é o estudo vinculado coas áreas oleiras definidas por J. Rey (1991, 2011) co gallo de abondar nas posibles variabilidades formais en relación coas áreas Setentrional, das Rías Baixas e da Cunca do Miño. Tamén se teñen en conta os datos referentes á olería aportados por outros autores para as áreas Oriental e Bracarense (Silva 1986; Silva 1997; González Ruibal 2006-2007; Villa *et al.* 2008; Marín 2012) coa intención de ter unha idea global destas tradicións que axude a establecer o grao de relación que manteñen as cerámicas perladas con elas. Asemade, a escaseza de publicacións de escavacións cun amplo rexistro do material, así como de estudos de material cerámico propiamente dito, salvo excepcións, fan case imposible atopar

referencias a este tipo de pezas tanto na zona astur-leonesa-zamorana coma no Norte portugués. No caso de Galicia, estas deficiencias de información poden ser salvadas con maior sinxeleza pola facilidade de acceso á información tanto na rede como contactando con arqueólog@s, museos… cousa que é imposible de facer con tódolos territorios no tempo dispoñible para traballar.

Así pois, cada evidencia debe tratarse tanto dende o punto de vista individual como grupal, privilexiando uns aspectos sobre outros, adaptado aos obxectivos que se pretenden acadar. Un punto importante é a correcta caracterización arqueolóxica, espacial e descritiva do material, pois considérase vital á hora de interpretar as categorías de información que ofrecen: seccións, diámetros, patróns decorativos, ausencia-presencia de contexto arqueolóxico… Deste proceso derívase, como resultado secundario, o establecemento ou matización de tipoloxías. Seguindo unha vez máis a D. L. Clarke (1984) un tipo fai referencia a:

> *«[…] una población homogénea de artefactos que comparten una gama de estados de atributos sistemáticamente recurrentes en un conjunto politético dado. […]»* (Clarke 1984: 183)

Tendo en conta esta definición establécense uns trazos guía que axudan a identificar patróns observables nunha determinada clase de pezas e que axudan a remarcar semellanzas e discordancias. As diverxencias dependen en moitas ocasións da natureza do material traballado, derivados dos diferentes graos de tipificación que amosan uns e outros. Así, as cerámicas do castrexo galaico están bastante "seriadas" e sistematizadas (Rey 1991), por contra, as sítulas son unha evidencia un tanto máis incómoda (Carballo 1983) posto que, se ben é máis reducida en número cá os materiais cerámicos, o gran nivel de fragmentación unido á dificultade que supón rastrexar os materiais nun mundo no que as publicacións coas pezas claramente expostas non son demasiado habituais, no que o acceso á información ás veces é incompleto ou inexistente, e a mencionada mestura de materiais como consecuencia da falta de unidade de criterios xa referida. A ausencia de referencias moitas veces derívase da non entrega de memorias de escavación, o non depósito dos materiais nos museos e un longo

etcétera de razóns que fan que rastrexas os materiais sexa unha tarefa, en ocasións, case imposible.

3.3. APARTADO GRÁFICO

As **fotografías** poden dividirse en dous grupos básicos (Armada 2005): as dixitais obtidas de primeira man ou por medios electrónicos a través de museos e/ou profesionais da arqueoloxía, e as dixitalizadas extraídas de publicacións, memorias de escavación… As primeiras son elaboradas como simple rexistro dun obxecto e que reflicta as características do mesmo. As segundas engloban un amplo espectro de representacións gráficas: fotografías, debuxos, planos de xacementos, mapas de distribución… esta categoría reviste especial importancia nos casos nos que as pezas se atopan en paradoiro descoñecido dende antigo, de difícil acceso ou que os prazos establecidos pola universidade para a elaboración da investigación non permiten rexistrar directamente como consecuencia do apertado dos mesmos.

No caso dos materiais que se estudan directamente é precisa unha documentación gráfica o máis completa posible, o que require decidir que debuxar-fotografar e que non unha vez establecidos os obxectivos e formuladas as cuestións a responder. Para elo defínense unha serie de criterios de representación gráfica dos materiais tanto para o debuxo como para a toma de fotografías adecuados ao que se quere reflectir dos mesmos. Así, por exemplo, para o estudo morfolóxico son importantes as seccións, para o decorativo unha fotografía de detalle… polo que este tipo de rexistro sempre está presente e soe facerse sempre que se pode e independentemente de que se debuxen ao completo ou non. Do mesmo xeito, calcúlanse os diámetros tanto para vasillas metálicas coma para vasillas cerámicas, sempre que permiten certo grao de exactitude, debúxense ou non, posto que as dimensións considéranse un dato importante á hora de determinar a súa funcionalidade e para a posterior comparativa morfométrica entrámbalas dúas.

No que respecta aos **debuxos**, é fundamental que sexan un fiel reflexo do material representado e deben aportar a maior cantidade de información posible en tódolos sensos: morfolóxico, decorativo, técnico, fracturas, defectos de fabricación, dimensións… aplícanse os mesmos criterios á hora de debuxar tanto pezas de bronce como de

barro –moldes e cerámicas. Sempre que é posible son representadas a tamaño real –escala 1:1–, agás cando se trata de fragmentos demasiado pequenos ou que requiren un alto nivel de detalle e que, para facilitar o traballo, acódese á súa ampliación ao dobro –escala 2:1. Os materiais son debuxados seguindo o criterio americano de deseño arqueolóxico (Madeira 2013: 40-41), mediante o cal se colocan as pezas na súa posición natural de uso potencial (Fig. 20). Así as seccións colócanse sempre ao lado esquerdo do debuxo, a superficie decorada á dereita do mesmo, as decoracións da cara superior dos bordos proxéctanse enriba dos mesmos… colócase todo na súa posición natural.



Fig. 20 Sistema de representación americano en debuxo arqueolóxico (Madeira 2013: 40, fig. 38).

Ao mesmo tempo, escóllese o debuxo a base de sombreados por ser amplamente aceptado para todo material anterior ao mundo romano e porque se considera que é o que mellor responde ao que se quere representar das vasillas: axuda a darlles volume, a amosar as diferenzas entre técnicas decorativas con maior facilidade, a diferenciar as rebarbas da decoración aplicada, reflectir fracturas, continuidades e descontinuidades decorativas ou morfolóxicas… A luz parte sempre da zona superior esquerda e vaise escurecendo a medida que se vai

achegando ao lado dereito. No caso de representar fragmentos de moi reducidas dimensións as sombras axudan a analizar a posición que ocupan no corpo da vasilla e complementan a información dada pola sección e a orientación das mesmas con respecto a unha liña recta.

Debuxar todo o material é imposible, sobre todo no caso dos xacementos que se estudan ao completo, polo que debe discriminarse que pezas teñen un maior interese e cales se poden solucionar cunha simple fotografía de rexistro. Para elo ten moita importancia o peso específico que cada peza e cada xacemento teñen dentro do conxunto da investigación, posto que os graos de intensidade de traballo antes descritos tamén inflúen á hora de decidir que material é susceptible de ser debuxado. Así, dun mesmo xacemento debúxanse os exemplos máis representativos, máis completos e de maior tamaño de cada tipo, grupo formal, motivo ou patrón decorativo. Agás no caso das sítulas de bronce, moldes de arxila para a fabricación de sítulas e cerámicas perladas, que se debuxan sempre que é factible no tempo asignado para ese traballo dentro da programación establecida para elo.

O proceso de **debuxo** consta de catro fases, destinadas a axilizar o traballo directo cos materiais e que ofrece a posibilidade de correccións de erros (Fig. 21):

1. **Orientación da peza, extracción do perfil/sección, o diámetro e copia das decoracións ou fracturas:** no lugar de estudo e mediante o uso de portaminas con mina de 2 mm, calibres, conformador de contornos, compás, regra, escuadra e cartabón en folio.

2. **Remate final mediante sombreado e corrección de posibles erros:** xa sen acceso ao material e con máis tempo, trasládase o debuxo orixinal mediante a súa copia en papel vexetal a un específico para debuxo dun mínimo de 130 g. e do tamaño adecuado ao debuxo en escala 1:1 ou 2:1 –o máis habitual son os din A4 e din A3, pero as pezas de maior tamaño requiren din A2 e incluso din A1. O sombreado conséguese mediante o uso de minas de diferentes consistencias e durezas, coa axuda de difuminos

de debuxo artístico, preferentemente de pasta de arroz por ser máis brandos, para darlle uniformidade á superficie.

3. **Dixitalización dos debuxos mediante escaneado**: cunha calidade –entre 400 e 600 pp. é o máis habitual– e que permite a súa posterior manipulación dixital sen prexuízo de perda de calidade no proceso.

4. **Preparación e remate dos debuxos mediante software fotográfico e de deseño:** emprégase o programa Adobe Photoshop CC para a limpeza, eliminación de fondo e corrección de cor como fase previa. Para a realización dos perfiles, seccións, colocación de escalas e remates finais úsase CorelDraw 2017. Nun principio a intención é realizar os debuxos a lápis como paso previo ao tintado en papel vexetal. Pero o tempo co que se conta manda, polo que se decide rematalos mediante esta cuarta fase, primando a posibilidade de realizar un maior número de debuxos representativos e de boa calidade a lapis sobre o tintado. A presenza de deseños realizados deste xeito nalgunhas publicacións e traballos científicos previos (Álvarez González *et al*. 2006; Oliveira 2017) e observándose que o resultado final que amosan é impecable, fai decantarse por esta opción, moito máis rápida cá o tintado e igual de eficaz. Os perfiles realízanse mediante o emprego de tableta gráfica para manter a precisión e o control do trazo mediante o uso de lapis dixital, evitando o uso do rato, moito máis impreciso e con menor liberdade de movementos. Conséguense uns resultados bastante bos e o tempo empregado é moito menor.



Fig. 21 Representación gráfica dos pasos seguidos para rematar o debuxo dunha cerámica do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Depósito: Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón) (Debuxos: C. Seoane).

No caso da **fotografía**, sempre se retrata todo o material seleccionado susceptible de formar parte do estudo, ao marxe do debuxo, as imaxes de rexistro son indispensables. Rexístrase cada peza, individualmente e/ou en grupo, para que quede constancia do aspecto da mesma e poder procesar os datos coa maior exactitude posible unha vez que xa non se ten acceso a elas. Sempre se fotografan con escala de 5 ou 10 cm, dependendo do tamaño da peza, e habitualmente cun fondo branco que deixe que resalten as pezas e se capten tódolos detalles: cor, pasta, fracturas… Tómanse mediante o emprego dunha cámara réflex Canon EOS 1200D. Nas fotos de detalle cóntase coa axuda de lentes de aproximación de +1, +2, +4 ou +10 aumentos, utilizados sos ou combinados entre si para conseguir un mellor enfoque nas decoracións, por exemplo. Algunhas requiren un posterior retoque mediante Adobe Photoshop CC para facelas máis nítidas, aclaralas, limpar os fondos de posibles manchas –inevitables traballando con materiais extraídos do subsolo.

3.4. CRITERIOS DE ELABORACIÓN DE GRÁFICOS

Os **gráficos** elabóranse coa intención de reflectir as proporcións que amosan as pezas de determinado elemento formal para rastrexar cales son as supra e as infrarrepresentadas, é dicir, cal é a parte anatómica das vasillas que se conserva con maior frecuencia e cales son as menos habituais. Tamén serven para observar tendencias nas

morfoloxías, os motivos decorativos ou as proporcións das pezas por área xeográfica ou tradición material.

Sempre se elaboran seguindo o número máximo de individuos –Nmx no subseguinte– que representa cada variable, nunca tendo en conta os fragmentos, posto que pode levar a equívocos e as estatísticas non son reais. Cada unha das variables son contrastadas con respecto ao número total de individuos que conforma a mostra de cada evidencia: sítulas de bronce, moldes de fundición para sítulas, representacións iconográficas, vasillas perladas ou vasillas "de tradición Borneiro", que se subdividen con respecto ao total de cada tipo de pezas que se traballan.

3.5. CRITERIOS DE ELABORACIÓN DE MAPAS

A **cartografía** elabórase mediante o uso da plataforma **IDEPatri**, ferramenta desenrolada e deseñada por E. Abad[40] como Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) de carácter arqueolóxico, para xacementos da Idade do Ferro do NW fundamentalmente[41] (Abad Vidal *et al.* 2011). Os datos obtidos durante o período de investigación rexístranse nunha base de datos de Microsoft Access, datos que son envorcados na base de datos xeral da plataforma, abrindo un proxecto específico para esta investigación. O que se combina co uso de software libre de información xeográfica, neste caso QGIS[42], para a elaboración dos mapas mediante capas de puntos con coordenadas decimais en formato WGS84.

Son importantes para emprazar espacialmente os xacementos que aportan material, á hora de establecer os límites dados polas diferentes evidencias, e poder contrastalas entre elas. Cada mapa responde a unha pregunta concreta e vanse elaborando a medida que o texto o vai demandando. Os datos espaciais son importantes para observar tendencias distributivas de, por exemplo, certas morfoloxías ou motivos

[40] A quen lle teño que dar as más sinceras grazas, sobre todo polo traballo realizado, sen el a cartografía desta tese non sería o que é. Pero tamén polo apoio, as ensinanzas, a paciencia e o interese que mostrou dende o minuto un para facilitar o traballo e que todo funcionase sen problemas.
[41] Para máis información: http://idepatri.cesga.es/
[42] Máis información en https://www.qgis.org/es/site/

decorativos e observar se seguen unha distribución espacial concreta. En definitiva, serven para situar no espazo tódolos datos obtidos.

Calquera variable é susceptible de ser analizada en clave xeográfica, pese a que esta non sempre é representativa por amosar tendencias de carácter demasiado xeral, polo que en ocasións non resulta operativo o seu uso. Pese a que se elaboran mapas case de calquera aspecto, non todos son tidos en consideración por este motivo, polo que se discriminan en favor dos que realmente ofrecen restricións de carácter espacial dentro dun espazo macro constituído polo NW peninsular. Algúns elementos poden ser incluso analizados a nivel micro, pois poden situarse os materiais dentro do xacemento de procedencia, algo, sen dúbida, interesante, pero que escapa dos límites establecidos nesta investigación. Elaboralos supón un inmenso esforzo de adaptación de coordenadas antigas ao sistema antes descrito, facer unha base de datos propia para cada un dos xacementos analizables dende este punto de vista… pero os resultados, non por ser interesantes, xustifican o tempo, esforzo e carga de traballo necesarios para realizalos senón aportan demasiado á investigación que se pretende desenrolar.

Os resultados obtidos con respecto á distribución, en principio atípica, dalgúns materiais fan necesario acudir á bibliografía na procura de respostas. É nese momento cando nos topamos con C. Renfrew e P. Bhan (eds.) (2008), quen, intentando describir o tipo de traballos que se teñen levado a cabo para definir o que eles chaman *"caracterización y teoría de los intercambios"* (Renfrew, Bhan (eds.) 2008: 145-149), consideran os modelos espaciais como un método de traballo interesante, posto que:

> *«el estudio cuantitativo de las pautas de distribución […] puede ser de utilidad […] se han aplicado modelos matemáticos al estudio de curvas descendentes en las que se recoge la disminución de hallazgos a medida que aumenta la distancia hasta el lugar de origen. […] en los casos en los que el material importado se encuentra concentrado en un lugar determinado, puede ser indicio de un suministro preferente o quizá de un patrón de distribución centralizada, asociado con el funcionamiento de un lugar central y, acaso, de una jerarquía política.*

> *La aplicación práctica de modelos espaciales al comercio y al intercambio es problemática.[…] Estos patrones de distribución tampoco pueden […] servir para afrontar la totalidad de pautas de consumo y deposición, o la idiosincrasia personal de los intercambios individuales. Los patrones […] pueden ser muy difíciles de interpretar. […]»* (Renfrew, Bhan (eds.) 2008: 148-149).

Así, tomando as cautelas necesarias, inténtase aplicar este modelo empregado para o comercio ás pautas de distribución que ofrecen os bronces e cerámicas cos que se traballa na procura de lugares de produción, redes de intercambio, tendencias estéticas… pero sen perder nunca de vista que os resultados non son sempre definitivos e que determinadas concentracións de materiais poden resultar enganosas.

3.6. FASE DE REDACCIÓN

Tendo en conta os límites temáticos, xeográficos e cronolóxicos expostos no capítulo introdutorio, a elaboración dun *corpus* material de carácter sistemático e actualizado de sítulas metálicas, moldes de sítula e cerámicas perladas é un dos elementos fundamentais deste traballo para acadar o obxectivo principal de estudo.

Unha vez elaboradas as bases de datos e elaborado un catálogo de materiais o máis extenso e completo posible, chega a hora da exposición dos datos que aporta. Preténdese que sexa un catálogo dinámico e dialogante, non estático e mudo. Así pois, a división do texto en capítulos responde á definición das categorías de obxectivos, evidencias, preguntas de partida e posibles respostas. O traballo consta dunha introdución na que se expón a temática que se pretende observar, como foi tratado pola historiografía, un estado da cuestión na que se atopa a mesma tanto a nivel micro –con respecto ao NW peninsular ibérico– como a nivel macro –con respecto ao resto da Península Ibérica ou do continente europeo durante a Protohistoria. Establécense tamén os principais límites xeocronolóxicos e culturais da a investigación.

Proséguese coa formulación do marco teórico que arroupa o proceso de comparación entre materiais a partir de diferentes traballos. Formúlase unha definición de esqueuomorfismo como verba clave nos traballos arqueolóxicos que estudan os procesos de imitación.

Establécense os niveis aos que se pode realizar a comparación a partir da súa aplicación práctica a unha pequena mostra de cerámica dun xacemento concreto na procura dun respaldo material na comprobación do seu funcionamento práctico. A partir de aquí formúlanse cuestións que se van respondendo a medida que avanza o traballo cos materiais e se aplica o modelo ao corpus de materiais que conforma o estudo de caso.

De seguido, ofrécese o repertorio de materiais do que se parte, comezando polas vasillas de bronce e rematando polas cerámicas. Trátase dunha visión de conxunto, non dun simple catálogo de materiais –que figura nos anexos, a xeito de fichas, xunto coas fichas dos xacementos que aportan material, por ser máis operativo a nivel de espazo e interpretación. Constan dunhas bases previas que introducen no material que se vai tratar a continuación, tanto a nivel historiográfico como da exposición dos problemas que ofrece á hora de traballalo, a categoría da mostra coa que se traballa e o xeito de traballar coas pezas. Deseguido desenrólase o estudo de conxunto que permite caracterizar o material: contextualización arqueolóxica, xeográfica, cronolóxica, morfolóxica, decorativa, material, funcional… e interpretación final dos datos, intentando ofrecer unha reconstrución aproximada ao aspecto orixinal das pezas coas que se traballa. O artellamento interno do catálogo de material responde ás cuestións formuladas de partida, centrándose nos datos rexistrados e que son consecuencia de estudos directos en museos, memorias de escavación, comunicacións orais ou escritas con diferentes profesionais e/ou institucións e, por suposto, de publicacións previas que conteñen dito material. Os resultados finais supoñen un compendio de todas estas informacións que, combinadas, ofrecen unha imaxe global das pezas.

A estrutura difire un tanto entre sítulas e cerámicas, posto que para o estudo das primeiras contamos con diferentes tipos de evidencias para traballar con elas, polo que o traballo subdivídese atendendo á categoría e natureza dos elementos estudados. Son comúns a tódolos apartados a caracterización morfolóxico-formal dos materiais e elementos constitutivos de cada tipo de vasilla. Préstase especial atención ás morfoloxías xerais e particulares dos diferentes elementos e aos motivos e esquemas decorativos na busca dese punto de encontro entre vasillas de bronce e barro. As variables xeográficas e cronolóxicas

forman parte da contextualización do rexistro material e/ou arqueolóxico, partindo dende o nivel micro conformado polo xacemento ata chegar ao nivel macro formado polo noroeste peninsular en sentido amplo, procurando debuxar as tendencias xerais de distribución, definidas en base ás mencionadas áreas oleiras (Rey 1991, 2011) tanto para a cerámica coma para o metal, a non ser que o material contradiga a idea inicial.

Cada capítulo contén unhas pequenas conclusións xerais que pretenden ofrecer unha imaxe de conxunto, así como unha reconstrución o máis fidedigna posible, non só de cada tipo de evidencia, senón de cada variabilidade formal dentro de cada clase de material e a mencionada formulación de tipos como produto secundario.

No medio do textos intercálanse imaxes, mapas, debuxos ou gráficos que resultan ilustrativos para a comprensión dos datos expostos verbalmente e que rachan coa monotonía da simple exposición de palabras. E que, por outro lado, axudan a unha explicación visual do que se está expoñendo e serven de respaldo ao discurso elaborado.

Por último, elabóranse os anexos, que constan de varios elementos: láminas, táboas, mapas, inventario de xacementos e catálogo de materiais. Nas láminas reprodúcese o material obxecto de estudo de xeito detallado e pormenorizado, ben en base a fotografías, ben en base a debuxos ou mediante a combinación de ámbalas dúas clases de representación gráfica. Nas táboas ofrécense os datos e o inventario de materiais, facendo unha relación do tipo de evidencia que ofrece cada castro e o nivel e/ou intensidade co que sen traballado con cada unha das evidencias. Asemade, vémonos na obriga de incluír nestes anexos, por cuestións de espazo, dinámica de traballo e axilidade de lectura, parte da cartografía elaborada para ilustrar as valoracións de tipo xeográfico vertidas no texto.

O último grupo confórmanos as fichas descriptivas dos xacementos e o material. En primeiro lugar, un inventario de xacementos, que se ofrece para facilitar unha descrición gráfica e cartográfica dos castros que aportan material nesta tese detallando o número de inventario (gid) que se lles dá na IDEPatri, o(s) seu(s) nome(s), mantendo sempre a

nomenclatura oficial empregada na documentación e inventario de sitios arqueolóxicos do Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia, as súas coordenadas xeográficas en WDGS84, a súa demarcación administrativa –concello/cámara municipal, provincia/distrito e país ao que pertencen– e unha pequena relación dos traballos arqueolóxicos –escavacións, prospeccións ou sondaxes– levados a cabo nese sitio arqueolóxico. En segundo lugar, un catálogo exhaustivo e individual do(s) material/materiais metálico(s) e cerámico(s), peza por peza, que forman parte do estudo de caso. Consta(n) dunha(s) fotografía(s) ilustrativa(s) ou dun(s) debuxos(s) cando se dispón de imaxes –o cal non sempre acontece–, o xacemento de procedencia e número de inventario que lle é asignado na IDEPatri, o número de vasilla/peza que se lle asigna durante o procesado de datos para englobar e interconectar os diferentes fragmentos que a conforman, facilitando así a súa identificación a nivel práctico. Tamén, sempre que é posible, inclúense o(s) número(s) de sigla(s) individual de/dos fragmento(s) e/ou de inventario –no caso das pezas que se atopan rexistradas nas bases de datos dos museos–, o tipo de material co que está elaborado –arxila, bronce ou ouro–, o tipo de evidencia que representan –molde, sítula metálica, representación iconográfica, vasilla perlada ou vasilla de "tradición Borneiro". Por último, o(s) elemento(s) formal/formais co(s) que se identifica(n) cada unha das pezas e a institución na que están depositados os materiais no momento no que se accede a eles ou con localización coñecida –de estar en paradoiro descoñecido ou de non ser quen de coñecer o lugar no que se atopa tamén se fai constar– coa intención de facilitar un futuro acceso aos materiais @s investigador@s –e a min mesma– que pretendan traballar con eles nun futuro, inmediato ou non, e que non se atopen cos mesmos problemas cá min á hora de localizar tódalas pezas.

Capítulo 4 Sítulas con decoración xeométrica

> *«[…] La tecnología es un reflejo de una actividad cultural, con sus opciones, sus decisiones, sus vacilaciones, sus torpezas y sus fracasos. […] La metalurgia es un fenómeno cultural […] estos parámetros culturales confieren a la metalurgia aspectos originales que muestran […] que la tecnología fue asimilada y utilizada para expresar una realidad social y económica.»*
>
> (Mohen 1992: 38-39)

4.1. BASES PREVIAS

En termos arqueolóxicos, unha **sítula** é

> *«[…] un recipiente metálico, en ocasións de arxila, de forma troncocónica, con ombreiro e bordo redondeado, colo ancho e baixo na meirande parte, [...] provisto dunha asa simple ou dobre, en arco, fixada por medio de orellas perforadas; as asas son de variñas, fixadas á parede, ao xeito das de caldeiro. O uso obvio, na vida práctica e na ritual, é conter e transportar líquidos.»*[43] (VV.AA. 1966: 357)

Así pois, **unha sítula é un caldeiro de bronce cunhas características e un espazo funcional moi determinados**. Son elementos moi presentes na cultura material protohistórica europea, no Antigo Exipto ou no mundo clásico (Fig. 22).

[43] Tradución propia de *«[…] un vaso metálico, di rado fittile, di forma troncoconica, con spalla arrotondata o a spigolo, collo per lo piú largo e basso […], provvisto di manico semplice o doppio, ad arco, fissato mediante orecchiette forate; calora i manici sono di verga, fissati alla parete, come quelli della cista. L'impiego ovvio, nella vita pratica e nel rituale, è quello di contenere e trasportare liquidi.»* (VV.AA. 1966: 357)

Fig. 22 Sítulas: a) Tumba 504 de Hallstatt (séculos IX-VIII a.n.e.) (Foto: wikipedia.org); b) Exipcia procedente de Anatolia (Depósito: British Museum) (Foto: britishmuseum.org); c) Babilonia (século X a.n.e.) (Depósito: British Museum) (Foto: britishmuseum.org); d) Necrópole etruscado Casone (século III a.n.e.) (Foto: wikipedia.org).

No Noroeste as sítulas con decoración xeométrica aparecen nun número relativamente alto de vasillas de bronce, bastante homoxéneo no formal pero mais heteroxéneo no morfolóxico pese a que presentan semellanzas (Carballo 1983: 11). A comezos do século XX J. Villaamil (1907c) identifica os fragmentos localizados no Castro de Valadouro coma pertencentes a un caldeiro, pero é F. L. Cuevillas (1968) o que en 1924 xa emprega o termo sítula para as mesmas pezas, no que constitúe o primeiro emprego da palabra sítula nun traballo científico para estes produtos metalúrxicos da Idade do Ferro do Noroeste. Con posterioridade, X. Carballo (1983), no primeiro, e polo de agora único, traballo sistemático sobre elas, mantén o seu uso, converténdose a partir de aquí nunha convención historiográfica para referirse a un produto metálico cunhas calidades estéticas, formais e funcionais moi concretas (Martins 1988; Peña 1998; Rodríguez García 1999; Armada 2005; Morais 2005; Cobas e Parcero 2006; Maya e Cuesta 2001; Villa 2004a; Rey 2005a; Currás 2014).

As sítulas son vasillas que espertaron moito interese xa dende moi cedo, pero non sempre son identificadas como tales, incluso a día de hoxe. Moitas veces os seus vestixios son asociados con fibelas de cinto (Pericot e López Cuevillas 1931; López Cuevillas e Taboada 1958: 305), brazais[44] ou con simples láminas de bronce decorado sen adscrición formal algunha (Aboal 2004: 214-215). Son pezas que

[44] Tal é a adscrición coa que se atopan nos inventarios de museos coma o Arqueolóxico Provincial de Ourense

destacan moito dentro do corpus metálico castrexo (Peña 1998), xa que se trata de elementos tecnoloxicamente complexos no seo dunha produción metalúrxica de carácter utilitario, autárquico e de menor calidade a nivel técnico (Fernández-Posse *et al*. 1993: 210-213; 2002: 51-59). En principio, son elementos excepcionais[45] nos xacementos probablemente como consecuencia do seu valor en canto que as vasillas metálicas constitúen un ben de prestixio (Comendador 1997: 34; Armada 2005: 22, 50), ou do alto investimento requirido en diversos sentidos: económico, forza de traballo, en tempo, derivados da súa complexidade técnica (Seoane 2017: 199). Son, habitualmente, fabricadas á cera perdida en moldes de arxila, cuxos vestixios aparecen espallados por un amplo territorio e que destacan pola súa profusa decoración mediante o emprego duns motivos e esquemas bastante estandarizados que, salvo excepcións, se manifestan en relevo (Carballo 1983; Seoane 2017: 198-201).

Segundo algúns autores, estes recipientes metálicos teñen unha orixe –en última instancia– oriental, ao igual que os caldeiros de remaches que chegan ao Noroeste no Bronce final (Carballo 1983: 8; Romero 1992: 140; Armada 2005: 427-428), adquirindo unha forte e marcada personalidade nesta área xeográfica na Idade do Ferro. A súa función non está clara, pero a maior parte dos autores coinciden en que se empregan en celebracións non cotiás coma banquetes ou cerimonias (Carballo 1983: 9; Carballo *et al.* 1998: 168; Maya e Cuesta 2001: 132; Armada 2005: 437; Esparza 2012: 20). Porén, para establecer potenciais usos das sítulas no mundo castrexo, hai que acudir aos contextos de aparición –polo xeral pouco ou nada esclarecedores– , á analoxía a partires dos usos que se lles teñen dado noutras zonas (Fig. 1) ao longo da Protohistoria ou ás súas representacións iconográficas.

O uso de moldes previamente tallados en cera de abella recuberta de arxila refractaria endurecida ao lume para a súa fabricación (Davey 2009: 147-148), require unha planificación previa do traballo e un axeitado control de tódalas etapas do proceso produtivo. A súa localización en contextos coma vertedoiros xunto con outros restos de procesado metalúrxico (Fernández-Posse *et al.* 1993: 210) ou en

[45] Existen xacementos que, polo número de pezas que conservan, parecen desmentir esta afirmación, caso de El Castrelín de San Juan de Paluezas, Castro de Borneiro, Castro de San Cibrao de Lás ou Castro de Santa Trega,

posibles talleres (Romero 1983, 1986, 1987b: 7-9) constata unha produción a escala local máis ou menos especializada e que difire do resto do corpus metálico, caracterizado por unha produción destinada ao autoabastecemento de ferramentas necesarias para desenrolar os traballos cotiás. En palabras de M. D. Fernández-Posse y J. Sánchez-Palencia (2002),

> *«[…] no sólo se trata de una producción de carácter local que no aspira a trascender el ámbito autosuficiente del castro* [sino que] *[…] están muy por debajo del nivel tecnológico del metalúrgico. Su verdadero dominio del trabajo del metal se muestra en […] un tipo de vasija de amplia dispersión en todo el Noroeste y que […] se conocen, sobre todo, por los moldes de arcilla para fundirlas. […] Se puede observar así la intencionalidad del artesano metalúrgico en cuanto a utilizar de una o de otra forma sus conocimientos técnicos […]»* (2002: 51-59)

É dicir, as sítulas falan dunha metalurxia castrexa non só utilitaria, senón que o nivel dos artesáns é moito maior do que se desprende dos restantes elementos do amplo abano de produtos metálicos.

A ampla dispersión xeográfica das sítulas, sobre todo dos moldes, no noroeste peninsular (Carballo 1983: 28, Fig. 1; Carballo *et al.* 1988: 169; Fernández-Posse *et al.* 1993: 210; Currás 2014: 519, Fig 5.14.; Seoane 2017: 195, Fig. 1) reforza a hipótese da fabricación autóctona co gallo de cubrir as necesidades internas da comunidade consumidora e desterra a idea dunha produción centralizada nun taller distribuidor do produto acabado (Fernández-Posse, Sánchez-Palencia 2002: 51-59). Algúns autores suxiren a posible existencia deste centro produtor (Currás 2014: 518) ou dun artesán itinerante (Fernández-Posse *et al.* 1993:213) ao xeito dos que se teñen proposto para a ourivería (Reboredo 2000: 177). Para contestar a esta e outras cuestións, no caso da ourivería, N. Reboredo (2000) pensa que é importante

> *«Analizar los recursos necesarios en cuanto a materia prima, recursos humanos y recursos tecnológicos (talleres y herramientas) para llevar a cabo estas producciones, con el fin de poder definir la presencia de escuelas o talleres locales que*

> *estuvieran satisfaciendo la demanda de un ámbito geográfico limitado.»* (Reboredo 2000: 5)

Así pois, no caso das sítulas é importante seguir estas mesmas pistas, pero sempre adaptadas ás especificidades e necesidades do material traballado na procura dos posibles ámbitos de produción e o nivel de centralización ou dislocación da mesma.

A súa cronoloxía foi amplamente debatida, pero normalmente vincúlanse ás centurias que roldan o cambio de Era –séculos II a.n.e.-II d.n.e.– (Carballo 1983: 24-25, 1994: 64; Romero 1992: 142), pese a que existen propostas que amplían esta franxa, situando a súa orixe no Ferro II Prerromano[46] –séculos IV/III a.n.e.– (Fernández-Posse *et al*. 1993: 207; Fernández-Posse, Sánchez-Palencia 2000: 53; Carballo 1994; Carballo *et al.* 1998: 168; Villa 2004a: 259, Fig. 5; Armada 2005: 431), fronte a outros autores que só as entenden nun contexto de contacto co Imperio Romano (Currás 2014: 518).

No que a exemplares estudados se refire (Táboa 1), vese unha evolución ao longo do tempo. No primeiro, e polo de agora único, traballo sistemático e monográfico sobre as sítulas, X. Carballo (1983) recompila materiais de 13 xacementos, constando o catálogo de 26 fragmentos pertencentes a 23 individuos Nmx repartidos en fragmentos de moldes e bronces. A partir de aquí, hai que agardar máis de dúas décadas para que L. Armada (2005: 420-443), na súa tese de doutoramento, revise e amplíe o catálogo, recollendo as pezas de X. Carballo (1983) e ofrecendo novas pezas en castros xa traballados nos oitenta, contando así con sítulas en 22 xacementos nun número indeterminado, posto que dalgúns sitios non se pode precisar o número exacto e fálase en xenérico de "numerosos fragmentos" ante a imposibilidade de coñecer o reconto real (Armada 2005: 422-424). Aumenta así exemplares doutros 9 castros e suma pezas a xacementos, un mínimo de 24 fragmentos de 24 individuos Nmx con respecto ao traballo de X. Carballo (1983), polo que o repertorio de pezas suma nese momento (Armada 2005) 50 fragmentos Nmx de 47 individuos Nmx.

[46] No caso de El Castrelín de San Juan de Paluezas (Carracedelo, León), os directores das intervencións sitúan a cronoloxía do vertedoiro onde aparecen os moldes durante todo o período de ocupación do xacemento (Fernández-Posse *et al.* 1993: 207), que sitúan en torno aos s. III-I a.n.e. (Fernández-Posse, Sánchez-Palencia 2000: 53)

Menos dunha década despois, B. Currás (2014: 518-521), na súa tese de doutoramento, fai unha pequena incursión nas sítulas como medio de coñecer as características xerais da metalurxia castrexa, presentando un mapa de distribución (Currás 2014: 519, Fig. 5.14) composto por 27 xacementos, non precisando o número de fragmentos ou individuos considerados e ofrecendo material inédito. O que supón un engadido de 5 xacementos con respecto ao traballo anterior (Armada 2005). O cálculo estimado, tendo en conta a bibliografía mencionada no corpo do texto, sumado ás que B. Currás (2014) engade, podemos falar duns 61 fragmentos, 58 individuos Nmx. aproximadamente. Por último, temos o traballo de F. Alonso (2015), no que fala do mesmo número de xacementos que B. Currás (2014), polo que o cómputo de pezas total é asimilable ao deste autor.

	Carballo 1983	Armada 2005	Currás 2014	Alonso 2015	Seoane 2018
Nº Frag.	26	50	61	61	329
Nº Indiv.	23	47	58	58	262
Nº Xac.	13	22	27	27	53

Táboa 1 Comparativa da evolución dos estudos das sítulas.

Con este punto de partida, procédese a unha revisión completa do material recompilado polos autores arriba mencionados partindo dun intensivo baleirado bibliográfico na procura de material publicado. Froito da suma dos materiais expostos en publicacións e memorias de escavación e os contactos cos museos, recóllese unha **mostra composta por materiais de 53 xacementos** (Mapa 1), sumando tamén exemplares en castros xa estudados previamente, acadando un total de **329 fragmentos pertencentes a 262 individuos Nmx repartidos en tres tipos de evidencias** (Táboa 22, Gráfico 1):

- **Directas:** fragmentos de bronce. 88 fragmentos de 76 individuos Nmx, que conforman o 29,34%% dos individuos, obtidos en 36 xacementos, descoñecendo a procedencia exacta de 2 pezas.

- **Indirectas:** fragmentos de moldes de arxila, son o conxunto máis numeroso. 232 fragmentos de 181 individuos Nmx, e que representan o 68,73% do total de individuos, procedentes de 17 xacementos.

- **<u>Representacións</u>:** imaxes de sítulas en ourivería e bronces sacrificiais. 9 fragmentos de 5 individuos Nmx, e que unicamente supoñen tan só o 1,93% dos individuos, procedentes de 5 xacementos.

Evidencia	Nº frag.	Nº indiv.	%
Directas	88	76	29,12%
Indirectas	232	180	68,97%
Iconográficas	9	5	1,92%
TOTAL	329	262	

Táboa 2 Números e porcentaxes dos diferentes tipos de evidencias.



Gráfico 1 Gráfico no que se representa porcentualmente o peso de cada unha das evidencias.



Mapa 1 Mapa de distribución das sítulas no NW (Fonte: IDEPatri).

Como consecuencia das carencias que supón a gran fragmentación das sítulas, os datos que ofrecen moldes e bronces deben complementarse cos das figuracións para elaborar o retrato máis preciso posible das mesmas. Cada evidencia ofrece unha categoría de información diferente. Así, os bronces poden informar, por exemplo, sobre aspectos coma a vida útil da vasilla, os moldes do sistema de

produción e as iconográficas do seu ambiente funcional. Para elo, os materiais analízanse por dúas vías[47] (Gráfico 2):

- **Directa:** documentación das pezas de primeira man. Consultáronse por este medio os materiais de 20 xacementos (93 fragmentos, 68 individuos Nmx), que supón o 26,15% do total da mostra. Destes, 34 fragmentos de 26 individuos Nmx son de bronce e 59 fragmentos de 42 individuos Nmx son moldes.

- **Indirecta:** estudo dos materiais mediante un baleirado bibliográfico intensivo e comunicacións orais ou electrónicas con museos e arqueólogos. Examínanse deste xeito pezas de 38 xacementos, (236 fragmentos, 192 individuos Nmx), e que representan o 73,85% da mostra. Destes, 54 fragmentos de 50 individuos Nmx son de bronce, 173 fragmentos de 137 individuos Nmx son moldes e 9 fragmentos de 5 individuos Nmx son representacións.



Gráfico 2 Representación porcentual das pezas estudadas por ambas vías.

[47] Os materiais de xacementos como A Cidade de San Cibrao de Lás ou a Citânia de Briteiros estudáronse por ambas vías. No primeiro caso a dispersión de materiais entre o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa non permite estudar tódolos exemplares. No segundo caso, algunhas pezas non puideron ser localizadas polo propio Museu da Cultura Castreja. En ambos casos, coñeceuse a existencia dalgunha peza con posterioridade ao desprazamento os museos, xa sen posibilidade de volver a el.

Asemade, estas dúas vías subdivídense en **tres categorías de análise**, atendendo ao nivel de intensidade coa que os materiais foron estudados, que se puideron levar a cabo combinadas dentro dun mesmo xacemento atendendo á dispoñibilidade dos materiais nos museos (Táboa 21):

1. **Intensivo:** xacementos nos que se estudou o espolio arqueolóxico ao completo, o que lle dá un maior empaque e unha visión máis ampla do conxunto. Adscríbese a esta categoría unicamente o Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña).

2. **Esporádico:** aqueles materiais que puideron traballarse directamente aproveitando a dispoñibilidade das pezas nos museos e que son estudados illadamente con respecto ao resto de materiais do xacemento de procedencia. Destacan os Castros de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense), Castro das Laias (Cenlle, Ourense), Castro de Elviña (A Coruña, A Coruña), Castro de Santa María (Petín, Ourense), Castro de Santomé (Ourense, Ourense), *Bracara Augusta* (Braga, Braga).

3. **Bibliográfico/documental:** trátase de pezas que tan só foron observadas ben mediante as correspondentes publicacións, ben a través de fotografías e/ou debuxos proporcionados por museos e colegas de profesión. Caso dos castros cuxo material se atopa en paradoiro descoñecido, coma o Castro de Valadouro (Valadouro, Lugo) ou o Castro de San Millán (Cualedro, Ourense). Outros polo difícil acceso a eles: Acampamento da Lomba do Canho (Arganil, Coimbra), Povoado do Pedrão (Setubal, Setubal), Castro de Moldes (Viana do Castelo, Viana do Castelo), entre outros.

Moldes e bronces aparecen moi fragmentados, só se conservan elementos formais illados, non se coñece ningunha peza completa, correspondendo. Estes elementos formais atópanse en diferentes proporcións (Táboa 3, Gráfico 3). Son os enganches para asa os que se conservan con maior frecuencia, seguidos daqueles cuxa colocación

anatómica non se pode determinar por falta de datos. En terceiro lugar, están os elementos que presentan bordo, colo e ombreiro, seguidos de cerca polos que só teñen bordo e colo . De seguido están os que presentan colo e ombreiro, despois os galbos, as asas de caldeiro e os colos. A seguinte corresponde ás representacións iconográficas de vasillas completas. Os ombreiros e os bebedoiros para o vertido do metal nos moldes (teñen unha presenza ínfima. As pezas máis completas están infrarrepresentadas por unha peza, tanto no caso do único exemplar que conserva todo o terzo superior da vasilla –asa de caldeiro, enganche, bordo, colo e ombreiro– coma no do elemento de suspensión íntegro –argola e enganche– (0,38%: 1 fragmento, 1 individuo Nmx).

Elemento formal	Nº frag.	Nº indiv. Nmx.	%
Galbo	10	9	3,46%
Bebedoiro	2	2	0,77%
Colo	8	8	3,08%
Elemento de suspensión+Bordo+Colo+Ombreiro	1	1	0,38%
Colo+Ombreiro	16	13	5,00%
Elemento de suspensión-Asa	11	8	3,08%
Elemento de suspensión-Enganche	102	86	33,08%
Indeterminado	67	63	24,23%
Ombreiro	4	1	0,38%
Iconográfica	9	5	1,92%
Elemento de suspensión-Enganche+Argola	1	1	0,38%
Bordo+Colo	32	30	11,54%
Bordo+Colo+Ombreiro	66	33	12,69%
TOTAL	**329**	**260**	

Táboa 3 Reconto das pezas desglosados polos elementos formais que presentan.



Gráfico 3 Gráfico de proporción de elementos formais von respecto ao número total de individuos da mostra.

4.2. EVIDENCIAS DIRECTAS: SÍTULAS DE BRONCE

Son as testemuñas presenciais da existencia das sítulas metálicas (Gráfico 1). A **mostra** está formada por **88 fragmentos** pertencentes a **76 individuos Nmx** (29,34% do total de pezas), extraídos en **37 xacementos** (Mapa 2).



Mapa 2 Mapa de distribución das sítulas metálicas no NW (Fonte: IDEPatri).

Tódalas pezas pertencen ao terzo superior das vasillas, agás algúns fragmentos, cuxa vinculación coas sítulas non é clara e que poden corresponder ao corpo das mesmas (Táboa 4, Gráfico 4). A meirande parte son, con moito, os elementos de suspensión, tanto enganches como asas de caldeiro illadas ou unidas aos anteriores ou argolas. Séguenlle os galbos; bordo con colo; bordo, colo, ombreiro; colo. Asemade, existe un grupo de pezas relativamente reducido das que non se pode coñecer a súa adscrición formal como consecuencia do alto grao de fragmentación que amosan.

Elemento formal	Nº frag.	Nº indiv. Nmx.	%
Elemento de suspensión-Enganche	43	38	50,00%
Galbo	10	9	11,84%
Bordo+Colo	9	8	10,53%
Elemento de suspensión-Asa	11	8	10,53%
Indeterminado	3	3	3,95%
Colo+Ombreiro	3	3	3,95%
Bordo+Colo+Ombreiro	5	3	3,95%
Colo	2	2	2,63%
Elemento de suspensión+Bordo+Colo+Ombreiro	1	1	1,32%
Elemento de suspensión-Enganche+Argola	1	1	1,32%
TOTAL	**88**	**76**	

Táboa 4 Reconto das pezas desglosados polos elementos formais que presentan.



Gráfico 4 Representación porcentual de cada elemento formal no total de pezas de bronce.

4.2.1. Elementos de suspensión

Os **elementos de suspensión conservados son compostos** (Fig. 23). A **mostra** está formada por **56 fragmentos** de **48 individuos**, procedentes de **37 xacementos**, e constan de dúas partes: a asa propiamente dita e os enganches. Tan só se conservan tódolos compoñentes deste elemento anatómico en dous casos, un das escavacións urbanas de Lucus Augusti (Lugo, Lugo) e outro de Castroverde (Castroverde, Lugo).



Fig. 23 Esquemas dos sistemas de engarce de: a) Unha asa de caldeiro nun enganche con asa de orella; b) Unha argola nun enganche con armela tubular (Debuxos: C. Seoane).

Das **asas** rexístranse dous tipos (Gráfico 5, Lám. I-)**:** as de caldeiro (88,89%: 11 fragmentos, 8 individuos Nmx) e as argolas (11,11%: 1

fragmento, 1 individuo Nmx). En principio, asas de caldeiro e argolas teñen funcións diferentes (Fig. 3). Ambas únense ao bordo e ao corpo da sítula mediante un enganche, que lle permite un certo movemento e unha mellor suspensión da peza completa (Fig. 24). Así, as asas de caldeiro, teoricamente, serven para transportar as vasillas cunha soa man ou penduradas nunha travesa enriba do lume, e as argolas só se empregan para transportalas ou penduralas, ben directamente sobre a travesa ou ben mediante unha cadea ou corda (Fig. 24). Atendendo á funcionalidade, colle agardar que as primeiras se vinculen aos recipientes de menor diámetro, e as segundas ás pezas maiores. Pero, isto non é necesariamente así, xa que no caso dos caldeiros de remaches existen exemplares dun tamaño importante que se vinculan a unha asa diametral, caso dunha das pezas do Castro da Peneda do Viso (Redondela, Pontevedra) (Armada 2003; Armada 2005: 141-146) (Fig. 25).



Gráfico 5 Representación porcentual de argolas e asas de caldeiro.

Fig. 24 Iconografía dunha sítula etrusca empregada como furna cineraria no soterramento nº 68 da Necropoli della Certosa (primeira metade do século VI a.C.) (Bolonia, Italia) (Depósito: Museo Civico Archeologico di Bologna) (Foto: Arquivo Fotográfico do Museo Civico Archeologico, museibologna.it).

Fig. 25 Caldeiro de remaches do Castro da Peneda do Viso (Redondela, Pontevedra) (Depósito: Museo de Pontevedra) (Foto: L. Armada), para cuxa asa se calculan uns 52-54 cm de diámetro (Armada 2005: 145).

As **de caldeiro** son asas diametrais, semicirculares e cos extremos voltos, xeralmente de pequeno tamaño[48]. Só é clara a vinculación coas sítulas no caso do exemplar de Castroverde[49] (Fig. 4a), no que a asa continúa unida ao enganche e ao bordo. Nos restantes casos, estas pezas asócianse con elas seguindo dous criterios básicos:

- **Estratigráficos:** contexto espacial e contextual destas pezas con respecto a algún anaco de sítula –ben sexa de molde, ben de bronce– no xacemento de orixe.

- **Estético-formais:** compáranse forma, sección ou aspecto externo que presentan os exemplares cuxa asociación coas sítulas é clara.

Guiándose por estas premisas, poden vincularse coas sítulas **11 fragmentos** de **8 individuos Nmx** de asas de caldeiro procedentes de **7 xacementos** (Mapa 3). O número de exemplares, polo momento, é reducido, polo que tódalas conclusións que se obteñen non son, nin moito menos, definitivas. En tódolos casos a asociación xorde da combinación de ambos criterios, agás no caso da peza do Castro da Lanzada (Sanxenxo, Pontevedra), que se vincula unicamente empregando criterios formais xa que, ata o momento, non se ten noticia da aparición de sítulas ou moldes alí.

[48] As asas contan con diámetros máximos aproximados relativamente pequenos. Van, no caso das torsionadas, dos 11 cm da do Castro de Borneiro aos os 16 cm da da Citânia de Briteiros. A do Castro do Coto de Altamira conta cuns 12-13 cm aproximadamente. A da Campa Torres ten uns 10,5 cm. O diámetro das restantes pezas non se puido obter ben como consecuencia do reducido tamaño do fragmento –caso da peza do Castro de Troña, (Fig. 2c)– ou ben pola carencia de escala nas imaxes -caso do exemplar de El Castrelín de San Juan de Paluezas.

[49] Polo momento só se coñece por prensa: http://www.lavozdegalicia.es/noticia/cdlugo/2014/06/08/arqueologos-preparan-entrega-material-custodian-xunta/0003_201406L8C5991.htm (último acceso: 15/06/2017)



Mapa 3 Distribución das asas de caldeiro e argolas no NW (Fonte: IDEPatri).

Estas asas de caldeiro poden ser **lisas** (90%: 6 fragmentos, 6 individuos Nmx) ou **torsionadas** (10%: 6 fragmentos, 3 individuos Nmx) (Lám. I-III a Gráfico 6). As lisas teñen diferentes seccións, sendo a romboidal e a plana as máis representadas, pese a que tamén existen algún exemplar con sección circular (Fig. 26). Das torsionadas só se coñece a sección da peza do Castro de Borneiro (4 fragmentos, 1 individuo Nmx) (Fig. 26 d), que amosa un trazo lobulado e outro plano; é de supoñer que os restantes exemplares amosan o mesmo corte lobulado, pero non se pode comprobar este extremo porque carecemos de debuxos que as proporcionen.



Gráfico 6. Representación porcentual de asas lisas e torsionadas por número máximo de individuos.



Fig. 26 a) Asa de sección romboidal de Campa Torres (Debuxo: Maya, Cuesta 2001, modificado); b) Asa de sección plana do Castro do Coto de Altamira (Debuxo: C. Seoane); c) Asa de sección romboidal do Castro de Troña (Debuxo: Hidalgo 1985b, modificado); d) Asa torsionada de sección lobulada do Castro de Borneiro (Debuxo: C. Seoane).

As **argolas** son un aro pechado de sección circular (10%: 1 fragmento, 1 individuo Nmx) (Gráfico 5, Fig. 26 b, Lám III b). En virtude das representacións, pode dicirse que irían colocadas en número de dous ou de catro sobre a boca da vasilla e enfrontadas. O único exemplar que polo momento se coñece procede as escavacións urbanas da actual cidade de Lugo[50] e aparece aínda unido ao enganche, polo que presenta o sistema de suspensión completo (Lám. III b).

Os **enganches para as asas** son un grupo formado por **45 fragmentos de 40 individuos Nmx**, procedentes de **24 xacementos**, descoñecendo a procedencia exacta de 3 deles (Lám. IV-XIII). Son o compoñente das sítulas que se conservan con maior asiduidade e

[50] Ao igual cá de Castroverde, só se coñece por prensa: http://www.lavozdegalicia.es/noticia/cdlugo/2014/06/08/arqueologos-preparan-entrega-material-custodian-xunta/0003_201406L8C5991.htm (último acceso: 20/05/2017, o 15/06/2017 xa non se puido acceder)

aparecen espallados por todo o NW, chegando a traspasalo (Mapa 4). Compóñense de dous elementos: armela e abrazadeira. Esta última presenta en ocasións unha prolongación destinada a asegurar o enganche ao corpo da vasilla; ambos elementos poden aparecer xuntos ou illados, sendo a armela o lugar onde encaixa a asa de caldeiro ou a argola, e a abrazadeira a que permite colocar o enganche sobre o bordo da vasilla mediante presión e remaches (Táboa 5, Gráfico 7).

Elemento formal	Nº frag.	Nº indiv.	%
Armela+Abrazadeira	15	15	37,50%
Armela+Abrazadeira+Prolongación	7	7	17,50%
Abrazadeira	9	7	17,50%
Armela	4	4	10,00%
Abrazadeira+Prolongación	6	3	7,50%
Armela+Abrazadeira+Prolongación+Engarce caldeiro	2	2	5,00%
Asa de caldeiro+Armela+Abrazadeira+Bordo+Colo+Ombreiro	1	1	2,50%
Argola+Armela+Abrazadeira+Prolongación	1	1	2,50%
TOTAL	**45**	**40**	

Táboa 5 Número de enganches que se conservan desglosados polos elementos formais que presentan.



Gráfico 7 Elementos formais dos enganches.



Mapa 4 Mapa de distribución dos enganches de asa (Fonte: IDEPatri).

As **armelas** (Táboa 6, Gráfico 8, Fig. 27), morfoloxicamente, poden ser en orella (85,71%), é dicir, un aro interrompido pola abrazadeira na base; ou tubulares (14,29%), é dicir, un cilindro oco. As de orella poden ser lisas (35,71%) ou decoradas (50%) (Gráfico 8) e soen presentar un desgaste na cara interna do aro producida pola fricción coa asa.

Elemento formal	Nº frag.	Nº indiv.	%
En orella decoradas	14	14	50,00%
En orella lisa	10	10	35,71%
Tubulares	4	4	14,29%
TOTAL	28	28	

Táboa 6 Desglose do número de armelas en orella e tubulares.



Gráfico 8 Porcentaxe de armelas en orella lisas, en orella decoradas e tubulares con respecto ao total de individuos.

Fig. 27 Armelas en orella (diferentes escalas) dos enganches de: a) Castro de Borneiro (Foto: B. Currás, C. Seoane); b) Castro de Santomé (Foto: C. Seoane); c) Castro de Chano (Foto: Museo de León); d-e) O Castro de Lameán de Arriba (Fotos: C. Seoane); f) Castro do Coto de Altamira (Foto: L. Armada); g) Castro de Lovelhe ((Foto: B. Currás); h) Castro do Coto de Castrovite (Foto: X. Carballo); i) Castro de Santa Trega (Foto: X. Carballo).

Dos enganches con **armelas en orella** coñecemos a sección de 12 exemplares e (Fig. 28), descoñecéndoa só para 3 deles, en termos xerais, vai de circular, pasando pola cónica ou a romboidal, ata a oval. Descoñecemos o corte de 10 dos individuos e algúns son aproximados. Nas **lisas** coñécese a sección de 7 pezas e nelas, predomina a sección circular (Fig. 28 c, f), condicionada no caso da armela dun dos enganches do Castro de Lameán de Arriba (Fig. 28 c) por unha prolongación a xeito de cono invertido na súa parte superior. A esta séguena a romboidal (Fig. 28 i), a oval (Fig. 28 d, g) e a cónica (Fig. 28 h). Nas **decoradas** coñécese a sección de 5 delas, nas a sección está condicionada polo esquema e os motivos ornamentais, e vai de cónica (Fig. 28 a-b, e) a circular (Fig. 28 g).



Fig. 28 Seccións dos enganches con armela en orella de: a) Castro do Coto de Castrovite (Debuxo: Carballo 1986); b-c) O Castro de Lameán de Arriba (Debuxos: C. Seoane); d) Procedencia descoñecida (atribuída ben ao Castro de Baroña, Castro de Borneiro ou Castro de Elviña) (Debuxo: Carballo 1983); e) Castro de Santa Trega (Debuxo: Carballo 1994); f) Castro de Borneiro (Debuxo: C. Seoane); g) Castro do Coto de Altamira (Debuxo: C. Seoane); h) Castro de Santomé (Debuxo: C. Seoane a partir de foto de C. Seoane); i) Campa Torres (Debuxo: C. Seoane a partir de Maya e Cuesta 2001); l) Castro de Chano (Foto: C. Seoane a partir de fotografía do Museo de León).

No referente ás **armelas tubulares** (Fig. 29), o número de exemplares é, polo momento, moi reducido: tan só coñecemos 4 fragmentos de 4 individuos Nmx (Gráfico 8: 14,29%). Sempre están decoradas e a única peza da que se coñece o perfil completo, a do Castro da Assunção (Fig. 29 a-c), ten sección plana. Estas pezas vincúlanse ás argolas tanto pola súa morfoloxía como pola aparición dun exemplar nas escavacións urbanas da cidade de Lugo que aínda a conserva

engarzada. O exemplar de *Tongóbriga* aparece demasiado fragmentado (Fig. 29 d), e o perfil que dela coñecemos o único que di é que se trata dunha chapa plana con dous resaltes laterais marcados polos cordóns de remate. Destas pezas colle destacar que tres apareceron nun contexto plenamente urbano e romano, como son *Tongóbriga* (Fig. 29 d), *Lucus Augusti* (Fig. 29e) ou *Conímbriga* (Fig. 29 f), o que pode aportar pistas cronolóxicas para este tipo de armelas. O único exemplar localizado nun poboado **castrexo** aparece nun ambiente material bastante romanizado (Marques 1985).



Fig. 29 Armelas tubulares de: a-c) Castro da Assunção (Debuxo: A. Marques, C. Seoane, Fotos: C. Seoane); d) *Conímbriga* (Debuxo: Alarção, Ponte 1979 modificado); e) Estação Arqueologica do Freixo-*Tongóbriga* (Foto: M. Santos, Museu Dom Diogo de Sousa).

As armelas tubulares de *Tongóbriga* e *Conímbriga* aparecen illadas (Fig. 29 d-e), pero as do Castro da Assunção e *Lucus Augusti* e aparecen unidos á abrazadeira. O exemplar lucense, ademais, é o único que conserva a argola engarzada. Dos tres, destaca a armela do Castro da

Assunção, no que se afianza mediante un sobrefundido decorado en horizontal (Fig. 29 b), en contraposición aos motivos verticais da armela. Ademais, a súa parte traseira semella ter sufrido un soldado para a súa reparación (Fig. 29 c), e que unido ao escaso grosor do corpo da armela e ao desgaste da cara interna, pode falar da fricción coa argola e do peso soportado.

O segundo elemento que conforma un enganche é a **abrazadeira**. Sitúase inmediatamente debaixo da armela e consiste nunha travesa situada en horizontal e que, na maior parte dos casos, permite colocala sobre o bordo mediante presión e remaches para afianzala ao corpo da vasilla. A mostra confórmana 37 fragmentos de 34 individuos Nmx. Rexístranse dúas variantes respecto dos remates dos seus extremos (Gráfico 9): redondeados (20,59%: 7 fragmentos, 7 individuos Nmx) ou rectos (58,89%: 22 fragmentos, 20 individuos Nmx). Existe, porén, outro tipo de abrazadeira caracterizado por un sistema de engarce co bordo do recipiente en ángulo recto en forma de "L" (5,88%: 2 fragmentos, 2 individuos Nmx). Por último, un relativamente reducido número de exemplos (14,71%: 6 fragmentos, 5 individuos Nmx) non se poden vincular a ningunha das variantes como consecuencia do seu alto grao de fragmentación.

As de **extremos redondeados** caracterízanse polo acabado romo dos seus remates, que se asemellan visualmente a unhas "ombreiras" (Fig. 30). Estas abrazadeiras, en ocasións, conservan unha prolongación (Fig. 30 a-b), que presenta perforacións destinadas a albergar remaches que serven para asegurar o enganche ao corpo da vasilla. Distínguense basicamente dúas variantes:

- **Triangular achatada:** de disposición horizontal e paralela á travesa entallada nos laterais, cos extremos redondeados, caso do Castro da Cidá de Borneiro (Fig. 30 a).

- **Triangular alongada:** de disposición vertical e perpendicular á travesa entallada nos laterais e cos extremos apuntados, coma no Castro de Valadouro (Fig. 30 b).

- **Indeterminada:** non se aprecia a morfoloxía a causa do alto grao de fragmentación. No caso dunha das pezas do Castro

de Santa Trega, coñécese mediante unha fotografía publicada por C. de Mergelina (1944-1945), na que se ve que conta cunha prolongación cuxa morfoloxía non podemos determinar[51].



Gráfico 9 Porcentaxes das clases de abrazadeiras.



Fig. 30 Abrazadeiras (diferentes escalas): a) Castro de Borneiro(Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Foto: L. Armada); b) Castro de Valadouro (Valadouro, Lugo) (Foto: Villaamil 1907); c) Castro do Coto de Altamira (As Neves, Pontevedra) (Foto: C. Seoane).

As de **extremos rectos** caracterízanse por ter os remates laterais en liña recta e paralelos entre si (Fig. 31). Existen pezas co sistema de

[51] No seu traballo de 1983 X. Carballo fala dun fragmento de bronce que se podería corresponder con esta peza, e no de 1994 xa as relaciona directamente

engarce intacto (2 fragmentos, 2 individuos Nmx) (Fig. 31 q) ou con vestixios do mesmo (2 fragmentos, 2 individuos Nmx) (Fig. 31 o, r). Sempre teñen decoración, o repertorio de motivos é amplo, os esquemas son variados e repítense en ambas faces.

Ao igual que acontece no caso das redondeadas, poden conservar unha **prolongación vertical** destinada a afianzar o enganche na peza mediante remaches e que só está decorada na cara externa, sendo lisa a interna que vai pegada ao corpo da sítula. A do Castro de Montealegre é unha peza de moi pequeno tamaño que ten dúas perforacións nos extremos e restos de óxido de ferro na travesa, o que pode ter relación coa existencia duns remaches deste material, pero tamén podería ser de natureza postdeposicional; asemade, na prolongación non presenta perforacións pero unha fendedura na parte interna do calado podería aludir á súa fixación mediante remaches por este extremo.

Neste caso as **prolongacións** poden ser:

- **Horizontal e paralela á travesa** con forma máis ou menos **trapezoidal**.

- **Vertical e perpendicular á travesa** e forma **triangular**, que poden ser caladas.

Fig. 31 Abrazadeiras (diferentes escalas) procedentes de: a) Castro de Santa María (Fotos: C. Seoane); C) A Cidade de San Cibrao de Lás (Fotos Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense); d) Citânia de Briteiros (Guimarães, Portugal); e) Castro de Chano (Foto: Museo de León); f) Procedencia descoñecida, atribuída a Lancia (Fotos: Museo de León); g) Castro da Assunção (Foto: C. Seoane).

Por outro lado, hai que falar das **abrazadeiras con engarce en ángulo recto** (2 fragmentos, 2 individuos Nmx) (Fig. 32). Estas pezas caracterízanse por ter a travesa e a armela en orella lisas, e unha prolongación rectangular ou trapezoidal e perpendicular á mesma que se caracteriza por ser calada e decorada só mediante espigados.

Fig. 32 Enganches procedentes de: a-c) Castro de Santomé (Ourense, Ourense) (Fotos. C. Seoane); d) Procedencia indeterminada da área de Compostela (Foto: Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia).

Por último, no caso de **6 fragmentos de 5 individuos Nmx** (Fig. 33), procedentes da Cidade de San Cibrao de Lás (Fig. 33 a-b), Castro de Borneiro (Fig. 33 c) e Castro de Montealegre (Fig. 33 d), non puideron ser asignados a ningunha variante, posto que a súa fragmentación non o permite. Nin tan sequera por elementos estéticos se pode aventurar a súa adscrición. É evidente que forman parte das abrazadeiras, o que non é factible é aseverar si se trata da travesa, da prolongación ou a súa adscrición morfolóxica.

Fig. 33 Fragmentos de enganches procedentes de: a-b) A Cidade de San Cibrao de Lás (Fotos: a. C. Seoane, b. Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense); c) Castro de Borneiro (Foto: C. Seoane); d) Castro de Montealegre (Foto: R. Aboal).

As abrazadeiras con remates redondeados sempre aparecen asociadas a armelas en orella, que poden ser lisas (2 fragmentos, 2 individuos) ou decoradas (4 fragmentos, 4 individuos Nmx). Cómpre destacar que a única armela en orella que presenta zigzags combínase con este tipo de abrazadeira. As que presentan armela lisa teñen prolongación e as dúas proceden da área Setentrional. E as de extremos rectos relaciónanse con armelas en orella (12 fragmentos, 10 individuos Nmx), ben sexan lisas (5 fragmentos, 5 individuos Nmx) ou decoradas (5 fragmentos, 5 individuos Nmx). Pero tamén se asocian con armelas

tubulares (2 fragmentos, 2 individuos Nmx), que só aparecen xunto ás de extremos rectos, nunca coas de extremos redondeados.

Coñecemos a sección de 14 abrazadeiras (Fig. 34), que axudan a extraer conclusións a cerca do sistema de colocación do enganche sobre o corpo da vasilla. Así pois, parece non haber demasiadas diferenzas entre as de extremos redondeados e rectos. Destaca o perfil do exemplar do Castro de Borneiro (Fig. 34 f), cun arco moi estreito que fai supoñer que se coloca directamente sobre o bordo do recipiente. Outra excepción é a do Castro de Montealegre (Fig. 34 g) que, ademais de ser calada, o seu perfil é practicamente plano, incluso na travesa, isto xunto coa finura do bronce fan pensar que podería tratarse máis dun elemento meramente decorativo que funcional.



Fig. 34 Seccións das abrazadeiras de: a) Procedencia atribuída a Lancia (Debuxo: C. Seoane a partir de fotografía do Museo de León); b) Pico Castiellu de La Collada (Debuxo: C. Seoane a partir de foto de J. Rey); c-d) Castro de Santa María de Mones (Debuxo: C. Seoane); e) Castro de Santa Trega (Debuxo: Carballo 1994); f) Citânia de Briteiros (Debuxo: C. Seoane a partir de foto do Museu da Cultura Castreja); g) Castro de Montealegre (Debuxo: C. Seoane).

Nos casos restantes (Fig. 28), o espazo deixado entre a cara anterior e a posterior da travesa é máis amplo. Ademais, dous enganches conservan parte dun **elemento intermedio** entre o bordo e a abrazadeira (Fig. 28 c, Fig. 34 a), nun caso de chumbo (Fig. 34 a) e no outro de bronce (Fig. 28 c). Non ten que tratarse dunha variña metálica maciza, como parece indicar a barra de chumbo do enganche de procedencia atribuída a *Lancia* (Fig. 34 c, Fig. 35 a). Tanto neste último caso coma no do exemplar do Castro de Lameán de Arriba obsérvanse vestixios do arranque das chapas, unidas á abrazadeira e á prolongación mediante remaches (Fig. 35). O enganche do Castro da Nossa Senhora da

Assunção tamén conserva o arranque do caldeiro, que consiste en chapas lisas remachadas (Fig. 35 c-g). Neste caso amosa unha pestana e vestixios dunha segunda e que axuda a asegurar o posible elemento intermedio ao que envolven (Fig. 35 c-f).

Fig. 35 Detalles dos enganches de: a) O Castro de Lameán de Arriba (Foto: C. Seoane); b) Procedencia atribuída a Lancia; c-g) Castro da Assunção (Fotos: C. Seoane).

Das restantes, só a procedente do Castro de Chano conserva pequenos restos das chapas lisas baixo os remaches da prolongación. Nos demais anacos non se conserva ningún vestixio da peza empregada para axudar ao agarre da abrazadeira, de aí que se presupoña que este podería estar feito dun material perecedoiro como a madeira[52], pero

[52] En conversas con María Martín, experta en antracoloxía, refire que o emprego de madeiras coma a da abeleira poden cumprir esta función perfectamente, posto que a súa flexibilidade permite que se adapte ao contorno do bordo e a súa resistencia fai factible que soporte a temperatura do lume unha vez recuberto pola lámina de bronce. Atópanse ademais en caldeiros de en caldeiros de bronce (Gerloff 1986) ou como "alma" en torques áureos (Cartwright *et al.* 2012).

tamén pode ser consecuencia da posible refundición e reciclaxe das pezas metálicas. A posibilidade de que este compoñente sexa de materia vexetal xorde da presenza confirmada desta nos caldeiros de remaches:

> *«[…] No interior do bordo, a lámina enrólase nun tubo delgado, xeralmente arredor dalgún reforzo, que pode ser un tubo enrolado, un arame groso ou incluso una variña de madeira. […]»*[53] (Gerloff 1986: 86)

No caso das abrazadeiras en ángulo recto, a única sección coa que se conta presenta un sistema de engarce mediante remaches, visibles na parte superior da abrazadeira e sen mediación de ningún outro elemento (Fig. 32, Fig. 36). O escaso número de exemplares fai que non se poidan extraer conclusións definitivas en ningún senso. Polo momento un pertence á área Setentrional e outro á Cunca do Miño. Do mesmo xeito, hai que ter en conta que o enganche do Castro de Santomé foi atopado nun ambiente moi romanizado e tardío, polo que é posible que este tipo de enganches estean reproducindo modelos romanos pero adaptados aos gustos locais. Descoñécese a procedencia exacta do segundo exemplar, do que só se sabe que o atopou un detectorista de metais na área de Compostela, que a depositou no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia[54].

[53] Tradución propia de *«[…] On the inner edge of the rim the sheet is rolled into a thin tube, usually around some reinforcement, which may be a rolled lube, a thick wire or even a wooden rod […]»* (Gerloff 1986: 86)

[54] Grazas á notificación de Xulio Carballo, pode falarse con Roberto Pena e Eugenio Rodríguez, aos que lles remito o meu agradecemento, e ter acceso á peza tan só para unha exploración rápida á espera de que se deposite no Museo das Peregrinacións e de Santiago.



Fig. 36 Reconstrución do sistema de engarce do enganche para asa do Castro de Santomé (Ourense, Ourense) e do exemplar procedente da zona de Santiago de Compostela (Debuxo: C. Seoane).

No relativo á **decoración dos enganches de asa** (Táboa 23), nas armelas en orella a decoración é bifacial (13 fragmentos, 13 individuos Nmx), concéntrica e en relevo. Nestas, en ocasións, aparece deteriorada a causa da fricción coa asa, chegando case a desaparecer, caso da do enganche do Castro do Coto de Altamira. Colócase de xeito concéntrico de fóra cara dentro, agrupando os motivos de dous en dous, reducíndose os deseños a cordóns sogueados, espigados –formados mediante a concatenación de dous ou máis sogueados–, semiesferas colocadas en fiadas e, máis excepcionalmente, entrelazados de SSS de trazo múltiplo con semiesfera central, cordóns lisos e zigzags.

Nas armelas en orella os sogueados, colocados de xeito perimetral, abren e pechan o esquema na meirande parte dos casos, distribuíndose tras eles os restantes motivos, funcionando así coma delimitadores do campo decorativo (Fig. 37). O máis común é que lles suceda un espigado ou un sogueado máis estreito cá o perimetral, unha fiada de semiesferas ou un entrelazo de SSS de trazo múltiplo con semiesfera central. No caso do enganche do Castro do Coto de Altamira, este sogueado transfórmase nun espigado mediante a unión de dous sogueados, seguido dunha fiada de semiesferas. Nun dos enganches do Castro de Santa Trega un zigzag cumpre a función de marco decorativo,

acompañado tan só por un cordón liso, que marca a transición a unha área lisa. Outra das excepcións é un dos enganches do Castro de Lameán de Arriba, que tan só está decorado mediante cordóns lisos diametrais.



Fig. 37 Combinacións de motivos presentes nas armelas en orella (Debuxos: C. Seoane).

Nas tubulares o repertorio de ornatos redúcese a espigados, entrelazados de SSS de trazo múltiplo con semiesfera central e cordón lisos (Fig. 38). Os espigados e os cordóns lisos serven de marco para a banda de entrelazados. Todos eles van dispostos sempre en vertical e en paralelo, agás no caso da armela do enganche do Castro da Assunção (Fig. 29 b), que amosa un entrelazado en horizontal no sobrefundido da unión coa abrazadeira.



Fig. 38 Combinacións de motivos presentes nas armelas tubulares (Debuxos: C. Seoane).



Fig. 39 Combinacións de motivos presentes nas abrazadeiras con e sen prolongación (Debuxos: C. Seoane).

As **abrazadeiras**, tanto as de extremos rectos como as de extremos redondeados, presentan decoración en ambas caras da travesa, pero a prolongación está decorada no anverso pero é lisa no reverso. Os deseños poden colocarse tanto en vertical como en horizontal, agrupados en bandas e seguindo uns patróns bastante fixos (Fig. 39). O número de motivos é relativamente reducido pero as combinacións son múltiples. Destaca o emprego de entrelazos con semiesfera central, sogueados illados ou agrupados formando espigados, cordóns lisos, fiadas de semiesferas formando perlados, espirais, ou círculos concéntricos. Ao igual que acontece coas armelas, os sogueados actúan como delimitadores do marco decorativo e soen abrir e pechar o esquema. Habitualmente ambos extremos están ornamentados en

vertical, marcando o campo decorativo, distribuíndose en horizontal na zona central da travesa.

Armelas e abrazadeiras combínanse de diferentes xeitos entre elas dando diferentes resultados (Fig. 40):



Fig. 40 Combinacións posibles entre armelas e abrazadeiras con diferentes esquemas decorativos (Debuxos: C. Seoane).

As que presentan unha maior variedade de esquemas decorativos son as armelas en orella lisas, seguidas das decoradas e as tubulares, por tratarse dunha mostra moi reducida, son as que menos combinacións dan.

Territorialmente poden extraerse algunhas conclusións, pero sempre tendo en conta que en moitas ocasións a fragmentación e o reducido da mostra non permiten extraer conclusións definitivas pero si bosquexar determinados aspectos. Así pois, no caso **asas de caldeiro** o número tan reducido de exemplares non permite tirar conclusións nítidas (Mapa 5). Polo momento, as lisas aparecen sobre todo nas Rías Baixas, seguidas a partes iguais pola Cunca do Miño, a Oriental, a Setentrional e por debaixo do río Douro. As torsionadas, atópanse, a partes iguais, nas áreas Setentrional, Oriental e Bracarense.

As **armelas en orella** amosan tendencias xeográficas (Mapa 6), a *priori*, ben definidas. Do total de pezas, é na área da Cunca do Miño na que contamos con maior número de exemplares, seguida pola Setentrional e a das Rías Baixas, a Oriental, a Bracarense e entre os ríos Douro e Texo.

As **armelas en orella lisas** aparecen moi dispersas, repartidas entre a área Setentrional, que é a que alberga maior número de exemplares, seguida da Oriental, sendo *quasi* anecdóticas na Cunca do Miño e nas Rías Baixas. No caso das decoradas atópanse bastante parellas en número por todo o territorio. Destaca a concentración na área da Cunca do Miño, remontando o curso de río de norte a sur. Tamén teñen certa importancia nas Rías Baixas, na Setentrional e na Bracarense, nas Rías Baixas e na Bracarense, chegando a traspasar o Río Douro. É de salientar a total ausencia de armelas en orella decoradas na área Oriental, onde só se atopan as lisas.



Mapa 5 Distribución das asas de caldeiro e a argola (Fonte: IDEPatri).



Mapa 6 Distribución dos enganches con armela en orella (Fonte: IDEPatri).

Con respecto ás **armelas tubulares** non se poden establecer demasiadas conclusións xeográficas como consecuencia do limitado número de pezas (Mapa 7). Polo de agora circunscríbense ás áreas Bracarense e Setentrional xa na área de interferencia coa Oriental. Porén, a súa ausencia no resto do territorio pode non ser significativa e, nin moito menos, definitiva. Este baleiro pode ser consecuencia do déficit de estudos e publicacións do espolio metálico dos castros e fondos dos museos e non unha lagoa real.

No que ás abrazadeiras se refire, atopamos unha grande dispersión, que se amosa desigual nas diferentes clases (Mapa 8). Así, a **abrazadeiras con extremos redondeados** contan cunha distribución en diagonal de norte a sur atravesando as áreas atópanse nas áreas Setentrional, Rías Baixas e a partes iguais, na Cunca do Miño e a enmarcada polos ríos Douro e Texo.

No caso das **abrazadeiras con extremos rectos** aparecen dispersas por practicamente todo o territorio castrexo, chegando a traspasalo. Son as que maior presenza teñen, destacando nas áreas das Rías Baixas, a Cunca do Miño, a Setentrional e a Bracarense. É destacable que na área oriental é o único tipo de abrazadeira que se rexistra.

Por último están as **abrazadeiras en ángulo recto**. Polo momento o número de exemplares redúcese a dous, polo que nada se pode albiscar da súa distribución. Polo momento unha peza aparece na área Setentrional e a outra na Cunca do Miño. Son a variante que menos se rexistra tanto a nivel de exemplares como territorial, pero o reducido da mostra fai imposible tirar conclusións.



Mapa 7 Distribución das armelas tubulares (Fonte: IDEPatri).



Mapa 8 Mapa de distribución das abrazadeiras (Fonte: IDEPatri).

4.2.2. Morfoloxía dos corpos

Os corpos das sítulas abranguen dende o **bordo**, pasando polo **colo** e o **ombreiro** ata o e o fondo (Lám. XIV-XVII). Os fragmentos de bronce destes compoñentes son relativamente abundantes en número, pero varía segundo a parte anatómica da que se fale. A **mostra**

confórmana **33 fragmentos** de **29 individuos Nmx**, procedentes de **16 xacementos** (Mapa 9).



Mapa 9 Distribución das chapas de bronce decoradas no NW (Fonte: IDEPatri).

Así o **grupo máis numeroso** é o formado polos anacos de **galbos** (31,03%), seguido polos que teñen bordo e colo (27,59%), os que presentan só colo e ombreiro (10,34%), as que conservan todo o terzo superior, é dicir, o bordo, o colo e o ombreiro son un número mínimo de pezas (10,34%) e os colos con ombreiro (10,34%). Os que só son

colos son minimamente representativos (6,90%) (Gráfico 10, Táboa 7). A peza máis completa é a procedente de Castroverde, que conserva ademais de todo o terzo superior da vasilla o elemento de suspensión completo (3,45%). Por último, está un número nada desprezable de pezas que, como consecuencia do seu alto grao de alteración, non podemos asignar a ningún grupo formal (10,34%).

Elemento formal	Nº frag.	Nº indiv.	%
Panza	10	9	31,03%
Bordo+Colo	9	8	27,59%
Bordo+Colo+Ombreiro	5	3	10,34%
Colo+Ombreiro	3	3	10,34%
Indeterminado	3	3	10,34%
Colo	2	2	6,90%
Elemento de suspensión+Bordo+Colo+Ombreiro	1	1	3,45%
TOTAL	**33**	**29**	

Táboa 7 Números e porcentaxes dos diferentes elementos fomais das chapas de bronce.

A análise detallada destes fragmentos arroxa datos importantes con respecto á **morfoloxía** do terzo superior das vasillas (Fig. 41). En xeral, seguen un esquema de construción bastante fixo (Fig. 42). Os perfiles amosan bordos redondeados, colos esveltos e desenrolados en altura e ombreiros, salvo excepcións, escasamente marcados. Isto acontece en tódolos casos coñecidos agás os exemplares do Castro de Borneiro e Castroverde, que amosan ese colo desenrolado en altura, bastante estrangulado, e unha transición colo-ombreiro moi acobadada, que se convirte nunha marcada faceta na súa parte interna. Outra irregularidade está na peza procedente de La Corona de Corporales, que semella que a chapa foi dobrada sobre si mesma arredor dunha variña de ferro rematada por unha esfera en cada extremo (Sánchez-Palencia, Fernández-Posse 1985), pode que destinada a situar o elemento de suspensión sobre ela, de feito, pode pensarse na posibilidade de que forme parte dun deles. Os restantes perfiles non os coñecemos, pero pódense tirar algunhas conclusións con respecto a algúns materiais. Así pois, en primeiro lugar hai que destacar a sítula de Castroverde que, polas súas características, é asimilable morfoloxicamente ao exemplar do Castro de Borneiro. As características físicas e o coñecemento directo dalgunhas pezas levan a asimilar ao "esquema xeral" algúns dos fragmentos.



Gráfico 10 Porcentaxes dos diferentes elementos formais nas chapas de bronce.



Fig. 41 Chapas procedentes de: 1) Citânia de Briteiros (Foto: C. Seoane); 2) Povoado do Pedrão (Debuxo: Soares, Silva 1973); 3) Castro del Chao Samartín (Foto: Á. Villa); 4-5) Castro de Vigo (Fotos: C. Seoane); 6) Xacemento Castrexo e Romano da Punta de Cantodorxo (Foto: X. Carballo); 7) La Corona de Corporales (Debuxo: Sánchez-Palencia, Fernández-Posse 1985); 8) Campa Torres (Debuxo: Maya Cuesta 2001); 9-12) A Cidade de San Cibrao de Lás (Fotos: 9, 11-12 C. Seoane; 10 Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense modificada); 13) Castro das Laias (Foto: C. Seoane); 14) Acampamento da Lomba do Canho (Debuxos: Marques 1958); 15) Castro de Borneiro (Foto: C. Seoane); 16) Castro do Coto de Altamira (Foto: L. Armada modificada).

Do mesmo xeito, pezas coma a do Castro do Chao Samartín, aportan datos técnicos, pois semella que se trata dunha peza inacabada ou defectuosa, posto que presenta rebarbas por todo o contorno. Asemade, tamén podemos inferir como se colocarían estas pezas decoradas sobre o resto do corpo, posto que amosan perforacións probablemente destinadas a albergar un remache ou inclusive vestixios dos mesmos, mediante o cal se fixarían a unhas paredes presumiblemente formadas por chapas de bronce lisas ou minimamente

decoradas e remachadas, ou para permitir un mellor agarre do elemento de suspensión.

En canto á decoración (Táboa 8), en relevo ou incisa, seguen uns patróns bastante fixos, os motivos agrúpanse en bandas horizontais empregando un número máis ou menos reducido de motivos combinados de diferentes xeitos. Algúns esquemas ou motivos chegan a amosar certas tendencias xeográficas bastante definidas.



Fig. 42 Perfiles das chapas de bronce de: 1) Castro do Coto de Altamira (Debuxo: Carballo 1983); 2) Castro das Laias (Debuxo: Carballo 1983); 3-4) Castro de Vigo (Debuxos: C. Seoane); 5) Citânia de Briteiros (Debuxo: C. Seoane); 6) Castro de Borneiro (Debuxo: C. Seoane); 7) Xacemento Castrexo e Romano da Punta de Cantodorxo (Debuxo: X. Carballo, C. Seoane); 8) La Corona de Corporales (Debuxo: Sánchez-Palencia, Fernández-Posse 1985).

En canto aos motivos (Táboa 8) representados destacan os entrelazados con semiesfera central, os sogueados –illados ou agrupados formando espigado–, espigados, cordóns lisos, zigzags, retículas, círculos concéntricos, triángulos calados ou acanalados. Combínanse de diferentes xeitos sempre en bandas horizontais (Fig. 43).

Así, os entrelazados colócanse sempre nas partes máis visibles da peza, como son o colo e o ombreiro, os sogueados e os cordóns lisos abren e pechan os esquemas, os perlados soen estar enmarcados por dous sogueados e zigzags e retículas remárcanse mediante cordóns

lisos. Os entrelazos e os sogueados están presentes en case o 100% das pezas. Os cordóns lisos, os zigzags e as retículas son moito menos abundantes e restrínxense ás Rías Baixas, a Cunca do Miño, a Bracarense e á zona baixo o Douro. Asemade, os triángulos calados, pese a que polo momento só están presentes en dúas pezas, cínguese á área Setentrional.

Motivo	Bordo	Colo	Ombreiro	Horizonzal	Vertical
		•	•	•	
		•	•	•	•
		•	•	•	
		•	•	•	•
		•	•	•	•
		•		•	
		•		•	
			•	•	
		•		•	
				•	•

Táboa 8 Motivos decorativos presentes nas chapas de bronce (Debuxos: C. Seoane).



Fig. 43 Esquemas decorativos presentes nas chapas de bronce decoradas (Debuxos: C. Seoane).

Territorialmente (Mapa 9), estes anacos espállanse por todo o NW, concéntranse sobre todo na área das Rías Baixas, pero tamén existen exemplares nas áreas Setentrional, Oriental, na Bracarense, ou na Cunca do Miño. Chegan inclusive alén do Douro, caso das pezas do Acampamento da Lomba do Canho[55] (Nunes 1958; Carballo 1983), e incluso no *Alemtejo*, cun anaco procedente do Povoado do Pedrão (Soares, Silva 1973; Carballo 1983).

Por último, hai que falar dun pequeno grupo de chapas que poderían asociarse ás sítulas e que, posiblemente, forman parte do corpo das mesmas Fig. 44 Diferentes escalas: a-b) Chapas remachadas decoradas do Castro de Borneiro (Fotos: B. Currás); c-h) Chapas remachadas da Campa Torres (Debuxos: Maya, Cuesta 2001)). Trátase dunha **mostra** formada por **10 fragmentos de 10 individuos Nmx**. É un conxunto de pezas que se caracterizan por ser **chapas de bronce remachadas**, lisas ou decoradas, e que aparecen asociadas a anacos de sítula (Lám. XVII-XVIII). Porén, a súa vinculación con estas pezas é meramente hipotética e baseada en datos contextuais e que, nalgúns casos xa foran asociados con estas pezas previamente (Armada 2005).



Fig. 44 Diferentes escalas: a-b) Chapas remachadas decoradas do Castro de Borneiro (Fotos: B. Currás); c-h) Chapas remachadas da Campa Torres (Debuxos: Maya, Cuesta 2001).

Do mesmo xeito, coñecemos as seccións de tódalas pezas, e falan de chapas con remaches planos (Fig. 45a-b) ou cónicos (Fig. 45 c-h) unindo chapas relativamente finas no caso dos fragmentos do Castro de Borneiro (Fig. 45 a-c), pero bastante grosas no das da Campa Torres Fig. 45 c, f). Tamén aporta datos neste sentido a parte superior do caldeiro conservada no enganche do Castro da Assunção (Fig. 78 c-g), e que redunda na idea de que só estaría decorado o terzo superior da vasilla e o corpo non sería máis cá un caldeiro de remaches confeccionado con chapas lisas ou con pequenas decoracións.

[55] Estes elementos de sítula foron atopados nun contexto marcadamente romano, posto que se trata dun campamento militar de época Xulio-Claudia (Nunes 1958; Nunes *et al.* 1988).



Fig. 45 Seccións das chapas remachadas de: 1-2) Castro de Borneiro (Debuxos: C. Seoane); 3-8) Chapas remachadas da Campa Torres (Debuxos: Maya, Cuesta 2001).

Ademais, existen pezas cuxa vinculación coas sítulas resulta complexa, polo que non se teñen en conta para este traballo, pese a convivir con fragmentos de sítulas no mesmo xacemento non é posible establecer un enlace directo con elas por falta de datos. Este é o caso do coñecido como caldeiro de Besomaño (Castro de Lameán de Arriba, Ribadumia, Pontevedra), o exemplar máis completo desta tipoloxía de todo o Noroeste e que foi localizado durante a campaña de escavacións de 2013 (Fig. 46). Trátase dun caldeiro elaborado mediante a unión de chapas de bronce lisas mediante remaches de sección cadrangular, e que teñen o seu correlato noutros xacementos portugueses coma os do Povoado do Frijão (Braga, Braga) (Silva 2013) ou a Citânia de São Julião (Vilaverde, Braga) (Martins 1988a), que amosan remaches desta tipoloxía en cronoloxías semellantes.



3

Fig. 46 Caldeiro do Castro de Lameán de Arriba exposto na súa vitrina do Museo de Pontevedra (Foto. Celtiberia.net).

No que a **decoración** se refire, poden ser lisas ou presentar unha decoración sinxela a base de motivos xeométricos estampados, incisos ou impresos (Táboa 9). Os deseños parece que non seguen ningunha orde de colocación concreta e que se dispoñen aleatoriamente por toda a superficie das chapas. Os motivos consisten en punteados, triángulos incisos, triángulos recheos de semiesferas, ou semiesferas (Fig. 47).



Táboa 9 Motivos decorativos presentes nas chapas de bronce (Debuxos: C. Seoane).



Fig. 47 Esquemas decorativos presentes nas chapas de bronce do Castro de Borneiro (Debuxos: C. Seoane).

4.3. EVIDENCIAS INDIRECTAS: MOLDES DE ARXILA

Forman o grupo máis numeroso e fan referencia ao proceso produtivo á cera perdida seguido para fabricar as sítulas metálicas (Gráfico 1: 68,97%). A **mostra** está formada por **233 fragmentos** pertencentes a **181 individuos Nmx**, extraídos en **17 xacementos** (Mapa 10)[56]. Trátase de moldes feitos en arxila dunha soa peza e que son dun único uso, pois anacos destas pezas falan da rotura da matriz para obter a manufactura final e son poucos os casos que conservan as dúas caras.

Tódalas pezas pertencen ao terzo superior das vasillas (Gráfico 11). Neste caso, os condicionantes do estudo de determinadas pezas tan só mediante fotografías ou debuxos sen sección fai complicada a adscrición formal de moitos dos anacos (33,52%). Isto débese a que El Castrelín de San Juan de Paluezas (Carracedelo, León) é, de longo, o castro que máis pezas proporciona (147 fragmentos, 118 individuos Nmx) e que tan só pode ser observado deste xeito, o que condiciona as estatísticas e números totais.

[56] Unha vez rematado o traballo tivemos noticia a través de Enrique Alcorta, do Museo Provincial de Lugo, da existencia dun fragmento de molde procedente do Castro de Ferreira (Pantón, Lugo). Non se inclúe no estudo pero si nos mapas de distribución (Mapa 10: 101). Con este fragmento comezan a reencherse ocos, posto que supón o primeiro molde aparecido na provincia de Lugo. Pese a isto o baleiro na provincia de Ourense segue a ser significativo, pero non se pode descartar a súa aparición en futuros traballos.



Mapa 10 Distribución dos moldes de sítula no NW (Fonte: IDEPatri).

Alén disto, do total o maior número de pezas conservadas é de moldes para a fabricación de chapas decoradas (37,99%), distribuídos de xeito desigual segundo o elemento formal do que se estea a falar (Táboa 10). Así, os moldes para chapas que presentan tódolos elementos (bordo, colo e ombreiro) son os máis numerosos, seguidos das que conservan só bordo e colo, despois están os colos con ombreiro, seguidos dos colos e os ombreiros están infrarrepresentados.

Elemento formal	Nº frag.	Nº indiv.	%
Indeterminado	69	60	33,52%
Elemento de suspensión-Enganche	55	49	27,37%
Bordo+Colo+Ombreiro	57	28	15,64%
Bordo+Colo	24	22	12,29%
Colo+Ombreiro	16	11	6,15%
Colo	7	6	3,35%
Bebedoiro	2	2	1,12%
Ombreiro	2	1	0,56%
TOTAL	**232**	**179**	

Táboa 10 Números e proporcións dos diferentes elementos formais no total dos moldes.

Os seguintes en importancia son moldes destinados á elaboración de enganches para asa e que conservan un ou os dous elementos que os conforman.



Gráfico 11 Representación porcentual de cada elemento formal no total de moldes.

4.3.1. Elementos de suspensión

O único compoñente dos **elementos de suspensión** dos que se conservan os seus moldes son os **enganches**. A **mostra** confórmana **59 fragmentos** de **48 individuos Nmx**, extraídos en **9 xacementos diferentes** (Mapa 11), e tan só nun único caso do Castro de Borneiro conserva as dúas caras do molde (Lám. XIX-XXI).

Os enganches compóñense dos dous elementos mencionados (Táboa 11, Gráfico 12): armela e abrazadeira, que en ocasións amosan a prolongación e os moldes reflicten uns obxectos que se elaboran dunha soa peza. Os compoñentes destes moldes que se conservan con maior asiduidade son as abrazadeiras con ou sen prolongación ou asociadas a armelas e incluso algún co corpo completo.

Elemento formal	Nº frag.	Nº indiv.	%
Abrazadeira	3	3	6,25%
Prolongación	19	17	35,42%
Armela+Abrazadeira	6	6	12,50%
Abrazadeira+Prolongación	17	11	22,92%
Armela	12	9	18,75%
Armela+Abrazadeira+Prolongación	2	2	4,17%
TOTAL	**59**	**48**	

Táboa 11 Números e proporcións dos diferentes elementos compositivos dos enganche.

Tódolos moldes corresponden a enganches con armelas en orella (Táboa 12, Gráfico 13), e que, ao igual cá os seus correlatos metálicos, poden ser lisas ou decoradas (Fig. 48), e un pequeno número non se pode saber se presentan ou non decoración a causa da súa fragmentación ou estado de conservación.

Elemento formal	Nº frag.	Nº indiv.	%
Armelas en orella decoradas	7	7	46,67%
Armelas en orella lisas	8	6	40,00%
Indeterminadas	2	2	13,33%
TOTAL	**17**	**15**	

Táboa 12 Porcentaxes e números das armelas dos moldes.



Mapa 11 Mapa de distribución dos moldes para enganches de asa (Fonte: IDEPatri).



Gráfico 12 Porcentaxe de elementos conservados nos moldes para enganche de asa.



Gráfico 13 Clases de armelas atopadas nos moldes.



Fig. 48 Moldes para enganche de asa de: 1) *Bracara Augusta* (Foto: C. Seoane); 2) El Castrelín de San Juan de Paluezas (Fotos: M. D. Fernández-Posse, modificada); 3) Chao Samartín (Foto: Á. Villa, modificada); 4) Castro de O Vieito (Modelo dixital: Marques 2012); 5-6) Castro de Santa Trega (Fotos: X. Carballo).

Ao non coñecer as partes dianteira e traseira do molde, non se pode falar das seccións das armelas, pero se nos guiamos por criterios decorativos pode intentarse inferir o corte dalgunhas delas. Así pois, esta iría de circular a oval, pasando pola romboidal no caso das lisas, e de circular e oval ou cónica nas decoradas, nas que esta está condicionada polos motivos decorativos e a súa disposición.

O segundo elemento que conforma un enganche é a **abrazadeira**. A **mostra** confórmana **38 fragmentos** de **34 individuos Nmx** (Táboa 13). Pese a que o alto grao de fragmentación que presentan fai que non se poidan identificar na meirande parte dos casos (61,76%), pódese falar das dúas variantes anteriores respecto dos remates dos seus extremos (Gráfico 14). Predominan, ao igual cá no caso das metálicas as de extremos rectos, sendo as de extremos redondeados moito menores en número.

Elemento formal	Nº frag.	Nº indiv.	%
Extremos rectos	10	8	23,53%
Extremos redondeados	6	5	14,71%
Indeterminado	22	21	61,76%
TOTAL	**38**	**34**	

Táboa 13 Números e porcentaxes das abrazadeiras dos moldes.

Gráfico 14 Porcentaxes das clases de abrazadeiras representadas nos moldes.

Os exemplos de moldes para enganches de abrazadeiras con extremos redondeados apenas difiren dos coñecidos en bronce (Fig. 49). Tan só o molde do Castro de Borneiro (Fig. 49 a) conserva as dúas caras, e é o que máis datos aporta, que tamén fala da prolongación da abrazadeira. Desta tamén fala o molde do Castro de O Vieito (Fig. 49 d). En ámbolos dous casos é horizontal e paralela á travesa, moito máis decorada no caso do xacemento portugués.

Fig. 49 Moldes para enganche procedentes de: a) Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Fotos: C. Seoane); b) Castro de Moldes (Viana do Castelo, Portugal) (Foto: Silva 1986); c) *Bracara Augusta* (Braga, Portugal) (Foto: C. Seoane); d) Castro de O Vieito (Viana do Castelo, Portugal (Modelo 3D: Marques 2012).

Os moldes para enganche con abrazadeira de extremos rectos tampouco discordan con respecto ás súas homólogas metálicas tanto morfolóxica como decorativamente (Gráfico 9, Fig. 50). Ao igual que no caso anterior, estas abrazadeiras poden conservar esa prolongación destinada a afianzar o enganche na peza mediante remaches, ou pertencer tan só a estes (Fig. 51). Estes correspóndense tanto á cara dianteira e decorada do enganche, coma a posterior que é lisa e vai pegada ao corpo da sítula. Algúns amosan vestixios do anaco de arxila que permite deixar os ocos para os remaches na manufactura final. No exemplar do Castro de Santo António esta é horizontal e paralela á travesa pero de forma descoñecida. Pola súa parte, os das pezas de El Castrelín de San Juan de Paluezas son verticais e perpendiculares á travesa e de forma triangular.



Fig. 50 Abrazadeiras con extremos rectos procedente de: 1-2) El Castrelín de San Juan de Paluezas (Fotos: M. D. Fernández-Posse, modificadas); 3-4) Castro de Santo António (Fotos: Silva 1986, modificadas).

Fig. 51 Anacos de moldes para enganche de asa que amosan só a prolongación triangular, todos procedentes de El Castrelín de San Juan de Paluezas.

Outro elemento importante do que só contamos cun par de exemplos (Fig. 52), é a **parte interna do molde que permite que a abrazadeira sexa oca** e que lles aporta a convexidade necesaria para aloxar o bordo e o elemento intermedio ao encaixar o enganche na vasilla.

Fig. 52 Fragmentos da parte interna das abrazadeiras nos moldes, ambos procedentes de El Castrelín de San Juan de Paluezas.

Son poucas as **seccións** que coñecemos e os datos que aportan son escasos (Fig. 53). O que maior información dá volve é a peza do Castro de Borneiro, e que, ao conservar ambas faces, remite a unha abrazadeira con prolongación ao xeito da completa localizada no mesmo xacemento (Fig. 30 a). Amosa decoración tan só nunha das súas caras, así coma un pequeno botón de arxila destinado a obter unha perforación para un remache.



Fig. 53 Seccións dos moldes para enganche de asa de: a-b) *Bracara Augusta* (Debuxos: C. Seoane, A. Marques); c) Castro de Borneiro (Debuxo: C. Seoane).

Por último, hai que falar dun grupo de pezas das que, ben pola escasa calidade das imaxes coas que se conta ou ben polo alto grao de fragmentación que amosan, non se pode coñecer a súa morfoloxía exacta, sábese que son abrazadeiras pero non se pode precisar nada máis.

No relativo á decoración (Táboa 14), nas armelas en orella a decoración é concéntrica e en negativo, colócase de fóra cara dentro, agrupando os motivos de dous en dous, reducíndose os deseños a cordóns sogueados, espigados –formados mediante a concatenación de dous ou máis sogueados–, perlado, entrelazados de SSS de trazo múltiplo con semiesfera central e, máis excepcionalmente, acalanados para a elaboración de cordóns lisos.

Motivo	Armela	Abrazadeira	Prolongación	Horizontal	Vertical
	•	•	•	•	
		•	•	•	
	•	•	•	•	•
	•	•		•	•
	•	•		•	

Táboa 14 Motivos decorativos e a súa situación nos enganches (Debuxos: C. Seoane).

Nas armelas os sogueados, colocados de xeito perimetral (Fig. 54), abren e pechan o esquema na meirande parte dos casos, distribuíndose tras eles os restantes motivos, funcionando coma delimitadores do campo decorativo. O máis común é que lles suceda un espigado ou un sogueado máis estreito cá o perimetral, unha fiada de semiesferas formando perlado ou un entrelazo de SSS de trazo múltiplo con semiesfera central. As excepcións semellan ser un dos exemplares do Castro de Santa Trega, que amosa entrelazo e un único sogueado en paralelo a este e inmediatamente debaixo del e o do Castro do Vieito, que parece contar tan só cun sogueado perimetral que dá paso a un pequeno espazo liso.

Fig. 54 Esquemas decorativos presentes nas armelas en orella dos moldes (Debuxos: C. Seoane).

As **abrazadeiras**, tanto as de extremos rectos como as de extremos redondeados, presentan **decoración** tanto en vertical como en horizontal ou oblicuo, cos motivos agrupados en bandas e seguindo uns patróns bastante fixos (Fig. 55). O número de motivos é relativamente reducido pero as combinacións son múltiples. Como acontece nas propias sítulas metálicas, destaca o emprego de entrelazos de SSS con semiesfera central na zona central da travesa, sogueados –illados ou agrupados formando espigados– en horizontal e vertical enmarcando os restantes debuxos, acanalados que dan lugar a cordóns lisos na peza final ou fiadas de semiesferas formando perlados. Habitualmente os extremos adórnanse en vertical, marcando a parte central da travesa, na que os debuxos se dispoñen en horizontal e soen ser entrelazos ou fiadas de perlas.

Armelas e abrazadeiras combínanse entre si de diferentes xeitos (Fig. 56). Ao igual que acontece coas súas homólogas en bronce (Fig. 40), nesta ocasión son tamén as armelas en orella lisas as que maior número de combinacións presentan. Existen varios esquemas que, como consecuencia do alto nivel de erosión, desgaste e/ou grao de fragmentación dos moldes, non se poden chegar a extraer.



Fig. 55 Esquemas decorativos presentes nas abrazadeiras dos moldes (Debuxos: C. Seoane).



Fig. 56 Combinacións de armelas e abrazadeiras nos moldes para enganches de asa (Debuxos: C. Seoane).



Mapa 12 Distribución dos enganches para asa tanto de bronce coma moldes con armela en orella (Fonte: IDEPatri).

Territorialmente, os moldes para enganche abranguen un territorio que non chega en ningún caso a traspasar o río Douro, en contraste coa ampla dispersión das súas homólogas metálicas (Mapa 12). Así, os moldes para enganches con armela en orella lisa, polo momento, circunscríbense tan só á área Oriental, posto que tódolos

exemplares proceden de El Castrelín de San Juan de Paluezas (Carracedelo, León) e do Chao Samartín (Grandas de Salime, Asturias). Por contra, tódolos moldes con armela en orella decorada cos que se conta circunscríbense á zona sur da Cultura Castrexa, abranguendo as áreas da Cunca do Miño e a Bracarense.

En canto ás abrazadeiras dos moldes para enganche (Mapa 13), os que presentan extremos redondeados son escasos, polo que os datos xeográficos que se obteñen non son, para nada, definitivos. Polo de agora temos un único exemplar no Castro de Borneiro para a área Setentrional e dous na Bracarense. E coinciden territorialmente cos exemplares en bronce. Os que amosan abrazadeiras con extremos rectos tampouco arroxan demasiados datos, posto que tódolos anacos se obtiveron no Castrelín de San Juan de Paluezas agás dous, que proceden do Castro de Santo António, así pois atopámolos nas áreas Oriental e Bracarense.



Mapa 13 Mapa de distribución das diferentes clases de abrazadeiras tanto en bronce como en molde (Fonte: IDEPatri).

4.3.2. Morfoloxía dos corpos

Os moldes de arxila que se conservan remítennos todos ao **terzo superior do corpo da vasilla**, é dicir, do bordo, do colo e do ombreiro. Os anacos de molde destes son moi abundantes en número, e varía

segundo a parte anatómica da que se fale (Gráfico 15, Gráfico 15). A **mostra** confórmana **172 fragmentos** de **130 individuos Nmx**, procedentes de **15 xacementos** (Mapa 14) (Lám. XXII-XXV).



Mapa 14 Distribución dos moldes para chapas decoradas (Fonte: IDEPatri).

Así (Táboa 15, Gráfico 15), ao marxe dun amplo número de pezas cuxa vinculación formal non é posible determinar a causa do alto grao

de fragmentación dos moldes (46,15%), o grupo máis numeroso é o formado polos anacos que conservan todo o terzo superior da vasilla – bordo, colo e ombreiro. A estes séguenlles o que amosan bordo e colo, os que presentan só colo e ombreiro e os que só son colos ou ombreiros son minimamente representativos.

Elemento formal	Nº frag.	Nº Indiv.	%
Indeterminado	64	60	46,15%
Bordo+Colo+Ombreiro	62	31	23,85%
Bordo+Colo	23	22	16,92%
Colo+Ombreiro	13	10	7,69%
Colo	6	6	4,62%
Ombreiro	4	1	0,77%
TOTAL	**172**	**130**	

Táboa 15 Números e porcentaxes dos diferentes elementos formais conservados dos moldes para chapa.

A análise pormenorizada dos anacos de molde arroxa datos importantes con respecto á morfoloxía do terzo superior das vasillas. En xeral, estas matrices arxilosas semella que dan lugar a pezas moi semellantes ás estudadas nas evidencias directas (Fig. 57).

Tanto os anacos lisos, que se corresponden coa parte traseira dos moldes, a cara interna da chapa resultante por tanto, coma os decorados, a parte dianteira, a e cara externa do bronce, aportan datos morfolóxicos e técnicos. Estudando as seccións, atópanse as dúas mesmas variantes cá no caso dos bronces (Fig. 58):

1. Bordos redondeados de labios verticais; colos esveltos, desenrolados en altura e reducidos ao punto de estrangulación; e con ombreiros escasamente marcados.
2. Bordos redondeados de labios verticais; colo curto, de escasa altura e estrangulado; e con ombreiros moi marcados, que se converten nunha aresta na cara interna.



Gráfico 15 Porcentaxes dos diferentes elementos formais.

Fig. 57 Moldes para chapa, a diferentes escalas, procedentes de: 1-3) Castro de Borneiro (Fotos: C. Seoane); 4) Castro de Fozara (Foto: C. Seoane); 5) Castroventosa (Foto: B. Currás, modificadas); 6-8) El Castrelín de San Juan de Paluezas (Fotos: M. D. Fernández-Posse, modificadas); 9-11) *Bracara Augusta* (Fotos: C. Seoane); 12) Castro de Santa Trega (Foto: X. Carballo, modificada).

Fig. 58 Seccións dos moldes para chapa procedentes de: 1-7) *Bracara Augusta* (Debuxos: 1-5 Museu Regional de Arqueologia Dom Diogo de Sousa, 6-7 C. Seoane); 8) Castro de Santa Trega (Debuxo: Carballo 1994); 9) Castroventosa (Debuxo: Currás 2014); 10) Castro del Chao Samartín (Debuxo: Á. Villa); 11) Castro de Fozara (Debuxo: C. Seoane); 12) Castro de Baroña (Debuxo: C. Seoane); 13) Castro de Elviña (Debuxo: C. Seoane); 14) São João de (Debuxo: N. Oliveira); 15) Castro da Forca (Debuxo: C. Seoane); 16-17) Castro de Borneiro (Debuxos: C. Seoane).

Polo xeral aparecen en moi pequenos anacos, pero tamén hai moldes coa súa extensión practicamente completa. Así, as matrices máis íntegras, procedentes das escavacións urbanas en *Bracara Augusta*, conservan case toda a súa superficie total e ambas caras (Fig. 58, 6-7). As fracturas que presentan, así coma a súa reconstrución e encaixe, reflicten esa rotura intencional como medio de obter a manufactura final. Asemade, as súas seccións amosan moi claramente a forma e aspecto final que teñen as pezas de bronce elaboradas con eles, e redundan no explicado para as láminas metálicas: bordo redondeado de labio vertical, colo desenrolado en altura e estrangulado e ombreiro pouco marcado.

As seguintes pezas máis completas proceden do Castro de Borneiro (Fig. 57, 1-2; Fig. 58, 16-17), aos fragmentos decorados só se lles poden asociar pequenos fragmentos da cara traseira, mais aínda así reconstrúese ben a forma da lámina final. Por elo, semella que dan lugar a uns "positivos" moi parecidos á peza de bronce achada no mesmo poboado e á de Castroverde. Amosan bordo redondeado, colo escasamente desenrolado en altura, reducido ao punto de estrangulación e ombreiro moi marcado. En canto á transición colo-ombreiro, coñécese ben para a cara externa, pero as reducidas dimensións dos anacos traseiros impiden coñecer o interior nitidamente. Se nos guiamos pola metálica do Castro de Borneiro (Fig. 41, 13; Fig. 42, 6), pódese aventurar que é moi marcada e facetada ao interior, posto que amosan os mesmos motivos decorativos con igual disposición.

No que aos datos técnicos que se poden extraer a partir dos moldes se refire, colle salientar coma unha característica importante a decoración. Para obter motivos en relevo no bronce, nos moldes de arxila estes teñen que ser en "negativo", é dicir impresos na superficie. Moldes coma os do Castro de Borneiro (Fig. 57, 1-2), Castro de Baroña, Castroventosa (Fig. 57, 5) e un de El Castrelín de San Juan de Paluezas (Fig. 57, 6), permiten realizar pezas caladas, o que supón unha maior complexidade tanto formal coma decorativa. Outros, coma algúns de El Castrelín de San Juan de Paluezas (Fig. 57, 7-8), presentan uns pequenos buratos que interrompen a decoración, e dentro dalgunhas consérvase un pequeno anaco de arxila, mediante os cales se unen á cara traseira, que na lámina de bronce se reflicte en perforacións para a colocación de remaches e facilitar a súa unión co resto da vasilla.

Os moldes pode dicirse que están feitos dunha soa peza, pese a que as roturas "limpas" en moitos dos puntos de unión entre as caras anterior e posterior, ou a presenza duns pequenos "chanzos" nos extremos suxiren que se elaboran en dúas fases (Fig. 57, 7-8). Os datos coñecidos para a técnica de fabricación dos moldes son escasos, a arqueoloxía experimental intentou encher algunhas lagoas (Lackinger 2011; Comendador, Lackinger 2011, 2013) da súa elaboración[57], pero polo de agora calquera conclusión é precipitada.

Tamén é de destacar o elevado número de exemplares de moldes para chapa atopados en El Castrelín de San Juan de Paluezas (100 fragmentos, 81 individuos Nmn), e que se pode tomar como indicio dunha fabricación especializada e "centralizada" nun mesmo punto do poboado. No castro leonés foron recuperados nun depósito de lixo, asociados a máis vestixios de procesado metalúrxico nas inmedicacións dunha cabana interpretada coma un taller metalúrxico (Fernández-Posse *et al.* 1993; Sánchez-Palencia, Fernández-Posse 2000, 2002). Con todo, e pese á que as evidencias nos conducen a este punto, non pasa de ser unha mera hipótese. Sabemos que os moldes son de fabricación local, posto que a súa ampla distribución por todo o Noroeste así parecen indicalo (Mapa 10). No caso de El Castrelín fixéronse analíticas de 34 dos moldes (Galván *et al.* 1993; Sánchez-Palencia, Fernández-Posse 1993), e a súa mineraloxía fala da produción *in situ* con arxilas das inmediacións do castro.

O segundo xacemento en importancia é o constituídos pola cidade romana de *Bracara Augusta* (36 fragmentos, 28 individuos Nmx). Proceden de dous puntos diferentes da urbe pero moi próximos entre si (Morais 2005). A localización deste tipo de pezas nun ambiente

[57] Na procura de información, consúltase cun ourive, Gustavo Heilling, a quen lle teño que agradecer a súa colaboración desinteresada, sobor dos diferentes xeitos de elaborar un molde para traballar con metal fundido. Refire unha técnica que consiste en elaborar un selo nun material duro, coma a madeira de buxo, no que se tallen tódolos elementos decorativos tal e como se pretende que fiquen na peza final e aplicalo así sobre a arxila. Este xeito de fabricar o molde precisa de dúas coccións, unha da cara decorada para evitar que se deteriore e unha segunda cando se lle une a cara traseira. Esta forma de fabrico permite realizar varias pezas a partir dun único modelo, sen ter que tallalo en cera repetidas veces. Pode ser unha explicación á existencia de moldes tan semellantes dentro dun mesmo xacemento, pero nada comprobable, nin moito menos definitivo.

claramente romano leva a pensar nunha permanencia de gustos e xeitos de fabricar locais con raíces na Idade do Ferro en época Altoimperial.

En canto á **decoración** (Táboa 16), repítense os mesmos motivos e esquemas mencionados para as láminas de bronce: entrelazo con punto central, acanaladuras sogueadas illadas ou agrupadas formando espigado, espigado propiamente dito, zigzag, retícula, acanalados, punteados, triángulos ou arcadas calados.

Motivo	Bordo	Colo	Ombreiro	Horizontal	Vertical
	●	●	●	●	●
		●	●	●	●
		●	●	●	●
		●	●	●	
			●	●	
		●	●	●	
		●		●	

Táboa 16 Motivos decorativos presentes nos moldes para chapas decoradas (Debuxos: C. Seoane).

Os **entrelazados** colócanse sempre nas partes máis visibles da peza, coma o colo ou o ombreiro, os sogueados e os acanalados abren e pechan os esquemas, os punteados soen estar enmarcados por dous sogueados, zigzags e retículas remárcanse mediante acanalados para cordóns lisos (Fig. 59). Os entrelazos e os sogueados están presentes en case o 100% das pezas. Cordóns lisos, zigzags e retículas son moito menos abundantes e amosan tendencias xeográficas bastante definidas, posto que existen deseños que tan só se ven nos moldes das áreas das Rías Baixas, a Bracarense ou a Oriental. Asemade, os triángulos e arcadas calados, polo momento só están presentes en moldes das áreas Setentrional e Oriental. Os restantes motivos aprécianse por todo o Noroeste.



Fig. 59 Esquemas decorativos presentes nos moldes para chapas decoradas (Debuxos: C. Seoane).



Mapa 15 Distribución dos moldes para lámina e das chapas de bronce (Fonte: IDEPatri).

Territorialmente (Mapa 15), estes anacos de moldes **espállanse por todo o NW**, tendo un ámbito de dispersión moito menor cá as chapas de bronce. Os primeiros, polo momento, non chegan nin ao río

Douro, e as segundas chegan incluso a traspasar o río Texo. Isto indica que a produción centralízase e restrínxese ao Noroeste e quen son só os produtos acabados os que viaxan.

4.4. AS REPRESENTACIÓNS DAS SÍTULAS

Son as **testemuñas iconográficas da existencia das sítulas** (Gráfico 1, Fig. 60). Forman o grupo menos numeroso (1,92%) e sitúan estes recipientes metálicos no seu ambiente funcional, de natureza probablemente ritual. A mostra está formada por 9 fragmentos pertencentes a 5 individuos Nmx, procedentes de, como mínimo, 3 xacementos (Mapa 16). A súa vinculación coas sítulas non está clara ao cento por cento, pero semella que, cando menos, cronoloxicamente son coetáneas. Trátase de figuracións presentes tanto en elementos áureos como broncíneos, no primeiro caso están feitos mediante repuxado (García Vuelta, Perea 2001; García Vuelta 2007) e no segundo á cera perdida (Armada, García Vuelta 2003).

No caso das representacións en ourivería (Fig. 60 a), contamos cun único exemplar (García Vuelta, Perea 2001; García Vuelta 2007; Schattner 2012), cuxa vinculación coas sítulas xa foi suxerida hai tempo (Carballo 1983). No que ás representacións en bronce se refire, hai que falar dos bronces con motivos de sacrificio (Armada, García Vuelta 2003, 2005). Retratan as vasillas completas, polo que axudan a encher os baleiros de coñecemento que quedan tras o traballo coas evidencias directas e indirectas, moi fragmentarias e que só aportan datos do terzo superior dos recipientes, nunca dan un retrato completo.



Mapa 16 Distribución das representacións iconográficas con procedencia coñecida no NW (Fonte: IDEPatri).

Fig. 60 Detalles das sítulas representadas en: a) Diadema de (Foto: Á. Martínez Levas); b) Bronce sacrificial de procedencia atribuída a Lalín (Foto: L. Armada); c) Bronce sacrificial de procedencia descoñecida (Foto: Ó. García Vuelta); d) Bronce sacrificial de procedencia descoñecida (MAN II) (Foto: G. Cases, Museo Arqueológico Nacional); e) Bronce sacrificial de Castelo de Moreira (Debuxo: a partir de Lacerda, 1942).

4.4.1. Elementos de suspensión

Nestas representacións, **as sítulas reproducen dous tipos de sistemas de suspensión complexos**. Tan só no caso do bronce de procedencia atribuída a Lalín se pode falar de total ausencia de elementos de suspensión, probablemente como consecuencia da importante fragmentación que amosa o bordo da vasilla; aínda así, colle a posibilidade de que xa carecese del en orixe (Fig. 60 b).

Nos restantes casos pódese falar da súa presencia en maior ou menor medida segundo as condicións de conservación o permiten. No caso das figuracións que aparecen na diadema áurea de Moñes reproducen un elemento de suspensión complexo (Fig. 60 a), composto por un enganche con armela en orella ou argola e unha asa de caldeiro lisa cos extremos voltos e rematados nunhas pequenas esferas. De tódolos xeitos, trátase dun caso no que o soporte condiciona o tipo de representación, polo que non temos a garantía de que se estea reflectindo un tipo real. **O soporte condiciona a figuración** e iso leva a certa indefinición na descrición do sistema de engarce da asa ao bordo da vasilla.

Das restantes, as reproducidas nos bronces de Castelo de Moreira e o Instituto Valencia de Don Juan presentan armelas en orella e dúas argolas –que probablemente fosen 4 en orixe– (Fig. 60 c, e). No caso do exemplar do Museo Arqueológico Nacional só se conserva parte das armelas, que presumiblemente son en orella (Fig. 60 d). En tódolos casos, ben sexa por limitacións técnicas ou ben polo esquematismo das figuras, as armelas son lisas, as abrazadeiras non se representan e as argolas asócianse a armelas en orella, o que, polo momento, non acontece coas sítulas de bronce.

En resumo, contamos cun único exemplo de asa de caldeiro e dous/tres de argolas. O descoñecemento da procedencia de tres das catro pezas, así coma o escaso número de exemplares, fai que non se poidan facer precisións territoriais.

4.4.2. Morfoloxía dos corpos

No que aos corpos das vasillas se refire (Fig. 60), tódalas pezas amosan corpos sinuosos que comezan nun bordo redondeado, un colo de escasa altura, reducido ao punto de estrangulación, e unha transición do colo á panza moi marcada mediante un ombreiro bastante acobadado e galbo esférico, interrompido en ocasións mediante unha carena na súa parte media (Fig. 60 d).

A **decoración** só está presente en dous exemplares (Fig. 60 b-c, Táboa 17), os restantes son lisos. Os únicos motivos presentes e en ambos casos nos galbos son os sogueados horizontais e verticais. A diferenza reside no xeito de adornar e, á súa vez, reforzar o colo. No caso do bronce de procedencia atribuída a Lalín este refórzase mediante un sogueado horizontal (Fig. 60 b) e na que a decoración resulta moito máis recargada. Porén, o exemplar do Instituto Valencia de Don Juan faino por medio de asas galladas que parten da boca e morren no ombreiro (Fig. 60 c).

Motivo	Bordo	Colo	Ombreiro	Galbo	Pé	Horizontal	Vertical
		●	●	●	●	●	●
		●	●	●		●	●
		●	●			●	

Táboa 17 Decoración das representacións iconográficas (Debuxos: C. Seoane; Foto: Ó. García Vuelta, modificada).

A diferenza dos anacos de bronce e moldes, nestas pezas pode estudarse como poden ser os fondos e os pés. Se nos guiamos polas imaxes, posto que carecemos de seccións que o confirmen, estes son curvos e aséntanse sobre un pé alto. Pero, unha vez máis, o soporte e as limitacións técnicas poden que os condicione e sexan completamente planos.

Os pés son troncocónicos e fundamentalmente lisos. No caso dos exemplares da diadema-cinto de Moñes esta ausencia de ornamentos en toda a peza é moi posible que se deba ás limitacións do propio soporte e a técnica empregada para a súa elaboración –troquelado. O único que amosa decoración é o da sítula representada no bronce de procedencia

atribuída a Lalín (Fig. 60 b), que reflicte liñas paralelas oblicuas que lle dan aparencia dun sogueado ancho.

4.5. VALORACIÓN E INTERPRETACIÓN DO CONXUNTO

A amplitude do catálogo de materiais analizado, así coma a gran cantidade de datos que aportan os tres tipos de evidencias levan aparellada a necesidade dunha recompilación dunhas conclusións xerais e elaborar un retrato das sítulas o máis completo posible.

Do mesmo xeito, convén facer apreciacións a nivel formal, decorativo e xeográfico, así como técnicas e contextuais. Pero tamén é necesario valorar o ambiente funcional e de uso que pode envolver a estas pezas, tendo en conta tanto as versións ofrecidas pola historiografía anteriormente (Carballo 1983; Armada 2005; Currás 2014; Alonso 2014, 2017) coma os datos proporcionados polo material estudado.

En primeiro lugar, faise necesario resaltar as diferenzas que se aprecian na dispersión de moldes e bronces (Mapa 17), posto que namentres os moldes non van máis aló do río Ave polo Sur, os bronces traspasan incluso o Texo na súa fronteira máis meridional. Estas discordancias contribúen a reforzar a hipótese da fabricación local soamente dentro do ámbito castrexo (Carballo 1983; Fernández-Posse *et al*. 1993), sendo só os produtos manufacturados os que circulan fóra de dito ámbito. Moitos dos contextos nos que se localizan algunhas pezas que traspasan o Noroeste son marcadamente romanos –Lomba do Canho é un campamento militar, *Conímbriga* é unha cidade fundada despois da conquista do territorio luso-, o que pode ser un indicador do posible transporte destas vasillas por parte de galaicos que forman parte das tropas romanas e que levan consigo elementos que son importantes dentro do seu ámbito cultural/ritual na súa estancia no exterior.



Mapa 17 Distribución das sítulas diferenciadas por tipo de evidencia no NW (Fonte: IDEPatri).

Asemade, a convivencia de moldes e anacos de bronce dentro dun mesmo xacemento, coma nos casos do Castro de Borneiro, Castro de Santa Trega ou Chao Samartín, redundan nesa manufactura a escala local. Normalmente o número de pezas por xacemento soe ser escaso,

mais existen certas excepcións (Táboa 21), caso do material de Bracara Augusta ou El Castrelín de San Juan de Paluezas, que son os xacementos que concentran maior número de pezas. Esta gran concentración de moldes suxire a existencia dun centro produtor especializado que aglutina a fabricación de sítulas para un conxunto de poboación importante. As analíticas das arxilas que conforman os moldes do Castrelín de San Juan de Paluezas indican a súa elaboración con materias primas locais, o que incide na idea da produción in situ dos mesmos (Fernández-Posse et al. 1993; Galván et al. 1993).

O seguinte xacemento no que máis sítulas se localizan é no Castro de Borneiro, con vestixios directos e indirectos. Tanto neste caso coma no do Castrelín case tódalas pezas foron localizadas nun ambiente claramente metalúrxico, en cabanas que se teñen vinculado con talleres de produción metálica (Romero 1992) ou acumulacións de lixo con refugallos metálicos vinculados a un taller (Fernández-Posse *et al*. 1993), o que redunda de novo na produción estandarizada, especializada e centralizada.

No Castro de Borneiro, existe un problema, posto que case tódolos exemplares localízanse na zona Sudeste do poboado, pero esta localización pode non ser significativa, posto que a pendente do terreo descorre en dirección Oeste-Leste, o que fai que se concentre moito material nesta zona do poboado posto que se trata da fin de claras zonas de escorrentía de augas. Isto pode quedar certificado nalgúns casos, posto que o nivel no que se localizan varios anacos é de derrubo (Romero 1986, 1987, 1988, 1989), e ademais amosan un forte desgaste que fai que case non se distinga a súa decoración. Pero si que é certo que case todos son recollidos nas inmediacións da coñecida como "construción 11" que ten sido interpretada coma un taller de produción metalúrxica pola abundancia dos restos metálicos que alberga no seu interior (Romero 1992; Fernández-Posse *et al.* 1993).

Ademais, nos castros nos que conviven anacos de bronce e moldes, ámbolos dous vestixios teñen unhas características estéticas, morfolóxicas e formais moi semellantes, o que contribúe ao establecemento de patróns e tendencias a nivel xeográfico. Isto dá lugar ao establecemento de determinadas características estilísticas que poden chegar a definir territorios. Tal é o caso das armelas en orella,

sobre todo no caso das lisas, que establecen tendencias a nivel xeográfico.

Así pois, no caso das armelas en orella lisas (Mapa 18), coinciden xeograficamente os moldes que se coñecen para enganches con este tipo de armela coa presencia de exemplares en bronce. Resulta paradoxal que a súa distribución siga unha liña horizontal Oeste-Leste, destacando nas áreas Setentrional e Oriental, pero curiosamente nunca chegan a rebaixar a cunca do Miño pola súa vertente Sur cara o norte portugués.

Por outra banda, colle destacar a dispersión dos enganches con abrazadeiras de extremos rectos (Mapa 19), que, sendo ampla, resulta curiosa a súa total ausencia na área noroccidental galaica, e a súa especial preponderancia no entorno do río Miño, cubrindo unha diagonal Suroeste-Norleste que parte do río Douro e morre no río Sella.

No caso das **abrazadeiras con extremos redondeados** (Mapa 20), destaca a súa clara vinculación coa área occidental do río Miño, non chegando nunca a cruzar cara a beira oriental do mesmo. O reducido da mostra fai que as conclusións non sexan sólidas nin definitivas, pero resulta, cando menos, curioso que teñan unha distribución eminentemente setentrional e que percorre as áreas atlántica e cantábrica galaicas de norte a sur.



Mapa 18 Distribución das armelas en orella lisas (Fonte: IdePatri).



Mapa 19 Distribución dos enganches con abrazadeiras con remates de extremos rectos (Fonte: IDEPatri).



Mapa 20 Distribución dos enganches con abrazadeiras de extremos readondeados (Fonte: IDEPatri).

Isto en canto á morfoloxía, no que á **decoración** se refire, os **motivos** son relativamente reducidos en número pero as combinacións son múltiples e variadas (Táboa 24). Adáptanse ao elemento formal no que se sitúan e sempre se colocan nas partes máis visibles, sendo os entrelazados con semiesfera central e o perlado os máis resaltados. Decoran as armelas de xeito concéntrico e as abrazadeiras en horizontal, vertical e diagonal combinados. Nas armelas é nas abrazadeiras é habitual que se abran e peche o marco decorativo mediante sogueados, ben illados, ben agrupados formando espigados. O número de esquemas

que se lles poden asociar ás armelas, tanto en orella coma tubulares son escasos en relación ao número de composicións que se dan tanto nas armelas coma, sobre todo, nas chapas.

Nas chapas tamén se mesturan motivos horizontais e verticais. Nestas, con frecuencia, ábrese o esquema mediante un zigzag, ou unha retícula, enmarcados sempre entre dous cordóns lisos ou sogueados. Asemade, é habitual en tódolos elementos a asociación de sogueados e/ou espigados con motivos perlados, enmarcándose as fiadas de perlas entre sogueados contrapostos, formando así unha sorte de espigado con semiesfera central.

En moitas ocasións conséguense esquemas moi elaborados e complexos empregando un único motivo. Tal é o caso dos sogueados, que se agrupan contrapostos, quer en horizontal, quer en vertical, ou quer en diagonal –caso dalgunhas das abrazadeiras para enganches– formando espigados e dando lugar a múltiples e complexos debuxos. A presenza dos cordóns lisos en tódolos elementos, non por ser menos frecuente é menos importante, e soen cumprir esa función de marco do espazo decorativo ao igual cá os sogueados.

Nos enganches para asa as armelas en orella lisas e decoradas, as tubulares e as abrazadeiras combínanse entre elas dando diferentes resultados (Fig. 61).

Outros exemplos de tendencias estilísticas territoriais dánnolos as decoracións. Así, no caso das pezas decoradas mediante zigzag ou retícula, vese unha clara distribución pola área Sur do Mundo Castrexo (Mapa 21), abranguendo as áreas das Rías Baixas –bronces do Castro de Vigo e moldes e bronce do Castro de Santa Trega–, Cunca do Miño –anacos metálicos dos Castros do Coto de Altamira e San Cibrao de Lás–, Bracarense –moldes de *Bracara Augusta*– e Oriental –molde do Castro de San Martín de Castañeda. Tamén é importante facer mención á existencia de testemuñas metálicas con esta decoración alén do río Douro, no mencionado campamento militar da Lomba do Canho.



Fig. 61 Esquemas decorativos presentes nos enganches para asa (Debuxos: C. Seoane).



Mapa 21 Pezas con zigzag ou retícula (Fonte: IDEPatri).

Pero existen outros **motivos que marcan territorio**. Así, pese a que, polo momento, o número de exemplares é reducido, é interesante ver que os exemplos metálicos e de moldes que permiten a realización de pezas caladas con triángulos ou arcadas comprenden realidades moi diferentes, que van dende as comarcas do Son e Bergantiños, pasando pola comarca de Lugo –área Setentrional– até chegar ao Bierzo –área

Oriental (Mapa 22). Materialmente son zonas con bastantes disonancias (Rodríguez Ruibal 2006-2007) e espacialmente afastadas, pero que demostran unha certa unidade cultural. O que si resulta claro, pese ao reducido da mostra, que nunca chegan a traspasar a área noroccidental-nororiental da Cultura Castrexa, non chegando en ningún caso ás áreas máis meridionais.



Mapa 22 Mapa de distribución das sítulas con triángulos ou semicírculos calados (Fonte: IDEPatri).

Por último, as figuracións aportan datos interesantes en canto á morfoloxía global das pezas. Coinciden coas evidencias directas e indirectas na presenza dun bordo redondeado de labio recto, colo vertical desenrolado en altura e fortemente estrangulado, transición colo-panza escasamente marcada mediante un ombreiro, a presenza de armelas en orella, asas de caldeiro e argolas. Os datos que estas aportan a maiores é acerca do terzo inferior dos recipientes, que o retratan coma de corpo esférico, con ou sen carena cara a zona media e no lugar no que acada o diámetro máximo de expansión, que remata nun fondo curvo ou plano e que se asenta sobre unha base de pé alto troncocónica.

Así pois, recapitulando tódolos datos anteriores pode facerse un intento de reconstrución da teórica forma dunha sítula –neste caso máis vinculada ás áreas Setentrional e Oriental– segundo a morfoloxía dos diferentes elementos (Fig. 62).



Fig. 62 Reconstrución da probable morfoloxía de diferentes sítulas con triángulos calados e zigzag (Debuxos: C. Seoane).

Un último e interesante punto, é o do posible ambiente de uso. Este pode intentar inferirse a partir das súas representacións iconográficas, que falan dun uso ritual. Do mesmo xeito, a súa posta en paralelo cos usos dos caldeiros de remaches (Armada 2005) –partindo da premisa de que as sítulas non deixan de ser unha especie de "caldeiros de remaches evolucionados"–, así como a vinculación que X. L. Armada (2005) lle dá co mundo do banquete, lévanos a propoñer un uso en celebracións non cotiás de carácter cerimonial.

Para finalizar, colle facer referencia aos contextos de aparición dos fragmentos, para poder realizar unha certa **aproximación cronolóxica** ás mesmas. Neste punto faise preciso advertir que son bastantes as pezas que carecen dun contexto arqueolóxico claro como consecuencia da súa obtención en intervencións antigas. Moitas outras carecen por completo de calquera contexto, posto que proceden de desmontes de terras para estradas, labores agrícolas ou detectoristas de metais, habendo incluso un pequeno grupo de pezas do que se descoñece o xacemento no que se localizan.

Como se menciona en liñas precedentes, a aparición tanto de fragmentos de bronce como de moldes en ambientes urbanos plenamente romanos –caso de *Conímbriga, Tongóbriga* (Estação Arqueologica do Freixo), *Bracara Augusta* e *Lucus Augusti*– e incluso en asentamentos militares da mesma etapa –caso do Acampamento da Lomba do Canho– resulta interesante en canto á datación do fin do seu emprego. Pero para buscar as orixes das mesmas, é preciso abondar tanto nas datacións absolutas mediante radiocarbono aportadas polos diferentes autores para os xacementos nos que se localizan, así coma a súa situación con respecto aos restantes elementos materiais que os acompañan e que teñen unha cronoloxía ben definida.

Outro punto ao que se lle dou importancia é **a clase de xacemento no que se localizan os materiais**, agrupándose tendo en conta as características, dimensións, cronoloxías… dos mesmos (Mapa 23). Tendo en conta que cada tipo de asentamento leva aparelladas certas connotacións de tipo cronolóxico, subdivídense en **tres categorías**:

1. **Rural:** castro de pequenas dimensións. Con raíces nas Fases Inicial, Media ou Final da Cultura Castrexa. A esta categoría adscríbense a meirande parte dos xacementos, en concreto son 39 poboados dun total de 53 xacementos.

2. **Protourbano:** asentamentos de grandes dimensións, é dicir, castros de tipo *oppida –citânias* ou *cividades* fundamentalmente. Xacementos habitados sobre todo nos séculos que roldan o cambio de Era. A ela vincúlanse 8 poboados dos 53 totais.

3. **Urbano:** cidades de fundación romana de época Altoimperial e campamentos militares. Tan só 6 circunscricións se poden considerar como tal dentro dos 53 emprazamentos totais.

A preponderancia de establecementos rurais de tipo castro como lugar principal de localización redunda na idea dunha fonda tradición local na fabricación deste tipo de pezas. No caso dos ambientes plenamente urbanos faise preciso remarcar que tan só no caso de *Bracara Augusta* se teñen localizado moldes para a produción de sítulas, nunha cantidade considerable en número, pero nas cinco restantes o que se atopa é a manufactura final –caso de *Lucus Augusti*, *Conímbriga*, *Tongóbriga* –Estação Arqueologica do Freixo–, *Lancia*, ou o Acampamento da Lomba do Canho. Resulta interesante dende o punto de vista cronocultural e simbólico, posto que polo menos tres destas urbes atópanse fóra dos límites tradicionalmente establecidos para a Cultura Castrexa, tendo o río Douro como límite máis meridional (Carballo 1998). A presenza de moldes de arxila para a produción de sítulas nun ambiente plenamente romano en *Bracara Augusta* suxire a continuidade de artesáns, técnicas de manufactura e concepcións materiais cun forte substrato local con posibles raíces no Ferro II prerromano.

No caso dos xacementos englobados dentro dos enclaves de tipo protourbano ou *oppida*, polo momento só se conta con vestixios de moldes en tres deles –Castro de Santa Trega, Castro de Santo António e Chao Samartín. Nos restantes poboados, ata un total de cinco, polo momento, só podemos falar do produto acabado, o que pode constituír un punto interesante dende o punto de vista produtivo.

Porén, nos enclaves rurais de tipo castro a aparición de moldes é moito máis habitual. Asemade, neste punto faise preciso falar das diferentes vocacións económico-territoriais que se observan. Así, poboados coma os do Castro de Baroña, Castro da Punta de Cantodorxo, Castro da Lanzada ou o Castro da Forca, son castros que se atopan en plena liña de costa, e que, polo tanto, teñen unha forte vinculación co mar e os seus recursos (Calo Lourido 1993; Calo Lourido, Soeiro 1986; Suárez Otero, Fariña 1990; Carballo 1987). Son castros que se constrúen en espolóns, ou enclaves con saída ao mar, con

un ou varios dos seus extremos protexidos polo mesmo e nos que se teñen atopado cuncheiros con acumulación de refugallos de especies mariñas.

Outra cuestión xorde cun tipo de enclaves que teñen a liña de costa a moi pouca distancia pero que se atopan terra adentro, nos que, nalgúns casos, se teñen atopado eses cuncheiros que falan do consumo e explotación de produtos de orixe mariña. Tal é o caso de xacementos coma o Castro de Borneiro (Romero 1984b, 1987a), Castro de Elviña, Castro de Vigo (Hidalgo 1985a), Castro de Montealegre (Fernández Rodríguez 2006), Castro de Santo António, Castro do Vieito (Silva 2012) ou Monte do Castelo-Moldes. En cinco destes enclaves téñense localizado moldes e bronce en tres deles.

Resulta importante a concentración de vestixios na vertente atlántica, e na zona oriental próxima a explotacións de tipo mineiro en época prerromana e romana (Mapa 23). Castros coma Chao Samartín acumulan importantes restos de explotación e produción metálica (Villa 2004). Lugares coma o Castro de Santa María, Castroventosa (Fernández Rodríguez, López Pérez 2003), Pico Ferreiro (Mañanes 1981), El Castrelín de San Juan de Paluezas (Fernández-Posse *et al.* 1993; Sánchez-Palencia, Fernández-Posse 2000, 2002) ou La Corona de Corporales (Fernández-Posse *et al.* 1993; Sánchez-Palencia, Fernández-Posse 1985, 1988) teñen un denominador común: a súa proximidade ás minas de explotación aurífera de Las Médulas. A falta de datos no primeiro caso no permite facer demasiadas apreciacións, pero si no dos tres enclaves bercianos, para os que os responsables das exploracións arqueolóxicas enlázanos directamente con esta actividade mineira, pero coa posibilidade de que se tivesen explotado estes recursos xa en época prerromana. A partir de aquí xorde unha cuestión: é posible que a grande concentración de moldes en El Castrelín de San Juan de Paluezas teña que ver directamente coa súa condición de suposto "castro mineiro"? É posible que a produción de sítulas neste xacemento teña que ver coa viaxe do produto acabado a xacementos da contorna?

A abundancia de moldes en xacementos rurais de tipo castro redunda na elaboración das sítulas a escala local con vistas ao autoabastecemento intrapoboado. Tan só nun caso –El Castrelín de San

Juan de Paluezas– a sobreabundancia de moldes suxire unha produción centralizada nun posible taller especializado co gallo de abastecer a unha clientela ampla que transcende o ámbito interno, e que, como se menciona en liñas precedentes, pode ter que ver coa aparente vocación mineiro-metalúrxica deste enclave. Tamén é interesante o reducido número de moldes de arxila en xacementos protourbanos de tipo *oppida*, e presenza dos mesmos tan dó nun dos enclaves de tipo urbano –*Bracara Augusta*.

Cronoloxicamente o tipo de enclave tamén aporta pistas. Así pois, tódolos xacementos de tipo *oppida* teñen datacións para a súa habitación nos séculos que roldan o cambio de Era. As urbes de fundación romana son creadas cara a segunda metade do s. I a.n.e. ou o primeiro terzo do s. I d.n.e., no caso do establecemento militar de tropas romanas pode falarse, máis ou menos, deste mesmo abano cronolóxico (Sánchez Pardo 2010). Moito máis complicada resulta a precisión temporal nos xacementos rurais de tipo castro con hábitat prerromano, e que só amosan un punto en común entre eles, os *oppida* e as cidades romanas: a súa habitación no cambio de Era.

En primeiro lugar, destaca o enganche de Campa Torres, que se compón de dous anacos, a parte superior –armela e abrazadeira– atopouse nun nivel de revolto en compañía de cerámicas castrexas e romanas, polo que non é datable (Maya, Cuesta 2001: 132). Pero a parte inferior –a prolongación da abrazadeira– e unha chapa decorada apareceu, xunto con outras pezas metálicas, nun sector diferente pero moi preto do anterior nun contexto estratigráfico claro e con datacións radiocarbónicas sobre óso: s. VII/V a.n.e, que J. L. Maya e F. Cuesta dan por válida esa data entre varias semellantes (Maya, Cuesta 2001: 75). No contextual é importante sinalar que os fragmentos da chapa e da prolongación da abrazadeira apareceron asociadas a moitos outros materiais metálicos, pero o feito de que se atopen localizados contra a muralla fai pensar máis nunha acumulación de lixo de procesado metalúrxico cá na presenza dun taller, ou na simple acumulación por arrastre unha vez se abandona o castro.



Mapa 23 Distribución e densidade dos xacementos agrupados en cada categoría (Fonte: IDEPatri).

En segundo lugar, destacan as obtidas en El Castrelín de San Juan de Paluezas tamén se teñen feito analíticas de carbono 14 no sector no que se localizaron os moldes e cun resultado que rolda o s. III a.n.e. (Fernández-Posse *et al* 1993: 207). Neste castro os moldes atopáronse nun vertedoiro de lixo con abundantes refugallos de produción metálica e en relación a unha estrutura que foi interpretada como taller metalúrxico dende un primeiro momento (Fernández-Posse *et al* 1993: 206-208).

De seguido, temos as realizadas no Chao Samartín, nas o radiocarbono arroxa unha cronoloxía do s. IV-III a.n.e., tamén en torno a estruturas que se vinculan coa produción e procesado metalúrxicos (Villa 2004a: 259). É de sinalar que os moldes e a lámina de bronce que aquí se localizan aparecen nunha zona exterior entre tres estruturas, na que se conservan restos de dous fornos de fundición, nos que se obteñen os carbóns empregados coma combustible e se empregan como mostra para a súa datación. Estas pezas asócianse a elementos coma moldes líticos, escouras ou crisois, no que se ten interpretado coma unha área de funcionalidade claramente metalúrxica.

No Castro de Borneiro cóntase con dúas cronoloxías diferentes obtidas no entorno de aparición de moldes e bronces, coas que se obtiveron dous resultados distintos: na primeira delas o resultado rolda o s. II a.n.e. (Romero 1988: 1-2) e a segunda dá unha forca cronolóxica en torno aos s. IV-III a.n.e. (Romero 1989a: 2). Estas sítulas témolas moi arroupadas no seu contexto material, posto que deste castro estúdase o espolio arqueolóxico ao completo. Neste xacemento colle a posibilidade de localizar no plano tódalas evidencias relacionadas coas sítulas, analizar a súa disposición dentro do poboado na procura de datos (Fig. 63).



Fig. 63 Vestixios de sítulas no Castro de Borneiro situadas no plano do mesmo (Plano: B. Currás; Situación: C. Seoane).

Así, é de salientar a concentración de fragmentos de bronce –dúas chapas decoradas e o enganche para asa– no interior da construción 11, no que se asocian a abundantes restos metálicos –fíbulas, conteiras de vaíña, unha bola de bronce, escouras…– (Romero 1983). Esta cabana de planta rectangular de esquinais redondeados e que contén un gran fogar na súa parte media, arredor do cal se localizan abundantes restos de escouras e algún fragmento de crisol (Romero 1983). Amosa vestixios doutros dous fogares, así coma unha pequena estrutura, probablemente de almacenamento, de difícil interpretación (Romero 1983), todos estes datos fan que sexa interpretada como un posible taller de produción metálica (Romero 1992). Un elemento importante que axuda na datación desta estrutura é unha fíbula de pé alto –probablemente unha de tipo transmontano ou Golfo de León–, cuxas datas xiran en torno aos s. VI/V-IV a.n.e. (Silva 1986; Orero 1988-1989: 62); Cortegoso, Viñas 1994-1995: 120; Cortegoso 1996-1997: 140, 2000: 129-131).

Tamén destaca a concentración de varios moldes e o fragmento de bronce con triángulos calados nas inmediacións da construción 21, de planta cuadrangular, que resulta peculiar por estar unida na súa esquina suroeste á construción 22 por unha estrutura de trazado irregular, dentro da cal se localiza outro molde (Romero 1986). Os restantes fragmentos atópanse moi dispersos e espallados por unha ampla zona da croa do poboado.

Recompilando toda a información anterior, o abano cronolóxico que ofrece o Castro de Borneiro é bastante amplo, e oscila entre os s. V/I V a.n.e.-II a.n.e., datas que coinciden coas aportadas para outros xacementos.

No Castro de Elviña non contamos con datacións absolutas pero sí relativas. Ao non existir publicacións ao respecto nin memorias de escavación recórrese a J. M. Bello[58] en busca de datos que axuden a afinar a cronoloxía e o contexto do molde aparecido durante os traballos que se desenrolan baixo a súa dirección. Este arqueólogo refire que esta peza localízase un conxunto de estruturas coas canles talladas na rocha nai, e que difiren coas restantes construcións do poboado. Conxunto que

[58] A quen lle teño que dar as gracias pola súa disposición a axudar en todo momento e pola cesión dos datos.

se atopa extramuros, nela destacan as acumulacións de restos de escouras e outros vestixios metálicos, así como a presenza de probables fornos de fundición, e que levou a interpretala coma un posible taller metalúrxico. Esas construcións quedan amortizadas e cubertas por unha capa horizontal de terra marrón, que as oculta, e que xa deixan de funcionar en torno ao s. I a.n.e., non chegando nunca ao I d.n.e. Ofrece estas datas a partir do material, entre o que destaca unha fíbula de *longo travessão sem espira*, que serve de guía para situar a amortización do taller. Estas fíbulas sitúanse nun dilatado período de tempo que abrangue dende fins do s. VI/inicios do s. V a.n.e. ata os inicios do s. I d.n.e. (López García 2008: 109). Atendendo ás fotografías proporcionadas por J. M. Bello, esta peza correspóndese co tipo LTC-4 ou LTC-5 (López García 2008: 104-106), o que reduce considerablemente a forca cronolóxica a finais do s. III a.n.e.-inicio do s. I d.n.e., datas que concordan perfectamente coas ofrecidas por outros xacementos.

O molde de São João de Rei, analizado en conxunto con todo o material do xacemento por N. Oliveira[59], aparece nas camadas vinculadas ás Fases III e IV da súa ocupación, situadas polo autor no entorno aos s. II/I a.n.e.-I d.n.e. (Oliveira 2017: 198-199, 223-225).

Por outra banda, hai que falar de casos coma os do Castro da Assunção (Marques 1985) ou o Castro de Fiães (Almeida, Santos 1971), que só se poden datar a partir de materiais. En ámbolos dous casos os responsables das intervencións falan dunha gran presenza de vestixios romanos moi seriados e perfectamente datados, polo que sitúan a habitación destes núcleos en torno aos séculos que roldan o cambio de Era –s. II a.n.e.-I d.n.e.– ata o s. II d.n.e. aproximadamente.

Asemade, os fragmentos de bronce e moldes do Castro de Santa Trega proceden das escavacións antigas de C. Mergelina (1944-1945), o que fai que os contextos sexan difusos, pero se o poñemos en relación cos restantes materiais e tendo en conta as datas suxeridas para a súa habitación, movémonos igualmente nos s. II a.n.e.-I d.n.e. (Peña 1986, 1987b, 1999, 2001). Isto acontece con outros xacementos coma o

[59] A Nuno teño que darlle as grazas pola aportación de tódolos datos contextuais, fotografías e debuxo, así coma a achega da súa Tese de Mestrado na que se recompila todo o material asociado ao molde.

Castro de Laias (Chamoso 1954-1955), Castro de Troña (López Cuevillas 1950a) ou Castro de San Millán (López Cuevillas, Taboada 1958).

Do mesmo xeito, carecemos de datos contextuais suficientes para situar os anacos de bronce obtidos nas intervencións da Cidade de San Cibrao de Lás, polo que hai que acudir aos restantes materiais e ás datacións ofrecidas pola bibliografía para a ocupación deste xacemento. Así, é posible situar o seu apoxeo en torno aos s. II a.n.e.-I d.n.e. (Fariña 1980; Pérez Outeiriño 1985; Rodríguez Cao 1993; López González *et al.* 2004).

Estes son tan só algúns exemplos dos datos que ofrecen os contextos para establecer unha forca cronolóxica o máis exacta posible. Así pois, a posta en conxunto de tódolos datos contextuais expostos con anterioridade, así coma a análise dos emprazamentos nos que se obteñen as evidencias das sítulas, lévanos a propoñer un **abano cronolóxico que sitúa as orixes das sítulas en torno a fins do s. IV-inicios do s. III a.n.e. e a súa fin na primeira metade do s. I d.n.e.**. Datas que difiren algo coas tradicionalmente empregadas que as sitúan nos séculos máis próximos ao cambio de Era (Carballo 1983; Martins 1988b; Morais 2005; Currás 2014; Alonso 2014, 2017), pero que coincide, en parte, con outras propostas que amplían os inicios ao s. III a.n.e. aproximadamente (Rey 2005a; Armada 2005).

Capítulo 5 Vasillas perladas: as sítulas cerámicas

> *«Entre las artes del pueblo que […] debiéramos llamar manufactura, ocupa lugar señero la alfarería. El propio material, el barro, es de suyo todo un símbolo. A la unión de un principio receptivo, la tierra, se unen como poderes de transformación: el agua, para amasarlo; el aire para secar; el fuego para cocer. Y es la mano del hombre […] la que va haciendo surgir formas icónicas o puras […]»*
>
> (García Alén 1983a: 5)

5.1. Bases previas

Na literatura arqueolóxica sobre olería castrexa tense proposto a existencia de pezas cerámicas homólogas das sítulas metálicas (Rey 1998, 2005a, 2005b, 2014), que tradicionalmente se teñen asociado coas vasillas perladas (Rodríguez Puentes 1986). En efecto, a súa vida é paralela á das sítulas con decoración xeométrica: en principio, son elementos moi extraordinarios nos xacementos, aparecen moi fragmentadas e comparten espazo e tempo. Son olas que chaman especialmente a atención dentro do amplo abano cerámico dos castros como consecuencia do seu barroquismo decorativo e teórica excepcionalidade, o que fai que a historiografía as resalte pero sen abondar nelas. Destacan pola súa profusa decoración mediante o emprego duns motivos e esquemas bastante estandarizados que se manifestan en relevo (Seoane 2017).

Carecemos, polo tanto, dun estudo exhaustivo e de conxunto destas vasillas, problema probablemente derivado do arduo da tarefa a causa do fragmentario da evidencia, o estado no que se atopan depositados nos almacéns dos museos, ficando case sempre mesturadas con centos, cando non miles, de fragmentos, non estando diferenciadas case nunca, salvo excepcións, a causa da falta de criterios unificados de clasificación[60] xa non entre museos, senón entre @s propi@s arqueólog@s, que moitas veces non son capaces de dar razón da

[60] Por non mencionar a escaseza de persoal e orzamentos existentes en moitas institucións.

existencia deste tipo de pezas nas súas escavacións. Pero tamén existe unha segunda traba tan ou máis importante cá esta: a falta de publicacións e estudos cerámicos para as áreas portuguesa e astur-leonesa-zamorana que impiden coñecer o material, xunto co escaso ou nulo acceso aos relatorios de escavación dos xacementos. Porén, o presente constitúe o primeiro intento de sistematización, definición, catalogación e tipificación das cerámicas perladas en conxunto e que non está, nin moito menos, exento de todos estes problemas.

O primeiro en apreciar semellanzas entre estas pezas e a metalurxia foi Á del Castillo (1929) para o Castro da Orela[61] (Palas de Rei, Lugo), pero sen aportar máis detalle. Asío pois, a primeira autora en caracterizar as cerámicas perladas é J. Rey (1991) na súa tese de doutoramento, para elo guíase por criterios estéticos, dótaas de nome e entidade baseándose na súa peculiar decoración a base de fiadas de pequenos botóns cónicos ou hemiesféricos concatenados. J. Rey (1991) inclúe estas vasillas dentro das decoradas mediante elementos plásticos, pese a que

> «[…] *Más que el termino plástico tendría más sentido el de impreso puesto que no ha habido aplicación de nueva materia*» (Rey 1991: 89)

Estamos a falar, pois, de elementos elaborados mediante impresión, no caso das "perlas"[62], que se combinan con múltiples motivos e técnicas ornamentais, sendo a incisión a fundamental, xa que as fiadas de botóns soen ir acompañadas de cordóns lisos elaborados mediante acanalados profundos. A combinación de ámbolos dous motivos e técnicas é a que consegue esa sensación de relevo. Así, é o xesto e o seu efecto ornamental os que definen a esencia destas olas (Rey 1991; Seoane 2017).

Asemade, faise preciso advertir que J. Rey (1990-1991, 1991) ten asimilado cerámicas con botóns cónicos e cordóns aplicados elaborados a molde a esta tipoloxía cerámica, o que obriga a entender o perlado en dúas dimensións diferentes: unha como motivo decorativo propiamente

[61] Ao que el lle dá o nome de Castro de San Xusto da repostería, posto que esta está situada na croa do castro.
[62] Termo que empregarei a partir de agora para referirme aos botóns feitos mediante impresión.

dito e a outra como estrutura decorativa, na que a colocación dos diferentes elementos é a mesma cá definida en J. Rey (1991) e a sensación estética tamén, pese a que, como veremos, o tamaño dos mesmos varía considerablemente entrambas formas de manufactura e que, en realidade, deben ser consideradas nun aparte, por non axustarse a decoración aos patróns antes definidos.

Grosso modo, as pezas recuperadas falan dunhas vasillas moi heteroxéneas en canto a súa morfoloxía, nas que as diferenzas entre as distintas áreas oleiras definidas por J. Rey (1991) quedan patentes, pois o perlado chega a formar parte de tipos moi específicos das mesmas. Por todo isto, debe falarse máis de vasillas perladas, en plural, máis cá de perlado unicamente e que comparten trazos comúns como a súa decoración en bandas, polo xeral horizontais, pero tamén verticais e diagonais.

Xeograficamente (Mapa 24), estas pezas atópanse espalladas por case toda a xeografía castrexa e que van acordes á área oleira á que pertence o xacemento no que son localizadas. A súa función non está clara, pero todo parece indicar que o esforzo e destreza do oleiro que require a fabricación desta clase de vasillas, así coma o barroquizante da súa decoración, son indicativo do seu emprego en celebracións non cotiás coma banquetes ou cerimonias (Rey 2005a, 2005b; Seoane 2017) a semellanza, unha vez máis, das sítulas. Porén, para establecer potenciais usos destas cerámicas hai que acudir tanto aos contextos de aparición como a analíticas de residuos orgánicos que poden falar do tipo de contidos que soportaron ao longo da súa vida útil. Esta ampla dispersión xeográfica, así como das características xerais da olería da Idade do Ferro no noroeste, fala da súa fabricación local dedicada ao autoabastecemento das comunidades consumidoras, así coma dunha certa "especialización" da olería, posto que a perfección técnica que semella require moito máis cá aquela cerámica de uso diario e de probable fabricación doméstica.



Mapa 24 Distribución das vasillas perladas no Noroeste (Fonte: IDEPatri).

Destaca a maior concentración de pezas nos xacementos vinculados á Área Oleira das Rías Baixas, xobre todo na confluencia desta coas áreas Setentrional e da Cunca do Miño (Mapa 26) non sendo tampouco nada desprezable o número de olas insertas na tradición da Área Oleira Setentrional. Destaca a súa total e case completa ausencia en toda a Área Oriental alén dun pequeno fragmento aparecido na provincia castelá de Zamora –Peña Escrita (Casaseca de las Chanas)– nunha área na que conflúen as tradicións cerámicas procedentes de Cogotas, Soto de Medinilla e a propia tradición castrexa, e que foi tratado no momento da súa localización coma unha "anomalía" dentro da tradición Cogotas I[63] na que, teoricamente, se encadra este poboado (Martín Valls, Delibes 1978). Este exemplar leva tamén a propoñer a posibilidade de que a lagoa territorial que se atopa na Área Oriental é máis produto da falta de traballo co espolio cerámico da Idade do Ferro cá un baleiro real.

No que afecta á súa **cronoloxía**, parece clara a súa adscricións a castros datados nos séculos que abranguen as Fases Media e Final da Cultura Castrexa, é dicir, que a súa vida transcorrería durante o Ferro II Prerromano e o cambio de Era –séculos III a.n.e.-I d.n.e. aproximadamente– (Rey 1991, 1996, 1998, 2005b, 2011, 2014; Seoane 2017)[64]. Mediante o estudo dos contextos arqueolóxicos das cerámicas traballadas así coma as datacións absolutas dispoñibles para os xacementos nos que son localizadas pode intentarse afinar esta forca cronolóxica.

Tendo en conta todo o exposto anteriormente, e tomando como punto de partida a tese de doutoramento de J. Rey (1991) e a memoria de licenciatura de E. Rodríguez Puentes (1986), lévase a cabo unha revisión completa do material recompilado por eles, continuando cun intensivo baleirado bibliográfico na procura de material como paso previo a un posible estudo directo das pezas. Froito da suma dos materiais expostos en publicacións, memorias de escavación, contactos con museos e o estudo directo de espolios arqueolóxicos con diferentes niveis de intensidade, recóllese unha mostra composta por materiais

[63] O que, como se verá, difire considerablemente no cronolóxico, posto que a tradición de Cogotas I encádrase dentro do Bronce Final, cunhas datacións antigas con raíces no s. XV/XIV a.n.e. e que se estende ata o s. VII/VI a.n.e. (Delibes, Fernández Miranda 1986)

[64] O que constitúe un punto máis de conexión entre sítulas e perladas

procedentes de 42 xacementos (Mapa 22), mais dúas pezas de procedencia descoñecida[65]. Asemade, o traballo co material cerámico depositado nos diferentes museos[66] permite sumar exemplares en castros xa estudados por J. Rey[67] (1991) e tamén exemplares inéditos, acadando un total de 359 fragmentos pertencentes a 105 individuos Nmx (Táboa 25).

Ao igual que acontece coas sítulas, as perladas soen ser un material moi fragmentario, escaso e, en principio, excepcional nos xacementos[68], polo que na meirande parte dos casos descoñécese a súa morfoloxía completa. Os galbos son os fragmentos que se conservan máis habitualmente. Os colos, os bordos e os fondos que se lles poden asociar, son variados morfoloxicamente e relativamente escasos, sendo bastante abundantes os pés realzados. Difiren das sítulas no caso da súa reconstrución, posto que neste si que contamos con algúns exemplares que amosan o perfil completo ou *quasi* completo e que axudan a dar unha visión de conxunto relativamente exacta.

O índice de reconstrución das perladas vai en consonancia co nivel xeral de remontado das cerámicas castrexas, o cal non é demasiado elevado (Rey 1991, 1996), pero é o suficientemente alto como para sacar unhas conclusións máis ou menos claras. Para elo, os materiais analízanse por dúas vías, ao igual cás sítulas (Gráfico 16):

[65] A descontextualización dunha delas débese ao gran lapso de tempo transcorrido entre a súa obtención en campo e o seu estudo fai que o único que se pode dicir é que a súa procedencia pode vincularse ao Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña) ao Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños) ou ao Castro de Elviña (A Coruña, A Coruña). A tipoloxía da peza (contedor tipo "Vigo") suxire que procede dun castro vinculado coa Área Oleira das Rías Baixas, o que fai que se incline a balanza cara o Castro de Baroña, pero sen poder aseveralo con rotundidade. No segundo caso coñecémola por fotografía pero descoñecemos a súa procedencia exacta, podendo corresponder esta ao Castro da Cabeciña (Oia, Pontevedra).

[66] Nomeadamente os conxuntos cerámicos completos do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) e dos Castros (Toques, A Coruña), insertos dentro da Área Oleira Setentrional que se marcou coma a área preferente de estudo, e de boa parte do do Castro da Graña (Toques, A Coruña).

[67] Caso do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña).

[68] Unha proba máis de que sítulas e perladas camiñan xuntas é que o material, unha vez máis, desminte a antiga crenza de que só existe unha por xacemento, caso da Cidade de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense), o Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) ou o Castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra) -curiosamente case os mesmos cá no caso das sítulas.

- **Directa:** rexistro das pezas de primeira man. Consultáronse por este medio os materiais de 14 xacementos, dun descoñécese o castro de procedencia (184 fragmentos, 46 individuos Nmx), que supón o 43,81% dos individuos da mostra.

- **Indirecta:** traballo cos materiais mediante un baleirado bibliográfico intensivo e comunicacións orais ou electrónicas con museos e arqueólogos. Examínanse deste xeito pezas de 35 xacementos, descoñecendo a procedencia dunha delas (175 fragmentos, 59 individuos Nmx), e que representan o 56,19% dos individuos da mostra.



Gráfico 16 Porcentaxe de pezas estudadas directa e indirectamente.

Para realizar este traballo os materiais foron estudados con diferentes niveis de intensidade, distínguense catro categorías de análise, que se puideron levar a cabo combinadas dentro dun mesmo xacemento atendendo á dispoñibilidade dos materiais nos museos (Táboa 25):

1. **Intensivo:** xacementos nos que se estudou directamente o espolio cerámico ao completo, o que lle dá un maior empaque e unha visión máis ampla do conxunto. Adscríbense a esta categoría o Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) e Os Castros (Toques, A Coruña).

2. **Parcial:** castros dos que, por diversas circunstancias, só se puido traballar parcialmente cos materiais directamente. Caso do Castro da Graña (Toques, A Coruña) ou o Xacemento de Mouromorto (Teo, A Coruña).

3. **Esporádico:** aqueles materiais que puideron traballarse directamente aproveitando a dispoñibilidade das pezas nos museos e os traballos con materiais doutr@s compañeir@s e que supón unha pequena mostra da cerámica destes xacementos. Destacan os Castros de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense), Coto do Mosteiro (O Carballiño, Ourense), Castro das Laias (Cenlle, Ourense), Castro de Elviña (A Coruña, A Coruña), o Castro de San Cibrán (Cerdedo, Pontevedra), Castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra) ou as coleccións de F. Bouza Brey e A. Fraguas Fraguas dos castros da Estrada do Museo do Pobo Galego.

4. **Bibliográfico/documental:** trátase de pezas que tan só foron observadas ben mediante as correspondentes publicacións, ben a través de fotografías e/ou debuxos proporcionados por museos e colegas de profesión.

En principio, sítulas e perladas son pezas extraordinarias dentro de un castro, probablemente como consecuencia do seu alto grao de sofisticación técnica, posto que requiren moita pericia por parte do artesán á hora de fabricalos. Nalgúns castros (Táboa 10), o número de pezas suxire que isto puido non ser tanto así. Os números varían entre os 11 individuos da Cidade de San Cibrao de Lás a o único individuo de moitos outros coma Castromaior. Os seguintes en número son o Castro de Borneiro con 9 individuos Nmx, Os Castros con 8 individuos,

o Coto do Mosteiro con 5 individuos, os 4 do Castro das Laias, Castro de Santa Trega ou Castro do Marco, ou os 3 do Castro da Graña, Castro de Baroña, Castro de Castrolandín, Castro das Corredoiras ou o Castro de Vigo. Os restantes xacementos contan con dous ou un único individuo, o que non quere dicir que sexan únicos, posto que son xacementos que aínda teñen moita superficie por escavar e materiais sen traballar.

5.2. Morfoloxía

A análise detallada das vasillas, completas e incompletas, aporta detalles respecto á morfoloxía, motivos e estrutura compositiva da decoración. Pero tamén hai que falar de elementos formais illados, obténdose un retrato bastante exacto do que é unha cerámica perlada no seu conxunto e con respecto á área oleira á que pertencen.

O **grupo máis numeroso de fragmentos** (Táboa 18, Gráfico 17) son, con moito, os **galbos** seguidos, a moita distancia, polos que amosan bordo, ombreiro e galbo; colo, ombreiro e galbo; despois os pés realzados; os fondos con pé realzado ou os colos con ombreiro, galbo e fondo.

Elemento formal	Nº Frag.	Nº Indiv. Nmx	%
Galbo	91	62	57,94%
Bordo+Ombreiro+Galbo	28	9	8,41%
Colo+Ombreiro+Galbo	55	7	6,54%
Pé realzado	9	4	3,74%
Fondo+Pé realzado	12	3	2,80%
Colo+Ombreiro	3	3	2,80%
Galbo+Fondo	3	3	2,80%
Bordo+Colo+Ombreiro+Galbo+Fondo+Pé realzado	122	2	1,87%
Bordo+Colo+Ombreiro+Galbo	10	2	1,87%
Galbo+Fondo+Pé realzado	7	2	1,87%
Bordo+Ombreiro	2	2	1,87%
Asa+Bordo+Ombreiro+Galbo	2	1	0,93%
Colo+Ombreiro+Galbo+Fondo	7	1	0,93%
Asa+Bordo+Ombreiro+Pé realzado	5	1	0,93%
Bordo+Galbo	3	1	0,93%
Colo+Ombreiro+Galbo+Pé realzado	3	1	0,93%
Bordo+Colo	2	1	0,93%
Bordo+Colo+Ombreiro	1	1	0,93%
Colo	1	1	0,93%
TOTAL	361	106	

Táboa 18 Reconto das pezas desglosados polos elementos formais que presentan.



Gráfico 17 Representación porcentual de cada elemento formal no total de cerámicas perladas.

En xeral, son unhas pezas bastante homoxéneas, nas que os perfiles falan de corpos globulares, os globulares achatados, ou en "S" suave. Tendo en conta isto, cada unha destas formas vincúlanse a un tipo de bordo claramente diferente e tamén con forte arraigo na área á que se vinculan, encaixándose en tres grandes grupos: os reforzados, os exvasados con unha ou múltiples facetas e os redondeados con transición flexionada. Os diámetros das bocas varían dos 15 cm da máis pequena, procedente de Castrolandín aos 30 cm da maior, procedente da Cividade de Âncora, tendo, por termo medio 20,5 cm. Esta grande variabilidade de tamaños pode ser indicativo de usos diferenciados.

5.2.1. Perladas de tradición "Rías Baixas": vasillas con bordo reforzado tipo "Vigo", perfil globular, sen colo, con fondo curvo e pé alto

Estas vasillas (Mapa 25) están moi ligadas ás Rías Baixas (Fig. 64 c-d) e á área noroccidental portuguesa e asócianse sempre aos bordos reforzados tipo "Vigo" definidos por J. Rey (1991), e con algún exemplo na área Setentrional (Fig. 64 a-b), con vínculos estéticos e formais coas tipo "Vigo" e que se teñen considerado como imitacións das mesmas (Rey 1991) ou as tipo "Borneiro B", típicas da área Setentrional. E, en moitos casos, van decorados no labio mediante liñas verticais, diagonais ou formando espigados. Son vasillas que carecen de colo (Rey 1991), polo que a transición dende o bordo é directamente cara o ombreiro, o que fai que redunde nese aspecto esférico que amosan (Fig. 65) (Lám. XLVIII, XL, XLIII, XLVII-XLVIIIa).

Fig. 64 Exemplos de bordos decorados con diferentes motivos procedentes de: a-b) Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Fotos: C. Seoane); c) O Castro de Lameán de Arriba (Ribadumia, Pontevedra) (Foto: culturagalega.org); d) Castro de San Cibrán (Cerdedo, Pontevedra) (Foto: C. Seoane).



Mapa 25 Mapa de distribución das vasillas tipo “Vigo” e as súas “imitacións” (Fonte: IDEPatri).



Fig. 65 Perfiles de vasillas globulares procedentes de: a) Castro de San Cibrán (Cerdedo, Pontevedra) (Debuxo: C. Seoane a partir de Rey 1986-1986 e debuxo aportado polo Museo de Pontevedra); b) Cividade de Âncora (Caminha, Viana do Castelo) (Debuxo: Silva 1986); c-d) Castro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra) (Debuxos: C. Seoane a partir de Ayán *et al*. 2007); e) Castro do Coto da Pena (Arcos de Valdevez, Viana do Castelo) (Debuxo: Silva 1986); f) Citânia de Briteiros (Guimarães, Braga (Debuxo: Silva 1997); g) Procedencia descoñecida, atribuída ao Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña) (Debuxo: C. Seoane); h) Castro de Socastro (Teo, A Coruña) (Debuxo: C. Seoane); p) Citânia de Briteiros (Guimarães, Braga) (Debuxo: Silva 1997); i-l) Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Debuxos. C. Seoane).

A esta morfoloxía asócianse ás únicas **asas** coñecidas vinculadas a vasillas perladas, os exemplares son escasos e van sempre asociados a outras partes anatómicas da vasilla (Fig. 65). Son verticais e perpendiculares ao bordo, nacendo neste e morrendo no ombreiro. As evidencias restrínxense a só dous exemplos, procedentes doutros tantos xacementos diferentes (Mapa 26), curiosamente ambos adscritos á tradición oleira das Rías Baixas, posto que pertencen a contedores con bordo reforzado tipo "Vigo" (Rey 1991), un do Castro de San Cibrán (Fig. 66 b), e o outro da Cividade de Âncora (Fig. 66 a). Esta asociación con vasillas tipo "Vigo" é, como pouco, característica, pero non se poden tirar conclusións claras como consecuencia do reducido da mostra. Ambas asas teñen sección lobulada e están decoradas a base de perlas en posición vertical, acompañadas de sogueados no caso da do castro pontevedrés (Fig. 66 b) e cordóns lisos no portugués.



Fig. 66 Asas das vasillas perladas procedentes de: a) Cividade de Âncora (Caminha, Viana do Castelo) (Depósito: Descoñecido) (Debuxo: Silva 1986); b) Castro de San Cibrán (Cerdedo, Pontevedra) (Depósito: Museo de Pontevedra) (Debuxo: Perfil C. Seoane, debuxo Museo de Pontevedra).



Mapa 26 Distribución das cerámicas perladas con asas (Fonte: IDEPatri).

Asemade, faise necesario indicar que son asas que se atopan colocadas diametralmente en número de catro, situadas a intervalos regulares, algo moi na liña do tipo cerámico co que se vinculan[69]. No caso do exemplar do Castro de San Cibrán, un dos máis completos, as asas atópanse rematadas na súa parte inferior por un engadido plástico (Fig. 66 b).

Os **pés realzados** que poden vincularse a esta variante, morfoloxicamente (Fig. 67), son troncocónicos, de paredes grosas e normalmente reforzadas na súa unión co galbo. O máis habitual é que se asocien e un **fondo curvo** (Fig. 67 1).



Fig. 67 Seccións dos pés realzados do Castro de Vigo (Vigo, Pontevedra)(Debuxos: Hidalgo 1983).

Recollendo todos estes datos estruturais, pode facerse unha proposta de reconstrución do perfil completo das vasillas globulares tanto no caso das setentrionais (Fig. 68 a) como das meridionais (Fig. 68 b).

[69] Os contedores tipo "Vigo" poden ter asas en número de dúas a oito colocadas a tramos regulares entre o bordo e o galbo, probablemente máis cunha intención estética cá funcional (Rey 1990-1991, 1991)



Fig. 68 reconstrución dos perfiles das vasillas glubulares de: a) Área setentrional a partir das vasillas do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Debuxo: C. Soeane); b) Rías Baixas-Noroeste portugués a partir da peza do Castro de San Cibrán (Cerdedo, Pontevedra) (Debuxo: C. Seoane).

As vasillas globulares das Rías Baixas soen estar decoradas (Táboa 27) dende o bordo mediante liñas verticais (Fig. 69 i), prolongadas en moitas ocasións no galbo cortadas na transición ao ombreiro mediante cordóns lisos (Fig. 69 a-c). É moi característico das pezas desta zona que as fiadas de "perlas" se agrupen de dúas en dúas (Fig. 69 a, c, f, g, i, m). Ornamentan en tódalas direccións, pese a que predomina a horizontal. Aparecen sogueados, círculos concéntricos estampados, serpeados, rosetóns ou semicírculos concéntricos incisos a peite ou zigzag de trazo dobro inciso a peite. Aparece aquí un motivo moi peculiar, as rosáceas (Fig. 69 h), e que E. Alcorta (2001b) data nos séculos que roldan o cambio de Era, permanecendo nas vasillas de tradición indíxena de *Lucus Augusti* ata época Xulio Claudia. Tamén é habitual que amosen liñas verticais dende o bordo ata o ombreiro abrindo e pechando o campo decorativo, cortadas en ocasións mediante un cordón plástico liso (Fig. 35a-c).



Fig. 69 Esquemas decorativos presentes nas vasillas perladas asociados a vasillas globulares das Rías Baixas: a) Castro de Ribela (A Estrada, Pontevedra); b, d, h) Castro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra); c, v) Citânia de Santa Luzia (Viana do Castelo, Viana do Castelo); e) Castro de Vigo (Vigo, Pontevedra); f) Castro de Cascaxide (A Estrada, Pontevedra); g, m) Procedencia xenérica á Estrada (A Estrada, Pontevedra); i) Procedencia descoñecida, atribuída ao Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña); l) Citânia de Briteiros (Guimarães, Braga); n) Castro de Famelga (Cotobade, Pontevedra); ñ) Castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra); o) Castro de San Cibrán (Cerdedo, Pontevedra); p) Castro de Monte Mozinho (Penafiel, Porto); q) Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña); r, u) Cividade de Terroso (Povoa do Varzim, Porto); s) Cividade de Âncora (Caminha, Viana do Castelo); t) Castro do Coto da Pena (Caminha, Viana do Castelo) (Debuxos: C. Seoane).

Os pés (Fig. 70) decóranse en vertical e horizontal, combinándoos, empregando sogueados, fiadas de perlas, cordóns lisos, acanalados e ungulados.



Fig. 70 Esquemas decorativos presentes nos pés das vasillas perladas de: a) Castro de San Cibrán (Cerdedo, Pontevedra); b-c) Castro de Vigo (Vigo, Pontevedra) (Debuxos: C. Seoane).

No caso das globulares da área Setentrional, estas decóranse tamén dende o bordo, ben con espigado (Fig. 71 a), ben con liñas verticais impresas (Fig. 71 b), para continuar con sigmas (Fig. 71 a), perlas en horizontal e vertical, cordóns lisos ou espigados (Fig. 71 c). Neste caso non se lles puido asociar ningún tipo de pé, pero colle agardar que fosen troncocónicos e decorados mediante unha fiada de perlas.

Recapitulando todo o anterior, faise necesario destacar que a elas poden asociarse un relativamente amplo número de galbos que se atoparon en xacementos que se atopan na área de influencia da tradición oleira das Rías Baixas. Moitas veces a súa gran fragmentación non permite adiviñar demasiado, polo que se toma o esquema decorativo como referencia para suxerir a súa vinculación a este tipo de pezas (Fig. 72).



Fig. 71 Esquemas decorativos presentes nas vasillas globulares da área Setentrional procedentes de: a-b) Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña); c) Xacemento de Mouromorto (Teo, A Coruña) (Debuxos: C. Seoane).

Fig. 72 Vasillas perladas procedentes de: a-c) Procedencia xenérica da Estrada (A Estrada, Pontevedra) (Debuxos: Bouza 1944; Foto: C. Seoane); d-e) Castro de Laxos (Cuntis, Pontevedra) (Debuxos: Cobas, Parcero 2006); f-g) Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña) (Foto: Calo Lourido, Soeiro 1986; Debuxo: Rey 1991); h) Castro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra) (Debuxo: Ayán *et al*. 2006); i-l) O Castro de Lameán de Arriba (Ribadumia, Pontevedra (Fotos: culturagalega.org); m) Castro de Cascaxide (Silleda, Pontevedra) (Debuxo: Carballo 1986); n) Castro de Famelga (Cotobade, Pontevedra (Debuxo: González Ruibal 2006-2007); ñ) Castro de Ribela (A Estrada, Pontevedra) (Debuxos: Bouza 1944); o) Citânia de Santa Luzia (Viana do Castelo, Viana do Castelo) (Fotos: Leal (coord.) 2008); p-t) Castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra) (Debuxos: Rey 1991; Fotos: A. A. Rodríguez Nóvoa); u-v) Castro de Vigo (Vigo, Pontevedra) (Debuxos: Hidalgo 1983, 1985).

5.2.2. Perladas de tradición "Setentrional": vasillas con bordo facetado, colo curto e estrangulado, perfil globular achatado, fondo curvo e pé alto

Este perfil (Fig. 73) asóciase con bordos exvasados con múltiples facetas, e atópanse só na área setentrional (Mapa 27). En ocasións (Fig. 73 a, d) estes amosan unha especie de reforzo que nace do labio, percorre todo o colo e morre no ombreiro. Os colos son baixos e fortemente estrangulados, o que fai que o ombreiro de transición ao galbo sexa moi acobadado e marcado. E carencen de calquera tipo de

asa (Lám. XXXVI-XXXVII, XLIX, LI-XLII, XLIV-XLV, XLIX-L, LIII e-f, LIV a-g, LV).



Fig. 73 a-c) Os Castros (Toques, A Coruña) (Debuxos: C. Seoane); d) Castromaior (Portomarín, Lugo) (Debuxo: C. Seoane a partir de debuxo de http://www.terraarqueos.com/wp-content/gallery/castro-mayor/diapo-15.jpg);e) Castro da Graña (Toques, A Coruña).



Mapa 27 Mapa de distribución das vasillas con perfil globular achatado (Fonte: IDEPatri).

A esta variante pertencen dúas das pezas máis completas que existen en todo o NW, procedentes dos Castros (Toques, A Coruña) (Fig. 73 a) e Castromaior (Portomarín, Lugo) (Fig. 73 d). E que axudan a completar o perfil dos restantes fragmentos adscritos a esta variante (Fig. 73 b-c).

Neste caso non se lles puido vincular sistema de suspensión algún pero si pés realzados (Fig. 74), que son, ao igual cá no caso anterior, son troncocónicos, con fondos aconcavados, e que presentan unha especie de reforzo na unión fondo-pé. O pé máis completo procede dos Castros (Toques, A Coruña) (Fig. 74 3) e presenta a particularidade de amosar unha perforación na parede que xa foi vista nunha peza do Castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra) (Fig. 75 a), vasilla que se ten considerado dentro do grupo das perladas (Rey 1991; Seoane 2017), xa que, formalmente, cumpre tódolos "requisitos" para asimilarse a estas, coa diferenza de que esta está elaborada con botóns cónicos en lugar das perlas impresas, o que fai que se descarte neste apartado. É posible que esta perforación teña un uso utilitario, posiblemente para fixar a vasilla ao chan mediante un arame, por exemplo.



Fig. 74 Seccións dos fondos e pés vinculados ás vasillas de perfil globular achatado procedentes de: 1-2) Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Debuxos: C. Seoane); 3) Os Castros (Toques, A Coruña) (Debuxo: C. Seoane).



Fig. 75 Pé de vasillas perladas de: a) Castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra) (Depósito: Museo Arqueolóxico de Santa Trega) (Debuxo: Rey 1991); b) Os Castros (Toques, A Coruña) (Foto: C. Seoane).

Reconstruír o perfil completo dunha destas pezas é factible gracias ao nivel de reconstrución de varias vasillas e tomando os escasos datos que faltan de elementos formais que se poden asimilar a esta variante (Fig. 76).



Fig. 76 Reconstrución do perfil globar dunha vasilla con perfil globular achatado a partir do exemplar dos Castros (Toques, A Coruña) (Debuxo: C. Seoane).

No que se refire á decoración, colócanse tanto en horizontal como en vertical e diagonal, combinando orientacións, conseguindo así unha decoración máis recargada. Todas estas vasillas teñen unha característica común, que é a constante presenza de zigzags, retículas ou arcadas. A presenza de **zigzags** incisos (Fig. 77 a-h), ben en relevo rematados con perlas nos vértices, ben incisos de trazo dobro, con ou sen un círculo impreso ou perla nos extremos na área Setentrional parece non ser unha casualidade, posto que é un motivo bastante típico da olería desta zona (Rey 1991). Soen abrir e pechar o campo decorativo (Fig. 77) actuando así como marco e delimitando a superficie

ornamentada. Do mesmo xeito, motivos coma os **entrelazos incisos a peite** (Fig. 77 b, d) gardan tamén unha estreita relación coa tradición oleira setentrional (Rey 1991).



Fig. 77 Esquemas decorativos presentes nas vasillas de perfil globular achatado das pezas de: a) Castro da Orela; b-e, p) Os Castros; f) Castromaior; g-h) Castro da Graña; i) Castro de Cortegada; l, o) Procedencia xenérica da Estrada e Castro do Marco; m) Castro de Formigueiros; n) Castro de Corredoiras e Castro dos Carreiros; ñ) Castro de Guimarei e Castro de Corredoiras; q, s) Castro de Borneiro; r) Castro de Baroña (Debuxos: C. Seoane).

Outro elemento presente son as **arcadas** (Fig. 43f), aparecen só en dous exemplares da área setentrional, tanto en relevo, caso do exemplar de Castromaior (Portomarín, Lugo), como incisas de trazo dobro, na peza dos Castros (Toques, A Coruña). Segundo afirma E. Alcorta (2001a, 2001b) as arcadas, xunto coas rosáceas antes comentadas, poden empregarse como indicador cronolóxico, posto que están

presentes nas cerámicas da Idade do Ferro nas centurias que roldan o cambio de Era e permanecen como ornamento das cerámicas de tradición indíxena fabricadas nos alfares *Lucus Augusti* ata época Xulio-Claudia. A cronoloxía aportada por E. Alcorta está en consonancia coas cronoloxías aportadas para ambos xacementos (Criado *et al.* 1991; Penedo, Rodríguez Puentes 1995; López Marcos *et al.* 2011).

Os pés (Fig. 78) amosan unha decoración moi simple en canto aos motivos, xa que só contan con perlas, mais non tanto no compositivo. O exemplares son escasos e combinan acanalados e fiadas de perlas, ben en horizontal (Fig. 75 b, Fig. 78, Fig. 79), ben en diagonais enfrontadas formando zigzag (Fig. 78a, Fig. 79).



Fig. 78 Pés realzados procedentes de: a) Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Depósito: Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón) (Foto: C. Seoane); b) Os Castros (Toques, A Coruña) (Depósito: INCIPIT-CSIC) (Foto: C. Seoane).



Fig. 79 Esquemas decorativos presentes nos pés das vasillas perladas da área Setentrional (Debuxos: C. Seoane).

Tendo en conta todo o que se expón anteriormente, hai unha serie de fragmentos de bordo, colos e galbos que, ben pola súa morfoloxía, ben pola súa decoración, poden vincularse a este tipo de pezas (Fig. 80).

Fig. 80 Perladas de: 1-5) Castro da Graña (Fotos: C. Seoane); 6-9) Castro de Borneiro (Fotos: C. Seoane); 10-17) Os Castros (Fotos: C. Seoane); 18-22) Castro de Corredoiras (Debuxos: Rey 1991); 23) Castro dos Carreiros (Foto: Alcorta, Carnero (coords.) 2010); 24-26) Castro de Cartimil (Debuxos: Rey 1991); 27) Castro de Cortegada (Debuxo: Rey 1991); 28) Castro de Elviña) (Foto: C. Seoane); 29) Castro de Formigueiros (Debuxo: Dorribo 1995); 30) Castro de Guimarei (López Cuevillas 1953); 32-33) Xacemento de Mouromorto (Fotos: Fernández Pintos 2016); 34-35) Castro da Orela (Debuxos: Castillo 1929).

5.2.3. Perladas de tradición "Miño": vasillas con bordo redondeado, colo alto e estrangulado, perfil en s suave, fondo curvo e pé alto

Estas pezas vincúlanse tan só á tradición oleira da Cunca do Miño e as súas áreas de influencia (Mapa 28) (Lám. XLVIII b-LI, LII d-f-LIII a-c, LIV n, o-p). Caracterízanse por ter un bordo con labio redondeado, un colo moi desenrolado en altura e reducido ao punto de estrangulación (Fig. 81) e un ombreiro moi pouco marcado na transición ao galbo, moi nas liñas xerais da olería miñota (Rey 1991, 2014).



Fig. 81 a-c) A Cidade de San Cibrao de (Debuxo: C. Seoane a partir de perfil proporcionado polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense); d) Castro do Marco (Debuxo: Rey 1991); e) Castro de Santomé (Ourense, Ourense); e) Castro de Santomé (Debuxo: Peralta *et al*. 2004).



Mapa 28 Distribución das vasillas perladas con perfil en “S” suave (Fonte: IDEPatri).

Morfoloxicamente os pés realzados (Fig. 82) que se poden asociar a estas pezas son, unha vez máis, troncocónicos, de paredes moi grosas asocien e un fondo aconcavado (Fig. 82 g). Tan só coñecemos un exemplar (Fig. 82 f) que presenta un rebordo perimetral reforzado e decorado.



Fig. 82 Seccións dos pés de: a-c) Coto do Mosteiro (Debuxos: Orero 1988); d-f) A Cidade de San Cibrao de Lás (Debuxos: d-e Rodríguez Puentes 1986, f. C. Seoane); g) Castro de Vilela (Debuxo: Álvarez Glez *et al*. 2006).

Ao igual que nos dous casos anteriores, podemos reconstruír a totalidade do perfil (Fig. 83) pese a non coñecer ningunha vasilla cun perfil completo



Fig. 83 Reconstrución do perfil completo dunha vasilla con perfil en "S" suave a partir de fragmentos da Cidade de San Cibrao de Lás (Debuxo: C. Seoane).

Estas pezas (Fig. 84) **decóranse** (Táboa 27), fundamentalmente, en horizontal, predominan os triángulos nervados con ou sen semiesfera central, triángulos enfrontados formando aspas, círculos simples impresos con cánula, círculos concéntricos estampados, SSS, sigmas e rosetóns. Asemade, nesta área atopámonos coa única peza con decoración plástica aplicada, con botóns cónicos cortando un cordón liso a tramos regulares, que se coñece ata o momento. Tamén hai sogueados, acanalados e fiadas dobres de perlas. Ao igual que nos casos anteriores, existe unha peza que pode axudar a axustar a cronoloxía que amosan este tipo de pezas a través dos motivos representados nela, é o caso da vasilla con fondo plano que amosa rosáceas (Fig. 46f), motivo que, como se dixo, E. Alcorta (2001a, 2001b) data na Idade do Ferro próxima ao cambio de Era con continuidade ata mediados do s. I d.n.e.. Asemade, nesta peza concorren varias características especiais ao marxe de ser a única con fondo plano con rebordo, é a única que amosa decoración plástica aplicada a base de botóns cónicos e cordón liso.

No que atinxe aos pés (Fig. 47) representan tamén o aspecto recargado dos corpos, recorrendo aos mesmos esquemas de cordóns lisos combinados con fiadas de perlas ou cordóns lisos illados e agrupados de dous en dous ou acompañados de triángulos lisos enfrontados formando aspas.



Fig. 84 Esquemas decorativos presentes nas vasillas perladas con perfil en "S" suave procedentes de: a-l) A Cidade de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense) (Depósito: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense); m-n) Coto do Mosteiro (O Carballiño, Ourense) (Depósito: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense); ñ) Cividade de Terroso (Póvoa do Varzim, Porto); o-p) Castro de Santomé (Ourense, Ourense); q) Castro de Monte Mozinho (Penafiel, Porto) (Debuxos: C. Seoane).



Fig. 85 Esquemas decorativos presentes nos pés das vasillas perladas con perfil en "S" suave (Debuxos: C. Seoane).

5.3. Valoración e interpretación do conxunto

Tal e como se foi vendo, hai vasillas perladas que se incardinan perfectamente dentro da área oleira á que pertencen (Rey 1991; Seoane 2017), caso dos contedores tipo "Vigo" nas Rías Baixas e occidente portugués, as pezas con bordos multifacetados no caso da Setentrional ou as pezas con perfil en "S" suave no da Cunca do Miño e occidente portugués tamén. O que fai ás perladas unhas pezas morfolóxica e formalmente heteroxéneas e que se unen unicamente por amosar todas fiadas de perlado no seu corpo.

A partir de aquí pódese obter un catálogo relativamente amplo dos motivos decorativos (Táboa 12) presentes en todas elas, e que nos permiten ver como o perlado convive con múltiples debuxos e técnicas, destacando a impresión –técnica mediante a que se elaboran as "perlas"– e a incisión –técnica empregada para elaborar os cordóns lisos que habitualmente as acompañan.

Estes motivos repártense por case toda a superficie (Táboa 26), dende as asas, pasando polos bordos, seguindo polos ombreiros e galbos e rematando polos pés realzados, conseguindo así unha decoración moi Barroca e rechamante. Asemade, seguen uns **patróns bastante fixos** na súa colocación no corpo das vasillas, agrupándoos en bandas fundamentalmente horizontais, pero tamén en vertical e diagonal con múltiples combinacións (Táboa 27). Certos motivos amosan fortes vinculacións cun tipo de perfil concreto e moi imbricados na área oleira á que se asocian.

Os bordos reforzados amosan, fundamentalmente liñas verticais impresas, zigzag inciso a peite ou espigado, o cal é unha característica definitoria dos contedores tipo "Vigo" (Rey 1991) tan vinculados á

olería das Rías Baixas, pero que tamén se atopan noutras áreas coma a setentrional, da que xa se ten dito que "imitan" ás pezas anteriores en castros coma o de Borneiro (Rey 1991), ao que pertencen os exemplares destas características aquí aportados. Así pois, morfolóxica e esteticamente, as perladas do Castro de Borneiro (Fig. 48) gardan relación coas pezas das Rías Baixas. Esta proximidade entre dúas tradicións cerámicas, en principio, antagónicas como a setentrional e a das Rías Baixas probablemente sexa consecuencia dun fenómeno máis "globalizador" que ten lugar nos séculos que roldan o cambio de Era, seguramente en relación coa presenza romana na Península, que fai que as áreas oleiras se vaian desdebuxando e haxa cada vez máis interferencias e interrelacións entre elas (Rey 1991, 2005b, 2011).

Fig. 86 Cerámicas perladas de: a-b) Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Fotos: C Seoane); C) O Castro de Lameán de Arriba (Ribadumia, Pontevedra (Foto: culturagalega.org).

Do mesmo xeito, motivos coma os **triángulos nervados,** con ou sen semiesfera central, concéntranse, en ámbalas dúas beiras do río Miño (Mapa 25), non tanto así no caso dos triángulos "simples" colocados formando aspas, posto que tamén existen na área noroccidental galaica ademais de na suroccidental-central. Estes elementos colócanse sempre na parte máis visible da peza (Fig. 35) e soen ser un dos motivos centrais das pezas con perfil en "S" suave propias da área miñota.



Mapa 29 Mapa de distribución das cerámicas perladas con triángulos, nervados con e sen semiesfera e lisos (Fonte: IDEPatri).

Fig. 87 Cerámicas con triángulos nervados procedentes de: a-b) Coto do Mosteiro (Fotos: C. Seoane); c-d) Castro das Laias (Fotos: C. Seoane); e-l) A Cidade de San Cibrao de Lás (Fotos: C. Seoane); m-n) Castro de San Tomé (Foto: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense); Debuxo: Peralta *et al*. 2004); ñ) Cividade de Terroso (Foto: Pinto 1932).

No caso dos **zigzags** e **retículas** (Mapa 26), estes amosan un distribución bastante ampla pero especialmente concentradas na área Setentrional en relación coas olas de perfil globular achatado antes definidas (Fig. 50). Residualmente podemos atopalos vinculados a olas globulares con bordo reforzado, ben incisas a peite (Fig. 50f) nas Rías Baixas, ben reenchidos de pequenas perlas na área noroccidental portuguesa (Fig. 50 m-n). No caso das **arcadas** (Mapa 26), estas están presente só en dous exemplos insertos na área setentrional (Fig. 50d, g) e só en pezas de perfil globular achatado.



Mapa 30 Mapa de distribución das cerámicas perladas con zigzag e/ou retícula (Fonte: IDEPatri).

Fig. 88 Cerámicas perladas decoradas con zigzag procedentes de: a-e) Os Castros (Fotos: C. Seoane); f) Castro de Castrolandín (Debuxo: Ayán *et al*. 2007); g) Castromaior (Foto: J. Torres); h) Castro dos Carreiros (Foto: Alcorta, Carnero 2010); i) Castro de Cortegada (Debuxo: Rey 1991); l) Castro da Orela; m) Castro do Coto da pena (Debuxo: Silva 1986); n) Cividade de Âncora (Debuxo: Silva 1986); ñ) Castro de Corredoiras (Debuxo: Rey 1991).

Asemade, hai un dato que resulta, cando menos, curioso, posto que estas perladas que presentan zigzag cínguense á área Setentrional e as súas áreas de interferencia con outras tradicións oleiras, moi ao contrario co que acontece coas sítulas (Mapa 2727), que tenden a distribuírse na Cunca do Miño e as Rías Baixas. Pero coinciden na súa presenza *quasi* testemuñal no noroeste portugués.

Mapa 31 Pezas con zigzag ou retícula (Fonte: IDEPatri).



Os **motivos circulares** (Fig. 89 a) e **SSS** (Fig. 89 b-d) comparten unha mesma área, comprendida entre as áreas da Cunca do Miño e as Rías Baixas (Mapa 32), rexistrando os círculos simples unha tendencia distributiva máis setentrional e as SSS máis meridional. Igual cá nos casos anteriores, colócanse na zona máis visible do galbo da vasilla. No caso dos círculos concéntricos, estes só aparecen no exemplar do Castro de San Cibrán (Cerdedo, Pontevedra) e na Cidade de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense). Polo que tan só se relacionan coas pezas de perfil globular e en "S" suave, agás os círculos impresos simples que aparecen no Miño e na Setentrional.



Fig. 89 Cerámicas perladas prodecendes de: a) Castro de San Cibrán (Foto: C. Seoane); b) Castro do Marco (Debuxo: Rey 1991); c-d) A Cidade de San Cibrao de Lás (Debuxos: Rodríguez Puentes 1986).

As **sigmas** e **serpeados** teñen unha distribución moito máis ampla (Mapa 33) teñen unha dispersión bastante ampla pero cunha certa concentración na Cunca do Miño e as súas áreas de influencia. Están en relación con vasillas de perfil globular e en "S" suave.



Mapa 32 de distribución das cerámicas perladas con círculos e SSS (Fonte: IDEPatri).



Mapa 33 Distribución das cerámicas con serpeados e/ou sigmas (Fonte: IDEPatri).

No caso dos **espigados** (Mapa 34) son uns motivos moito menos comúns, e, polo momento, circunscríbense á área Setentrional (Fig. 52a, c), en relación con vasillas de perfil globular achatado con bordos

multifacetados; e un exemplar no noroeste portugués (Fig. 52b), posiblemente vinculado a vasillas de perfil globular, pero ao descoñecer o perfil non podemos asegurar este extremo. Colócanse (Táboa 26) en diferentes zonas, dende os bordos ata os galbos.



Fig. 90 Espigados das cerámicas de: a) Os Castros (Foto: C. Seoane); b) Citânia de Santa Luzia (Debuxo: Vasconcelos 1903); c) Castro de Borneiro (Foto: C. Seoane).

Un dos motivos que acompaña en máis ocasións á decoración perlada son as **liñas verticais** impresas ou incisas, normalmente encabezando as decoracións, posto que moitas veces ornamentan xa os bordos, noutras ocasións o ombreiro ou o galbo. Da súa distribución xeográfica (Mapa 35) resulta paradoxal a restrición destas ás zonas noroccidental e suroccidental, non chegando a traspasar, en ningún caso, o Miño cara o Leste, o cal non quere dicir que nestas áreas.

Fig. 91 Cerámicas perladas d: a) Citânia de Santa Luzia (Foto: Leal (coord.) 2008); b) Procedencia descoñecida, atribuída ao Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña) (Depósito: Colección Didáctica do GEPN-AAT, Departamento de Historia, Facultade de Xeografía e Historia, USC) (Foto: Rey 2005b); c) Castro de Ribela (A Estrada, Pontevedra) (Depósito: paradoiro descoñecido) (Debuxo: Bouza 1944).



Mapa 34 De distribución das cerámicas perladas con espigados (Fonte: IDEPatri).



Mapa 35 Distribución das cerámicas con decoración de liñas impresas ou incisas (Fonte: IDEPatri).

O único exemplar que se atopa na área Oriental, presenta perlado como decoración única. Trátase dun exemplar atopado na área de

confluencia das tradicións castrexa e de Cogotas I, cunha cronoloxía bastante diferente das galaico-portuguesas (Fig. 92).



Fig. 92 Cerámica perlada do castro de Peña Escrita (Casaseca de las Chanas, Zamora) (Depósito: Museo de Zamora) (Debuxo: Martín Valls, Delibes 1978).

Recapitulando tódolos datos anteriores pode facerse un intento de reconstrución "ideal" das perladas segundo a morfoloxía que presentan e os motivos decorativos vinculados a estas, e que acababan conformando unha sorte de variación morfotipolóxica cunha clara vinculación coa tradición oleira na que se insertan (Fig. 93). No caso da Cunca do Miño predominan os motivos estampados, entre os que destacan os triángulos nervados con semiesfera central. No da Setentrional predominan os motivos xeométricos incisos a peite, coma o zigzag, tan característicos desta tradición oleira (Rey 1991), e son semellantes, en aparencia e morfoloxía, ás olas tipo Castromao (Rey 1991: 363-366). E nas Rías Baixas é importante a súa vinculación con bordos reforzados de tipo "Vigo" e a preseza de asas só nestes casos nalgúns exemplares.



Fig. 93 Reconstrucións "ideais" da morfoloxía e decoración das diferentes variantes das cerámicas perladas observadas (Debuxos: C. Seoane).

No que aos asentamentos nos que se localizan as cerámicas perladas, distínguense tres categorías de asentamento (Mapa 36):

1. **Rural:** deles proceden a maioría de exemplares (31 xacementos). A este grupo pertencen castros coma o de Borneiro (Cabana de Bargantiños, A Coruña), A Graña (Toques, A Coruña) ou Cortegada (Silleda, Pontevedra)

2. **Protourbano:** a esta categoría vincúlanse 9 xacementos, castros coma A Cidade de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense) ou a Citânia de Briteiros (Guimarães, Braga).

3. **Urbano:** neste caso só se pode falar de *Lucus Augusti* (Lugo, Lugo).

A tenor destes datos, é importante destacar que as perladas aparecen en todo tipo de ambientes, tanto en castros rurais e de pequenas dimensións con orixes antigas, coma nas *citânias* de grandes dimensións que aglutinan poboación xa baixo a influencia romana, ao marxe do caso, polo momento, illado, do exemplar obtido nun contexto urbano romano, como é *Lucus Augusti*.

Do mesmo xeito, semella que esta distribución está en estreita relación coa cronoloxía dos xacementos nos que se obteñen, posto que tódolos xacementos teñen unha característica común: a súa ocupación nos séculos que roldan o cambio de Era –s. II a.n.e-I d.n.e.–, no que constitúe a Fase Final da Cultura Castrexa (Carballo 1998). Moitos deles, coma o Castro da Graña (Toques, A Coruña) (Meijide 1990b) ou a Cividade de Terroso (Póvoa do Varzim, Porto) (Silva 1986), teñen unha orixe moi anterior. No caso do Castro da Graña (Meijide, Acuña 1989, 1991, 1992) ou do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Romero 1982, 1983, 1984-1985, 1984b, 1985, 1986, 1987a, 1987b, 1988, 1989a, 1990) as cerámicas perladas aparecen nos niveis de ocupación máis recentes.



Mapa 36 Mapa de distribución dos asentamentos con cerámicas perladas diferenciados segundo a súa categoría (Fonte: IDEPatri).

Así pois, para asignarlles un **abano cronolóxico** concreto poden combinarse varios datos:

- Os obtidos do **estudo da decoración**, como motivos vinculados moi claramente co Ferro II Prerromano e romano (Alcorta 2001a, 2001b), como son as rosáceas e as arcadas.

- A localización da totalidade da mostra en **xacementos que manteñen ou inician a súa ocupación no cambio de Era**.

- A **cronoloxía tipolóxica** (Rey 1995, 1996) que aportan os contedores tipo "Vigo" aos que se vinculan as perladas nas Rías Baixas e a área noroccidental portuguesa. Para os que se teñen datacións de C14 que dan como forca cronolóxica os s. II a.n.e.-I d.n.e. (Rey 1991).

- As datas nas que parecen proliferar os **bordos multifacetados** na área setentrional, roldan tamén a mesma franxa cronolóxica (Rey 1991, 1995, 1996).

- As **datacións radiocarbónicas** realizadas nos diferentes xacementos estudados (Meijide 1990b; Carballo, Fábregas 1991; Jordá *et al.* 2009, 2015).

En canto aos contextos e ao seu posible **ambiente de uso**, existen datos importantes para falar delo en diferentes xacementos. En primeiro lugar, destacan as cerámicas perladas dos Castros (Toques, A Coruña), estas foron localizadas todas nunha mesma estancia, concentradas nunha das esquinas da estrutura e en compañía de outras moitas cerámicas decoradas (Fig. 94) (Penedo, Rodríguez Puentes 1995), o que leva aos autores a propoñer que

> *«[…] La ausencia de pavimento y la gran cantidad de material en un espacio tan reducido nos obliga a pensar en que en esta zona estaría dispuesta algún tipo de estructura, sin definir, sobre la cual se aglutinarían o almacenarían estos objetos.»* (Penedo, Rodríguez Puentes 1995: 190)



Fig. 94 a) Plano das estruturas escavadas nos Castros coa construción na que se localizan as perladas remarcada (Plano: Penedo, Rodríguez Puentes 1995, modificado); b) Planimetría do recinto 2 co sector no que se localizan tódalas cerámicas perladas resaltado –esquina suroeste– (Penedo, Rodríguez Puentes 1995, modificado).

Asemade, é importante remarcar que dous dos xacementos nos que maior número de vasillas e que maior índice de reconstrución amosan pertencen á Área Oleira Setentrional –Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) e Os Castros (Toques, A Coruña). No caso do castro situado na serra do Bocelo, chama a atención a grande concentración de cerámicas perladas neste xacemento e nese sector concreto (Fig. 94), posto que neste xacemento localízanse 95 fragmentos pertencentes a un máximo de 11 vasillas perladas. A acumulación das pezas, nun lugar moi concreto, lévalles a propoñer esa función de almacenaxe, o que pode redundar na idea de que non son pezas de uso diario (Penedo, Rodríguez Puentes 1995), senón máis ben de usos relacionados con celebracións non cotiás.

O seguinte xacemento é o Castro de Borneiro, que conta con 24 fragmentos dun máximo de 9 vasillas e que, neste caso podemos observar os índices de dispersión das cerámicas perladas dentro do poboado (Fig. 95). A súa distribución, indica a aparición deste tipo de pezas, fundamentalmente, en ambientes domésticos e espalladas por todo o poboado. Localizáronse algunhas en 8 das 32 casas escavadas e

tamén entre o espazo que resta entre dúas ou tres construcións anexas. Neste xacemento podemos situalas sobre o planos, nos restantes, coma o caso da Cidade de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense) ou o Coto do Mosteiro (O Carballiño, Ourense) sabemos que algúns exemplares se localizaron tamén dentro de construcións habitacionais.

Na mesma Área Oleira Setentrional, e, pese a que conta cun único exemplar, é importante destacar a cerámica perlada de Castromaior (Portomarín, Lugo), a causa do seu alto grao de reconstrución. Esta peza localízase nunha especie de atrio de entrada dunha construción xunto con materiais de cambio de Era, atopándose tódolos anacos *in situ*[70], constituíndo unha das pezas más completas do noroeste xunto con algún exemplar dos Castros (Toques, A Coruña) e outros da Cidade de San Cibran de Lás.

Nesta mesma área, e tamén situado na Serra do Bocelo, atópase o Castro da Graña (Toques, A Coruña), que conta con 9 fragmentos dun máximo de 5 individuos. Estas vasillas tamén se localizan en contextos domésticos (Meijide 1990b: 117), para os que se conta cunha datación de carbono 14, que sitúa estas vasillas na 3ª Fase de habitación descrita para este xacemento, o que arroxa unhas datas en torno aos s. III-I a.n.e. (Meijide 1990b: 116-118). O mesmo acontece co Castro de Corredoiras (Boimorto, A Coruña), que conta cun total de 7 fragmentos, pertencentes a un máximo de 4 vasillas, e para as que o radiocarbono dá unhas datas en torno aos s. III a.n.e. e o I d.n.e. (Meijide 1990b: 119).

[70] Comunicación persoal d@s arqueólog@s de Terra Arqueos. A quen lles agradezo a información e fotografía facilitada.

Fig. 95 Dispersión das cerámicas perladas no Castro de Borneiro (situadas no plano do mesmo (Plano: B. Currás; Situación: C. Seoane).

Na Área Oleira da Cunca do Miño, destaca A Cidade de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense), no que algunhas das súas pezas amosan un índice de reconstrución bastante importante. En concreto, destaca unha delas, da que se localizan tódolos anacos dentro da estrutura 8 (Pérez Outeiriño 1985). Neste caso, este castro conta con 59 fragmentos dun máximo de 10 individuos. Pero semella que este exemplo non chama tanto a atención, posto que o Castro de Borneiro e Os Castros son poboados de moita menor envergadura –rurais– e A Cidade de San Cibrao de Lás é un xacemento que abrangue unha maior superficie e, polo tanto, alberga un maior número de habitantes –protourbano.

O seguinte xacemento é o Coto do Mosteiro, que conta con 8 fragmentos dun máximo de 5 individuos, que tamén se atopan nun ambiente doméstico (Orero 1988). Neste caso están moi fragmentados e non son excesivamente representativos, pero si é importante o seu contexto de localización.

Nos restantes casos ou ben os contextos son imprecisos, ou non se puido acceder a eles, polo que non se poden ofrecer datos fidedignos ao respecto da súa aparición. Pero cos datos expostos arriba, colle pensar que **as perladas abundan en ambientes domésticos**, en xacementos que abranguen **datas entre os s. III a.n.e. e I d.n.e.**, cunha marcada importancia das áreas oleiras Setentrional e da Cunca do Miño. Nas Rías Baixas, pese a contar cun número relativamente amplo de pezas, pouco ou nada se pode indiciar con respecto aos seus contextos que axude a situalas, pese a contar cunha das pezas máis completas –Castro de San Cibrán (Cerdedo,Pontevedra)–, pero carece por completo de calquera contexto arqueolóxico. No caso dos materiais do Castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra), pese a non ser desprezables en número –9 fragmentos, 3 individuos Nmx–, a súa contextualización é incerta, posto que proceden de escavacións antigas (Mergelina 1944-1945), polo que os datos que se obteñen son moi imprecisos.

Isto, en canto ao mencionado **ambiente de uso**, indica un claro predominio dos ambientes domésticos, sobresaíndo esa posible área de almacenaxe nos Castros (Toques, A Coruña) (Penedo, Rodríguez Puentes 1995). Porén, que se localicen en contextos domésticos non implica necesariamente que ese sexa o lugar no que empregan. Se nos

guiamos por criterios morfolóxicos, podemos acoder ás posibles sítulas representadas na diadema-cinto de Moñes (Piloña, Asturias) retratadas no capítulo anterior (Fig. 60), que semellan moi parecidas en forma a estas cerámicas. De ser certo o paralelismo, ambos tipos de cacharros xogarían un papel semellante dentro do mundo ritual.Pero isto semella ser algo forzado posto que non hai máis argumentos a favor que a asimilación morfolóxica. O que nos leva a propoñer unha sorte de posible status intermedio para as cerámicas perladas con respecto das sítulas e as cerámicas utilitarias de uso cotiá. Isto derívase da aparición destas vasillas sobre todo dentro de estruturas habitacionais en diferentes xacementos, pero parece claro que os oleiros non se esmerarían tanto na decoración, nin en escoller os barros, nin se preocuparían en seguir uns patróns de construción determinados de non ser unha pezas cun cero significado social, simbólico, cultural…

Do mesmo xeito, a localización de tódalas perladas nun único punto dentro da estrutura 2 nos Castros (Toques, A Coruña) (Fig. 94) no que os seus escavadores interprentan coma unha posible área de almacenaxe para as cerámicas decoradas que alí se concentran (Penedo, Rodríguez Puentes 1995: 190). De ser certa a existencia dunha zona de almacenaxe de vasillas, na que se gardarían as é posible interpretar que son pezas de certa relevancia e que non se empregan a cotío.

Por último, combinandos estes datos, podemos outorgarlles ás cerámicas perladas un **abano cronolóxico** que abrangue, *grosso modo*, os **s. III a.n.e.-I d.n.e**. Outro argumento a favor desta datación non é outro que a convivencia de cerámicas perladas e sítulas nun mesmo xacemento (

Mapa 37), destacando a especial concentración dos xacementos nos que se dá esta cohabitación nos castros máis próximos á liña de costa, de Norte a Sur, e en ámbalas dúas beiras do río Miño. En todos estes casos dáse a coincidencia de que son castros habitados no cambio de Era.



Mapa 37 Mapa de distribución das cerámicas perladas contraposto ao das sítulas no NW (Fonte: IDEPatri).

Capítulo 6 A cerámica no espello dos metais: as escalas de concordancia

> «***O metálico está de moda***
> *O mesmo que en toda Europa, está de moda o metálico. Imítanse os brillos, os efectos, os estilos decorativos, os xestos.*
> *[…] A sítula é un recipiente metálico […] As imitacións en barro asimilan as formas e os adornos das mesmas, mais queda por saber se son fonte de inspiración para vasillas de uso cotián* [sic] *ou se pretenden simbolizalas e polo tanto substituílas por un material máis económico.»*
>
> (Rey 1998: 235-240)

6.1. BASES PREVIAS

Unha vez formulada a proposta de traballo –capítulo 1–, desenvolta a metodoloxía de análise –capítulo 2–, escolmado –capítulo 3–, definido e catalogado o material –capítulos 4 e 5–, xorden máis cuestións, tanto ou máis importantes cás iniciais, entre as que destaca unha en particular: é útil a estrutura analítica formulada para determinar o grao de semellanza proposto para sítulas metálicas e vasillas perladas? Agora chega o momento de comprobar se o modelo funciona ou non e de abondar nas posibilidades que fornece a súa aplicación.

Como se advirte dende os inicios do traballo, e como se comproba no estudo de conxunto dos materiais obxecto de discusión, tanto as sítulas de bronce con decoración xeométrica, os moldes para a súa fabricación e as súas probables representacións iconográficas, así coma as vasillas perladas, son obxectos cunhas calidades especiais, cunha factura coidada, a nivel externo cando menos, e nas que o recargado das súas decoracións non remite, nin moito menos, a un obxecto cotiá de carácter utilitario. É dicir, non se trata de olas de cociña–non se constatan restos de feluxe, nin ningunha outra pegada de lume nas súas superficies, por exemplo– nin de simples recipientes de almacenamento, polo menos na súa concepción funcional inicial –que non de uso (Rodríguez Nóvoa 2014a)– nin duns obxectos desprovistos de significado funcional e/ou simbólico, senón máis ben todo o contrario.

A precisión e calidade técnicas coas que se realizan os recipientes, a aparente estandarización dos trazos, dos esquemas construtivos, morfolóxicos, estruturais, estéticos, decorativos… indican que son pezas nas que se coidan os detalles, nas que nada ou case nada se deixa ao azar, nas que resta pouco espazo para modificacións, posto que as variacións son mínimas e sempre se dan dentro dunhas liñas básicas: gama de motivos decorativos, esquemas ornamentais, morfoloxía… Do mesmo xeito, a fabricación das **sítulas** á cera perdida mediante moldes de arxila implica a planificación da peza con antelación, ao igual cá calquera obxecto fundico a molde, que as variables técnicas –cantidade e calidade de materia prima necesaria, porcentaxes das compoñentes das aliaxes, provisión de arxila e cera de abella, deseño previo do debuxo que se quere reflectir no bronce…– teñen que ser controladas. Como se suxire para o caso da metalurxia da Idade do Ferro na área das Médulas, a produción metálica deste momento coñece ben as propiedades dos materiais, controla tódalas etapas da cadea técnica, non é unha metalurxia de carácter utilitario unicamente, senón que tamén é capaz de producir pezas dunha gran calidade técnica e estética (Fernández-Posse *et al.* 1993).

As **cerámicas perladas** parecen ser pezas que, pese á aparente normatividade de tódolos seus compoñentes, non precisan unha gran planificación previa máis aló da selección do barro máis axeitado para a súa produción, a preparación de estampadores –no caso das vasillas nas que se emprega o estampado como técnica decorativa– e a evidente destreza, polo menos aparentemente, que ten que amosar un/unha oleir@ no levantamento dos cacharros e na súa posterior decoración. Esta, e outras razóns, poden ser a causa pola que o abano de variacións técnicas, estéticas, decorativas… é substancialmente máis amplo cá no caso das sítulas metálicas. Asemade, non se deben perder de vista as diferentes características físicas e mecánicas dos materiais (McCoullough 2014: 101-104). Estas inflúen tanto no xeito de fabricar os recipientes, coma no funcionamento dos elementos estruturais que se poden introducir. Os "excesos" técnicos que se poden permitir os artesáns nunha e noutra manufactura están suxeitos a elas e delas depende tanto o funcionamento das vasillas a nivel estrutural como a nivel funcional e/ou práctico. Esta, entre outras, pode ser unha das explicacións das posibles discordancias que se detectan entre vasillas de bronce e vasillas de barro.

Tendo en conta as escalas de análise propostas no capítulo 2 a partir dun modelo teórico, con base na definición de esqueuomorfismo aportada, e aplicadas ao caso práctico das cerámicas do Castro do Achadizo (Boiro, A Coruña) (Seoane 2016), que funcionan, cando menos, nese exemplo concreto, as posibilidades e detalles susceptibles de ser analizados son múltiples. Aínda así, nunca hai que deixar de vixiar os límites que pode ter o sistema proposto –aplicado inicialmente a un único xacemento e, polo tanto, a unha escolma cerámica moi reducida como para obter unhas conclusións definitivas– no caso das sítulas metálicas e as súas probables homólogas cerámicas. Do mesmo xeito, é importante aplicar o modelo sen rixideces, é dicir: que se observen determinados trazos "metálicos" nas cerámicas do Castro do Achadizo, non é sinónimo de "obrigatoriedade" nin de "exclusividade". É dicir, que un atributo X sexa importante ou clave na ecuación anterior, parafraseando as indicacións de D. L. Clarke (1984), non implica que neste caso sexa indispensable esa mesma variable, nin obsta para que se introduza unha nova incógnita –Y, Z ou varias á vez– en calquera das asimilacións que se formulan –formais, estruturais, estéticas…–. O esquema debe adaptarse ao material co que se traballa, nunca ao revés.

Seguindo unha vez máis a T. J. McCoullough (2014):

> *«[…] Se un esqueuomorfo é un obxecto que pretende evocar a idea (e as connotacións) do modelo orixinal a través de marcadores específicos, para recoñecer os esqueuomorfos no rexistro arqueolóxico é necesario identificar como se expresan os significantes particulares do artefacto orixinal noutro medio. […] un dos tres xeitos de identificar o "metalismo" na cerámica é recoñecer aqueles detalles estruturais que poden ser inherentes á fabricación de recipientes de metal, pero non á produción de cerámica. […] para determinar se as características estruturais dos vasos de cerámica se inspiraron especificamente en exemplos de metal, é útil contar con exemplos existentes de recipientes de metal, así como unha idea das tradicións metalúrxicas practicadas na rexión en estudo. […]»*[71] (McCoullough 2014: 101).

[71] Tradución propia de: *«[…] If a skeuomorph is an object that is meant to evoke the idea (and the connotations) of the original model through specific markers, then to recognize skeuomorphs in the archaeological record, one needs to identify how the particular signifiers*

Partindo de aquí, preténdese responder, na medida do posible, ao interrogante formulado previamente na bibliografía arqueolóxica (Rey 2005a, 2005b, 2011, 2014; Seoane 2017): son as sítulas con decoración xeométrica e as cerámicas perladas homólogas nalgúns aspectos relevantes? Son estas semellanzas intencionais? Compren realmente a mesma función? Fabrícanse coa mesma intencionalidade? E, de ser así, cal é o seu ámbito funcional real? Preguntas que se poden resumir nunha soa: son as cerámicas perladas esqueuomorfos das sítulas metálicas? Para contestar a estas cuestións é preciso colocar en paralelo sítulas de bronce –e/ou os seus moldes de fabricación e/ou representacións– e vasillas perladas dentro da perspectiva esqueuomórfica en base ao modelo proposto tanto a nivel micro, como a nivel macro. É dicir, non só deben estudarse os atributos propios dun determinado artefacto, senón que tamén revisten importancia o estudo de conxunto dos atributos de toda unha poboación de artefactos dentro do grupo completo de cada unha das evidencias (Clarke 1984).

Os contextos, tanto a nivel cronolóxico como territorial resultan de vital importancia. É dicir, comparar as **tendencias xeográficas** que amosan tódalas evidencias en conxunto permite ver as concordancias e discordancias que amosan tanto dentro do espazo do noroeste peninsular, como a nivel máis específico dentro das áreas oleiras empregadas como marcadores ao longo de todo o traballo (Rey 1990-1991, 1991, 2011, 2014), e, cando sexa posible, a posta en conxunto dentro dos poboados nos que conviven sítulas e cerámicas perladas. De ser factible, tamén se intenta observar se as tendencias distributivas das diferentes morfoloxías de sítulas –capítulo 4– coinciden ou non nalgunha área concreta con algún dos tres tipos de perladas identificadas –capítulo 5.

of the original artifact are being expressed in another medium.[…] one of the three ways to identify "metalness" on pottery is to recognize those structural details that may be inherent to the manufacture of metal vessels, but not to pottery production. […] in order to ascertain whether the structural features on the ceramic vessels were specifically inspired by metal examples, it is useful to have extant examples of metal vessels, as well as an idea of the metallurgical traditions practiced in the region under study. […]» (McCoullough 2014: 101).

6.2. APLICACIÓN DO MODELO: CONCORDANCIAS ENTRE CERÁMICAS PERLADAS E SÍTULAS DE BRONCE

6.2.1. Detalles morfotipolóxicos ou estruturais

Con respecto ás **semellanzas morfolóxicas** que amosan sítulas e perladas, pouco se pode adiantar, de non ser pola comparación coas representacións iconográficas en bronces con motivos de sacrificio e/ou ourivería ou as reconstrucións hipotéticas das sítulas realizadas a partir do estudo de conxunto. Aínda así, podemos intentar ver cales son as semellanzas e diferenzas que amosan.

Así pois, todo parece indicar que, morfoloxicamente, as **cerámicas perladas de tradición "Miño"**, poden ser semellantes en forma ás sítulas con chapas de bronce propias das rexións das Rías Baixas, a Cunca do Miño ou a zona occidental astur –pero ausentes polo momento na área Setentrional. É dicir: vasillas con bordo redondeado, corpo con perfil en "S" suave, colo estrangulado e fondo curvo (Fig. 96) –ao igual cá os caldeiros de remaches de tipo "Atlántico" (Armada 2005: 115-116). É probable que as sítulas non conten cun pé alto fixado ao fondo do corpo, senón que se pousarían sobre algún tipo de base –pedestal, trepia…– feita noutro material –cerámica, madeira, ferro…–; isto pode deberse a que cando se penduran sobre o lume este pé carece de sentido práctico, o que pode ser un argumento a favor do emprego de bases alleas ao recipiente orixinal. Que este pé non estivese fixado ao fondo das sítulas, non obsta para que nas cerámicas se reproduza coma se formasen un todo común.



Fig. 96 Reprodución do posible perfil dunha sítula con decoración de zigzag e reprodución dunha perlada de tradición "Miño" (Debuxos: C. Seoane).

Algo semellante parece acontecer coas **cerámicas perladas de tradición "Setentrional"** e as sítulas con triángulos, e/ou arcadas caladas (Fig. 97): ambas amosan un perfil globular achatado, colos curtos, esveltos e fortemente estrangulados, bordo reforzado na cara externa e lixeiramente exvasado e fondo curvo. Ao igual que acontece co caso anterior, é moi probable que a base da sítula estea dislocada con respecto á vasilla e que nas cerámicas perladas se integre xunto cos restantes elementos formais das vasillas. Ambos tipos de vasillas teñen uns ombreiros moi marcados na transición ao galbo e a súa máxima expansión en torno á parte media do corpo. Estas perladas caracterízanse por ser máis anchas cá altas e poden ter a transición do colo so galbo facetada na cara interna, circunstancia que parece darse, polo menos, no exemplar de sítula con triángulos calados do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Fig. 41).



Fig. 97 Reconstrución dunha sítula con triángulos calados e unha perlada de tradición "Setentrional" (Debuxos: C. Seoane).

Moito máis complexas de asimilar parecen as **cerámicas perladas de tradición "Rías Baixas"** con bordo reforzado tipo "Vigo", carentes de colo, corpo globular, fondo curvo ou plano e pé alto. Aínda así, pode intentarse a través da súa comparación coas posibles representacións iconográficas das sítulas (Fig. 98). A simple vista, morfoloxicamente son semellantes á representación que aparece no bronce con motivos de sacrificio de procedencia descoñecida depositado no Instituto Valencia de Don Juan. Esta vasilla amosa unha característica peculiar –que aparecen en cerámicas de diferentes xacementos coma o Castro da Graña (Toques, A Coruña) (Meijide, Acuña 1989: Fig. 56). O bordo, condicionado polo soporte no bronce sacrificial, semella reforzado, o que nos leva a pensar na posibilidade de que as liñas verticais impresas

tan características dos bordos tipo "Vigo", veñen a ser unha sorte de representación deste tipo de asas que son moi febles nas vasillas cerámicas e, polo tanto, carecen completamente de todo tipo de sentido práctico (Fig. 99). Ás vasillas perladas de tradición "Rías Baixas" é ao único tipo de cerámica perlada que se lle ten asociado algún tipo de elemento de suspensión (Fig. 66).

Con respecto ás asas, rexulta interesante sinalar a case total ausencia de asas nas cerámicas perladas (Fig. 66), en contraposición coas sítulas de bronce, das que o maior número de pezas que se conservan son precisamente os enganches para asa (Táboa 5).

Fig. 98 Reconstrución dunha perlada de tradición "Rías Baixas" (Debuxo: S. Seoane) e detalle da posible sítula representada no bronce con motivos de sacrificio do Instituto Valencia de Don Juan (Foto: Ó. García Vuelta).

Fig. 99 Cerámica con asas galladas procendente do Castro da Graña (Toques, A Coruña) (Depósito: Museo da Terra de Melide) (Foto: C. Seoane).

6.2.2. Estéticas e motivos decorativos compartidos

Esteticamente, parece claro que ambos tipos de evidencia están bastante normativizados, pese a que existen variacións. Sítulas e perladas teñen certo **gusto polas decoracións recargadas e en relevo**. Os motivos e as combinacións son múltiples. En ambos casos, a decoración disponse **en bandas**, fundamentalmente en horizontal, pero tamén poden apreciarse en vertical e diagonal. Os **motivos** son moitos e moi variados sobre todo nas perladas, máis reducidos no caso das sítulas (Táboa 24, Táboa 27, Táboa 28). En moitas ocasións comparten colocación e distribución no corpo das vasillas.

Tanto en sítulas como en cerámicas perladas é habitual abrir e/ou pechar os **esquemas decorativos** mediante cordóns lisos, sogueados ou zigzags. Cada tramo de decoración sinálase mediante un cordón –liso ou sogueado– ou un acanalado –é mediante a combinación de dous destes sucos profundos mediante os que se forman os cordóns nas cerámicas perladas e, moi posiblemente, na cera que se talla para facer o molde. As perlas son uns motivos que, nos dous tipos de pezas enmárcanse con sogueados, espigados e/ou cordóns lisos. En raras ocasións poden darse dúas fiadas de perlas paralelas sen mediar separación algunha –fundamentalmente nas perladas de tradición "Rías Baixas", pero nunca nas sítulas–, pero o máis habitual é que se separen entre si mediante un ou dous destes cordóns entre fiadas. Pese a que nas sítulas o motivo central parecen ser os entrelazos con semiesfera central, as fiadas de perlas teñen moito protagonismo, están presentes nun gran número de pezas e sitúanse, obviamente, nas zonas máis visibles da peza. Dous dos exemplares de perladas procedentes dos Castros (Toques, A Coruña) amosan entrelazos de trazo dobro realizados mediante incisión e tamén ocupan un lugar central no decorativo (Fig. 43, Fig. 59). Nas perladas, ao igual que nas sítulas, moitas veces van precedidos dun cordón liso ou dun cordón sogueado. Estes entrelazos son un elemento común a moitos elementos da plástica castrexa (Villa 2016: 97-100), aparecendo incluso nos laterais da mencionada diadema de Moñes que contén as posibles representacións de sítulas, o que vincula, unha vez máis, este motivo coas sítulas e, unha vez máis, flanqueado por dous cordóns lisos que os separan dos restantes ornatos (Fig. 100).

Fig. 100 Detalle da diadema de Moñes que amosa a un portador de dúas supostas sítulas, con entrelazo con semiesfera central elaborada mediante repuxado nun lateral (García Vuelta, Perea 2001: 14-16; García Vuelta 2007: 206-215) (Foto: Á Martínez Levas, Museo Arqueológico Nacional. Modificada).

As **diferenzas** que amosan ambos tipos de evidencias seguramente se deban á diferente natureza e propiedades físicas e mecánicas de arxila e bronce. En tódolos casos –bronce, representacións e cerámicas– o soporte condiciona os elementos formais e as decoracións que se poden engadir. Como se comenta en liñas anteriores, é moi posible que a necesidade de planificar a peza previamente á súa fabricación no caso das sítulas sexa o que impida, en parte, esa menor variabilidade formal. Nas cerámicas as decoracións poden modificarse simplemente mediante alisado e regularizado da superficie, o que permite certas "licencias" técnicas e/ou decorativas e unha maior improvisación por parte do artesán como consecuencia da menor necesidade de planificación.

6.2.3. Xestos técnicos, ferramentas e técnicas compartidos

Con respecto a isto, parece probable que os **xestos**, con algúns matices, empregados tanto na impresión das perlas nas cerámicas coma no cravado dos remaches nas unións das láminas de bronce presenten certa analoxía, pese ás diferenzas evidentes derivadas da diferente natureza dos materiais ou da ferramenta necesaria para realizar dita tarefa (Fig. 101). Algo semellante acontece co resultado do repuxado no metal e os estampados nas cerámicas. A diferenza estriba en que no caso das cerámicas aplícase a ferramenta directamente mediante presión mentres que no metal, a causa das súas particularidades, sobre todo no caso dos troqueis, a ferramenta precisa da forza dun segundo útil, coma é un martelo. Pese ás diferenzas o xesto de cuñar é parecido.



Fig. 101 Esquemas que representan os xestos necesarios para realizar unha perla e para cravar un remache (Debuxos: C. Seoane).

En canto ás **ferramentas compartidas**, os selos/troqueis/cuños para estampar e/ou troquelar en cerámicas e metais é moi posible que sexan unha delas. Tamén é factible que se empreguen os mesmos peites na elaboración dos entrelazos no tallado do molde de cera e nas cerámicas perladas ou nos acanalados que dan lugar aos cordóns lisos e sogueados en ambos casos. Así pois, en ambos casos a técnica de traballo empregada é a mesma: a incisión.

Con respecto ás **técnicas compartidas**, podes observarse semellanzas nos resultados finais das decoracións realizadas mediante moldes de cera perdida nas sítulas e mediante impresión e incisión nas perladas. En ambos casos as decoracións aparecen, fundamentalmente, en relevo e o efecto visual é o mesmo, producíndose unha sorte de "trampa" visual que fai que a decoración nas cerámicas perladas semelle estar feita, polo menos en parte, mediante molde e/ou á cera

perdida, sobre todo no caso dos cordóns –lisos e/ou sogueados– e as fiadas de perlas concatenadas presentes nas dúas manufacturas. É precisamente a combinación da impresión e a incisión a que consegue esa sensación de relevo sen necesidade de aplicar nova materia nas cerámicas.

Técnicas análogas, que non iguais, poden ser o modelado do barro nas cerámicas e o moldeado no metal por deformación plástica. Son análogas pero diferentes, como consecuencia, unha vez máis, das diferentes propiedades físicas e mecánicas dos materiais e as ferramentas implicadas a tal fin. Namentres que o barro modélase con certa facilidade só coas mans, a deformación plástica dos metais supón un esforzo notable, así coma o emprego de ferramentas como martelos ou bigornias. Do mesmo xeito, é moi habitual que as asas nas cerámicas castrexas sexan colocadas mediante toco cilíndrico (Rey 1991: 411), o que faría as veces dos remaches na colocación dos enganches sobre as sítulas. Pero existe unha diferenza substancias entre elas: nas sítulas os remaches son ben visibles nas caras interna e externa do recipiente, non sendo así nas cerámicas, onde, habitualmente, só é visible na face interna.

Evidentemente, comparten tamén o lume, pero en etapas produtivas moi diferentes, posto que na fundición do metal é aplicado na primeira fase e na cerámica na última etapa da cadea técnica. O barro forma parte de ambas esferas produtivas: nas sítulas como materia prima na elaboración dos moldes e nas cerámicas é a materia prima por excelencia. No caso dos moldes a arxila ten que ser refractaria e levar suficientes elementos fundentes como para soportar as altas temperaturas ás que se verte a colada (Davey 2009: 147-148).

Comparto a visión de C. J. Davey (2009) da produción metálica á cera perdida, na que avoga por unha intensa relación entre artesáns das esferas metalúrxica e oleira na fabricación dos moldes (Davey 2009: 152-153). Penso que esa é a base das semellanzas entre vasillas cerámicas e metálicas: un diálogo fluído entre esferas produtivas a través do cal se transmiten as ferramentas, os xestos, as técnicas… das unhas ás outras. Máis complexo é comprender a dirección na que se produce o diálogo (Aulsebrook 2018). Aínda así, colle propoñer que non se produce un monólogo do metal coa cerámica ou viceversa.

Senón que é, necesariamente, unha relación de reciprocidade e retroalimentación.

6.2.4. Concordancias e discordancias: cronoloxía, territorio e xacementos

No que ás **tendencias xeográficas** que amosan sítulas e perladas xa se apuntou algún dato no capítulo consagrado ás cerámicas con respecto aos zigzags/retículas en ambas clases de vasillas (Mapa 31). Na mesma liña, poden observarse diferentes tendencias contrapoñendo a distribución dos diferentes tipos de pezas. Faise atendendo principalmente ás asimilacións morfolóxicas propostas coma un punto en común entre os diferentes tipos de perladas e de sítulas identificados.

Así, e en primeiro lugar, colle poñer en paralelo as semellanzas propostas para as **cerámicas perladas de tradición Setentrional** e **as sítulas con triángulos e/ou arcadas caladas** (Mapa 38). Porén convén salientar o reducido da mostra de ambos tipos de pezas, sobre todo no caso das cerámicas, posto que, polo de agora, a súa localización redúcese a unha área moi concreta do interior de Galiza entre as actuais provincias da Coruña e de Lugo. No caso das sítulas, a súa distribución é bastante máis ampla, cubrindo toda a faixa central do noroeste, de leste a oeste, actuando o río Sil como límite máis oriental. Así pois, polo momento parecen xeograficamente complementarias. Porén, as conclusións que se poden extraer son meramente provisionais e febles. Cunha mostra algo máis ampla poderán matizarse ou asentarse estas conclusións.

En segundo lugar, poden observarse as pautas espaciais que seguen as **cerámicas perladas de tradición Miño** xunto coas **sítulas con zigzag/retícula** que se propoñen coma as súas análogas morfolóxicas (Mapa 39). Neste caso, ao igual cá no anterior, ambos tipos de vasillas son xeograficamente complementarios. Pero hai unha diferenza fundamental co caso anterior: a mostra destas pezas é moito máis ampla, sobre todo no caso das sítulas e/ou moldes, o que fai que os resultados sexan máis concluíntes, pero nunca definitivos, posto que sería desexable aumentar o número de exemplares no catálogo das perladas para asentar máis firmemente estas conclusións.



Mapa 38 Mapa de distribución das cerámicas perladas de tradición Setentrional e das sítulas con triángulos ou arcadas caladas (Fonte: IDEPatri).



Mapa 39 Mapa de distribución das cerámicas perladas de tradición Miño e das sítulas con zigzag e/ou retícula (Fonte: IDEPatri).

Por último, están as **cerámicas perladas de tradición Rías Baixas**, que se distribúen ao longo e ancho da vertente atlántica seguindo a liña de costa de norte a sur (Mapa 40). Neste caso as tendencias non son tan claras coma nos dous casos anteriores, e conviven tanto con sítulas con zigzag/retícula –coma no Castro de Santa

Trega (Mapa 40, 17)– e con triángulos calados –coma no Castro de Borneiro (Mapa 40, 9).



Mapa 40 Mapa de distribución dos diferentes tipos de perladas e sítulas contrapostos (Fonte: IDEPatri).

Con respecto ás **clases de xacementos** formulados de inicio para a localización das evidencias –rural, urbano e protourbano–, é de sinalar a notable abundancia de pezas nos xacementos de carácter máis rural,

seguidos dos protourbanos, tanto no caso das cerámicas perladas (Mapa 36) coma no das sítulas (Mapa 23). No caso das sítulas, estas localízanse nas capitais conventuais bracarense e lucense, o que pode significar a supervivencia de tradicións de fondas raíces locais nun ambiente plenamente romano. Pero tamén se localizan en dúas cidades fóra do noroeste –Tongóbriga e Conímbriga– ou nun campamento militar romano –Acampamento da Lomba do Canho– (Mapa 23). No caso das perladas, na única cidade na que se coñece algún exemplar é Lucus Augusti, o que pode ser indicativo da permanencia dun e doutro tipo de pezas baixo dominio romano.

No que a **cronoloxías** se refire, sítulas e perladas parecen totalmente coetáneas. Os contextos de aparición expostos por separado, arroxan para as sítulas unha cronoloxía que abrangue entre os s. IV/III a.n.e. e o I d.n.e.; no caso das perladas as datas son moi similares, e os contextos sitúanas en torno aos s. III a.n.e e o I d.n.e.. O que implica que son coetáneas e que comparten tanto espazo coma tempo.

6.2.5. Ambiente funcional e/ou de uso: os contextos

Os contextos antes formulados para cerámicas perladas e sítulas poden aportar pistas sobre o seu contexto funcional e/ou de uso. Isto pode combinarse coas interpretacións aportadas para as representacións iconográficas, especialmente para os bronces con motivos de sacrificio (Armada 2005; Armada, García Vuelta 2003, 2015; Armada, Vilaça 2016).

No que aos **contextos** se refire, debemos acudir unha vez máis ás tendencias distributivas dentro do poboado tanto de cerámicas perladas coma das sítulas de bronce e moldes de sítula presentes no Castro de Borneiro situando ambas producións xuntas nun plano (Fig. 102). Como xa se dixo, chama a atención que varias perladas se localicen no interior das vivendas, é dicir, nun ambiente doméstico, ao longo e ancho do poboado –casas 3, 4, 5, 25, 26, 27, 30 e 32. No caso das sítulas, as evidencias atópanse máis dispersas, pese a que as maiores concentracións danse no interior da casa 11 –que se ten interpretado coma un taller de produción metalúrxica (Fernández-Posse 2000: 77, en base a Romero 1992) –, e no entorno da casa 21. En ningún caso conviven sítulas de bronce e perladas, pero si moldes e cerámicas –

casas 5 e 26. Estas tendencias distributivas dentro do poboado, son interesantes tanto dende o punto de vista produtivo como funcional. Os moldes atópanse en diferentes zonas, pero con preferencia no entorno da casa 21, o que pode falar dunha metalurxia máis ou menos especializada. Á beira desta construción tamén se atopou o fragmento de sítula de bronce con triángulos calados. Porén, a maior concentración tanto de restos de procesado metalúrxico coma de metais, dáse na casa 11 e o seu entorno máis inmediato contra a muralla –sector 30– (Romero 1983, 1984b, 1992).

Como se apunta no capítulo 5, son varios os xacementos nos que, coma no Castro de Borneiro, as **cerámicas perladas** se atopan en ambientes domésticos. Isto leva a pensar que estas vasillas ocupan unha sorte de **status intermedio** entre a cerámica utilitaria de uso cotiá e as sítulas de bronce. É dicir, trátase de pezas especiais pero cun uso máis xeneralizado e frecuente. A isto únese a concentración de cerámicas perladas nun lugar moi concreto do recinto 2 dos Castros (Toques, A Coruña), no que se ten interpretado coma unha zona de almacenaxe para pezas menos cotiás (Rodríguez Puentes, Penedo 1995).

No que se refire ás **sítulas**, tanto os vestixios de bronce coma os de moldes aparecen en vertedoiros xunto con outros restos de procesado de metal –El Castrelín de San Juan de Paluezas (Carracedelo, León) ou La Corona de Corporales (Truchas, León) (Fernández-Posse *et al.* 1993), Castro del Chao Samartín (Grandas de Salime, Asturias) (Villa 2004a) ou Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Fernández-Posse 2000: 77; Romero 1992). Os anacos metálicos poden localizarse tamén no que parecen acumulacións de metal destinado á refundición/reciclaxe, posto que son fragmentos de moi pequenas dimensións e inservibles. Por elo, dos contextos pouco ou nada non se pode inferir con respecto ao seu ambiente funcional e/ou de uso. Neste caso parece máis adecuado acudir ás súas posibles representacións en bronces con motivos de sacrificio e/ou ourivería ou por asimilación ás súas homólogas europeas ao longo de toda a Protohistoria. En ambos casos, remítennos a un uso ritual: os bronces están moi ligados aos sacrificios e banquetes de carácter excepcional (Armada 2005; Armada, García Vuelta 2003) e moitas das sítulas que se coñecen doutros lugares proceden de soterramentos en cronoloxías próximas ou dispares, pero,

en todo caso, movémonos nos mesmos ámbitos rituais (Fig. 22, Fig. 24).



Fig. 102 Distribución de sítulas e perladas contrapostas no plano do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Plano: B. Currás; Situación: C. Seoane).

6.3. CONCLUSIÓNS E ANÁLISE DE CONXUNTO

Despois de expoñer tódolos datos e de observar as concordancias e discordancias entre sítulas e cerámicas perladas, chega o momento de contestar á pregunta formulada ao inicio deste capítulo: son as cerámicas perladas esqueuomorfos das sítulas metálicas? E, de ser así, con que variante dos esqueuomorfos entre as expostas no capítulo 2 se poden identificar? Son as sítulas os prototipos das cerámicas perladas?

Atendendo ás características de cerámicas perladas e sítulas metálicas (Táboa 19), pode tratarse de identificar o tipo de copia que pretenden ser. Está claro que as perladas non pretenden ser falsificacións, posto que non teñen ánimo de enganar, de ser así estarían elaboradas con materiais semellantes e, neste caso son completamente diferentes. Descoñecemos a función coa que se crean as perladas, as sítulas, a través de asimilación, como xa se dixo, sábese que teñen un uso ritual. É probable que compartan un mesmo propósito dende a súa fabricación e durante toda a súa vida útil. En canto aos usos, para avanzar nos das cerámicas perladas sería preciso acudir a analíticas de contidos e/ou traceolóxicas que indiquen cal foi o uso real que se lle dou ás perladas e se este coincide coa función coa que posiblemente son creadas. En canto á utilidade de cada tipo de vasilla, está claro que as sítulas teñen unha **utilidade real** aparellada á concepción mesma do cacharro durante toda a cadea técnica e a súa vida útil, no caso das perladas é moi probable que esta se perciba a través da mencionada "trampa visual", que fai que o espectador entenda a utilidade do obxecto mediante a asimilación formal, decorativa… Resulta patente que as sítulas, como material metálico, teñen un **valor intrínseco real**, pero que no caso das cerámicas perladas este venlle dado, en maior ou menor medida, por asociación coas primeiras, imbuíndoas de valor – **envaluación** (Knappet 2002)– mediante asimilación. O que si que está claro é que non actúan coma obxectos de fronteira, posto que ningunha das dúas tecnoloxías son novas, non requiren aceptación.

Por outra banda, ambas clases de pezas **transmiten significado** – transmisibilidade–, polo que si que actúan coma axente xerador de valor simbólico, cultural, social… É probable que as sítulas, coma elemento metálico cun valor intrínseco real, sexan elementos de prestixio, polo que se debería falar dun ambiente de certa competencia entre diferentes

grupos sociais. Ambos son elementos social e culturalmente compatibles, con moitos puntos en común coas restantes manifestacións da cultura material. Está claro que detrás de calquera imitación está o desexo de copiar unha peza valiosa dende diferentes puntos de vista (MacCoullough 2014), non sempre ten por que ser económico (Conneller 2013). De ser copias é patente que no proceso de emulación se perverten as características iniciais dunha sítula, polo que se dilúen algunhas das características propias das vasillas de bronce pero que deben adaptarse a unha materia prima moi diferente como é o barro.

Como se menciona en liñas precedentes, os contextos das cerámicas perladas apuntan a un ambiente doméstico. Este feito fainos pensar na posibilidade de que as cerámicas perladas, sendo unha imitación das sítulas, terían un status intermedio entre as cerámicas de uso cotiá e as vasillas metálicas, sendo máis xeneralizado o uso das primeiras, restrinxindo o das segundas a celebracións de carácter non cotiá cunha importante carga simbólica –banquetes, cerimonias…

Así pois, de confirmarse que perladas e sítulas compren funcións análogas e que comparten un estilo cultural dende a mesma concepción da peza, pasando por toda a cadea técnica de fabricación e por toda a súa vida útil, na miña opinión estas non serían unha copia literal do prototipo –a sítula. Trataríase dunha **copia adaptada** e/ou **híbrida**, posto que a copia –a perlada– escolma os elementos que copia do orixinal e os que non. Priviléxiase, por exemplo, a reprodución de determinados motivos que semellan que a vasilla está feita á cera perdida –como as fiadas de perlas e os cordóns– sobre outros que se representan en menor medida –entrelazos, por exemplo. Parece claro que, polo menos no caso das cerámicas perladas de tradición setentrional con respecto ás sítulas con triángulos/arcadas caladas e as perladas de tradición Miño en relación coas sítulas con zigzag/retícula, o que si se copia, case literalmente, é a forma do corpo.

O que xa non está tan claro é se as perladas actúan coma substitutas das sítulas ou realmente son compatibles entrámbalas dúas. Eu inclínome por pensar que se trata do segundo caso, como consecuencia dos contextos nos que se localizan as cerámicas perladas.

		Perladas	Sítulas
Función	Ritual		●
	Indeterminada	●	
Propósito	Para iniciar a copia	●	●
Uso	Cerimonias/banquetes		●
	Indeterminado	●	
Utilidade	Real		●
	Percibida	●	
Valor	Intrínseco		●
	Percibido	●	●
	Social-Cultural	●	●
	Envaluación	●	
Innovación			
Prestixio	Real		●
	Percibido	●	●
Competencia	Entre grupos socioeconómicos		●
	Compradores-vendedores		?
	Estranxeiro-local		?
	Vivos-mortos		?
	Deuses-mortais		?
Material	Igual		
	Diferente	●	●
Compatibilidade		●	●
Transmisibilidade		●	
Desexo			●
Dilución		●	
Significado	Igual		
	Diferente	●	●

Táboa 19 Características que concordan ou difiren entre cerámicas perladas e sítulas de bronce.

En ambos casos, tense advertido na literatura arqueolóxica que son pezas case únicas nos castros (Rey 2014; Seoane 2017), mais creo que se demostra sobradamente que, en moitos casos, isto non se compre. A cantidade de vasillas acumuladas en xacementos como El Castrelín de San Juan de Paluezas (Carracedelo, León), A Cidade de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín, Ourense), o Castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra), o Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña) ou *Bracara Augusta* (Braga, Braga), desmenten por completo este punto (Táboa 22, Táboa 25). Se ben é certo que en relación ás cerámicas de cociña totalmente lisas ou minimamente decoradas é moito máis elevado cá o das cerámicas decoradas (Rey 1991), sobre todo na área oleira Setentrional, non é menos certo que con respecto a elas as cerámicas perladas e as sítulas representan unha porcentaxe ínfima, tamén en relación ás restantes cerámicas decoradas. Porén, non por elo deixa de ser importante que aparezan máis individuos por xacemento dos que, en principio, collería localizar, sobre todo no caso de castros pequenos de carácter rural coma o Castro de Borneiro, por exemplo, non sendo tanto así nas *citânias* de carácter protourbano, como A Cidade de San Cibrao de Las ou o Castro de Santa Trega.

Capítulo 7 Consideracións finais

«Las similitudes o regularidades repetidas son los atributos sistemáticamente conexos que imprimen identidad de grupo a los miembros de una clase arqueológica dada o que acompañan […] a los miembros de esta clase o secuencia de clases; […] en arqueología estas "regularidades" surgen de ciertas condiciones o imposiciones impuestas al material tanto por acción física como social. […]»

(Clarke 1984: 18)

Como vemos, as posibilidades das comparacións son múltiples e os resultados dependen, en gran medida, da eficacia do modelo. Se ben é certo que cerámicas perladas e sítulas de bronce comparten algunhas concepcións técnicas e/ou tecnolóxicas, non é menos certo que as semellanzas que se poden apuntar non son concluíntes nin, moito menos, definitivas. Queda patente que morfolóxica, xeográfica, cronolóxica, decorativa e formalmente son compatibles. Pero aínda resta a dúbida con respecto á funcionalidade das sítulas como consecuencia da falta de contextos claros, posto que, polo momento, os contextos mellor definidos corresponden a vertedoiros e/ou de depósitos de metal destinados á reciclaxe e refundición. Se ben se poden aportar algúns detalles a partir das súas posibles representacións en elementos como bronces con motivos de sacrificio ou ourivería ou por paralelo coas súas coetáneas europeas e/ou orientais.

Pensando en futuros desenvolvementos desta liña de traballo, un caso que sen dúbida resultará frutífero é o das vasillas con dobro rebordo tipo "Borneiro B". Para estas cerámicas na literatura arqueolóxica viñéronse sinalando durante moito tempo as súas semellanzas con vasillas metálicas en xeral e coas sítulas en particular (Calo Ramos 1999a, 1999c; Rey 1996, 1998, 2005b; Rodríguez Corral 2008a, 2008b). Da revisión do espolio arqueolóxico ao completo do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños, A Coruña), obtense a visión xeral de que as súas cerámicas, nas que predominan os motivos plásticos aplicados e escasean os estampados (Calo Ramos 1999a, 1999b, 1999c; Rey 1991, 1996, 1998), míranse continuamente no espello metálico. Isto reflíctese tanto nas composicións e motivos decorativos –abundan os botóns cónicos, as puntas de diamante, os

sogueados…– coma nas formas –bordos engrosados, corpos globulares, colos curtos e fortemente estrangulados, ombreiro moi marcado na transición ao galbo, fondos curvos e bases altas. Nas vasillas tipo "Borneiro B" a decoración compre unha dobre función: a propiamente ornamental e a de reforzo dos puntos máis febles das pezas –colo, parte media do galbo e unión dos tabiques co fondo e o pé alto– mediante sogueados e/ou puntas de diamante. A falta de tempo fixo que prescindiramos de incluír nesta tese o estudo monográfico de cerámicas de diferentes xacementos que comparten tradición oleira co Castro de Borneiro. Deste traballo agardamos poder presentar resultados o antes posible.

Do mesmo xeito, entendemos que sería pertinente a aplicación deste modelo a outras producións cerámicas que poderían considerarse imitacións doutras vasillas metálicas –caldeiros de remaches, por exemplo– ou de contedores de madeira –que, por exemplo, se ten apuntado para os vasos cilíndricos tipo "San Cibrao de Las"; ou tamén adaptacións de prototipos mediterráneos aos gustos locais –caso das vasillas castrexas con asas de krátera de columnas (Rey 1991) ou das vasillas con bordo engrosado tipo "Vigo", que parecen ter semellanzas cos *dinoi* gregos (Seoane 2016).

En resumo, con esta liña de traballo ábrense novas perspectivas para o estudo da cultura material castrexa, sobre todo da cerámica. Estes estudos poden levarse a cabo na vasilla en conxunto –con respecto a vasillas doutra natureza material– ou só en base aos seus diferentes elementos formais ou decoración. Nesta liña, téñense apuntado semellanzas morfolóxicas e estéticas entre asas dalgunhas cerámicas con algunhas clases de fíbulas (Concheiro 2008), por exemplo, o que parece unha liña de traballo interesante. Outro punto individual a tratar pode ser o decorativo, posto que existen algúns deseños que ou ben semellan representar algunha peza de xoiería en concreto –coma os estampados triangulares elaborados mediante a agrupación de diferentes motivos abundantes na área oleira Bracarense e que se parecen visualmente á forma dunha arracada con terminal triangular (Silva 1986: Est. LXXIII, 583-599)– ou o emprego de motivos decorativos que é posible que se adapten e/ou tomen emprestados da ourivería –caso dos triángulos estampados recheos de semiesferas, por exemplo, presentes sobre todo nas cerámicas da Cunca do Miño e da

área Bracarense (Silva 1986: Est. LXXIII, 618-627) e que son comúns en colares e outras producións metálicas[72].

Atributo: seguindo a D. L. Clarke (1984: 440), un atributo é calquera característica ou propiedade básica propia dun artefacto dado que actúa coma unha variable definitoria do mesmo, que soe darse combinado con outra serie de atributos secundarios e, á vez, definitorios de dito artefacto. Axuda a diferenciar subclases de obxectos dentro dunha clase politética dada. Os atributos poden ser básicos ou imprescindibles, é dicir, elemetnos sen os cales varía toda a composición formal da peza, o que a converte nalgo completamente diferente ao que se pretende, ou poden ser completamente que prescindibles, é dicir, son trazos cuxa ausencia non produce cambios notables na estrutura básica da peza nin inflúe en absoluto na súa composición formal, polo que se mantén dentro da mesma gama de mateiais.

B

Baleirado: proceso común en olería equivalente e/ou análogo ao moldeado á cera perdida en metalurxia. Consiste en confeccionar pezas vertendo arxila líquida e espesa ou metal fundido en moldes previamente confeccionados ao efecto (Padilla *et al.* 2002). A diferenza dos moldes para fundición de metal, no caso da arxila estes soen ser de xeso, para extraer a peza a pasta debe perder humidade ata acadar o grosor de parede desexado, momento no que se procede á extracción do exceso de pasta líquida antes de proceder os proceso de secado final ata que adquira a consistencia que permita a súa extracción do molde, a eliminación de rebarbas, o remate superficial…

Banda: en decoración fai referencia a unha agrupación de motivos decorativos colocados, habitualmente, en horizontal sobre o corpo da vasilla cerámica ou metálica, que se ven delimitados e enmarcados mediante acanalados, cordóns… que agrupan os debuxos e que se distribúen paralelos entre si por todo o contorno da peza.

Banquete: segundo L. Armada (2005) é un xantar suprafamiliar e/ou supradoméstico, non cotiá, que se celebra en ocasións excepcionais, nas que e consume unha maior cantidade de alimentos dunha maior calidade, no que se empregan instrumentos e/ou vaixelas elaboradas cun material e/ou mediante unhas técnicas de calidade superior… Poden darse como escenarios de negociacións sociais como pactos, alianzas, hospitalidade, negociación política, contextos bélicos, cerimonias relixiosas coma as funerarias…

Barbotina: técnica decorativa en cerámica que consiste en aplicar unha arxila líquida, pero con certa consistencia, mediante una especie de manga que permite obter motivos en relevo. Esta técnica tamén se emprega unión das pezas que se elaboran por partes e, sobre todo, no engadido das asas unha vez que a vasilla é modelada por completo.

Barniz: técnica decorativa empregada sobre todo na Grecia e na Roma Clásicas que consiste en mergullar as pezas en arxilas moi moídas e líquidas, que se adhiren mediante aglutinantes orgánicos, conseguido a partir de pigmentos de ferro cocido nunha atmosfera

redutora para conseguir superficies negras e en atmosfera oxidante para obter superficies vermellas.

Barro: non é máis ca unha arxila dunha alta plasticidade moi adecuada para o seu modelado manual.

Barroquismo/barroquizante: en termos de decoración de vasillas cerámicas e metálicas refírese a aquelas pezas que amosan un gusto polas decoracións recargadas, amosando múltiples técnicas e motivos repartidos por todo o recipiente. Fai referencia, fundamentalmente á decoración que amosan as vasillas con dobro rebordo tipo "Borneiro B" (Calo Ramos 1999a, 1999a, 1999b).

Base: parte inferior do corpo dunha vasilla e sobre a que descansa todo o peso e o corpo da peza.

Batido: en metalurxia, consiste en realizar unha lámina fina de metal a partir dun lingote mediante martelado en frío. Caracterízase por colocar un elemento brando entre o martelo e o metal.

Bebedoiro: parte do molde en forma de conduto xeralmente tubular pola cal se verte a colada.

Boca: parte superior dunha vasilla, e está formada polo labio, o bordo e o arranque do colo.

Bordo: extremo superior da boca dunha vasilla que remata nun labio e que se diferencian entre si pola súa sección -redondeado, recto, facetado, flexionado, facetado…

Botón (cónico/hemiesférico): decoración plástica de forma semiesférica ou cónica que se realiza ben mediante impresión -polo que non precisa engadir nova materia, senón que se fai a partir da arxila do corpo da propia peza- ou ben mediante o engadido plástico de pasta á superficie cerámica.

Bronce sacrificial/bronce con motivos de sacrificio: pezas de bronce realizadas á cera perdida que teñen características variables en canto a dimensións e morfoloxía, pero que, en liñas xerais, se caracterizan por presentar de seis motivos iconográficos combinados de

diferentes xeitos: torques, machado, sítula/caldeiro, zoomorfos, prótomos zoomorfos e sogueados ou trenzados. Tódalas pezas incorporan polo menos catro destes motivos, pese a que hai diferenzas entre as representacións. En termos xerais, esta iconografía relaciónase co ritual sacrificial. Son consideradas un elemento importante no estudo da ritualidade e o mundo simbólico da Idade do Ferro do NO peninsular. Algunhas carecen de contexto arqueolóxico, e incluso de procedencia, polo que é complexo asignarlles unha área de distribución e/ou unha cronoloxía precisas, pese a que a súa producción pode cinguirse ao cuadrante noroccidental peninsular en torno ao cambio de Era -s. II a.n.e.-I d.n.e. (Armada 2005: 547-553).

Brunido: técnica que en cerámica pode empregarse como acabado superficial ou como técnica decorativa. Consiste en pulir a superficie da vasilla mediante o uso de elementos abrasivos -cantos rodados, anacos de coiro. En ocasións emprégase como remate das paredes internas dos cacharros, posto que os impermeabiliza e permite unha mellor conservación dos contidos.

C

Cadea Tecnolóxico-Operativa (CTO): termo que emprega por vez primeira para a arqueoloxía A. Leroi-Gourhan e que consite no estudo de tódalas etapas de proceso de fabricación dun artefacto, comezando pola obtención da materia prima e rematando polo produto final.

Calado: técnica decorativa empregada en cerámica e para tallar moldes en cera que consiste en perforar a peza con ferramentas de corte, e que dá lugar a espazos libres de materia prima.

Caldeiro de remaches: recipiente metálico que se caracteriza pola súa forma cónica oo semiovoidal achatada e fondo curvo. Fórmanse mediante a unión de chapas de bronce a través de remaches aliñados, cun elemento de suspensión que consiste en dúas argolas móviles colocadas sobre un enganche ríxido fixado ao bordo do caldeiro (Armada 2005: 115-214).

Carena: punto de inflexión do corpo dunha vasilla que se marca mediante unha aresta no galbo. Na cerámica castrexa son escasos os exemplos de pezas carenadas.

Casetón: decoración cerámica que consiste en liñas de puntos de forma máis ou menos cuadrangular, que se predentan agrupados e que se realizan mediante impresións a peite.

Cera perdida: técnica empregada en metalurxia para a realización de obxectos mediante metal fundido. Consiste na conformación -talla- en cera de abella do elemento que despois se quere obter en metal, despois recóbrese de arxila refractaria -posto que ten que aguantar o choque térmico que se produce ao verter a colada metálica no seu interior. Para facilitar a introdución do metal líquido o modelo de cera debe engadir xa os bebedoiros e as canles polas que debe entrar e tamén que permitan a saída do aire e non deixe burbullas na peza final. Os moldes poden facerse nunha única etapa, onde a arxila refractaria se coloca directamente o modelo de cera, ou poden fabricarse en camadas sucesivas. Son moldes que deben ser rotos para obter a manufactura final e que deben ser cocidos con antelación para solidificalo, que a cera

se funda e deixe as marcas na superficie de barro. Deben ser enchidos namentres están quentes para evitar que escachen cando entre a colada mineral a altas temperaturas (Davey 2009).

Cerámica perlada: vasillas que amosan botóns cónicos ou semiesféricos realizados mediante impresión. Caracterízanse por amosar fiadas de botóns concatenados sempre realizadas mediante impresión, ao marxe dos motivos e/ou técnicas decorativas que as acompañen.

Chapa/placa/lámina metálica: extensión delgada de metal modelada por deformación plástica mediante martelado en frío a partir dun lingote, barra metálica…

Ciclo emulativo: marco necesario para identificar e diferenciar os produtos fabricados durante o proceso imitación en diferentes cronoloxías. Conxunto de condicionates e procesos produtivos que dan lugar á fabricación de imitacións de prototipos, feitos orixinalmente nun material, noutro de moi diferente natureza (McCoullough 2014: 71-91).

Círculo concéntrico: motivo decorativo formado por dous ou máis círculos realizados a partir f¡dun punto central común e que soen elaborarse mediante estampado.

Círculo simple: círculo feito mediante impresión cuha ferramenta oca que deixa a súa pegada.

Cocción: fase final da cadea de produción cerámica que consiste en someter un obxecto feito en arxila a altas temperaturas -nun forno, unha foxa…-, o que fai que se transformen tódalas propiedades físicoquímicas do barro mediante a perda total da humidade, o que fai que se volva ríxida, dura e quebradiza. Segundo sexan as condicións desta cocción, distínguense dúas clases de atmosferas: reductoras -en ausencia de osíxeno, o que dá pastas de cores escuras- ou oxidantes -en presenza de osíxeno, coa que se obteñen pastas de cores roxizas, laranxas…-, que poden darse por separado ou combinarse nunha mesma fornada, o que se chama cocción mixta.

Colada: acción que consiste en verter metal fundido nun molde previamente conformado para obxer unha peza cunha morfoloxía, decoración… concretas.

Colo: zona de transición entre o bordo e o ombreiro en vasillas cerámicas e metálicas, que se da polo estreitamento -estrangulación- das paredes.

Composición/combinación: en termos de decoración, sobre todo no caso das cerámicas, este termo refírese á maridaxe entre motivos e técnicas decorativas diferentes e a disposición dos mesmos nas pezas. Poden darse dúas variantes: composicións simples -aquelas decoracións realizadas mediante un único motivo e técnica- e composicións complexas -aquelas decoracións que amosan dous ou máis motivos e/ou técnicas decorativas- (Calo Ramos 1999a: 41-51).

Conservacional: é un tipo de copia/imitación no que se representan tódolos detalles estruturais, decorativos… do prototipo orixinal, na que os cambios son escasos ao longo do tempo, polo que son os máis semellantes aos orixinais..

Cordón: decoración de tipo plásticos que se pode elaborar mediante aplicación plástica -pegando unha cinta de arxila sobre a superficie cerámica- ou mediante a súa creación a partir de acanalados feitos cun intrumento de punta roma. Poden ser lisos ou decorados -incisións, impresións…- e ter diferentes seccións -semicircular, triangular…

Correlato: con respecto a vasillas de bronce e barro, isto refírese a unha delas que ten a súa sucesión máis inmediata na outra.

Corte/sección/perfil: dito dos materiais arqueolóxicos, refírese á representación do aspecto interno -grosor, forma…- dunha peza con respecto a un plano.

Crátera: recipiente, cerámico ou metálico, propio do repertorio cerámico grego que se emprega para mesturar o viño e a auga nos banquetes. Segundo a forma do se corpo ou das súas asas hai catro variantes: de columnas, de campana, de volutas e de cáliz.

Craveteado/remachado: en vasillas metálicas refírese ao xesto e estrutura resultante da colocación dos remaches para unir chapas entre si. En vasillas cerámicas fai referencia ao xesto e á estrutura resultante da colocación de botóns cónicos ou hemiesféricos aplicados sobre a superficie cerámica aínda freca. Son procesos análogos cuxa colocación en ámbalas dúas producións implica un xesto semellante e cuso efecto visual é parello.

Crisol: recipiente cerámico habitualmente de paredes moi grosas, con remate superficial tosco que se emprega na fundición de metais.

Cultual: pertencente ou relativo a unha actividade relacionada co culto relixioxo e/ou sagrado dunha sociedade dada.

Cultura Castrexa: termos que fan referencia á realidade histórico-cultural e/ou material que sintetiza un amplo período histórico no noroeste peninsular ibérico que abrangue dende os momentos finais da Idade do Bronce -s. IX/VIII a.n.e.- ata a adopción total dos xeitos romanos tras a conquista -s. I/II d.n.e. O nome venlle dado polo sistema de hábitat e/ou poboamento no que se produce a primeira sedentarización estable da Protohistoria: o castro. Son poboados que se caracterizan por atoparse en lugares de fácil defensa natual que se reforzan con foxos, murallas, parapetos, pedras fincadas… nos lugares onde estas son máis vulnerables. A construción destas defensas, desta fortificación, é o que lle dá nome aos poboados.

Cuño/selo/tampón: debuxo, en negativo, dun deseño predeteminado co que se realizan as estampacións en cerámica. A preparación -modelado, talla…- desta peza conleva predeterminación en canto ao motivo que se quere representar, e require elaboralo en madeira, metal, óso…

D

Decoración barroca: composición decorativa característica da AOS, que se dá fundamentalmente no Castro de Borneiro. É típica das vasillas tipo "Borneiro B", e que consta da combinación de entre tres e catro motivos decorativos mediante impresión, incisión e/ou aplicación plástica. O esquema fundamental consta dun sogueado horizontal, seguido por ringleiras de botóns cónicos aplicados amolde dos que parten ringuleiras de cordados ou puntas de diamante en vertical, que se poden entrecruzar con outras fiadas de sogueados ou puntas de diamante colocadas en horizontal (Calo Ramos 1999a: 50)

Decoración: combinación de motivos ornamentais sobre a pasta cerámica mediante diferentes técnicas -brunido, impresión, estampado, incisión, aplicación plástica.

Deformación plástica: técnica de traballo en frío mediante a cal se lle dá forma a un metal a través do martelado.

Derivación: trátase dun tipo de copia/imitación que é pouco exacta con respecto ao orixinal e que representan as últimas etapas de reprodución (McCoullough 2014: 87-91).

Desengordurante: elementos non plásticos que se engaden á arxila no proceso de preparación da pasta e que axudan á cocción de la pieza -poden ser elementos orgánicos e inorgánicos- e tamén modifican as características de uso finais.

Desexo: elemento fundamental para que se inicie o proceso de copia de pezas. Para que un obxecto sexa imitado é preciso que ese obxecto sexa desexado, este debe preceder ás demais accións para que se inicien as restantes etapas do proceso de imitación e/ou emulación (McCoullough 2014: 39-40).

Diadema/cinto: trátase de pezas formadas mediante unha fina lámina de ouro conseguida mediante deformación plástica á que se lle recortan os bordes para modificalos e rematalos mellor. Decóranse mediante repuxado con múltiples esquemas e motivos ornamentais. Soen posuír uns aneis nos extremos que serven como sistema de peche

das mesmas. A súa funcionalidade e interpretación son incertas, pero soen describirse como adornos de cabeza ou cintura (García Vuelta 2007: 54-61).

Dilución: conxunto de características, alleas ou familiares -motivos decorativos, formas…-, introducidas polos prototipos que se dilúen a causa da súa alteración, mestura e/ou apareamento coas tradicións preexistentes na nova copia nun materail completamente diferente ao orixinal (McCoullough 2014: 89-90).

Dinos/***dinoi*****:** recipiente típico da cerámica e metalistería gregas que é ancho e profundo, de corpo esférico e fondo convexo, o que fai que sexa preciso o uso dun soporte para a súa colocación. Soe utilizarse para mesturar o viño e a auga nos banquetes.

Dixitación: motivo decorativo realizado mediante impresión que se teñen definido como feitas presionando coas xemas dos dedos sobre a pasta húmida, pero este efecto tamén se pode conseguir mediante a presión cun obxecto romo -canto rodado…

E

Elaboración: proceso de preparación da pasta cerámica como fase previa ao amasado, que consiste na depuración da arxila e/ou o engadido dos elementos non plásticos.

Elemento de suspensión: parte das vasillas metálicas e/ou cerámicas que permiten o seu agarre ou pendurado. Poden ser simples -cando constan dun único elemento, habitualmente unha asa horizontal, vertical ou diametral- ou complexos -cando a colocación da mesma implica o emprego dun enganche como elemento de unión entre a asa e a vasilla. Tanto nas cerámicas coma nos metais estes poden consistir unicamente nunha perforación pola que se fai pasar unha cadea, unha corda, ou un arame para pendurar a vasilla enriba do lume ou para o seu transporte.

Elemento formal/estrutural: refírese a cada unha das partes constitutivas dunha vasilla cerámica e/ou metálica.

Elemento intermedio: peza metálica ou orgánica que se coloca entre o bordo e a abrazadeira para facilitar o engarce do enganche para a asa e asegurar esta unión coa vasilla.

Emulación: proceso de imitación que transforma profundamente o orixinal, non son copias fieis, amosan só algúns trazos do prototipo e que se producen en ambientes de competencia entre grupos de artesáns, e que son o resultado dun intercambio mutuo entre artesáns que traballan en diferentes medios (Zimmerman 2008 en McCoullough 2014: 32-33).

Enganche para asa: peza metálica que permite a colocación dunha asa ou unha argola sobre o bordo dunha vasilla metálica para permitir o seu transporte e/ou pendurado.

Engarce: colocoar uns elementos sobre outros formando unha especie de cadea de pezas.

Engobe: arxila líquida aplicada na superficie das cerámicas mediante inmersión, aspersión ou pincel que regulariza e suaviza as

superficies das olas e proporciona unha cor superficial e unha textura determinados. Pode aplicarse antes da cocción, entre coccións -cando hai dúas coccións diferenciadas, na segunda fíxase o engobe á parede da peza- ou despois da cocción

Entrelazo: motivo formado por SSS de trazo múltiple que se encadenan entre si. Poden aparecer tanto en cerámica coma en metal. En cerámica pode elaborarse mediante incisión mediante peite de púa múltiple ou mediante estampado e pode presentar un punto impreso na parte central, unha perla ou un botón cónico. En metal sempre leva unha pequena semiesfera central -cónica, aplanada ou hemiesférica.

Envaluación: proceso cultural gradual que permite a aceptación de novos materiais e tecnoloxías nun medio comprensible para os usuarios, introducíndoo dentro do marco estilístico e funcional de materiais xa coñecidos (Taylor 1999 en Frieman 2010a, 2012a e en MacCoullough 2014) e que expresa o proceso polo cal se imbúe un material novo cun valor cultural específico (Frieman 2010a: 26, 39, 252-253; McCoullough 2014: 65-66, 469). Este aspecto remite ao valor de obxectos que amosan un valor social importante, fundamentalmente durante períodos de transición tecnolóxica (Conneller 2013; Frieman 2010a, 2010b, 2012a, 2012b; Hurcombe 2008; Knappett 2002; McCoullough 2014; Wengrow 2001). Mediante este proceso os esqueuomorfos compiten, subverten ou terxiversan o prestixio dos prototipos (McCoullough 2014: 65-66).

Erro/mutación: fallos que se poden producir durante o proceso de replicación na produción de copias: durante a fabricación, alteracións conscientes ou inconscientes por parte do artesán…

Escala de concordancia: niveis e/ou termos mediante os cales dúas artesanías poden ser equiparables e a través as cales amosan as semellanzas e as discordancias entre elas a diferentes niveis -técnico, estético, morfolóxico, formal…

Esfera de produción: fai referencia ao proceso de fabricación dun determinado artefacto no seo dunha artesanía que, á súa vez, está integrada dentro de procesos técnicos, tecnolóxicos, económicos, sociais, políticos, culturais… de carácter xeral que lle confiren un

carácter e unhas características determinadas e formemente imbricadas cos substratos tecno-culturais que as acompañan.

Espatulado: técnica de remate superficial que serve tanto para suavizar as superficies cerámicas como para regularizalas nos puntos de unión no caso de tratarse de vasillas feitas por partes, e que se produce mediante o arrastre dunha espátula de óso, madeira, metal… que deixa pegadas moi claras nas superficies. Pode empregarse para remarcar o colo das vasillas, realizarse nunha única direccion ou en varias, chegando a constutuír, en ocasións, unha verdadeira técnica decorativa con carácter propio mediante a cal se forman retículas, ziszags…

Espigado: motivo decorativo que se consegue mediante a contraposición de dous ou máis sogueados. Poden elaborarse mediante cordóns plásticos aplicados ou incisos que se decoran con impresións ou incisións a tramos regulares, o que lle confire un aspecto de corda. Tamén se poden elaborar mediante impresión, incisión ou estampado. Este motivo dase tanto en vasillas metálicas como cerámicas.

Esquema: estrutura decorativa que se forma mediante a unión de diferentes motivos ornamentais e que seguén un patrón de colocación en bandas bastante estandarizado, pero con variacións a niver formal e/ou técnico tanto en vasillas de bronce como en cerámicas.

Esqueuomorfismo: trátase dunha ferramenta interpretativa creada e utilizada pola arqueoloxía nun intento por atoparlle a unha explicación aos procesos de cambio material con respecto a artefactos cuxa forma é semellante á doutros obxectos habitualmente elaborados nun material de moi diferente natureza (Frieman 2012a: 1).

Esqueuomorfo: é unha imitación/emulación/copia dun artefacto moi característico e/ou específico dunha artesanía concreta que é adoptado/adaptado por unha segunda artesanía allea, que o acomoda ao seu medio mediante a copia dos atributos distintivos dese artefacto, as técnicas de produción, decoración e/ou remate superficial e/ou a súa forma. Non necesariamente se reproduce toda a grama de atributos do artefacto que actúa como prototipo na copia final. Pode ser unha copia "literal" do orixinal, "adaptada" ao medio e técnicas do material no que

se elabora a copia ou unicamente "parcial", é dicir, reflectindo só algúns elementos formais e/ou motivos/técnicas/esquemas decorativos do prototipo no modelo esqueuomórfico resultante. As copias asumen tanto o rol social coma o simbólico na sociedade.

Estado de coiro: estado que presentan as cerámicas unha vez que xa se puxeron a secar, que perde boa parde da humidade pero que aínda está crúa, polo que o seu estado aínda e reversible só humedecéndoa. É o estado ideal no que de deben engadir as asas, os pés altos, algunhas decoracións aplicadas, bunirse… (Heras 1992).

Estampado: técnica decorativa que consite en imprimir -presionar- un motivo cunha matriz previamente conformada sobre la pasta tenra.

Estética: en canto aos artefactos arqueolóxicos, fai referencia a un conxunto de elementos estilísticos e temáticos que caracterizan a unha produción artesanal dada nun momento e nun espazo determinados.

Evidencia: en arqueoloxía refírese ás probas materiais físicas que que dan testemuña dun determinado artefacto sexa cal sexa a súa natureza material -metal, arxila, lítico…

Excisión: técnica decorativa empregada en cerámica que consiste na extracción de anacos de pasta coa arxiula aínda branda.

Extracción: trátase da primeira fase dentro da cadea técnica de calquela artesanía, e consiste na obtención da materia prima nas canteiras, nos remansos aluviais, nas barreiras…

Exvasado: con respecto a un bordo dunha vasilla refírese a aquel que sobresae e destaca con respecto ao colo.

F

Faceta: con respecto ao perfil funha peza, trátase dunha aresta que se emprega para marcar a transición entre dous elementos formais -entre bordo e colo, entre colo e ombreiro…

Falsificación: son copias que se fan coa intención de enganar ao consumidor (Angenot 2017: 411-412) mediante o emprego dun material e unhas técnicas de fabricación no proceso de emulación moi semellantes ás do prototipo. Son imitacións moi próximas ao prototipo (Reeves 2003: 253-254) e son fabricados por artesáns diferentes. Son copias enganosas, xa que pretenden usurpar o status/valor do orixinal e son usados por propietarios de diferente status e entran en competencia directa cos orixinais (McCoullough 2014: 45-46, 51-64, 86-92).

Fase Final: fase do ocaso da Cultura Castrexa da Idade do Ferro do noroeste, exténdese en torno aos s. II a.n.e.-I d.n.e.

Fase Inicial: fase de nacemento da Cultura Castrexa da Idade do Ferro do noroeste, abrangue en torno aos s. IX-V a.n.e.

Fase Media: fase de apoxeo da Cultura Castrexa da Idade do Ferro do noroeste, que se desenvolve en torno aos s. IV-II a.n.e.

Ferramenta: útil empregado no proceso de elaboración dun artefacto -martelo, bigornia, coitela, cuño, punzón, peite…- e que poden fabricarse en diferentes materiais -pedra, metal, óso…

Fondo: superficie plana ou curva que parte do galbo e sobre o que descansa o resto do corpo en vasillas cerámicas e metálicas.

Fontes/tapas tipo "Miño": vasilla cerámica típica da AOCM que se caracteriza por posuír asas interiores ou exteriores. Caracterízanse polo seu perfil hemiesférico, cun fondo plano, un bordo engrosado cara o interior, con dúas asas de ponte dispostas horizontalmente na parte media do galbo, no exterior ou no interior da vasilla, enfrontadas, con orificio reducido e engarzadas mediante toco cilíndrico, modeladas tanto a man como a torno. Os diámetros varían entre os 30 e os 50 cm

e son sempre lisas. A súa cronoloxía é moi extensa: s. VIII a.n.e.-I d.n.e. (Rey 1991: 399-402)

Forma: aspecto exterior dunha vasilla -antropomorfo, Zoomorfo, filomorfo…- cuxa función pode ser ou non coñecida. É un xeito de diferenciar e definir os recipientes en base ás suas dimensións, diámetro, apertura de boca… que poden indicar tamén a función coa que son creados determinados cacharros (Heras 1992).

Forno: lugar destinado á cocción dos obxectos cerámicos. Poden consistir en simples foxas escavadas no chan ou construcións simples ou complexas levantadas con esta intención. No caso das foxas, probable sistema de cocción da cerámica castrexa, as temperaturas son dificilmente controlables e soen dar como resultado coccións irregulares, o que fai que nunha mesma peza se poidan dar varias coloracións de superficies e volve as pastas máis quebradizas e, habitualmente, porosas, posto que non chega a producirse a vitrificación dos minerais (Orton *et al.* 1997)

Forxado: consiste na deformación plástica dun metal mediante martelado, pero neste caso faise co metal quente.

Función: obxectivo de uso potencial co que é concibido un determinado recipiente á hora de fabricalo, é dicir, a tarefa para a que é deseñado un determinado artefacto e para a cal é máis eficaz, o que non quere dicir que este sexa o uso que finalmente se lle acabe dando (Rodríguez Nóvoa 2014a: 8).

G

Galbo: parte intermedia dun cacharro que conforma a meirande parte do seu corpo, que parte no ombreiro e que remata na transición ao fondo en vasillas cerámicas e metálicas.

Globular: nome que reciben as pezas que forma un perfil case completamente esférico no seu galbo.

H

Hibridación: proceso polo cal un material pasa a ser novo e diferente con resoecto a unha tradición anterior, e que, á vez, implica unha evolución das formas locais a causa da entrada de elementos foráneos que acaban sendo adoptados polo repertorio formal local (Sanabria 2013: 185).

Híbrido: estas copias resultan da imitación repetida, na que moitas veces o orixinal non se coñece directamente, polo que remata sendo o esqueuomorfo o que se copia, polo que son pezas con influencias foráneas. Na literatura arqueolóxica etiquétanse coma helenizantes, orientalizantes, arcaizantes… termos que reflicten as características estranxeiras que entraron na cultura local e que se incorporan nas copias (McCoullough 2014: 87-91).

Homólog@: artefacto que cumple, substitúe ou "usurpa" as funcións doutro artefacto ou que acaba desempeñándoa mediante a copia noutro material de maior ou menor valor intrínseco.

I

Icona: imitación do modelo prototipo duplicando algún aspecto visual do mesmo (Blitz 2015: 665-666). Teñen a mesma aparencia física cá eles (McCoullough 2014: 40-41) e serven para universalizar a comprensión e o uso do obxecto mediante a copia da forma ou da textura para que funcione como nexo de unión entre os diferentes materiais que están en contacto durante a súa produción (Blitz 2015: 665-666; Wengrow 2001: 182). A icona baséase nunha semellanza percibida (visual ou auditiva) entre obxectos (Knappett 2002: 102).

Imitación/copia/réplica/reprodución: obxecto que reproduce un prototipo orixinal elaborado nun material e que é adoptado por unha produción moi diferente.

Impresión: técnica decorativa que consiste en presionar cun elmento que practicamente non precisa modificacións -póla, cánula, óso, fibras vexetais…- sobre a arxila aínda húmida.

Incisión: técnica decorativa que consiste en arrastrar unha ferramente aguzado ou romo pola superfice dunha vasilla aínda húmida e que dá lugar a diferentes motivos, entre os que destacan os acanalados simples.

Índice: copia que transmite o significado do prototipo, pero este pode ser meramente causal (Knappett 2005: 102). Un índice é causado polo obxecto ao que se refire, o que fai preciso que exista unha continuidade espacial e temporal entámbolos dous obxectos (Knappett 2002: 102).

Innovación: son creacións intencionais que estimulan o cambio nun momento e nun lugar determinados e axudan á comprensión doutras tecnoloxías e materiais (McCoullough 2014: 65-66).

Invasado: con respecto ao bordo dunha vasilla refírese a aquel que tende a colocarse cara a face interna da boca.

L

Labio: extremo superior ou remate da boca dun recipiente e que é inmediatamente anterior ao bordo. Segundo a súa morfoloxía pode ser de diferentes clases: apuntado, biselado, engrosado, amendoado, redondeado, triangular, horizontal, recto…

Lis@: vasilla que carece de decoración.

Lustre: reflexo metálico obtido mediante a aplicación de pigmentos de cobre, ferro sobre pezas cocidas en atmosfera redutora, pode ser un vidriado que lle outorga á superficie cerámica un aspecto metálico e que moitas veces se emprega como sinónimo de reflexo metálico (Padilla *et al.* 2002).

M

Maleabilidade: característica dos metais que permite o seu traballo mediante deformación plástica por martelado.

Marcador: elementos específicos inherentes ao prototipo que se reproducen na copia.

Marco: en vasillas de cerámica ou metal refírese á delimitación dos espazos decorativos mediante acanalados, cordóns…

Martelado: traballo do metal mediante o seu golpeo repetido cun martelo sobre unha bigornia co obxectivo de realizar unha lámina fina por deformación plástica.

Maxia simpática: refírese a que a imitación dun obxecto implica unha certa "transferencia" de poder do orixinal á copia, dándolle o poder de competir co orixinal. É dicir, dalle á copia a capacidade de actuar sobre o orixinal, posto que un obxecto só precisa compartir propiedades visuais semellantes co prototipo para que funcione no seu lugar. E outórgalles aos esqueuomorfos o papel de "ferramentas competitivas" que afectan ao diálogo entre diferentes grupos sociais (Knappett 2002).

Metáfora: son a representación física a través da "cita" da forma e/ou estilo do orixinal, incorporando información propia e mantendo unha relación de reciprocidade coa proporcionada polo prototipo. Para facer comprender estas metáforas materiais empréganse formas ou materiais comúns a moitas persoas para presentar formas complexas e mensaxes determinados mediante elementos entendibles no seo dun grupo específico. As metáforas materiais forman parte dunha dialéctica cultural que recrea os valores sociais establecidos, mantén a coherencia social e as estruturas de crenzas e serven como instrumentos para crear uns coñecementos culturais específicos e novas conexións entre os diferentes elementos (Frieman 2010a: 27-31). Os esqueuomorfos tamén poden entenderse como metáforas visuais, posto que interpretan os mesmos roles cá os seus prototipos, asumen o papel de substitutos dos orixinais e actúan como os seus representantes pola súa dobre natureza de obxecto simbólico, capaz de actuar sobre outros obxectos; e obxecto

material, que amosa atributos que remiten á estrutura formal do prototipo, introducindo elementos estruturais que prexudican o funcionamento práctico da imitación como consecuencia da elaboración dos esqueuomorfos en materiais moi diferentes dos orixinais, chegando incluso a perder o seu carácter funcional (McCoullough 2014: 49-50).

Metopad@: no que á decoración de vasillas se refire, alude á zona comprendida por dous ou máis motivos ornamentais.

Mimese: termo tomado da literatura clásica que se emprega para aludir ao poder que o obxecto copiado comparte, ou toma, do obxecto que representa e semella que a aparencia do obxecto mimético non é necesariamente esencial, senón que o fundamental é o tacto ou a suxestión do que é importante para establecer o poder da copia (Knappett 2002: 110-112). Remite a dous significados diferentes: o do esqueuomorfo e o do prototipo (Frieman 2010a: 31-33), o que implica que a imitación ten a capacidade de influír na percepción da realidade, o que na cultura material se reflicte nos artefactos, que inflúen na resposta das persoas cara eles xa que os atributos físicos dos obxectos codifican sinais que buscan as repostas emocionais dos individuos (Blitz 2015: 668-669).

Modelado: técnica de fabricación propia das cerámicas en estado plástico, usando as mans como ferramenta. Hai varias técnicas: mediante a unión de rolos/colombinos de arxila por superposición y unión de rolosou fragmentos de arxila, ou dunha peza a partir dunha úniva pella de barro e mediante a axuda dunha roda de oleir@. Pero tamén se refire á técnica que consite en aplicar a pasta a través dun molde.

Moído: é unha das primeiras fases de procesado da arxila previas ao modelado. Consiste en triturar o barro para eliminar os gromos.

Molde/matriz: elemento que serve para moldear un artefacto para que este presente unha forma predeterminada. Poden elaborarse dunha peza ou de varias e poden fabricarse en diferentes materias primas - arxila, pedra, metal…

Moldeado: consiste en fabricar un artefacto mediante a súa conformación nun molde previamente elaborado.

Morfoloxía: nunha vasilla a morfoloxía refírese á forma que presentan no conxunto do seu corpo ao completo -dende o bordo ata o fondo e/ou o pé.

Morfotipo: as formas, os tipos, as decoracións… que constitúen un tipo cerámico e/ou metálico deben entenderse mediante a inclusión de tódalas connotacións dun estilo artesanal -técnicas, mentais, simbólicas…-, que levan aparellado un xeito común de entender a vasilla en tódolos momentos da Cadea Tecnolóxico-Operativa (CTO) da súa produción, así como durante toda a súa vida útil (Marín 2012: 167).

Motivo/debuxo: deseño que se representa nunha vasilla e a decora.

N

Nefromorfo: motivo decorativo que ten forma de ril. Nunha sítula soe realizarse en relevo enrolando un arame e coronándoo por semiesferas no centro e nos extremos.

O

Obxecto de fronteira: concepto empregando na literatura arqueolóxica para comprender a introdución e aceptación de tecnoloxías e materiais novidosos ou bens estranxeiros (Wengrew 2001; Hurcombe 2008; Frieman 2010a, 2010b, 2012a, 2012b; Gošić 2015). Actúan como áncoras e/ou pontes de acceso a obxectos significativos en momentos de transición tecnolóxica (Frieman 2010a: 33-35). As imitacións funcionan como tal posto que comunican mensaxes tecnolóxicas e sociais que aumentar a comprensión social durante o proceso de adopción das innovacións, comunicando información socialmente importante en fases de cambio tecnolóxico e social, nos que as copias interpretan un papel importante e necesario na adopción de novos obxectos, tecnoloxías e/ou materiais nunha sociedade dada (Frieman 2012a: 33-35). Os obxectos de fronteira son relevantes no proceso de emulación e imitación a través da expansión das copias a través do espazo e do tempo, non só reproducindo o obxecto físico senón que tamén imitando as ideas e axudan a comunicalas. Empréganse como medio para comprender e mediar entre antigas e novas tecnoloxías, facendo que a nova resulte familiar para o usuario e facilitando con elo o seu uso (McCoullough 2014: 35-37). Son esqueuomorfos que inclúen elementos que carecen de función práctica, polo que estes atributos enténdense como un símbolo. O propósito destes artefactos é demostrar que os artesáns adquiren a habilidade de transformar o mundo material e reproducir tódalas redes sociais relevantes de símbolos nun novo medio, o que fai posible que algúns obxectos novos sexan poderosos polo seu parecido cos preexistentes. Ao producir a copia os artesáns inclúen o repertorio anterior de obxectos no novo, producindo unha forma familiar mediante unha nova técnica e nunha nova materia prima, sendo o novo obxecto o mesmo artefacto feito nun material diferente. O papel dos esqueuomorfos é presentar novas técnicas a través destes artefactos enraizados na tradición cultural na que se producen e axudan a socializar as innovacións (Blitz 2015: 672-674; Gošić 2015: 729-731), posto que ocupan mundos sociais que se cruzan, cuxo o significado pode variar e outórgaselles a capacidade de traducir o diálogo entre dous mundos (McCoullough 2014: 26-27). Empréganse na adopción de novas tecnoloxías como consecuencia do escaso coñecemento das

propiedades mecánicas do novo material, polo que a achega dos obxectos a materiais máis comúns é imprescindible durante o proceso de aprendizaxe (Frieman 2012a: 13-14). Para C. Frieman (2012a: 9-10).

Ola tipo "Toralla": vasillas cerámicas cerámicas típicas da AORB que se caracteriza polo seu perfil suave en "S", bordo escasamente exvasado e por ter fondo plano. O bordo soe ser redondeado o colo curto suavemente flexionado e reducido ao seu punto de máxima estrangulación na súa parte media. Soen presentar dúas asas enfrontadas cun orificio de tamaño reducido, unidas con barbotina no arranque superior e con toco cilíndrico no inferior, modelada a man e cuxa boca é a zona máis coidada da vasilla. Persentan alisado interior e exterior con espatulado horizontal. Os seus diámetros están en torno aos 20 e os 22 cm. Decóranse con sucos profundos lonxitudinais, intercalados con "SSS" estampadas ou liñas oblicuas formando espigados, fiadas verticais de losanxes ou círculos sinxelos sempre no ombreiro e no galbo, interrompidos no ombreiro debaixo da asa. As asas enmárcanse por dúas acanaladuras ou por unha ou dúas acanaladuaras prufundas decorándoas. Cronoloxicamente sitúanse entre os s. III e I a.n.e. (Rey 1991: 354-357).

Olería: conxunto de obxectos cerámicos e as súas técnicas de elaboración dentro dun taller destinado a tal efecto.

Ombreiro: parte superior do corpo dun recipiente sito na zona de transición entre o colo e o galbo en vasillas cerámicas e metálicas e que, normalmente forma unha área de tendencia horizontal (Heras 1992).

Oreado: fase de secado dunha vasilla cerámica necesaria e previa á cocción e que a deixa en estado de coiro pola parda de humidade.

Orientación da decoración: disposición da ornamentación no espazo designado a tal fin no corpo dun recipiente con respecto a un plano -horizontal, vertical, diagonal/oblicua, concéntrica.

P

Pasta: mestura de arxila con propiedades plásticas, elementos non plásticos -desengordurantes- e auga que, sometidos a calor, modifican a súa estrutura pola perda de toda a humidade e que dá lugar á cerámica (Heras 1992).

Pátina: capa superficial de corrosión que presentan algúns materiai, en especial os metais.

Patrón: elemento de referencia ou comparación que se emprega para medir os elementos de variación dentro dunhas características máis ou menos stándar.

Pé realzado/pé alto: con respecto a unha vasilla é unha base alta que parte da fin do galbo, que se une a este e ao fondo mediante unha inflexión directamente ou mediante un elemento de reforzo -coma un cordón- e que levanta a peza sobre as superficies nas que se apoia. Habitualmente é de forma troncocónica e soe acompañar a fondos curvos, pese a que tamén os hai acompañados de fondos máis ou menos planos.

Peiteado: técnica decorativa realizada mediante un peine que se desliza sobre a pasta de arxila e que consite en trazos contínuos en diversas direccións sobre a superficie fresca do recipiente.

Pella: porción de pasta cerámica lista para ser traballada.

Perla: botón cónico ou hemiesférico de reducidas dimensións realizado mediante impresión que soe presentarse en fiadas de perlas concatenadas, constituíndo o que se coñece como **perlado**. Pero que tamén se poden presentar en fiadas colocadas en tramos regulares ou como elemento central de motivos coma os entrelazos ou os triángulos nervados.

Peza Singular Tipo Recarea: vasilla cerámica típica da AOS que se caracteriza pola súa difícil reconstrución. Soen tender á asimetría diametral e lonxitudinalmente, carece de colo, o bordo é retraído de sección redondeada que se interrompe e dá paso a unha abertura vertical

co bordo plano máis fino que o superior e que chega ata un fondo plano. O seu perfil é troncocónico, cunha planta totalmente irregular, e que seguramente sexan de tamaño medio. Teñen unha escasa preocupación polo acabado posto que presentan rebarbas, abultamentos… Modélanse a base de engadidos. Os bordos poden ser lixeira ou fortemente engrosados, de sección ovalada, escadrada ou esmagada na cara superior cuns diámetros en torno aos 15 e os 17 cm e son empre lisas que poden amosar algún espatulado, peiteado ou vasoirado en diferentes direccións como remate superficial. Cronoloxicamente poden situarse en torno aos s. IV/III a.n.e.-I d.n.e.

Pintado: técnica decorativa que consiste en aplicar pigmentos na superficie dun obxecto mediante un pincel.

Pisado: fase da preparación e amasado do barro mediante os pés.

Plasticidade: en cerámica é a cualidade das arxilas que permiten que se poidan traballar mediante a súa mestura con auga e que fai que poida ser modelada e que manteña a forma dada sen deformarse. En metal trátase da súa capacidade para deformarse sen romperse e que axuda a darlle forma, manténdoa sen perdela.

Praca: peza plana que puede presentar decoración. En cerámica serven para montar as pezas por partes. En metal son as chapas que, mediante a súa unión permiten a montaxe de vasillas coma caldeiros ou sítulas e que se obteñen mediante deformación plástica

Preparación: primeira fase da cadea técnica de elaboración dun artefactoque abrangue dende a extracción ata a construción final da peza.

Proceso de copiado: cadea de técnicas e deseños aplicados a tecnoloxías moi dispares que requiren unha comunicación exitosa tanto do coñecemento tecnolóxico como das ideas, os valores sociais ou a experiencia para que a imitación se produza de xeito correcto.

Proceso de replicación: proceso de copia sucesiva, no que se poden introducir erros ou mutacións que fan que a copia derive nalgo completamente diferente ao do orixinal.

Productos de corrosión: los minerales que se forman cuando los metales se corroen como consecuencia de una reacción por el ambiente; los agentes corrosivos comunes son el oxígeno, azufre, cloro y agua.

Prolongación: parte da abrazadeira dun enganche que se extende en perpendicular ou en paralelo á travesa, que pode ter diferentes formas -triangular, cuadrangular…- e que permite a fixación do enganche ao corpo da vasilla mediante remaches.

Propiedades mecánicas: propiedades dun material que permiten a elasticidade do mesmo cuando se aplica unha forza. Son varias: elasticidade, resistencia, dureza…

Propósito: finalidade coa que se realiza un determinado artefacto.

Prototipo/orixinal/modelo: é o obxecto que se emprega como modelo á hora de facer unha copia, é dicir, calquera obxecto considerado digno de se copiado.

Punta de diamante: elemento decorativo que se forma mediante a plicación dunha impresión oscilante cunha espátula sobre un cordón aplicado.

Punteado: motivo decorativo que consiste en pequenas impresións a tramos regulares mediante un puntón aguzado ou romo ou un peite.

R

Refractario: cualidade dos materiais que os fai resistentes a altas temperaturas polo seu elevado punto de fusión.

Remache: especie de cravo que serve para asegurar ou unir entre si dúas pezas de pouco grosor de maneira permanente.

Repuxado: técnica decorativa que consiste en presionar cun instrumento sobre a cara interna dunha chapa metálica para reproducir motivos decorativos que quedan en relevo pola cara externa.

Retícula: motivo decorativo formado mediante o cruce de liñas oblicuas en dúas direccións que forman unha sorte de rede. Pode ser brunida, incisa, aplicada….

Rodiña: técnica decorativa en cerámica consistente en decorar unha superficie deslizando unha roda cun determinado motivo decorativo que re aplica na pasta húmida.

Romboidal: sección dunha peza que amosa forma de rombo.

Rosácea: motivo decorativo estampado con forma de flor que presenta unha perla ou un círculo simple no centro, do que irrandian unha serie de liñas en todas direccións.

S

Serpeado: motivo decorativo realizaso mediante incisión ou estampado con forma de serpe en movemento.

Sigma: motivo decorativo cuxa forma se asemella á desta letra grega.

Signo: esqueuomorfo que amosa características do prototipo, compartindo o mesmo aspecto cá el e que se basean en indicios de imitación que son simbólicos ou non prácticos no esqueuomorfo, atributos que carecen de utilidade pero son similares visualmente aos orixinais (Knappett 2005: 101).

Símbolo: convención formal que remite a unha determinada situación social, política, económica, cultual… (Knappett 2005: 103).

Sítula: recipiente metálico, de arxila en menos ocasións, de forma troncocónica, con ombreiro e bordo redondeado, colo ancho e baixo, provisto dunha asa simple ou dobre, en arco, fixada por medio de orellas perforadas usadas na vida práctica e na ritual para conter e transportar líquido (VV.AA. 1966: 357).

Sobrefundido: consiste na elaboración dunha peza mediante fundición empregando como base unha peza xa manufacturada e á que se lle quere facer un engadido.

Socialización da tecnoloxía: proceso que engloba as fases de integración dunha nova tecnoloxía nunha sociedade, posto que é preciso que transcorra un tempo antes de que unha innovación se xeneralice, pero estes procesos sociais seguen sendo difíciles de recoñecer arqueoloxicamente (Gošić 2015: 729-731).

Sogueado/cordado: cordón aplicado ou feito mediante incisión que se decora mediante impresións ou incisións a tramos regulares que lle outorgan un aspecto de corda. Poden distribuírse sós ou agrupados formando espigados en relevo.

